

# Estudo do mercado laboral

Provincia

2004

**LUGO**

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Traballo  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

**Coordinación:**

Maria Luisa Mallo Fernández  
Reyes Gámez Guardiola

**Elaboración proxecto e documentación:**

Marta Bermúdez de Santiago  
Ricardo Fernández López  
Rosa Fernández Fernández  
Esther Sánchez González  
M<sup>a</sup> Belén Yáñez Barge  
M<sup>a</sup> José Sánchez Mariño  
Diego Loureda Couceiro  
M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Ferreiro

**Análise e redacción final:**

CIDADANIA Rede de Aplicacións Sociais S.Coop.Galega

**Dep. legal:** C-352-2000

**ISSN:** 1695-4165

**Imprime:**

Tórculo Artes Gráficas, S.A.  
Pol. Ind. do Tambre  
Santiago de Compostela

# Índice

<b>1.- INTRODUCCIÓN</b> .....	5
<b>2.- CONTIDO</b> .....	9
<b>3.- METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN</b> .....	17
<b>3.1.- Metodoloxía</b> .....	19
<b>3.2.- Fontes de información e outros aspectos metodolóxicos</b> .....	19
3.2.1.- Perfil sociodemográfico.....	19
3.2.2.- Tecido empresarial.....	19
3.2.3.- Demandas.....	20
3.2.4.- Ofertas.....	21
3.2.5.- Contratos.....	21
3.2.6.- Formación ocupacional .....	21
<b>3.3.- Definicións e taxas.</b> .....	22
<b>4.- CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL</b> .....	25
<b>4.1.-Perfil sociodemográfico.</b> .....	27
4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución.....	27
4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución.....	28
4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución.....	29
<b>4.2.- Tecido empresarial</b> .....	30
4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual.....	30
4.2.2.- Evolución anual.....	31
<b>4.3.- Demandas de emprego.</b> .....	34
4.3.1. Demandantes galegos por provincia.....	34
4.3.2. Demandantes parados. Evolución.....	35
4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego..	35
4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade.....	36
4.3.5. Demandantes por nivel académico .....	37
4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego .....	38
4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia .....	38
4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego .....	40
4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego .....	40

<b>4.4.- Ofertas</b> .....	41
4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución.....	41
4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.....	43
4.4.3. Perfil básico das ofertas.....	45
4.4.4. Análise ocupacional das ofertas .....	46
<b>4.5.- Contratos</b> .....	48
4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial .....	48
4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade .....	49
4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos.....	51
4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral.....	53
4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral.....	55
4.5.6. Ocupacións máis contratadas.....	56
<b>4.6.- Formación profesional ocupacional</b> .....	58
<b>4.7.- Conclusións</b> .....	59
<b>5.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL:</b> .....	63
<b>A Fonsagrada</b> .....	65
<b>A Mariña Central</b> .....	91
<b>A Mariña Occidental</b> .....	119
<b>A Mariña Oriental</b> .....	149
<b>A Ulloa</b> .....	179
<b>Chantada</b> .....	207
<b>Lugo</b> .....	237
<b>Meira</b> .....	267
<b>Os Ancares</b> .....	295
<b>Quiroga</b> .....	323
<b>Sarria</b> .....	349
<b>Terra Cha</b> .....	377
<b>Terra de Lemos</b> .....	407

capítulo

1

Introducción



# 1 Introducción

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso elaborar un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, da oferta, da demanda, da contratación da forza de traballo, do tecido empresarial, así como da formación ocupacional.

Ese é o propósito deste libro, que confiamos que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade laboral e chegar así a transformala.

O informe do mercado laboral é elaborado ano a ano polo Observatorio das Ocupacións, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao servizo público de emprego de Galicia e as institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como función principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Con respecto a edicións precedentes o formato da obra é similar en canto á estruturación da información, aínda que se introducen certas modificacións na súa presentación gráfica e incorpórase ou suprímese algún indicador debido ás modificacións producidas na información das diversas fontes manexadas.

A centralidade do ámbito comarcal na presente obra cobra suma importancia ao considerar a escaseza de estudos oficiais que descendan a un nivel inferior ao provincial. Como consecuencia, é previsible que se converta nunha ferramenta de extraordinaria utilidade tanto para o conxunto da Administración pública como para os profesionais que traballan no eido da formación e do emprego.

Os obxectivos que se tentan cubrir con esta publicación son os seguintes:

- ▶ Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral nas 53 comarcas e en cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- ▶ Amosar a evolución temporal experimentada no ámbito xeográfico comarcal ou provincial, fundamentalmente en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa utilidade ou dispoñibilidade.

- ▶ Permitir a comparación entre cada unha das comarcas, así como entre o conxunto das catro provincias galegas, seleccionándose apartados que posibilitan comprobar as diverxencias entre as tendencias do ámbito local e da Comunidade Autónoma galega.

Non obstante, os tres obxectivos enunciados máis arriba pódense agrupar nunha pretensión xeral: *a de informar da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do servizo público de emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*



capítulo

2

Contido



## 2 Contido

En cada volume provincial, o OBSERVATORIO DAS OCUPACIÓNS realiza dous **niveis de análise** diferentes; un en clave provincial e outro en clave comarcal:

Un primeiro nivel provincial corresponde ao apartado cuarto do informe, e denomínase CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL. Este nivel contén unha análise descritiva dos seguintes seis bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas, os contratos, e a formación ocupacional. O primeiro epígrafe só se desenvolve neste ámbito, debido á carencia de información desagregada no ámbito comarcal. Hai que sinalar a introdución, por primeira vez, de dous apartados: un sobre a formación ocupacional da provincia, e outro sobre as principais conclusións extraídas das diferentes variables que configuran o mercado laboral da provincia. Para establecer un marco comparativo que permita contextualizar as variables na dimensión espacial e temporal, expóñense varias referencias a nivel autonómico ao longo do texto.

Un segundo nivel refírese ao apartado quinto do informe denominado ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL, no que se presenta a selección de datos máis representativos do mercado de traballo en cada unha das comarcas da provincia. En consecuencia, neste epígrafe inclúense as variables de: tecido empresarial, as demandas, as ofertas, os contratos, e a formación ocupacional complementados con comentarios locais e provinciais, e evolutivos naqueles casos en que houbo dispoñibilidade de datos ou en que se considerou oportuno para establecer puntos de referencia, comparacións e desviacións tanto temporais como xeográficas. A diferenza doutros anos, por primeira vez introdúcese o epígrafe de formación ocupacional no ámbito comarcal, así como un apartado de conclusións, tal e como se realiza para o nivel provincial

Para completar a caracterización do contido deste informe, móstranse a continuación uns breves comentarios dos diferentes bloques temáticos nel analizados:

### Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudo, que é o de presentar un informe da situación na que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento dende o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe do mercado laboral.

Baixo o nome de perfil sociodemográfico, inclúese unha análise da información poboacional procedente da *Enquisa de poboación activa*, e móstranse as variables poboacionais básicas correspondentes á totalidade do territorio da Comunidade Autónoma, e de maneira desagregada en cada unha das catro provincias que integran o territorio galego.

Non obstante, en anteriores edicións do *Informe do mercado laboral* non se recollían os novos datos producidos polas modificacións das que foi obxecto a *Enquisa de poboación activa* durante o ano 2002. As variacións foron de carácter metodolóxico e afectaron á medición dos parámetros do universo da mostra, aos criterios de extrapolación dos resultados da mostra a nivel global, así como á delimitación conceptual da figura de parado. Como resultado destas variacións, prodúcense cambios na información poboacional para os diferentes anos, optándose no presente estudo pola introdución dos novos valores xurdidos como consecuencia da reforma metodolóxica da enquisa.

Os ámbitos de análise seguen sendo iguais aos de edicións anteriores; así, aparecen datos referidos ao conxunto de Galicia e ás catro provincias, recollendo series anuais para os últimos seis anos. A información recollida está referida á poboación activa, á poboación ocupada e á poboación parada, segmentada segundo diversos factores, como o sexo, a idade ou o sector económico, estando en función da dispoñibilidade actual desa información nos diferentes niveis territoriais.

## Tecido empresarial

O estudo do tecido empresarial constitúe unha síntese de datos sobre empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos, coa finalidade de obter un coñecemento xeral da estrutura empresarial dos diversos ámbitos territoriais.

Ao igual que sucedía no informe do ano anterior introdúcese este nivel de análise no ámbito comarcal debido á dispoñibilidade actual desta información, manténdose a mesma descrición empresarial para as catro provincias galegas e o conxunto da Comunidade Autónoma. A comparación entre os diferentes ámbitos permite captar as desviacións que se producen tanto no ámbito provincial como comarcal.

Os datos analizados son os seguintes: número de empresas, autónomos e traballadores por conta allea nos diferentes sectores económicos e a súa evolución ao longo dos cinco últimos anos.

A presentación dos datos estruturouse seguindo unha serie constante a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos baseándose en dous parámetros:

- ▶ *Tecido empresarial*: número de empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos por sectores económicos do CNAE nas comarcas, provincias e no conxunto da Comunidade Autónoma galega.
- ▶ *Evolución anual*: datos evolutivos do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos nos catro sectores económicos principais a través dos cinco últimos anos.

## Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. Neste documento se adopta a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á solicitude de emprego por parte dun traballador, sexa ou non parado en sentido estrito, e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en **Galicia** co propósito de coñecer os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Así, o estudo da demanda centra a súa incidencia sobre aspectos concretos do perfil dos demandantes parados e non parados, como son: a idade, o tipo de actividade económica da

que proveñen, a súa situación laboral, o nivel académico, o sexo, o tempo de busca de emprego ou as ocupacións máis demandadas.

A análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros e fundamentalmente no ámbito comarcal e provincial, engadindo tamén algunha referencia ao eido local e autonómico. Por outra banda, engadíronse datos evolutivos provenientes da estatística de paro rexistrado do servizo público de emprego para posibilitar a comparación temporal destes.

Os resultados preséntanse nunha dobre análise, provincial e comarcal, agrupando os datos obtidos nas seguintes táboas:

- ▶ Demandantes por concello na análise comarcal ou demandantes por provincia e por comarca no caso da análise provincial.
- ▶ Evolución dos demandantes parados -do ano 2000 ao 2004-.
- ▶ Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego.
- ▶ Demandantes de emprego por sexo e de idade.
- ▶ Demandantes por nivel académico.
- ▶ Demandantes parados por tempo de busca de emprego.
- ▶ Demandantes por sectores económicos de procedencia.
- ▶ As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego.
- ▶ Perfil tipo dos demandantes de emprego.

En cada unha das táboas establécese tamén, como se indicou anteriormente, unha comparación cos valores medios provinciais -análise comarcal- ou autonómicos -análise provincial-, considerando como significativas aquelas desviacións maiores de 5 puntos porcentuais.

## Ofertas

No informe do mercado laboral, as ofertas de emprego refírense ás peticións de currículos por parte das entidades empresariais xestionadas nas oficinas de emprego e ás tramitadas a través dos centros colaboradores.

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por comarcas e provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

### ■ Ofertas totais rexistradas. Evolución.

Estudo do reparto das ofertas entre os distintos concellos que compoñen a comarca e a evolución destes nos anos comprendidos entre 2000 e 2004.

### ■ Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

Reflite o reparto das ofertas por concellos e sectores económicos, tanto en termos absolutos como relativos con respecto ao conxunto da comarca. Posteriormente afóndase no reparto subsectorial dentro de cada comarca. A continuación efectúase unha análise da evolución de ofertas por sectores económicos nos anos do período 2000-2004.

### ■ Perfil básico das ofertas:

**Sexo:** Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego e consideran ese requisito como unha característica que se debe ter en conta á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se refliten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do servizo

público de emprego, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego da Comunidade galega.

*Niveis académicos:* Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios.

De calquera xeito, en moitas comarcas o número de ofertas das que se fala é moi baixo, polo que as conclusións sacadas ao respecto deben ser tomadas como indicadores de tendencias que se dan no conxunto das ofertas de cada ámbito territorial analizado.

#### ■ *Análise ocupacional:*

Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego nos últimos cinco anos. Nalgunhas ocasións cóntase con poucas ofertas nos anos analizados, o que motiva a aparición de ocupacións que teñen un número de ofertas pouco representativas.

Tamén se mostran na última táboa as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego nos últimos cinco anos.

## Contratos

A análise dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2004 procedentes das oficinas de emprego do servizo público de emprego galego.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización componse de seis apartados que inclúen, se é o caso, valoracións das evolucións anuais dos anos 2000 ao 2004, ambos incluídos:

#### ■ O número de contratos no ámbito comarcal e municipal.

Comparación do número de contratos recollidos nos distintos concellos con respecto á súa comarca, destacándose aqueles que presentan un maior peso porcentual. Análise da evolución do número de contratos no ámbito comarcal e municipal durante os últimos cinco anos.

#### ■ A contratación comarcal segundo o sexo e a idade.

Analízase a contratación comarcal do 2004 atendendo á súa distribución por homes e mulleres agrupados en cinco intervalos de idade. Así mesmo, inclúense dúas análises comparativas do acontecido nos últimos cinco anos con respecto á contratación masculina e feminina, e ademais á contratación segundo intervalos de idade.

#### ■ A contratación comarcal segundo os sectores económicos.

Clasificación dos contratos por sectores económicos, afondando nos sectores secundario e servizos. Tamén se inclúen aquí as variables de sexo e idade e a evolución da contratación por sectores/subsectores económicos.

#### ■ Tipoloxía da contratación laboral.

Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, o sexo e a idade, distribución da contratación segundo o tipo de contrato e os sectores económicos, e a evolución do número de contratos segundo a súa tipoloxía.

#### ■ Os grandes grupos de ocupación na contratación comarcal.

Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo, incluíndo a análise pormenorizada do volume contractual, así como comentarios sobre a evolución temporal para cada grupo e sexo.

### ■ As ocupacións máis contratadas.

Análise das 10 ocupacións máis contratadas en cada provincia e comarca no 2004. Tamén se inclúe un breve estudo das ocupacións máis destacadas no período 2000-2004.

## **Formación ocupacional**

Neste novo apartado introdúcese a formación ocupacional realizada en cada unha dos diversos niveis territoriais, ben sexa provincial ou comarcal. Dada a ampla diversidade de especialidades formativas que configuran o catálogo de formación ocupacional, optouse como categoría de agregación pola familia profesional. Este nivel de desagregación é suficiente para comprobar os ámbitos de especialización de formación.

Tanto a nivel comarcal como provincial preséntase o número de alumnos e cursos segundo a familia profesional. Así mesmo, introdúcese unha comparativa entre o nivel comarcal e o provincial no caso dos informes comarcais, e entre o nivel provincial e autonómico no caso dos informes provinciais.

Ademais, dentro do informe provincial diferénciase de forma gráfica entre formación ocupacional con compromiso de contratación e sen compromiso, para establecer diversos niveis de significación da formación con respecto aos seus destinatarios. No caso dos informes comarcais, en caso de haber formación ocupacional con compromiso de contratación, faise unha mención explícita sobre este particular.

## **Conclusiones**

Este novo apartado inclúese no nivel provincial e comarcal, para delimitar os elementos máis significativos que configuran o mercado laboral de cada ámbito territorial. Deste xeito, introdúcese un novo nivel de lectura que complementa os comentarios e os gráficos e táboas expostos nos diversos epígrafes do informe.

O nivel de análise é sintético e pódese contrastar e complementar co nivel analítico que caracteriza o resto de informe. A orde dos comentarios segue a estrutura de apartados establecida no informe, permitindo unha mellor localización da información de carácter máis descriptivo.





**Metodología e  
fontes de información**

capítulo

**3**



# 3

## Metodoloxía e fontes de información

### 3.1.- METODOLOXÍA

A información presentada no informe do mercado laboral é consecuencia dun importante traballo de análise e explotación de datos, ademais dunha investigación previa para determinar o tipo de categorías máis interesantes para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- ▶ Determinación das variables máis adecuadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- ▶ Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

### 3.2.- FONTES DE INFORMACIÓN E OUTROS ASPECTOS METODOLÓXICOS

A continuación, co obxecto de lle garantir ao usuario do *Informe do mercado laboral* a súa correcta interpretación, expónse unha breve descrición das bases de datos utilizadas nos diferentes bloques temáticos e das especificacións metodolóxicas concretas realizadas en certos apartados desta publicación.

#### 3.2.1.- Perfil sociodemográfico

A información utilizada neste apartado procede da *Enquisa de poboación activa*, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse non reproducila para non ser reiterativos. Como xa se comentaba no apartado de contidos, os cambios metodolóxicos introducidos na EPA no ano 2002 produciu un cambio nos valores das series contempladas no presente estudo, polo que se optou por reflectir estes últimos en detrimento dos valores procedentes da anterior EPA.

#### 3.2.2.- Tecido empresarial

A información utilizada neste estudo orixínase a partir da información obtida da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos) e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesourería Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, e porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes provincias, polo que neste caso aparecerá unha conta de cotización por provincia; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgunhas empresas nas que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas esporadicamente.

Por outra banda, na Tesourería da Seguridade Social existen datos de empresas e traballadores non asignados a un sector concreto ou a unha provincia concreta, ou a ambos, que constitúen unha segunda limitación da citada base de datos. Estes “descoñecidos” asúmense, no primeiro caso, no epígrafe de “outros servizos” da provincia e de Galicia; no segundo caso, en Galicia no seu sector correspondente; e no terceiro caso, en “outros servizos” en Galicia.

### 3.2.3.- Demandas

A información utilizada no estudo da demanda provén das bases de datos do servizo público de emprego.

Dentro dos demandantes distínguense parados dos non parados segundo a Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Deste xeito, enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada pola Oficina de Emprego existente o último día de cada mes. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

No que respecta á situación laboral dos demandantes, existe un apartado nos demandantes non parados, que se chama xenericamente “resto dos demandantes”, no que se inclúen as seguintes categorías:

- ▶ Con redución da xornada por modificación das condicións de traballo.
- ▶ Demandante doutro emprego adicional (pluriemprego).
- ▶ Demandante de emprego conxuntural (menos de tres meses).
- ▶ Demandante de emprego só en domicilio.
- ▶ Demandante de emprego só no estranxeiro.
- ▶ Demandantes inscritos participantes na selección nun posto concreto.
- ▶ Demandantes de autoemprego exclusivamente.
- ▶ Demandantes de formación ocupacional
- ▶ Demandantes para servizos externos ao servizo público de emprego.

### 3.2.4.- Ofertas

O Observatorio Ocupacional segue a traballar este ano coa totalidade das ofertas rexistradas tanto nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego. O período de análise deste estudo é de cinco anos comprendidos entre 2000 e 2004, facendo referencia ás ofertas recollidas nas 53 comarcas en nas catro provincias, o que permite acceder a unha maior cantidade de variables de interese analítico.

Debido a existencia de rexistros sen identificador de municipio, os datos do total provincial na presente publicación difiren dos datos contidos no “Estudo de Mercado Laboral de Galicia 2004”.

Os totais contemplados son a suma dos valores municipais, mentres que no citado estudo inclúense a totalidade dos rexistros. Poren, as diferenzas son de pequena magnitude e non deturpan significativamente a análise de tendencias para o período 2000-2004, así como o realizado para o ano 2004.

### 3.2.5.- Contratos

A base de datos utilizada para caracterizar os contratos foi a que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia.

O período de análise concrétese en cinco anos comprendidos entre 2000 e 2004, ambos inclusive, período que consideramos axeitado para poder realizar un estudo evolutivo que ofrezca datos de interese.

Outra característica significativa deste apartado é que, a diferenza dos restantes bloques temáticos tratados neste informe, a súa análise ocupacional inclúe tanto os nove grandes grupos ocupacionais como a análise das ocupacións concretas. En relación con estas últimas, os códigos de identificación empregados son os da Clasificación Nacional de Ocupacións do INEM.

No que respecta aos distintos apartados analizados, cómpre realizar unha puntualización referida ao apartado 5.4.4, tipoloxía da contratación laboral, que recolle dentro do apartado “outros” a seguinte contratación: xubilación especial aos 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

### 3.2.6.- Formación ocupacional

A base de datos empregada para establecer os cursos e alumnos de cada nivel territorial é a recollida no Sistema de Información de Formación Ocupacional da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

A formación ocupacional considerada nesta base estruturase en cinco tipoloxías:

- ▶ Formación financiada polo Fondo Social Europeo con compromiso de contratación.
- ▶ Formación financiada polo Fondo Social Europeo sen compromiso de contratación.
- ▶ Formación do Plan de Formación de Inserción Profesional con compromiso de contratación.
- ▶ Formación do Plan de Formación de Inserción Profesional sen compromiso de contratación.
- ▶ Formación realizada por medios propios.

A categoría de formación profesional sen compromiso de contratación concentra a formación ocupacional, ben do Fondo Social Europeo ou do Plan FIP que responda a esta característica, así como a realizada a través de medios propios. A categoría de formación profesional sen compromiso de contratación reúne as outras dúas tipoloxías.

### 3.3.- DEFINICIÓNS E TAXAS

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- **Variación interanual** (v.a.): É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de ofertas do x-1 e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 2000 e 2001 obteríase do seguinte xeito:

$$\% \text{ Var. interanual }_{00-01} = (O_{01} - O_{00}/O_{00}) \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- **Variación media anual** (v.m.a.): Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos  $O_{2004}$  e  $O_{2000}$  ao número de ofertas dos anos 2004 e 2000, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte:

$$\% \text{ VMA} = \left( \sqrt[4]{O_{2004}/O_{2000}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso  $5-1=4$ , o que implica unha raíz cuarta)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos cinco anos estudados<sup>1</sup>.

Polo que respecta á presentación da información nas diversas táboas e gráficos, hai que sinalar que nalgúns casos non é posible presentala por tres circunstancias:

- A información estatística vulnera o segredo estatístico, debido a que facilita a identificación individual de persoas ao ser un volume moi pequeno. Nesta circunstancia, e sempre que o valor absoluto sexa menor ou igual a tres, consígnase un X no lugar correspondente.
- No caso de que o dato non estea dispoñible, optarase por deixar o espazo onde debería constar a información en branco.
- En todos aqueles casos en que a información sexa referida a un cálculo que non se pode efectuar, consígnase un guión curto (-).

#### ▸ CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93, con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en seis subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

SECTOR ECONÓMICO	SUBSECTOR ECONÓMICO
<b>PRIMARIO</b>	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
<b>SECUNDARIO</b>	Industria e electricidade, gas e auga
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	Construción
<b>SERVIZOS</b>	Comercio, hostalería e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico
	Transporte, almacenamento e comunicacións
	Outros servizos

<sup>1</sup> Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar os outros apartados deste informe.

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de “outros servizos”, encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Séguese mantendo os gráficos de sectores para a industria e os servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo Observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓN AD HOC NA INDUSTRIA
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimenticios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTEL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletería	OUTRAS INDUSTRIAS
19	preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	OUTRAS INDUSTRIAS
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NA INDUSTRIA
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	OUTRAS INDUSTRIAS
37	reciclaxe	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NOS SERVIZOS
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalería	HOSTALERÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	AA.PP.
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	
80	educación	
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVICIOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	OUTROS SERVIZOS
95	fogares que empregan persoal doméstico	
99	organismos extraterritoriais	

## ► GRUPOS DE IDADE

Séguese mantendo a clasificación en intervalos de idade establecidos no estudo do mercado laboral do ano anterior. A única excepción a esta división é a que se produce no apartado de perfil sociodemográfico no ámbito provincial, debido a que a información procedente da EPA emprega catro intervalos de idade en vez de cinco.

A distribución en cinco intervalos posibilita unha maior homoxeneidade dos grupos de idade, no sentido de incluír todos o mesmo número de anos, fornecendo a información en relación con este parámetro, xa que nos anos anteriores observouse que a meirande parte das ofertas, contratos e demandas correspondían ao grupo de mediana idade.



capítulo

**Contexto Provincial  
do mercado laboral**

**4**



# 4 Contexto provincial do mercado laboral

## 4.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

### 4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución

	Media anual					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
De 16 a 19 anos	3,9	2,7	1,9	2,4	1,7	1,6
De 20 a 24 anos	14,6	14,4	11,6	9,7	12,3	12,0
De 25 a 54 anos	117,0	120,1	122,6	119,7	118,8	124,1
De 55 e máis anos	25,3	29,2	26,6	24,5	24,4	24,7
<b>Total</b>	<b>160,8</b>	<b>166,4</b>	<b>162,7</b>	<b>156,3</b>	<b>157,1</b>	<b>162,3</b>

TÁBOA 1: Poboación activa total da provincia por idade. Miles de persoas.

No período 1999-2004, a poboación activa da provincia de Lugo permaneceu practicamente estancada (variación media do 0,19%). A tendencia na maior parte do sexenio foi regresiva, medrando unicamente en 2000 e 2004.

Con todo, débese subliñar que os datos de 1999 e 2000 non se acollen á reforma da enquisa de poboación activa en canto aos datos de activos, ocupados e parados, polo que a comparación co resto de anos debe ser tomada con precaución.

O grupo de idades de maior peso relativo, o de 25 a 54 anos, foi o único que se expandiu ao longo destes anos, crecendo cunha taxa de variación media do 1,18%. Os maiores de 55 anos decrecen levemente e o resto de colectivos diminuíron, especialmente os de 20 a 24 anos, nos que a variación media foi do -16,21%.

	Media anual					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	94,2	94,8	92,7	88,9	88,3	90,2
Muller	66,5	71,6	70,0	67,3	68,8	72,1
<b>Total</b>	<b>160,7</b>	<b>166,4</b>	<b>162,6</b>	<b>156,2</b>	<b>157,1</b>	<b>162,3</b>

TÁBOA 2: Poboación activa total da provincia por sexo. Miles de persoas.

A evolución da poboación activa en función do xénero seguiu pautas diferentes. A tendencia nos homes foi cara ao decrecemento de baixa intensidade (variación media de -0,86%), en tanto que no das mulleres foi cara ao crecemento moderado (variación media do 1,64%).

Se temos en conta o curso evolutivo da poboación activa a partir de 2001, a tendencia no colectivo masculino segue sendo a mesma, mentres que no caso do colectivo feminino baixa en 2002 e medra no resto de anos.

**TÁBOA 3:** Taxa de actividade da provincia por sexo.

	%					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	59,2	60,1	59,7	58,3	58	60,8
Muller	42	44,8	43	40,9	42	43,3
<b>Total</b>	<b>50,6</b>	<b>52,4</b>	<b>51,2</b>	<b>49,3</b>	<b>49,7</b>	<b>51,5</b>

A taxa de actividade da provincia de Lugo aumentou en 0,9 puntos no transcurso do período 1999-2004 (entre 2001 e 2004 fíxoo en 0,3 puntos). Nos anos 2000, 2003 e 2004 rexístrase un crecemento e unha redución nos anos restantes.

A taxa de actividade dos homes é máis elevada que a das mulleres debido ao maior volume de poboación activa dos primeiros. En ambos os dous colectivos, masculino e feminino, esta taxa aumentou levemente, motivo polo que a diferenza ao final do período (17,5 puntos), é moi similar á existente ao inicio, que é de 17,2 puntos.

#### 4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución

**TÁBOA 4:** Poboación ocupada total da provincia por sectores económicos. Miles de persoas.

	Media anual					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	52,5	56,8	50,4	40,7	41,2	41,9
Secundario	13,1	14,4	18,3	18,3	19,5	18,8
Construción	13,1	13,3	12,4	15,0	12,6	13,6
Servizos	59,4	62,4	67,0	67,9	71,1	74,1
<b>Total</b>	<b>138,0</b>	<b>146,8</b>	<b>148,1</b>	<b>141,9</b>	<b>144,3</b>	<b>148,4</b>

No sexenio 1999-2004 incrementouse a poboación ocupada da provincia (variación media do 1,47%). Esta expansión non foi constante; os ocupados medraron todos os anos agás en 2002.

A análise por sectores económicos mostra tendencias evolutivas dispares. A poboación ocupada experimentou unha regresión no sector primario (variación media negativa de -4,4%), permaneceu practicamente estancada na construción, medrou nos servizos (variación media do 4,51%) e aumentou aínda en maior medida no sector secundario (variación media do 7,49%).

Nos servizos, sector de maior peso relativo da provincia, o crecemento da poboación ocupada produciuse de xeito continuo, mentres que no primario, segundo sector máis importante, a diminución debeuse principalmente ao comportamento de 2002, ano no que os ocupados diminuíron nun 20% aproximadamente.

**TÁBOA 5:** Poboación ocupada total da provincia por sexo. Miles de persoas.

	Media anual					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	85,3	87,1	86,4	83,4	83,3	86,3
Muller	52,7	59,7	61,7	58,6	61,1	62,1
<b>Total</b>	<b>138,0</b>	<b>146,8</b>	<b>148,1</b>	<b>141,9</b>	<b>144,3</b>	<b>148,4</b>

No período 1999-2004 a poboación ocupada masculina mostra unha tendencia cara á estabilidade (variación media do 0,23%), en tanto que a feminina experimentou unha expansión notable (variación media do 3,35%).

Compre engadir que o incremento da poboación ocupada feminina aconteceu en todos os anos agás en 2002, no que se observa unha diminución por debaixo do nivel rexistrado en 2000. Pola súa parte, a traxectoria evolutiva dos homes foi moito máis irregular; os ocupados medraron ao comezo e ao final

do período, en 2000 e 2004, mentres que nos anos intermedios decreceron en 2001 e 2002 e permaneceron estancados en 2003.

	%					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	53,7	55,2	55,7	54,7	54,7	58,2
Muller	33,3	37,4	37,9	35,6	37,2	37,3
<b>Total</b>	<b>43,5</b>	<b>46,2</b>	<b>46,6</b>	<b>44,7</b>	<b>45,6</b>	<b>47,1</b>

**TÁBOA 6:** Taxa de ocupación da provincia por sexo.

A taxa de ocupación aumentou en 3,6 puntos entre 1999 e 2004. O incremento sucedeu ao longo de todo o período agás en 2002, no que diminuíu en case dous puntos.

A análise por sexos móstranos que as taxas de ocupación medraron en proporcións próximas, no caso dos homes en 4,5 puntos e no das mulleres en 4 puntos. No colectivo feminino o incremento da taxa de ocupación ocorreu en 2000, manténdose no resto do período coa excepción de 2002, mentres que no masculino a expansión máis intensa produciuse en 2004.

#### 4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución

	Media anual					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	8,8	7,6	6,2	5,6	5,0	3,9
Muller	13,8	11,9	8,3	8,8	7,8	10,0
<b>Total</b>	<b>22,6</b>	<b>19,5</b>	<b>14,5</b>	<b>14,3</b>	<b>12,8</b>	<b>13,9</b>

**TÁBOA 7:** Poboación parada total da provincia por sexo. Miles de persoas.

A poboación parada da provincia de Lugo diminuíu a gran ritmo no transcurso do período 1999-2004 (variación media negativa de -9,26%). Este decrecemento tivo unha intensidade moito maior nos homes que nas mulleres; nos primeiros a variación media foi de -15,02% e nas segundas de -6,24%. Ademais, no colectivo masculino a regresión foi continua; produciuse ano tras ano, mentres que no feminino, pese a diminuír na maior parte do período, as paradas aumentaron en 2002 e, en moita maior medida, en 2004.

	%					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	9,4	8,1	6,7	6,3	5,7	4,3
Muller	20,8	16,6	11,8	13,0	11,3	13,9
<b>Total</b>	<b>14,1</b>	<b>11,7</b>	<b>8,9</b>	<b>9,2</b>	<b>8,1</b>	<b>8,6</b>

**TÁBOA 8:** Taxa de poboación parada da provincia por sexo

A taxa de poboación parada da provincia de Lugo descendeu no transcurso do sexenio 1999-2004 en 5,5 puntos. Este decrecemento aconteceu principalmente nos anos iniciais, 2000 e 2001 e, en menor medida, en 2003.

A taxa de poboación parada feminina é notablemente máis elevada que a masculina. En 1999, a diferenza entre ambos os dous sexos era de 11,4 puntos, en 2001 acada o mínimo do período con 5,1 puntos e, no último ano de referencia, no que se incrementou considerablemente, situouse en 9,6 puntos.

Estes resultados son o reflexo de evolucións diferenciais por sexo. Ademais das diferenzas de intensidade, o decrecemento da taxa de poboación parada masculina foi continuo, mentres que no caso das mulleres rexístranse dúas fases expansivas correspondentes aos anos 2002 e 2004.

## 4.2.- TECIDO EMPRESARIAL

### 4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual

TÁBOA 9: Número de empresas, traballadores e autónomos.


SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.018</b>	<b>6,92</b>	<b>25.055</b>	<b>24,91</b>	<b>723</b>	<b>3,19</b>
Agricultura e pesca	1.018	6,92	25.055	24,91	723	3,19
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.485</b>	<b>10,09</b>	<b>13.469</b>	<b>13,39</b>	<b>2.052</b>	<b>9,06</b>
Industria e electricidade	1.485	10,09	13.469	13,39	2.052	9,06
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>2.045</b>	<b>13,89</b>	<b>9.625</b>	<b>9,57</b>	<b>3.762</b>	<b>16,60</b>
Construcción	2.045	13,89	9.625	9,57	3.762	16,60
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>10.172</b>	<b>69,10</b>	<b>52.419</b>	<b>52,12</b>	<b>16.124</b>	<b>71,15</b>
Comercio e hostalería	5.183	35,21	17.586	17,49	10.257	45,26
Transporte e comunicacións	913	6,20	3.995	3,97	2.067	9,12
Outros servizos	4.076	27,69	30.838	30,66	3.800	16,77
<b>TOTAL</b>	<b>14.720</b>	<b>100,00</b>	<b>100.568</b>	<b>100,00</b>	<b>22.661</b>	<b>100,00</b>

As empresas da provincia de Lugo dedícanse principalmente á prestación de servizos, en concreto o 69,1% do total. Dentro deste sector destaca o elevado peso relativo do comercio e hostalería (35,21%) e dos outros servizos (27,69%). O seguinte grupo sectorial de empresas máis importante, situado a moita distancia dos servizos, é o da construción, co 13,89%, e despois o secundario, co 10,09%.


O sector servizos tamén é o máis relevante dende o punto de vista laboral. Así, un pouco máis da metade dos traballadores por conta allea da provincia desenvolven o seu labor neste sector (52,12%), aínda que nesta ocasión, a diferenza das empresas, agrúpanse fundamentalmente arredor dos outros servizos (30,66%) e, en menor medida, no comercio e hostalería (17,49%). Fóra das actividades terciarias, a maior parte dos asalariados reúnese no sector primario (24,91%).

A proporción de autónomos nos servizos é aínda máis elevada que no caso dos traballadores por conta allea e das empresas, en concreto do 71,15%. O subsector terciario que conta cun maior número de traballadores deste tipo é o do comercio e a hostalería (45,26%), moi por riba do dos outros servizos (16,77%). Os autónomos que non traballan nos servizos dedícanse na súa maior parte á construción (16,6%).

GRÁFICO 1: Número de empresas da industria segundo as actividades. Ano 2004.



A maior parte das empresas industriais encádranse na actividade das outras industrias (32,99%) e, despois, na alimentación (24,3%) e na metalurxia e fabricación de produtos metálicos (15,4%).



**GRÁFICO 2:** Número de empresas dos servizos segundo as actividades. Ano 2004.

No sector servizos as empresas dedícanse principalmente ao comercio (29,79%) e, a continuación, ás actividades da hostalería (14,84%) e dos outros servizos (13,05%).

#### 4.2.2.- Evolución anual

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>2.275</b>	<b>2.412</b>	<b>2.061</b>	<b>541</b>	<b>1.018</b>
Agricultura e pesca	2.275	2.412	2.061	541	1.018
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.543</b>	<b>1.520</b>	<b>1.494</b>	<b>1.486</b>	<b>1.485</b>
Industria e electricidade	1.543	1.520	1.494	1.486	1.485
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>1.857</b>	<b>1.929</b>	<b>1.914</b>	<b>1.943</b>	<b>2.045</b>
Construcción	1.857	1.929	1.914	1.943	2.045
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>9.152</b>	<b>9.386</b>	<b>9.664</b>	<b>9.946</b>	<b>10.172</b>
Comercio e hostalería	4.927	4.985	5.054	5.152	5.183
Transporte e comunicacións	756	806	856	882	913
Outros servizos	3.469	3.595	3.754	3.912	4.076
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>14.827</b>	<b>15.247</b>	<b>15.133</b>	<b>13.916</b>	<b>14.720</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>103.997</b>	<b>106.984</b>	<b>108.114</b>	<b>107.839</b>	<b>112.215</b>

**TÁBOA 10:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

O número de empresas da provincia reduciuse moi levemente no transcurso do período 2000-2004 (variación media de -0,18%), en tanto que en Galicia medrou cunha taxa de variación media do 1,92%.

A traxectoria evolutiva provincial foi irregular e caracterízase por un decrecemento cuantioso en 2003, en concreto de -8,04%, que non puido ser compensado polos incrementos rexistrados en 2001 e 2004. En Galicia a tendencia foi cara á expansión en todos os anos agás en 2003, onde houbo un leve retroceso.

A evolución provincial desagregada por sectores económicos mostra resultados dispares. A cantidade de empresas diminuíu de xeito moi acusado no primario (variación media de -18,21%), descendeu levemente no secundario

(variación media de -0,95%) e incrementouse na construción e nos servizos (variacións medias do 2,44% e 2,68% respectivamente). Neste último sector, o de maior importancia con diferenza, o número de empresas medrou de xeito continuo, ano tras ano, a un ritmo non moi elevado pero constante.

Dentro dos subsectores dos servizos, o crecemento do subsector de outros servizos (variación media de 4,11%) é máis notorio que no caso do de comercio e hostalería (variación media de 1,27%); porén, o crecemento é continuo en calquera dos dous subsectores.

**TÁBOA 11:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>28.814</b>	<b>27.348</b>	<b>26.739</b>	<b>26.221</b>	<b>25.055</b>
Agricultura e pesca	28.814	27.348	26.739	26.221	25.055
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>12.904</b>	<b>13.128</b>	<b>13.399</b>	<b>13.342</b>	<b>13.469</b>
Industria e electricidade	12.904	13.128	13.399	13.342	13.469
<b>SECTOR CONSTRUCIÓN</b>	<b>9.156</b>	<b>9.184</b>	<b>9.074</b>	<b>9.304</b>	<b>9.625</b>
Construción	9.156	9.184	9.074	9.304	9.625
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>45.097</b>	<b>47.489</b>	<b>49.398</b>	<b>50.542</b>	<b>52.419</b>
Comercio e hostalería	15.438	15.824	16.514	16.928	17.586
Transporte e comunicacións	3.079	3.635	3.838	3.879	3.995
Outros servizos	26.581	28.029	29.046	29.735	30.838
<b>TOTAL</b>	<b>95.971</b>	<b>97.149</b>	<b>98.610</b>	<b>99.409</b>	<b>100.568</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>713.049</b>	<b>740.966</b>	<b>755.700</b>	<b>767.739</b>	<b>788.323</b>

A evolución dos traballadores por conta allea na provincia entre 2000 e 2004 amosa unha tendencia cara ao crecemento moderado (variación media do 1,18%). No conxunto da comunidade a tendencia foi cara unha expansión de maior intensidade (variación media do 2,54%). A análise das variacións interanuais permítenos engadir que tanto na provincia como no total de Galicia, o aumento dos asalariados produciuse en todos os anos e en magnitudes situadas a pouca distancia das respectivas taxas de variación media.

Os asalariados creceron en todos os sectores económicos menos no primario, no que diminuíron notablemente e ao longo de todos os anos (variación media negativa de -3,43%). Onde máis medraron foi nos servizos, despois na construción e, por último, no primario, sectores nos que as variacións medias foron respectivamente do 3,83%, 1,26% e 1,08%. O maior incremento deuse nos servizos en 2001, ano en que os traballadores por conta allea se incrementaron nun 5,3%; en cambio, o sector secundario e o da construción experimentaron un só decrecemento, no primeiro en 2003 e no segundo en 2002.

Nos principais subsectores terciarios, o comercio e a hostalería e os outros servizos, as variacións medias foron similares á sinalada para o total do sector servizos, en concreto do 3,31% e do 3,78% respectivamente, en tanto que no transporte e comunicacións foi case o dobre (6,73%).



	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>415</b>	<b>483</b>	<b>530</b>	<b>654</b>	<b>723</b>
Agricultura e pesca	415	483	530	654	723
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.991</b>	<b>2.042</b>	<b>1.960</b>	<b>2.001</b>	<b>2.052</b>
Industria e electricidade	1.991	2.042	1.960	2.001	2.052
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>3.290</b>	<b>3.456</b>	<b>3.433</b>	<b>3.563</b>	<b>3.762</b>
Construcción	3.290	3.456	3.433	3.563	3.762
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>15.597</b>	<b>15.510</b>	<b>15.271</b>	<b>15.635</b>	<b>16.124</b>
Comercio e hostalería	10.351	10.132	9.875	10.080	10.257
Transporte e comunicacións	2.003	2.017	2.005	2.031	2.067
Outros servizos	3.243	3.361	3.391	3.524	3.800
<b>TOTAL</b>	<b>21.293</b>	<b>21.491</b>	<b>21.194</b>	<b>21.853</b>	<b>22.661</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>164.549</b>	<b>165.287</b>	<b>167.427</b>	<b>172.821</b>	<b>178.942</b>

**TÁBOA 12:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 o número de autónomos da provincia aumentou levemente (variación media do 1,57%). Na primeira metade do quinquenio decreceron e medraron en proporcións inferiores ao 1,5%, mentres que cara ao final do período, en 2003 e 2004, expandíronse por riba do 3%. No conxunto de Galicia o ritmo medio de crecemento dos autónomos foi superior ao da provincia (variación media do 2,12%).

No sector primario, ao contrario que no caso das empresas e dos traballadores por conta allea, aumentou o número de autónomos. A variación media foi moi elevada, en concreto do 14,89%; non obstante, en termos absolutos este incremento traducíuse en pouco máis dun cento de traballadores por conta propia. Nos servizos os autónomos expandíronse en pequena magnitude (variación media do 0,47%), mentres que se estancaron no sector secundario a pesar do leve descenso en números absolutos, en tanto que na construción o crecemento foi de maior intensidade (variación media do 3,41%). Non se rexistraron oscilacións interanuais importantes en ningún dos sectores salvo no primario. Descontando este último sector, a variación máis elevada en sentido positivo deuse na construción en 2004 (5,59%), e en sentido negativo no secundario en 2002 (-4,02%).

A evolución dos subsectores terciarios amósanos dúas tendencias, unha cara ao estancamento do número de autónomos no comercio e hostalería e no transporte e comunicacións e outra cara ao incremento nos outros servizos (variación media do 4,04%).

## 4.3.- DEMANDAS DE EMPREGO

### 4.3.1.- Demandantes galegos por provincia

TABOA 13: Distribución dos demandantes por provincia.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Coruña	63.878	29.827	93.705
Lugo	16.048	8.374	24.422
Ourense	18.321	10.089	28.410
Pontevedra	56.114	27.549	83.663
<b>TOTAL</b>	<b>154.361</b>	<b>75.839</b>	<b>230.200</b>

En 2004 recolléronse en Galicia 230.200 demandas de emprego, o 67,05% correspondentes a parados e o 32,95% a non parados. En todas as provincias o número de demandantes parados é superior ao de non parados, en proporcións próximas á media galega. A provincia de Lugo é a que conta co menor número de demandantes: 24.422, que representan o 10,61% do total.

TABOA 14: Distribución dos demandantes segundo as comarcas da provincia.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Fonsagrada	209	117	326
A Mariña Central	1.190	726	1.916
A Mariña Occidental	1.281	674	1.955
A Mariña Oriental	681	346	1.027
A Ulloa	378	120	498
Chantada	699	273	972
Lugo	5.906	3.507	9.413
Meira	172	91	263
Os Ancares	520	217	737
Quiroga	338	116	454
Sarria	1.157	545	1.702
Terra Chá	1.781	759	2.540
Terra de Lemos	1.736	883	2.619
<b>TOTAL</b>	<b>16.048</b>	<b>8.374</b>	<b>24.422</b>

<b>% provincia/comunidade – PARADOS</b>	<b>11,04</b>
---	--------------

<b>% provincia/comunidade - NON PARADOS</b>	<b>10,40</b>
---	--------------

A maior parte das demandas de emprego recolléronse na comarca de Lugo (38,54%). A moita distancia aparecen despois, en proporcións similares, Terra de Lemos, co 10,72%, e Terra Chá, co 10,4%. Outras demandas da provincia, tiveron lugar principalmente nas Mariñas Central e Occidental e en Sarria, comarcas que suman o 22,82% do total.

Ademais, cómpre engadir, respecto ás comarcas, que en todas elas os demandantes parados superan aos non parados e, en relación con Galicia, que o colectivo de parados da provincia supón o 11,04% e o de non parados o 10,4%.

#### 4.3.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
PARADOS PROVINCIA	14.878	14.344	15.572	16.496	16.048
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	-3,59	8,56	5,93	-2,72
<b>PROVINCIA/TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>10,46</b>	<b>10,37</b>	<b>10,31</b>	<b>10,48</b>	<b>10,40</b>

TÁBOA 15: Evolución dos demandantes parados.

Os demandantes parados da provincia de Lugo expandíronse no transcurso do intervalo 2000-2004. As variacións interanuais reflicten unha evolución descontinua, diminuíndo ao comezo e ao final do período, en 2001 e 2004, e aumentando, en maior media, nos anos intermedios, 2002 e 2003. O peso relativo dos demandantes parados da provincia no total de Galicia mantívose practicamente estancado.

#### 4.3.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.293	9,39	10,69
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	13.755	56,32	56,36
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.058	4,33	4,03
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.590	14,70	12,78
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	1.138	4,66	5,32
	En expediente de regulación de emprego	186	0,76	1,51
	Demandantes de mellora de emprego	1.629	6,67	6,32
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	731	2,99	2,52
	Resto de demandantes	42	0,17	0,46
	<b>TOTAL</b>	<b>24.422</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 16: Situación laboral dos demandantes.

A análise da situación laboral amósanos que os demandantes da provincia de Lugo, igual que os do conxunto de Galicia, son maioritariamente parados con emprego anterior (56,32% no caso da provincia e 56,36% no da comunidade). O segundo colectivo máis relevante en ambos os dous ámbitos territoriais sitúase a moita distancia e é o de non parados, tamén con emprego anterior (14,7% na provincia e 12,78% na comunidade).

Tendo en conta o resto de situacións laborais, pódese observar que a distribución provincial coincide plenamente coa da comunidade en canto á orde de importancia dos diferentes grupos.

#### 4.3.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

**TABOA 17.1:** Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	1.143	1.490	16,41	16,27
26 a 35 anos	1.694	2.966	29,04	29,28
36 a 45 anos	1.312	2.292	22,46	22,15
46 a 55 anos	1.399	1.481	17,95	18,47
56 e máis anos	1.432	839	14,15	13,84
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>100,00</b>	<b>10,40</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>62.053</b>	<b>92.308</b>	<b>10,40</b>	<b>100,00</b>

Por xénero, o colectivo feminino representa a maioría dos demandantes parados da provincia de Lugo, en concreto o 56,51%, fronte ao 43,49% que supón o colectivo masculino. Este desequilibrio por sexos é aínda maior no caso de Galicia, onde a porcentaxe de mulleres é do 59,8% e a de homes do 40,2%.

En función das idades, na provincia predomina o grupo de 26 a 35 anos (29,04% do total de demandantes parados), seguido a certa distancia polo de 36 a 45 anos co 22,46%. Na comunidade estes dous grupos de idades tamén son os máis importantes e en proporcións moi similares; así, os de 26 a 35 representan o 29,28% do total de demandantes parados de Galicia e os de 36 a 45 anos o 22,15%.

Por sexo e idades ao mesmo tempo, o colectivo de maior peso relativo na provincia é o de mulleres de 26 a 35 anos, que representa o 18,48% do total de demandantes parados; despois sitúase outro colectivo de mulleres, o do tramo de idades seguinte, de 36 a 45 anos, que supoñen o 14,28%, e, en terceiro lugar, o de homes de 26 a 35 anos, co 10,56%. Cómpre engadir que as mulleres son máis numerosas en todos os segmentos de idades agás no de maiores de 55 anos, no que predominan os homes.

**TABOA 17.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	635	1.041	20,01	17,53
26 a 35 anos	674	1.616	27,35	27,54
36 a 45 anos	545	1.186	20,67	20,67
46 a 55 anos	582	766	16,10	17,96
56 e máis anos	805	524	15,87	16,31
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>100,00</b>	<b>11,04</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>29.398</b>	<b>46.441</b>	<b>11,04</b>	<b>100,00</b>

O colectivo feminino tamén representa a maioría dos demandantes non parados da provincia (61,3% fronte ao 38,7% que supoñen os homes). No conxunto de Galicia, esta desigualdade por sexos dáse nas mesmas porcentaxes que na provincia: 61,24% mulleres e 38,76% homes.

Por idades, predominan os demandantes non parados de 26 a 35 anos seguidos dos de 36 a 45 anos, tanto na provincia como na comunidade, e case nas mesmas proporcións. Na provincia o primeiro colectivo supón o 27,35% e en Galicia o 27,54%, o segundo grupo representa en ambos os dous ámbitos territoriais o 20,67%.

O cruzamento das dúas variables anteriores, sexo e idade, móstranos como tramo máis significativo o de mulleres de 26 a 35 anos (19,30% do total de demandantes non parados), seguido das de 36 a 45 anos (14,16%). Entre os homes, moito menos numerosos, o grupo máis relevante é o de maiores de 55 anos (9,61% do total de demandantes non parados). Ademais, cómpre subliñar que as mulleres teñen un maior peso relativo en todas os intervalos agás no segmento de maiores de 55 anos, no que predominan os homes.

En comparación cos datos de Galicia, obsérvase que a estrutura de idades dos demandantes non parados da provincia é bastante similar á da comunidade.



**GRÁFICO 3:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

O gráfico 3 permítenos apreciar os trazos máis significativos do conxunto de demandantes da provincia. Destaca o claro predominio do grupo de idades de 26 a 35 anos, co 28,46% do total. E, ademais, a maior cantidade de mulleres en todos os segmentos de idade, agás no de maiores de 55 anos, no que os demandantes masculinos son máis numerosos.

#### 4.3.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	5.991	3.069	9.060
Titulación de ensinanza obrigatoria	4.866	2.241	7.107
Formación profesional	1.167	584	1.751
BUP/Bacharelato superior/COU	1.655	939	2.594
Titulados universitarios	1.842	1.247	3.089
Outras titulacións	527	294	821
<b>TOTAL</b>	<b>16.048</b>	<b>8.374</b>	<b>24.422</b>

**TÁBOA 18:** Distribución dos demandantes por nivel académico.

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

O nivel académico dos demandantes da provincia é baixo; o 37,1% teñen ata o certificado de escolaridade e o 29,1% a titulación de ensinanza obrigatoria. En suma, o conxunto de demandantes que teñen como máximo o ensino obrigatorio representa o 66,2% do total. Nos parados esta última proporción sobe ao 67,65% e nos non parados descende ao 63,41%.

Entre os demandantes que teñen un nivel académico superior ao ensino obrigatorio –33,8% do total–, predominan claramente os titulados universitarios e despois os que posúen o bacharelato, tanto no caso dos parados como dos non parados.

#### 4.3.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

**TÁBOA 19:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	923	148	72	1.143
	Mulleres	984	278	228	1.490
26 a 35 anos	Homes	1.157	250	287	1.694
	Mulleres	1.545	532	889	2.966
36 a 45 anos	Homes	712	230	370	1.312
	Mulleres	937	363	992	2.292
46 a 55 anos	Homes	594	201	604	1.399
	Mulleres	462	214	805	1.481
56 e máis anos	Homes	319	195	918	1.432
	Mulleres	146	87	606	839
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>		<b>75.182</b>	<b>21.880</b>	<b>57.299</b>	<b>154.361</b>

Na provincia de Lugo predominan os demandantes parados que levan menos de seis meses en busca de emprego, situación na que están case a metade dos demandantes parados, en concreto o 48,47%. Os que levan máis dun ano buscando emprego representan o 35,96% e os que se atopan nunha situación intermedia, entre 6 meses e un ano na procura dun traballo, o 15,57%.

A distribución dos demandantes parados da provincia por tempo de busca de emprego que acabamos de describir é moi similar á do total de Galicia. Neste último ámbito territorial os demandantes parados de menos de seis meses supoñen o 48,71%, e os de longa duración un 37,12%.

Entre o colectivo feminino tenden a predominar os demandantes de longa duración a partir dos 35 anos; en cambio, no masculino esta situación prodúcese a partir dos 45 anos.

#### 4.3.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

**TÁBOA 20:** Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	440	395	835
Sector secundario	1.755	861	2.616
Construción	2.205	729	2.934
Sector servizos	9.368	4.987	14.355
Sen actividade previa	2.280	1.402	3.682
<b>TOTAL</b>	<b>16.048</b>	<b>8.374</b>	<b>24.422</b>

A maioría dos demandantes, tanto parados como non parados, proceden do sector servizos (o 58,78% do total). O segundo grupo de demandantes máis cuantioso é o daqueles que non tiñan actividade previa (15,08%), seguidos dos que proveñen do sector da construción (12,01%) e do secundario (10,71%).




GRÁFICO 4: Demandantes parados na industria.

Na industria, a maior parte dos demandantes parados proceden da alimentación (32%) e, en segundo lugar, das outras industrias (26%). Outro grupo importante ten a súa orixe no téxtil e confección e na metalurxia e fabricación de produtos metálicos, actividades que en conxunto representan o 24%.




GRÁFICO 5: Demandantes parados nos servizos.

Nos servizos, os demandantes parados proceden principalmente das administracións públicas (22%), comercio (19%), actividades inmobiliarias e de servizos empresariais (17%) e da hostalería (16%). Estas catro actividades suman o 74% dos demandantes dos servizos, mentres que as outras seis actividades unicamente representan o 26% restante.

#### 4.3.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 21: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Empregado administrativo, en xeral	2.136	8,75	8,54
Dependente de comercio, en xeral	2.047	8,38	8,99
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.805	7,39	7,52
Peón da ind. manufactureira, en xeral	920	3,77	5,08
Peón da construción de edificios	754	3,09	2,47
Albanel	707	2,89	2,42
Camareiro, en xeral	504	2,06	2,81
Conductor de camión, en xeral	460	1,88	0,91
Auxiliar de clínica	408	1,67	1,4
Cociñeiro, en xeral	403	1,65	1,66

#### 4.3.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 22: Perfil máis representativo.

	PERFIL PROVINCIAL TIPO	PERFIL COMUNIDADE TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	<b>Ata certificado de escolaridade</b>	Titulación de ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Empregado administrativo, en xeral</b>	Dependente de comercio, en xeral



## 4.4.- OFERTAS

### 4.4.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Fonsagrada	10
A Mariña Central	881
A Mariña Occidental	532
A Mariña Oriental	831
A Ulloa	47
Chantada	887
Lugo	3.720
Meira	78
Os Ancares	234
Quiroga	21
Sarria	496
Terra Chá	565
Terra de Lemos	707
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>9.009</b>

**TÁBOA 23:** Número de ofertas por comarcas da provincia.

<b>TOTAL OFERTAS COMUNIDADE:</b>	<b>82.835</b>
PROVINCIA/COMUNIDADE:	10,88

Na provincia de Lugo xestionáronse en 2004 un total de 9.009 ofertas de emprego, que representan o 10,88% das realizadas en toda Galicia.

A maior parte das ofertas provinciais agrúpanse na comarca de Lugo (41,29% do total). A unha distancia considerable sitúanse as comarcas de Chantada (co 9,85%), A Mariña Central (9,78%), A Mariña Oriental (9,22%) e Terra de Lemos (7,85%). O restante 22,01% das ofertas de emprego recollidas na provincia repártese entre as outras oito comarcas.

	Nº DE OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Fonsagrada	10	33	20	25	10
A Mariña Central	903	1.018	1.010	1.439	881
A Mariña Occidental	520	532	709	820	532
A Mariña Oriental	727	783	846	877	831
A Ulloa	16	31	70	60	47
Chantada	447	343	356	322	887
Lugo	4.193	4.270	4.533	4.295	3.720
Meira	45	31	58	98	78
Os Ancares	198	221	177	219	234
Quiroga	22	4	52	88	21
Sarria	402	564	502	507	496
Terra Chá	621	578	614	742	565
Terra de Lemos	677	575	792	724	707
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>88.819</b>	<b>83.598</b>	<b>86.949</b>	<b>87.103</b>	<b>82.835</b>

**TÁBOA 24:** Evolución das ofertas. Período 2000-2004.


No período 2000-2004 o número de ofertas de traballo da provincia de Lugo experimentou unha expansión moderada (variación media do 0,64%), mentres que no conxunto de Galicia tivo unha evolución negativa (variación media de -1,73%). Na provincia as ofertas medraron en todos os anos menos en 2004 no que decreceron; na comunidade diminuíron ao inicio e ao final do quinquenio e creceron nos anos intermedios.

A evolución das ofertas por comarcas mostra tendencias expansivas, regresivas e cara ao estancamento. Onde máis medraron foi na comarca da Ulloa; porén, este incremento supón en termos absolutos unha cantidade moi reducida (unha trintena de ofertas). Por este motivo adquire moita máis relevancia a expansión das ofertas recollidas en Chantada, a segunda comarca coa taxa de variación media positiva máis elevada, en concreto do 18,69%, onde o incremento en números absolutos se traduciu en máis de catrocentas novas ofertas.

En sentido contrario, destaca a evolución da comarca de Lugo, por ser onde máis decreceu o número de ofertas ao longo do período (variación media negativa de -2,95%). Nesta comarca, a de maior peso relativo no conxunto da provincia con moita diferenza sobre as demais, destaca a forte caída das ofertas en 2004, ano no que diminuíron nun 13,39%.

Entre as comarcas que tiveron un saldo final de estancamento practicamente (18 ofertas menos), resalta a evolución da Mariña Central. Nesta comarca, a segunda co maior volume de ofertas de emprego da provincia, rexistráronse grandes oscilacións interanuais, sobre todo ao final do período (en 2003 as ofertas medraron nun 42,48% e ao ano seguinte decreceron nun 38,78%).

**GRÁFICO 6:** Evolución do número de ofertas das comarcas da provincia.



No gráfico pódese apreciar a evolución das ofertas na comarca de Lugo fronte ao resto de comarcas agrupadas. Na de Lugo destaca a mudanza producida en 2003 dunha tendencia expansiva cara a outra regresiva. No resto de comarcas prodúcese tamén este cambio pero cun ano de atraso, en 2004. Anteriormente, durante a primeira metade do período, ambos os dous conxuntos territoriais evolucionaran en paralelo.

#### 4.4.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica


	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Fonsagrada	1	0	0	9
A Mariña Central	28	53	100	700
A Mariña Occidental	6	58	69	399
A Mariña Oriental	21	26	126	658
A Ulloa	6	0	2	39
Chantada	59	46	180	602
Lugo	65	177	558	2.915
Meira	5	0	2	71
Os Ancares	79	7	14	134
Quiroga	0	0	0	21
Sarria	34	46	36	380
Terra Chá	37	36	92	400
Terra de Lemos	50	17	88	552
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>1.262</b>	<b>7.258</b>	<b>14.336</b>	<b>58.318</b>

**TÁBOA 25:** Distribución das ofertas por comarcas segundo os sectores económicos.

Na provincia de Lugo, igual que no conxunto de Galicia, aproximadamente nove de cada dez ofertas de traballo proceden dos servizos ou da construción. Con todo, cómpre subliñar unha diferenza significativa; no caso da provincia as ofertas que teñen a súa orixe no sector terciario representan o 76,41% e as da construción o 14,07%, mentres que na comunidade os servizos teñen un peso relativo menor (71,62%) en favor da construción (17,66%).

Na comarca de Lugo concéntrase a maior parte das ofertas provinciais realizadas nos servizos (42,37%), na construción (44,04%) e no secundario (37,98%), en tanto que as do primario, menos numerosas, agrúpanse en maior medida nos Ancares, comarca que reúne o 20,2% do total de ofertas recollidas neste sector.


Por último, en canto ao resto de comarcas, cómpre destacar o volume relativamente elevado de ofertas procedentes dos servizos na Mariña Central e na Oriental, que representa en conxunto preto do 20% de total de ofertas provinciais realizadas neste sector (1.358 ofertas en números absolutos).



**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


No gráfico pódese apreciar con claridade o elevado peso relativo das ofertas de emprego da provincia de Lugo procedentes dos servizos (77%). En segundo lugar, destaca a porcentaxe das que teñen a súa orixe na construción (14%), mentres que as do primario e secundario suman unicamente o 9% restante.

**GRÁFICO 8:** Distribución porcentual das ofertas na industria.



A terceira parte das ofertas industriais proceden das outras industrias. A seguinte actividade de maior peso relativo é a da alimentación, co 25%, e despois, a certa distancia, a da metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 14%, e a da fabricación de produtos minerais non metálicos, co 13%.

**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



As ofertas nos servizos proveñen principalmente das administracións públicas (39%). A agrupación das actividades da hostalería e do comercio representan o 26%. As outras actividades terciarias teñen unha representatividade igual ou inferior ao 9%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	260	337	311	367	391
Secundario	674	578	633	569	466
Construcción	1.529	1.198	1.270	1.495	1.267
Servizos	6.318	6.868	7.522	7.781	6.880
Sen actividade	0	2	3	4	5
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>88.809</b>	<b>83.590</b>	<b>86.941</b>	<b>86.737</b>	<b>81.196</b>

**TÁBOA 26:** Evolución das ofertas por sectores económicos.


No decorrer do período 2000-2004, as ofertas medraron nos servizos e no sector primario e, por contra, decreceron no secundario e na construción.

En números absolutos o maior incremento tivo lugar nos servizos; 562 novas ofertas que supoñen unha taxa de variación media do 2,15%. O aumento tivo lugar ano tras ano, especialmente ao comezo do quinquenio, ata que en 2004 descenden nun 11,58%.

No sector primario a expansión produciuse cunha intensidade máis elevada que nos servizos (variación media do 10,74%); no entanto, este aumento en cifras absolutas traducíuse en pouco máis dun cento. As ofertas creceron ao longo de todo o período agás no ano 2002, en que diminuíron.

En sentido contrario á dinámica expansiva dos servizos e do primario, as ofertas decreceron no secundario e tamén, aínda que en menor medida, na construción (variacións medias de -8,81% e de -4,59% respectivamente). Respecto á traxectoria evolutiva destes sectores, cómpre engadir que no secundario as ofertas diminuíron en todos os anos excepto en 2002, mentres que na construción decreceron fortemente ao comezo e ao final do quinquenio e expandíronse nos anos intermedios.

#### 4.4.3.- Perfil básico das ofertas




**GRÁFICO 10:** Ofertas por sexo segundo o sector económico da provincia.

O sexo constituíu un requisito para poder ocupar un posto laboral no 11,71% das ofertas; destas, o 56,49% solicitaban homes e o 43,51% mulleres.

As proporcións de xénero varían en función do sector; no terciario pedíronse aproximadamente dúas mulleres por cada home e na construción case sempre homes. Dentro dos servizos, requírense máis mulleres na hostalería en tanto que os homes tenden a solicitarse máis no comercio e no transporte e comunicacións.

**GRÁFICO 11:** Ofertas por nivel académico da provincia.



Aproximadamente a metade das ofertas da provincia de Lugo solicitaron traballadores cun determinado nivel académico (50,92%). Na maioría das ocasións o nivel requirido foi moi baixo; así, en sete de cada dez ofertas deste tipo unicamente se esixiu estar en posesión do certificado de escolaridade e en dous de cada dez ter o ensino obrigatorio ou a formación profesional.

As ofertas dirixidas a traballadores que teñen ata certificado de escolaridade concéntranse en maior medida nos servizos, concretamente nas actividades das administracións públicas. Para os traballadores titulados en formación profesional hai un maior número de ofertas no transporte e comunicacións.

#### 4.4.4.- Análise ocupacional das ofertas

**TÁBOA 27.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	334	308	426	380	319
Axente comercial / Vendedor	600	508	413	495	287
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	82	86	180	180	208
Albanel	338	224	233	294	185
Dependente en xeral	125	87	158	150	159
Peón de albanel/Peón de obras públicas	346	211	245	294	157
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	72	65	88	110	114
Axudante de cociña	64	87	126	109	104
Auxiliar administrativo	47	49	68	71	100
Perruqueiro/a	54	34	95	102	99

As ocupacións máis ofertadas en 2004 nos centros colaboradores da provincia de Lugo foron a de camareiro-barman, axente comercial/vendedor e condutor de mercadorías/condutor de camión en xeral. Esta última ocupación experimentou ao longo do período unha forte expansión, a de maior intensi-

dade de todas as ocupacións listadas na táboa, cunha taxa de variación media do 26,2%. En sentido contrario, a de camareiro-barman e, sobre todo, a de axente comercial/vendedor seguiron unha dinámica regresiva. No primeiro caso o decrecemento foi de escasa magnitude, mentres que no segundo o descenso foi máis que notable (variación media negativa de -16,84%).

Respecto ao resto, cabe destacar o forte retroceso das ofertas de peón de albanel/peón de obras públicas e de albanel, variacións medias negativas de -17,93% e de -13,99%. Ocupacións, ademais, que xunto ás dúas citadas arriba son as únicas que manifestaron un comportamento regresivo ao longo do período 2000-2004.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	224	392	452	369	439
Traballador retén incendios forestais	113	153	125	104	243
Clasificador-repartidor correspondencia	92	38	27	47	208
Peón da ind. manufactureira, en xeral	86	122	164	630	178
Técnico de protección civil	129	181	228	186	169
Peón da construción de edificios	200	298	224	134	149
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	92	107	130	114	144
Camareiro, en xeral	62	100	132	77	119
Conductor de camiión, en xeral	67	94	118	117	116
Empregado administrativo, en xeral	85	171	173	126	109

**TÁBOA 27.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego, as ocupacións máis ofertadas en 2004 foron a de albanel, traballador retén incendios forestais, clasificador-repartidor correspondencia e peón da industria manufactureira, en xeral. Estas catro ocupacións, ademais, son as que se expandiron en maior medida ao longo do período 2000-2004; as variacións medias acadaron respectivamente os seguintes valores: 18,32%, 21,1%, 22,62% e 19,94%.

As ofertas das restantes ocupacións que aparecen na táboa tamén medraron a gran ritmo, en todo caso con variacións medias superiores ao 6%, agás a de peón da construción de edificios que, en sentido contrario á dinámica xeral, decreceu cunha variación media negativa de -7,1%, debido á caída brusca do número de ofertas en 2003.

Por último, cabe subliñar o crecemento extraordinario do número de ofertas dunha serie de ocupacións en determinados anos do período. Así aconteceu en 2001 cos empregados administrativos; en 2003 cos peóns da industria manufactureira, en xeral; e en 2004 cos traballadores retén incendios forestais e cos clasificadores-repartidores de correspondencia.

## 4.5.- CONTRATOS

### 4.5.1.- Número de contratos no ámbito provincial

**TÁBOA 28:** Número de contratos na provincia e nas comarcas. Ano 2004.

	Nº
A Fonsagrada	486
A Mariña Central	11.646
A Mariña Occidental	5.480
A Mariña Oriental	3.476
A Ulloa	1.564
Chantada	1.567
Lugo	26.832
Meira	660
Os Ancares	2.215
Quiroga	1.533
Sarria	5.217
Terra Chá	5.471
Terra de Lemos	7.137
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>733.011</b>

En 2004 asináronse un total de 73.284 contratos laborais na provincia de Lugo (o 10% dos realizados no conxunto de Galicia). Máis da metade tiveron lugar nas comarcas de Lugo e A Mariña Central, en concreto na primeira xestionouse o 36,61% da contratación e na segunda o 15,89%. Outra parte menor pero importante do volume contractual da provincia, en particular o 31,8%, concentrouse nas comarcas de Terra de Lemos, A Mariña Occidental, Terra Chá e Sarria.

**TÁBOA 29:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Fonsagrada	1.012	1.069	871	524	486
A Mariña Central	7.121	9.339	10.262	11.200	11.646
A Mariña Occidental	5.395	5.073	5.379	5.553	5.480
A Mariña Oriental	3.220	3.379	3.394	3.590	3.476
A Ulloa	1.413	1.663	1.489	1.729	1.564
Chantada	1.656	1.699	1.745	1.648	1.567
Lugo	32.679	26.937	25.281	24.637	26.832
Meira	741	762	777	564	660
Os Ancares	2.671	2.736	2.411	3.015	2.215
Quiroga	1.561	1.467	1.808	2.279	1.533
Sarria	3.783	4.700	4.710	4.980	5.217
Terra Chá	5.117	5.631	5.237	5.134	5.471
Terra de Lemos	5.344	5.299	6.292	6.599	7.137
<b>TOTAL PROVINCIA*</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>676.737</b>	<b>679.803</b>	<b>681.853</b>	<b>714.881</b>	<b>733.011</b>

No quinquenio 2000-2004 a contratación na provincia de Lugo medrou levemente (variación media do 0,54%). Este ritmo de crecemento é claramente inferior ao rexistrado en Galicia (variación media do 2,02%).

Os contratos provinciais seguiron un curso evolutivo irregular; decreceron nun 2,73% en 2001, mantivéronse practicamente estables en 2002 e mudaron

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.



cara unha tendencia expansiva nos últimos anos do período, incrementándose nun 2,6% en 2003 e na mesma proporción en 2004. No conxunto de Galicia a expansión contractual foi continua, medrando moi levemente en 2001 e 2002, en calquera caso por debaixo do 1%, e crecendo a maior ritmo no tramo final do período, en 2003 nun 4,84% e en 2004 nun 2,54%.

As comarcas experimentaron ao longo destes anos traxectorias evolutivas dispares. A máis regresiva tivo lugar na Fonsagrada (variación media negativa de -16,75%); non obstante, en termos absolutos adquire maior relevancia a diminución do volume contractual da comarca de Lugo, onde a variación media foi a segunda máis negativa da provincia, en concreto do -4,81%. O máis destacable na evolución desta última comarca, a de maior peso relativo con gran diferenza, foi o forte decrecemento da contratación en 2001, en concreto do 17,57%.

En sentido contrario, o número de contratos aumentou notablemente na Mariña Central, en Sarria e na Terra de Lemos, comarcas nas que as variacións medias foron respectivamente do 13,09%, 8,37% e 7,5%. A evolución da Mariña Central e Sarria presenta algúns trazos comúns; en ambos os dous casos a contratación aumentou de xeito continuo ao longo do quinquenio de referencia e experimentou en 2001 un incremento de gran magnitude. Na Terra de Lemos, o número de contratos decreceu levemente en 2001 e expandiuse no resto do período, especialmente en 2002.

#### 4.5.2.- Contratación provincial segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	11.268	10.732	22.000
De 26 a 35 anos	11.411	15.518	26.929
De 36 a 45 anos	6.708	7.818	14.526
De 46 a 55 anos	4.648	3.181	7.829
De 56 e máis anos	1.545	455	2.000
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>
<b>TOTAL COMUNIDADE</b>	<b>395.307</b>	<b>337.704</b>	<b>733.011</b>

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación provincial segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A contratación provincial amosa un leve desequilibrio de xénero favorable ao colectivo feminino: o 48,55% dos contratos foron asinados por homes e o 51,45% por mulleres. No conxunto da comunidade este desequilibrio foi algo maior e favoreceu aos homes, colectivo sobre o que recaeu o 53,93% do volume contractual.

A maioría da contratación concentrouse nos tramos de idades máis novos, nos menores de 36 anos, en concreto o 66,77%. Así ocorreu, ademais, tanto nos homes como nas mulleres.

Por outra banda, atendendo ás variables idades e sexo simultaneamente, o grupo que reuniu a maior parte dos contratos realizados na provincia foi o de mulleres de 26 a 35 anos, co 21,18% do total, e, en segundo lugar, o de homes da mesma idade, co 15,57%.


	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	36.543	36.299	34.572	34.842	35.580
Mulleres	35.170	33.455	35.084	36.610	37.704
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 31:** Evolución do número de contratos da provincia segundo o sexo. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 a contratación masculina decreceu moderadamente (variación media negativa de -0,67%), mentres que a feminina experimentou o proceso contrario, expandíndose cunha taxa de variación media do 1,75%.

Os contratos realizados a homes diminuíron nos primeiros anos do período e aumentaron, sen chegar a compensar as perdas, en 2003 e 2004. Os asinados por mulleres medraron ao longo de todo o quinquenio agás en 2001, no que decreceron nun 4,88%.

**GRÁFICO 12:** Evolución da distribución da contratación provincial segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



No gráfico pódense observar as diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina. Ao comezo do período a distancia entre sexos situábase en 1,42 puntos a favor dos homes; ao ano seguinte incrementouse ata os 4,08 puntos, e a partir de 2002 prodúcese un cambio de tendencia, pasando a ser o volume contractual correspondente ao colectivo feminino maior que o do masculino. Así, neste ano a diferenza entre homes e mulleres é de 0,74 puntos a favor das mulleres, en 2003 incrementábase ata os 2,48 puntos e no último ano de referencia xa é de 2,9 puntos.

**TÁBOA 32:** Evolución do número de contratos da provincia segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	23.759	23.279	21.590	21.834	22.000
De 26 a 35 anos	24.859	23.893	24.913	25.803	26.929
De 36 a 45 anos	15.266	14.338	14.840	14.918	14.526
De 46 a 55 anos	5.905	6.279	6.305	7.097	7.829
De 56 e máis anos	1.924	1.965	2.008	1.800	2.000
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

A evolución dos contratos entre 2000 e 2004 presenta unhas tendencias diferentes en función dos grupos de idades. A contratación decreceu nos menores de 26 anos e entre as persoas de 36 a 45 anos (variacións medias negativas de -1,9% e -1,23% respectivamente). En sentido contrario, o número de contratos medrou no tramo de 26 a 35 anos e, en maior medida, no de 46 a 55 anos (variacións medias do 2,02% e do 7,31%). Por último, a contratación dos maiores de 55 anos permaneceu practicamente estancada.

A evolución negativa dos menores de 26 anos débese principalmente ao comportamento da contratación en 2002, ano no que descendeu nun 7,26%. No caso do colectivo de 36 a 45 anos, o decrecemento de maior intensidade tivo lugar en 2001 e foi do 6,08%.


A evolución dos contratos no grupo de 46 a 55 anos caracterízase por un crecemento continuo de intensidade relativamente elevada ao longo de todo o período. No outro colectivo que mostra unha tendencia expansiva, o de 26 a 35 anos, a evolución contractual caracterízase por unha contracción ao comezo do período seguida nos resto do quinquenio por incrementos anuais situados ao redor do 4%.

#### 4.5.3.- Contratación provincial segundo os sectores económicos

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>2.778</b>
Agricultura e pesca	2.778
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>4.826</b>
Industria e electricidade	4.826
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>7.713</b>
Construcción	7.713
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>57.967</b>
Comercio e hostalería	14.750
Transporte e comunicacións	4.263
Outros servizos	38.954
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>73.284</b>

**TABOA 33:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.


En 2004 os servizos engloban a gran maioría dos contratos realizados na provincia de Lugo (79,1%). Dentro deste sector destacan os outros servizos, subsector que por si mesmo reúne o 53,15% do volume de contratación total da comarca. Pola súa parte, a construción e o secundario, seguintes sectores en orde de importancia, tan so representan en conxunto o 17,11%



**GRÁFICO 13:** Distribución porcentual da contratación na industria.

Na industria, aproximadamente seis de cada dez contratos concentráronse en dous tipos de actividades: nas outras industrias o 31% e na alimentación o 27%. Nun segundo plano sitúanse as actividades da metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 13%, e a de fabricación de produtos minerais non metálicos, co 12%.

**GRÁFICO 14:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Nos servizos, a maior parte da contratación recaeu na sanidade e servizos sociais, en concreto o 30%. A continuación situáronse as actividades inmobiliarias e de servizos a empresas (18%), a hostalería (13%) e o comercio (11%).

**TABOA 34:** Distribución da contratación provincial segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>2.507</b>	<b>271</b>	<b>495</b>	<b>835</b>	<b>855</b>	<b>472</b>	<b>121</b>
Agricultura e pesca	2.507	271	495	835	855	472	121
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>3.520</b>	<b>1.306</b>	<b>1.754</b>	<b>1.639</b>	<b>866</b>	<b>427</b>	<b>140</b>
Industria e electricidade	3.520	1.306	1.754	1.639	866	427	140
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>7.366</b>	<b>347</b>	<b>2.508</b>	<b>2.161</b>	<b>1.604</b>	<b>1.080</b>	<b>360</b>
Construcción	7.366	347	2.508	2.161	1.604	1.080	360
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>22.187</b>	<b>35.780</b>	<b>17.243</b>	<b>22.294</b>	<b>11.201</b>	<b>5.850</b>	<b>1.379</b>
Comercio e hostalería	5.387	9.363	6.172	4.786	2.381	1.189	222
Transporte e comunicacións	2.838	1.425	634	1.425	1.417	620	167
Outros servizos	13.962	24.992	10.437	16.083	7.403	4.041	990
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>22.000</b>	<b>26.929</b>	<b>14.526</b>	<b>7.829</b>	<b>2.000</b>

A contratación feminina concéntrase de xeito acusado no sector servizos, que recolle o 48,82% do total de contratos provinciais. Entre os subsectores terciarios destaca o dos outros servizos, co 34,1%. O segundo sector que contrata en maior medida as mulleres é o secundario, pero sitúase a moita distancia e representa unicamente o 1,78% da contratos asinados na provincia.

Pola súa banda, a contratación masculina tamén se realiza principalmente nos servizos, e supón o 30,28% do volume contractual da provincia. Destaca tamén o subsector dos outros servizos, co 19,05%. A construción, apenas relevante no caso das mulleres, é o segundo sector máis importante dentro do colectivo masculino, e representa o 10,05% da contratación total da provincia.

Por idades e sectores económicos simultaneamente, a maior parte dos contratos foron asinados polo grupo de 26 a 35 anos nos servizos (30,42% da contratación provincial) e, despois, polo de menores de 26 anos no mesmo sector (23,53%). En suma, máis da metade da do volume contractual da provincia de Lugo (53,95%) vén representado polos contratos asinados polos menores de 36 anos no sector dos servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>3.062</b>	<b>2.748</b>	<b>2.688</b>	<b>2.760</b>	<b>2.778</b>
Agricultura e pesca	3.062	2.748	2.688	2.760	2.778
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>5.862</b>	<b>5.648</b>	<b>5.165</b>	<b>4.752</b>	<b>4.826</b>
Industria e electricidade	5.862	5.648	5.165	4.752	4.826
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>7.801</b>	<b>8.105</b>	<b>7.115</b>	<b>7.608</b>	<b>7.713</b>
Construcción	7.801	8.105	7.115	7.608	7.713
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>54.988</b>	<b>53.253</b>	<b>54.688</b>	<b>56.332</b>	<b>57.967</b>
Comercio e hostalería	12.153	12.329	12.414	13.131	14.750
Transporte e comunicacións	2.051	2.443	3.505	3.738	4.263
Outros servizos	40.784	38.481	38.769	39.463	38.954
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>


**TÁBOA 35:** Evolución da contratación provincial segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No transcurso do quinquenio 2000-2004 a contratación provincial diminuíu en todos os sectores económicos menos no dos servizos. A regresión máis cuantiosa foi a do secundario, cunha variación media negativa do -4,75%, concentrándose a maior parte do decrecemento do período nos anos centrais, en 2002 e 2003. Pola súa parte, a diminución contractual no sector primario acadou unha taxa de variación media negativa de -2,4%, en tanto que na construción foi moito máis moderada, en concreto de -0,28%.

Nos servizos, como adiantamos, o número de contratos seguiu unha tendencia expansiva (variación media do 1,33%). A traxectoria evolutiva caracterízase polo crecemento continuo ao longo de todo o período agás en 2001, ano no que os contratos decreceron.

En canto aos subsectores terciarios, o maior ritmo de crecemento deuse no transporte e comunicacións (variación media do 20,07%); porén, pese a ter unha variación media do 4,96%, o número absoluto de contratos medrou algo máis no comercio e hostalería. En sentido contrario, a evolución no subsector dos outros servizos foi regresiva (variación media negativa de -1,14%).

#### 4.5.4.- Tipoloxía da contratación laboral



**GRÁFICO 15:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Un pouco máis da metade dos contratos da provincia de Lugo (52%) son temporais a tempo completo. A cuarta parte non se pode clasificar dentro dos tipos contractuais máis frecuentes e encádranse na categoría "outros", o 14% son temporais a tempo parcial e o 9% restante correspóndese co conxunto de indefinidos e os realizados en prácticas/formación.

**TÁBOA 36:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2.249	996	565	984	877	655	164
Indefinido tempo parcial	189	391	174	183	119	82	22
Temporal	22.947	15.206	11.898	13.452	7.805	4021	977
Temporal tempo parcial	3.563	6.932	3.935	3.760	1.777	755	268
Prácticas/Formación	1.603	1.120	2.048	399	146	93	37
Outros	5.029	13.059	3.380	8.151	3.802	2223	532
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>22.000</b>	<b>26.929</b>	<b>14.526</b>	<b>7829</b>	<b>2000</b>

Os contratos a tempo completo predominan en ambos os dous sexos. No colectivo masculino supoñen o 31,31% da contratación total da provincia e no feminino o 20,75%. A segunda modalidade contractual de maior peso relativo ven representada pola categoría "outros". No caso dos homes supón o 6,86% do total de contratos da provincia e no das mulleres o 17,82%.

O predominio da contratación temporal a tempo completo dáse tamén en todas as idades. O grupo de 26 a 35 anos concentra a maior parte dos contratos desta modalidade, representando o 18,36% do total de contratos asinados na provincia. Moi preto sitúanse os menores de 26 anos co 16,24% e a maior distancia os de 36 a 45 anos co 10,65%.

Por outra banda, os contratos do tipo "outros", os segundos máis importantes, tamén se reúnen en maior medida entre os 26 e 35 anos e supoñen o 11,12% do total de contratos realizados na provincia. As restantes modalidades contractuais por grupos de idades agrupan porcentaxes menores que as que acabamos de indicar.

**TÁBOA 37:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr.,Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	1.094	312	261	961	227	390	1.578
Indefinido tempo parcial	5	27	15	274	84	175	533
Temporal	1.602	3.692	6.624	9.296	3.381	13.558	26.235
Temporal tempo parcial	59	463	247	3.316	541	5.869	9.726
Prácticas/Formación	12	331	564	869	30	917	1.816
Outros	6	1	2	34	0	18.045	18.079
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.778</b>	<b>4.826</b>	<b>7.713</b>	<b>14.750</b>	<b>4.263</b>	<b>38.954</b>	<b>57.967</b>

Os contratos temporais a tempo completo presentan, ademais, unha superioridade numérica clara en todos os sectores económicos. No sector dos servizos, o de maior relevancia, representan o 35,8% do total de contratos realizados na provincia. Dentro deste sector concéntranse en gran medida na categoría dos outros servizos. Pola súa banda, os contratos temporais a tempo completo na construción e no secundario supoñen respectivamente o 9,04% e o 5,04%.

En canto ao resto de modalidades de contratación, cómpre subliñar que os indefinidos a tempo completo se realizaron fundamentalmente no subsector do comercio e a hostalería e no sector primario. Os indefinidos a tempo parcial no subsector do comercio e hostalería. E, por último, os temporais a tempo parcial, os asinados en prácticas/formación e, sobre todo, os da modalidade outros, no subsector dos outros servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	4.165	3.601	3.132	3.164	3.245
Indefinido tempo parcial	615	621	633	567	580
Temporal	34.391	36.112	33.985	35.974	38.153
Temporal tempo parcial	8.844	9.224	9.620	9.723	10.495
Prácticas/Formación	2.212	2.207	2.776	2.696	2.723
Outros	21.486	17.989	19.510	19.328	18.088
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 38:** Evolución da contratación provincial segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

A contratación temporal a tempo completo e a tempo parcial incrementa o seu volume de contratos durante o período 2000-2004 (variación media de 2,63% e 4,37%, respectivamente). Os crecementos máis importantes prodúcense no último ano en ambas modalidades (variacións interanuais de 6,06% e 7,94%), rexistrándose un só descenso en 2002 da contratación temporal a tempo completo (-5,89%).

Por outra parte tamén ascende a contratación en prácticas/formación (variación media de 5,33%), sobre todo tras o forte crecemento de 2002 que compensa as perdas do resto do quinquenio.

En cambio, nas modalidades indefinidas prodúcese un retroceso da contratación, sendo máis destacable a redución da de tempo completo (variación media de -6,05%), tras os descensos dos dous primeiros anos. Os contratos da tipoloxía "outros" tamén descenden ao longo do período (variación media de -4,21%), experimentando un só crecemento en 2002.

#### 4.5.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>205</b>	<b>5,90</b>
HOMES	77	9,28
MULLERES	128	4,10
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>13.466</b>	<b>-3,23</b>
HOMES	5.202	-0,94
MULLERES	8.264	-4,54
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>4.126</b>	<b>-0,77</b>
HOMES	1.907	-0,01
MULLERES	2.219	-1,40
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>6.259</b>	<b>1,90</b>
HOMES	1.349	0,79
MULLERES	4.910	2,22
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>18.193</b>	<b>4,41</b>
HOMES	4.397	4,13
MULLERES	13.796	4,50
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>1.524</b>	<b>0,60</b>
HOMES	1.387	1,71
MULLERES	137	-8,09
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>8.477</b>	<b>0,86</b>
HOMES	7.504	0,81
MULLERES	973	1,19
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>5.173</b>	<b>4,28</b>
HOMES	4.660	3,60
MULLERES	513	11,75
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>15.861</b>	<b>-0,99</b>
HOMES	9.046	-1,90
MULLERES	6.815	0,28
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>73.284</b>	<b>0,63</b>

**TÁBOA 39:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.



O 76,42% do volume de contratación provincial en 2004 concentrouse en catro grandes grupos de ocupación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 24,83%.
- Traballadores non cualificados: 21,64%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 18,38%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 11,57%.

Os grupos de ocupación máis significativos por xénero foron os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores non cualificados: 12,34%.</li> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 10,24%.</li> <li>• Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 8,29%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 18,83%.</li> <li>• Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 11,28%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 9,3%.</li> </ul>

A contratación feminina superou á masculina na maioría dos grandes grupos de ocupación, en particular nos cinco seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 18,83% do total da contratación fronte ao 6%.
- Empregadas de tipo administrativo: 6,7% fronte ao 1,84%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 11,28% fronte ao 7,1%.
- Técnicas e profesionais de apoio: 3,03% fronte ao 2,6%.
- Dirección de empresas e administracións públicas: 0,17% fronte ao 0,11%.

#### 4.5.6.- Ocupacións máis contratadas

**TÁBOA 40:** As dez ocupacións máis contratadas na provincia. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
27200016	Enfermeiro, en xeral	4.056	459	3.597	11,32
50200018	Camareiro, en xeral	3.257	1.399	1.858	42,95
42100010	Empregado administrativo, en xeral	3.256	640	2.616	19,66
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.221	2.706	515	84,01
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	3.098	254	2.844	8,20
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	2.859	34	2.825	1,19
21210011	Médico, medicina xeral	2.846	1.406	1.440	49,40
71100016	Albanel	2.693	2.575	118	95,62
86300016	Condutor de camiión, en xeral	2.315	2.284	31	98,66
53300010	Dependente de comercio, en xeral	2.206	432	1.774	19,58
	<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>29.807</b>	<b>12.189</b>	<b>17.618</b>	<b>40,89</b>

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100



O 40,67% da contratación da provincia concéntrase en dez ocupacións; esta porcentaxe é similar entre o colectivo masculino e o feminino. As ocupacións máis contratadas son as de enfermeiro, camareiro e empregado administrativo. No caso do colectivo masculino, as máis contratadas son as de peón da industria manufactureira, albanel e condutor de camiión, en tanto que no feminino son as de enfermeiro, muller/mozo de limpeza, limpador, e auxiliar de enfermería hospitalaria.

Dentro destas dez ocupacións hai unha propensión maior á contratación feminina que masculina, dado o ratio de masculinidade do 40,89%. As ocupacións cun ratio máis baixo e, polo tanto, con predominio claro da contratación feminina son as de auxiliar de enfermería hospitalaria, muller/mozo de limpeza, limpador e enfermeiro. Por contra, a contratación masculina é notoria nas ocupacións de condutor de camiión, albanel e peón da industria manufactureira.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
27200016	Enfermeiro, en xeral	5.470	5.005	5.283	4.715	4.056
50200018	Camareiro, en xeral	2.232	2.386	2.511	2.835	3.257
42100010	Empregado administrativo, en xeral	3.192	3.013	3.256	3.088	3.256
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.566	2.790	2.424	4.035	3.221
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	2.302	2.292	2.297	2.700	3.098
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	3.169	1.451	1.890	2.342	2.859
21210011	Médico, medicina xeral	3.715	3.769	3.685	3.564	2.846
71100016	Albanel	2.638	2.832	2.587	2.565	2.693
86300016	Condutor de camiión, en xeral	1.948	2.084	2.135	2.209	2.315
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.504	1.564	1.638	1.890	2.206
25130104	Músico instrumentista, en xeral	1.911	1.989	1.954	2.177	2.104
96020014	Peón da construción de edificios	2.130	2.250	1.799	1.631	1.645

**TÁBOA 41:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2004.

Mentres os contratos realizados na ocupación de enfermeiro descenden ao longo do quinquenio (variación media de -7,20%), as de camareiro e empregado administrativo ven aumentado o seu volume de contratos (variación media de 9,91% e 0,5%, respectivamente).

Outras ocupacións da área sanitaria como auxiliar de enfermería hospitalaria e médico de medicina xeral descenden no número de contratos. Esta situación tamén se produce para peón da industria manufactureira.

En 2004 hai dúas ocupacións que saen da lista das dez máis contratadas: músico instrumentista e peón da construción de edificios. A primeira, a pesar de aumentar a contratación neste período, non consegue entrar na lista (variación media de 2,43%), mentres que a segunda experimenta un descenso (variación media de -6,26%).

## 4.6.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

**TÁBOA 42:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional con compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% provincia/Galicia	Nº	% provincia/Galicia
Servizos ás empresas	17	8,37	1	10,00
Industrias alimentarias	53	100,00	3	100,00
Industrias da madeira e a cortiza	53	100,00	3	100,00
Sanidade	40	25,00	2	20,00
Servizos á comunidade e persoais	26	39,39	2	50,00
<b>TOTAL</b>	<b>189</b>	<b>7,45</b>	<b>11</b>	<b>6,71</b>

En relación cos cursos e alumnos de formación ocupacional con compromiso de contratación, destacan dentro da provincia os vinculados ás familias de industrias alimentarias e industrias da madeira, que representan o 28,04% cada unha delas dos alumnos da provincia.

En relación ao conxunto da Comunidade, hai que sinalar que as dúas familias anteriormente comentadas concentran a totalidade de alumnos e cursos que se dan en Galicia con compromiso de contratación.

**TÁBOA 43:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% provincia/Galicia	Nº	% provincia/Galicia
Agraria	189	15,63	12	17,14
Administración e oficinas	576	16,94	34	16,92
Artesanía	98	22,27	6	21,43
Automoción	227	34,82	14	33,33
Comercio	136	11,41	9	12,33
Docencia e investigación	57	3,85	5	8,20
Servizos ás empresas	2.241	17,25	141	17,92
Edificación e obras públicas	555	24,58	33	25,19
Formación complementaria	29	22,14	2	22,22
Fabricación de equipos electromecánicos	180	32,85	11	32,35
Industrias alimentarias	85	16,70	5	16,67
Industrias gráficas	18	38,30	1	33,33
Industria pesada e construcións metálicas	124	19,14	8	19,51
Industrias téxtiles	69	11,68	4	11,76
Industrias da madeira e a cortiza	91	17,53	6	19,35
Montaxe e instalación	133	18,42	8	20,51
Mantemento e reparación	107	25,85	6	25,00
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	53	33,76	4	40,00
Sanidade	469	23,13	27	22,31
Seguros e finanzas	134	10,06	8	10,00
Servizos á comunidade e persoais	298	13,38	18	13,33
Transportes e comunicacións	198	20,41	12	20,00
Turismo e hostalería	183	13,35	11	13,41
<b>TOTAL</b>	<b>6.250</b>	<b>17,20</b>	<b>385</b>	<b>17,91</b>

No tocante aos cursos e alumnos da formación ocupacional sen compromiso de contratación destacan os vinculados ás familias de servizos ás empresas, 35,86% dos alumnos, administración e oficinas 9,22%, edificación e obras públicas, 8,88%, e sanidade 7,5%.

Dentro do conxunto da comunidade, teñen maior peso relativo as familias de industrias gráficas, 38,3% dos alumnos da comunidade, automoción, 34,82%, produción transferencia e distribución de enerxía e auga, 33,76%, e fabricación de equipos electromecánicos, 32,85%.

## 4.7.- CONCLUSIÓNS

- No período 1999-2004, a poboación activa da provincia de Lugo permaneceu practicamente estancada. Esta evolución en función do xénero seguiu pautas diferentes. A tendencia nos homes foi cara ao decrecemento de baixa intensidade, en tanto que no das mulleres foi cara á expansión moderada. Neste anos, ademais, incrementouse a poboación ocupada, mentres que a parada diminuíu a gran ritmo.
- A taxa de paro feminino é notablemente máis elevada que a masculina, aínda que a distancia porcentual entre ambos os dous colectivos se reduce entre 1999 e 2004. As taxas de ocupación, pola súa parte, incrementáronse nos dous sexos en proporcións similares.
- O sector económico con maior número de ocupados é o dos servizos, seguido a considerable distancia polo primario. En todos os sectores, a excepción deste último, prodúcese unha expansión da poboación ocupada no período 1999-2004.
- A maioría das empresas e traballadores por conta allea ou propia da provincia de Lugo, igual que sucede a no conxunto de Galicia, agrúpase no sector dos servizos. No período 2000-2004 o número de empresas reduciuse levemente, mentres que o de traballadores por conta allea e autónomos medrou moderadamente. Por sectores, a construción e os servizos foron os únicos que experimentaron unha expansión tanto empresarial como laboral.
- En 2004 recolléronse 24.422 demandas de emprego na provincia, principalmente na comarca de Lugo e, en menor medida, na Terra de Lemos e na Terra Chá. A provincia de Lugo é a que menos demandas presenta das catro provincias galegas.
- A situación laboral maioritaria dos demandantes da provincia de Lugo, igual que os do conxunto de Galicia, é a de parado con emprego anterior, grupo que por si só representa a cincuenta e seis de cada cen demandantes, tanto na provincia como na Comunidade.
- As demandantes mulleres predominan tanto no colectivo de parados como no de non parados. Ademais, en ambos os dous casos o grupo de idades máis importante é o de 26 a 35 anos.
- A maioría dos demandantes da comarca teñen como máximo o ensino obrigatorio –sesenta e seis de cada cen–, e entre estes a maior parte posúen unicamente ata o certificado de escolaridade.
- Atendendo ao tempo de busca de emprego, o colectivo máis numeroso é o dos demandantes parados de menos de seis meses, case a metade do total. Esta situación é moi similar á producida no conxunto da comunidade.
- Os demandantes proceden principalmente do sector servizos, en particular seis de cada dez. A continuación dentro dos sectores sitúase o sector da construción e o secundario. Dentro dos servizos destacan as demandas derivadas das actividades de administracións públicas e comercio, en tanto que na industria sobresaen as de alimentación e outras industrias.
- A ocupación máis solicitada foi a de empregado administrativo, en xeral, mentres que no conxunto da comunidade foi a de dependente de comercio.
- En 2004 xestionáronse nove mil ofertas laborais en toda a provincia, a maior parte na comarca de Lugo. No transcurso do período 2000-2004 as ofertas provinciais expandíronse levemente en tanto que na comunidade decreceron.
- O 77% das ofertas procederon do sector servizos, en tanto que un 14% procederon da construción. Por sectores, as ofertas da provincia medraron nos

servizos e no primario e, en sentido contrario, diminuíron no secundario e na construción.

- As ofertas procedentes dos servizos derivaron principalmente das actividades das administracións públicas e hostalería. Na industria as principais actividades en número de demandas derivan de outras industrias e alimentación.
- Aproximadamente doce de cada cen ofertas da provincia esixiron un determinado sexo como requisito para acceder a un posto de traballo e un pouco máis da metade un determinado nivel de estudos, aínda que case sempre o único que se solicitou foi o certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores foron a de camareiro-barman e axente comercial/vendedor, en tanto que nas oficinas de emprego destacaron albanel e traballador retén de incendios forestais.
- En 2004 asináronse 73.284 contratos, o dez por cento do total de Galicia. Máis da metade tiveron lugar nas comarcas de Lugo e a Mariña central. No quinquenio 2000-2004, os contratos aumentaron levemente, en menor medida que no conxunto da comunidade.
- A contratación provincial en 2004 amosa un lixeiro desequilibrio de xénero favorable ao colectivo feminino. No total de Galicia este desequilibrio foi algo maior e favoreceu os homes. Por grupos de idades, a maioría da contratación concentrouse nas persoas máis novas, en particular sesenta e sete de cada cen contratos foron asinados por menores de 36 anos.
- A gran maioría do volume de contratación da provincia de Lugo realizouse no sector servizos, en concreto setenta e nove de cada cen; o segundo sector en importancia é o da construción. A contratación no sector servizos predomina en ambos os xéneros e en todos os intervalos de idade. A contratación descende nos sectores primario, secundario e da construción e aumenta no sector servizos.
- A maior parte dos contratos dos servizos derivaron da actividade de sanidade e servizos sociais, seguida das actividades inmobiliarias e servizos ás empresas. No que respecta á industria, destaca a maior presenza das outras industrias e alimentación.
- A modalidade contractual máis frecuente é a temporal a tempo completo, que representa cincuenta e dous de cada cen contratos. Este tipo de contratación predomina tanto nos homes como nas mulleres e realizouse principalmente no marco do subsector dos outros servizos e, en menor medida, no do comercio e hostalería.
- As modalidades de contratación temporal aumentan o seu volume ao longo do período 2000-2004, igual que sucede coas de prácticas/formación. Pola contra, descenden os contratos indefinidos e os da tipoloxía "outros".
- As tres cuartas parte do volume de contratación provincial en 2004 encadráronse nos seguintes catro grandes grupos de ocupación: traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio; traballadores non cualificados; técnicos profesionais, científicos e intelectuais, e artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería.
- As ocupacións máis contratadas foron a de enfermeiro en xeral e camareiro en xeral. A primeira foi a máis contratada dentro do colectivo feminino, en tanto que a de peón da industria manufactureira o foi para o masculino. No transcurso de 2000-2004, a primeira descende en número de contratos, aumentando a segunda ocupación comentada.


- En relación cos cursos e alumnos de formación ocupacional con compromiso de contratación, destacan dentro da provincia os vinculados ás familias de industrias alimentarias e industrias da madeira.
- No tocante aos cursos e alumnos da formación ocupacional sen compromiso de contratación, destacan os vinculados ás familias de servizos ás empresas, administración e oficinas, edificación e obras públicas, e sanidade.



**Análise do mercado  
laboral nas comarcas**

capítulo

**5**





# Comarca da Fonsagrada



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>49</b>	<b>25,52</b>	<b>992</b>	<b>68,37</b>	<b>16</b>	<b>4,48</b>
Agricultura e pesca	49	25,52	992	68,37	16	4,48
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>16</b>	<b>8,33</b>	<b>144</b>	<b>9,92</b>	<b>25</b>	<b>7,00</b>
Industria e electricidade	16	8,33	144	9,92	25	7,00
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>22</b>	<b>11,46</b>	<b>46</b>	<b>3,17</b>	<b>63</b>	<b>17,65</b>
Construcción	22	11,46	46	3,17	63	17,65
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>105</b>	<b>54,69</b>	<b>269</b>	<b>18,54</b>	<b>253</b>	<b>70,87</b>
Comercio e hostalería	55	28,65	99	6,82	167	46,78
Transporte e comunicacións	11	5,73	19	1,31	47	13,17
Outros servizos	39	20,31	151	10,41	39	10,92
<b>TOTAL</b>	<b>192</b>	<b>100,00</b>	<b>1.451</b>	<b>100,00</b>	<b>357</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca da Fonsagrada ten maior importancia o sector servizos no que atinxe ao volume de empresas e de traballadores autónomos, e o sector primario en canto a traballadores por conta allea.

En 2004 algo máis da metade das empresas, o 54,69%, concéntranse nos servizos, seguido, a unha distancia considerable, polo sector primario, que representa o 25,52%, pola construción, co 11,46% e polo sector secundario, co 8,33%. Facendo referencia aos subsectores dos servizos, a maior parte das empresas sitúanse no comercio e hostalería, que representa o 28,65%, seguido dos outros servizos, co 20,31%.

No que atinxe aos traballadores por conta allea, no sector primario é no que se aglutina a maioría deste colectivo –68,37%–; tras deles atópanse os traballadores do sector servizos –18,54%–, os do sector secundario –9,92%– e os da construción, co 3,17%. En canto aos subsectores dos servizos, os outros servizos representan o 10,41% dos traballadores por conta allea e o comercio e hostalería o 6,82%.

Os traballadores autónomos concéntranse nos servizos nunha porcentaxe moi importante –o 70,87%–. Os autónomos na construción representan o

17,65%, no sector secundario o 7% e no sector primario o 4,48%. É de salientar a forte presenza de autónomos no comercio e hostalería, que supón o 46,78%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>95</b>	<b>92</b>	<b>81</b>	<b>40</b>	<b>49</b>
Agricultura e pesca	95	92	81	40	49
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>18</b>	<b>19</b>	<b>20</b>	<b>18</b>	<b>16</b>
Industria e electricidade	18	19	20	18	16
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>22</b>	<b>25</b>	<b>21</b>	<b>21</b>	<b>22</b>
Construcción	22	25	21	21	22
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>89</b>	<b>96</b>	<b>98</b>	<b>99</b>	<b>105</b>
Comercio e hostalería	54	55	55	52	55
Transporte e comunicacións	9	9	12	9	11
Outros servizos	26	32	31	38	39
<b>TOTAL</b>	<b>224</b>	<b>232</b>	<b>220</b>	<b>178</b>	<b>192</b>

As empresas da comarca da Fonsagrada amosan unha tendencia ao retroceso no período 2000-2004 no referido ao número de empresas. Deste xeito, durante o quinquenio experimentábase unha variación media de -3,78%, tras unha evolución caracterizada polos descenso producidos nos intervalos centrais do período: entre 2001 e 2002 a variación interanual é de -5,17% e entre 2002 e 2003 é de -19,09%.

Atendendo aos sectores, obsérvase que hai desigualdade na súa evolución. Os que descenden no volume de empresas son o sector primario e o secundario. O sector primario presenta unha variación media negativa de -15,25%, tras unha traxectoria caracterizada por un único intervalo de crecemento ao final do quinquenio, e acadando o maior retroceso entre 2002 e 2003, cunha variación interanual -50,62%. O sector secundario descende no volume de empresas nos dous últimos intervalos. O sector da construción caracterízase pola estabilidade no número de empresas durante o período 2000-2004.

Por último, o sector servizos é o único que creceu –variación media do 4,22%–, tras unha evolución caracterizada polo aumento continuado do número de empresas, producíndose a maior intensidade entre 2000 e 2001 –variación interanual do 7,87%–. En canto aos subsectores, o maior crecemento dáse nos outros servizos, que presenta unha variación media do 10,67%.

TRABALLADORES					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.049</b>	<b>1.067</b>	<b>1.040</b>	<b>1.043</b>	<b>992</b>
Agricultura e pesca	1.049	1.067	1.040	1.043	992
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>128</b>	<b>173</b>	<b>173</b>	<b>158</b>	<b>144</b>
Industria e electricidade	128	173	173	158	144
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>56</b>	<b>64</b>	<b>57</b>	<b>46</b>	<b>46</b>
Construcción	56	64	57	46	46
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>222</b>	<b>222</b>	<b>235</b>	<b>264</b>	<b>269</b>
Comercio e hostalería	85	92	95	96	99
Transporte e comunicacións	19	18	20	15	19
Outros servizos	118	112	120	153	151
<b>TOTAL</b>	<b>1.455</b>	<b>1.526</b>	<b>1.505</b>	<b>1.511</b>	<b>1.451</b>

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

Da evolución dos traballadores por conta allea entre os anos 2000 e 2004 pódese dicir que experimentou un discreto retroceso. A evolución caracterízase pola alternancia dos intervalos de crecemento cos de descenso. O maior crecemento prodúcese entre 2000 e 2001 –variación interanual do 4,88%– e a baixada máis significativa entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -3,97%.

Entre os sectores que decrecen atópase a construción co maior retroceso relativo, que presenta unha variación media de -4,80%, producíndose os descensos nos dous intervalos centrais do período, co máximo descenso entre 2002 e 2003, que rexistra unha variación interanual de -19,30%. O sector primario descende (variación media de -1,39%), cunha evolución caracterizada pola descontinuidade e co maior descenso entre 2003 e 2004 (variación interanual de -4,89%).

Nos servizos prodúcese a maior subida, cunha variación media de 4,92%. Neste caso o máis salientable é o incremento producido entre 2002 e 2003, no que a variación interanual é de 12,34%. Nos demais intervalos tamén se incrementan os traballadores, a excepción do primeiro no que se produce un mantemento.

O subsector outros servizos é o que rexistra o crecemento máis evidente, cunha variación media do 6,36%, destacando a variación interanual do intervalo 2002-2003 –27,50%–. No comercio e hostalería aumentan os traballadores –variación media de 3,89%– e no transporte e comunicacións mantéñense.

AUTÓNOMOS					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>16</b>
Agricultura e pesca	13	12	14	14	16
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>20</b>	<b>25</b>	<b>21</b>	<b>25</b>	<b>25</b>
Industria e electricidade	20	25	21	25	25
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>43</b>	<b>50</b>	<b>56</b>	<b>58</b>	<b>63</b>
Construcción	43	50	56	58	63
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>209</b>	<b>219</b>	<b>233</b>	<b>239</b>	<b>253</b>
Comercio e hostalería	135	142	153	157	167
Transporte e comunicacións	42	42	44	45	47
Outros servizos	32	35	36	37	39
<b>TOTAL</b>	<b>285</b>	<b>306</b>	<b>324</b>	<b>336</b>	<b>357</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os traballadores autónomos da comarca da Fonsagrada amosan unha evolución caracterizada polo crecemento continuo no conxunto dos sectores, cunha variación media do 5,79%; cómpre salientar os incrementos producidos entre 2000 e 2001 (variación interanual do 7,37%) e entre 2003 e 2004 (variación interanual do 6,25%).

Todos os sectores incrementan o seu número de autónomos no transcurso do quinquenio. No sector primario a variación media é de 5,33%, cun único retroceso no primeiro intervalo do período. No sector secundario o crecemento determínase coa variación media do 5,74% e o único retroceso prodúcese entre 2001 e 2002.

Nos demais sectores, o aumento é continuo, producíndose variacións medias de 10,02% na construción e de 4,89% nos servizos, que é o sector que medra en maior medida en números absolutos. No referente aos subsectores, o que experimenta un maior crecemento absoluto é o comercio e hostalería, cunha variación media do 5,46%. A continuación sitúase outros servizos –variación media do 5,07%– e transporte e comunicacións, cunha variación media do 2,85%.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Fonsagrada	153	92	245
Baleira	45	19	64
Negueira de Muñiz	11	6	17
<b>TOTAL</b>	<b>209</b>	<b>117</b>	<b>326</b>

**TÁBOA 5:** Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia - PARADOS</b>	<b>1,30</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>1,40</b>

Na comarca da Fonsagrada producíronse en 2004 un total de 326 demandas de emprego. O 64,11% foron realizadas por demandantes parados e o 35,89% por demandantes non parados. En todos os concellos os demandantes parados superan aos non parados.

O concello da Fonsagrada concentra a meirande parte dos demandantes, o 75,15%, Baleira o 19,63% e Negueira de Muñiz o 5,21%.

En relación coa provincia de Lugo, o peso dos demandantes parados é do 1,30% e o dos non parados do 1,40%.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	231	229	201	183	209
Variación interanual %	-	-0,87	-12,23	-8,96	14,21
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>1,55</b>	<b>1,60</b>	<b>1,29</b>	<b>1,11</b>	<b>1,30</b>

**TÁBOA 6:** Evolución dos demandantes parados.

A evolución dos demandantes parados da comarca caracterízase pola diminución no seu volume durante o período 2000-2004, producíndose descensos en todos os intervalos excepto entre 2003 e 2004, no que aumentan, presentando unha variación interanual do 14,21%.

A comarca perde peso relativo respecto á provincia en canto aos demandantes parados ao longo do período; esta perda reflíctese en 0,25 puntos porcentuais.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	32	9,82	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	177	54,29	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	13	3,99	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	45	13,80	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	14	4,29	4,66
	En expediente de regulación de emprego	11	3,37	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	18	5,52	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	16	4,91	2,99
	Resto de demandantes	0	0,00	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>326</b>	<b>100,00</b>

A maioría dos demandantes de emprego da comarca son parados con emprego anterior; en concreto, o 54,29%. A continuación, a unha considerable distancia, sitúanse os nos parados con emprego anterior –13,80%– e os parados sen emprego anterior, que representan o 9,82%.

En relación coa provincia de Lugo, é de salientar a semellanza dos datos. Os colectivos máis representativos son os comentados con anterioridade.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	19	22	19,62	16,41
26 a 35 anos	20	35	26,32	29,04
36 a 45 anos	29	33	29,67	22,46
46 a 55 anos	16	10	12,44	17,95
56 e máis anos	20	5	11,96	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>104</b>	<b>105</b>	<b>100,00</b>	<b>1,30</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>1,30</b>	<b>100,00</b>

A porcentaxe de demandantes segundo sexos na comarca é bastante igualada, xa que as mulleres representan o 50,24%, fronte ao 49,76% dos homes. No conxunto da provincia este desequilibrio é máis manifesto, pois as mulleres supoñen o 56,51% e os homes o 43,49%.

Cruzando sexo e idade, a maior porcentaxe de demandantes parados prodúcese entre as mulleres de 26 a 35 anos –16,75% do total de demandantes parados–, seguidas das mulleres de 36 a 45 anos, que representan o 15,79%, e dos homes de 36 a 45 anos, co 13,88%.

O grupo de idade con maior volume de demandantes parados é o de 36 a 45 anos –29,67%–, seguido do de 26 a 35 anos, co 26,32%. Por outra parte, mentres na comarca a proporción de demandantes parados maiores de 45 anos é do 24,4%, na provincia ascende ata o 32,1%.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	5	25	25,64	20,01
26 a 35 anos	14	14	23,93	27,35
36 a 45 anos	11	23	29,06	20,67
46 a 55 anos	8	5	11,11	16,10
56 e máis anos	9	X	10,26	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>47</b>	<b>70</b>	<b>100,00</b>	<b>1,40</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>1,40</b>	<b>100,00</b>

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Nos demandantes non parados, as mulleres predominan sobre os homes –59,83% fronte ao 40,17%–. Este perfil feminizado é similar ao provincial, onde o colectivo feminino supón o 61,30% dos demandantes non parados e o masculino o 38,70%.

A maior parte dos demandantes non parados son mulleres menores de 26 anos –21,37%–, situándose a continuación as mulleres de 36 a 45 anos –19,66%– e os homes e mulleres de 26 a 35 anos, ambos grupos co 11,97%.

Igual que sucedía cos demandantes parados, nos non parados a proporción de maiores de 45 anos é menor na comarca que na provincia; 21,37% fronte ao 31,97%.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior obsérvase que o grupo de idade dos demandantes, parados e non parados, con maior peso porcentual é o de 36 a 45 anos, seguidos dos de 26 a 35 anos. Nos tres primeiros segmentos de idade predominan as mulleres sobre os homes, para acontecer á inversa nos dous restantes. Porén, no conxunto dos demandantes hai un predominio do colectivo feminino.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	83	40	123
Titulación de ensinanza obrigatoria	76	30	106
Formación profesional	12	5	17
BUP/Bacharelato superior/COU	12	21	33
Titulados universitarios	18	18	36
Outras titulacións	8	X	11
<b>TOTAL</b>	<b>209</b>	<b>X</b>	<b>326</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo o nivel académico, obsérvase que a maioría dos demandantes teñen certificado de escolaridade ou titulación de ensinanza obrigatoria, supoñendo os primeiros o 37,73% do total e o segundo colectivo o 32,52%. Séguenlle os que teñen titulación universitaria (11,04%) e os que teñen estudos de BUP/bacharelato superior/COU (10,12%).

Tanto nos demandantes parados como nos non parados predominan os que teñen ata certificado de escolaridade. Os demandantes parados con certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria suman o 76,07% e os non parados con estes mesmos estudos o 59,83%. É destacable que dentro dos demandantes non parados hai unha maior presenza relativa dos que contan con bacharelato (17,94%) e titulación universitaria (15,38%).

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	16	X	X	19
	Mulleres	12	6	4	22
26 a 35 anos	Homes	14	5	X	20
	Mulleres	17	9	9	35
36 a 45 anos	Homes	12	7	10	29
	Mulleres	8	12	13	33
46 a 55 anos	Homes	9	X	5	16
	Mulleres	X	X	7	10
Máis de 55 anos	Homes	5	X	14	20
	Mulleres	X	4	0	5
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>95</b>	<b>49</b>	<b>65</b>	<b>209</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

Na comarca da Fonsagrada o 45,45% dos demandantes parados levan menos de seis meses á procura dun emprego. A continuación sitúanse os que levan máis dun ano, o 31,10%. No ámbito provincial tamén predominan os parados de curta duración, situándose 3,02 puntos porcentuais por riba da comarca. En canto aos parados de máis de 1 ano, a provincia supera á comarca en 4,86 puntos porcentuais.



Entre os demandantes parados de menos de seis meses, a presenza porcentual feminina é máis baixa cá masculina –26,8% fronte ao 18,65%–. Entre os de longa duración, ambos os colectivos iguálanse, 15,31% e 15,79% respectivamente.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	20	15	35
Sector secundario	36	13	49
Construción	30	X	32
Sector servizos	91	66	157
Sen actividade previa	32	21	53
<b>TOTAL</b>	<b>209</b>	<b>X</b>	<b>326</b>

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo aos sectores económicos de procedencia, o 48,16% dos demandantes, sexan ou non parados, proceden do sector servizos. Tendo en conta estes dous tipos individualmente, a porcentaxe de demandantes parados no sector é do 43,54%, e a dos non parados ascende ao 56,41%.

A continuación sitúanse, no colectivo dos parados, os demandantes do sector secundario, que representan o 17,22%, e no caso dos non parados o 11,11%.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Dentro da industria, a maior parte dos demandantes parados proceden do téxtil e confección. A unha distancia considerable sitúanse as outras industrias, cunha porcentaxe do 25%.

**GRÁFICO 3:** Demandantes parados nos servizos.



A actividade que, no marco dos servizos, agrupa a meirande parte dos demandantes parados é a derivada das administracións públicas, co 32%. En segundo lugar en orde de importancia atópase a de hostalería, que supón o 17%, seguida das actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas, co 14%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

**TÁBOA 12:** Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	28	8,59	7,40
Empregado administrativo, en xeral	17	5,21	8,75
Traballador retén incendios forestais	16	4,91	0,73
Dependente de comercio, en xeral	15	4,60	8,39
Peón da ind. manufactureira, en xeral	15	4,60	3,77
Albanel	11	3,37	2,90
Traballador forestal, en xeral	11	3,37	0,38
Conductor de camión, en xeral	10	3,07	1,89
Operador de máquina ind. de coser e bordar, en xeral	7	2,15	0,11
Auxiliar de clínica	7	2,15	1,67

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

**TÁBOA 13:** Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	<b>De 36 a 45 anos</b>	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Muller/mozo limpeza, limpador en xeral</b>	Empregado administrativo, en xeral

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Fonsagrada	5
Baleira	4
Negueira de Muñiz	1
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>10</b>

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	0,11

Na comarca da Fonsagrada tan só se producen 10 ofertas de emprego no ano 2004, que representan o 0,11% das realizadas na provincia de Lugo. A metade destas ofertas prodúcense no concello da Fonsagrada, catro en Baleira e unha en Negueira de Muñiz.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Fonsagrada	3	14	20	21	5
Baleira	7	19	0	4	4
Negueira de Muñiz	0	0	0	0	1
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>10</b>	<b>33</b>	<b>20</b>	<b>25</b>	<b>10</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

No conxunto do período 2000-2004, a comarca da Fonsagrada mantén o número de ofertas, producíndose un crecemento significativo entre 2000 e 2001, para posteriormente perder ofertas (cunha recuperación entre 2002 e 2003) ata chegar aos niveles do inicio do quinquenio. Na provincia, o incremento das ofertas é continuado ata que entre 2003 e 2004 se produce o único retroceso, cunha variación interanual de -11,81%; como resultado desta evolución, obtense unha variación media final de 0,64%.

Analizando os concellos de xeito individual, obsérvase que a Fonsagrada experimenta aumento do volume de ofertas nos intervalos centrais do período para descender ata un valor similar ao producido no inicio. O concello de Baleira caracterízase pola perda de ofertas.

### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Fonsagrada	0	0	0	5
Baleira	1	0	0	3
Negueira de Muñiz	0	0	0	1
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>9</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

As ofertas producidas no concello da Fonsagrada representan algo máis da metade das pertencentes ao sector servizos. Baleira ten a única do sector primario e a terceira parte das procedentes dos servizos. En Negueira de Muñiz só se produce unha oferta nos servizos.

Das dez ofertas producidas na comarca, nove derivan do sector servizos e só unha do sector primario.

A maioría das ofertas nos servizos proceden das administracións públicas.

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	0	3	8	5	1
Secundario	0	6	5	0	0
Construción	0	4	1	8	0
Servizos	10	20	6	12	9
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>10</b>	<b>33</b>	<b>20</b>	<b>25</b>	<b>10</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

O sector máis importante en canto ao número de ofertas é o dos servizos, que descende lixeiramente o número de estas respecto do inicio do quinquenio. A súa evolución caracterízase pola alternancia de aumentos e retrocesos nas ofertas, sendo o máis significativo o aumento producido entre 2000 e 2001.

En canto aos demais sectores, o máis destacable é a aparición de ofertas só nos intervalos medios do período, para, despois, reducirse totalmente no caso do sector secundario e da construción e ata un valor marxinal no sector primario.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Do total das dez ofertas xestionadas polo servizo público de emprego, tres especifican o sexo á hora de acceder a un posto de traballo; trátase, na súa totalidade, de homes.

En ningunha das ofertas de emprego comarcais se demanda un determinado nivel académico.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Almacenista / Mozo de almacén	0	0	0	0	2
Peón industrial	0	0	0	0	2
Gandeiro de vacún	0	0	0	0	1
Auxiliar administrativo	0	0	0	0	1
Peón de albanel/Peón de obras públicas	0	0	0	0	1
Lcdo. en economía	0	0	0	0	1
Enx. técnico agrícola - Explotacións agropecuarias	0	0	0	0	1
Perruqueiro/a	0	0	0	0	1

**TÁBOA 18:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

No ano 2004, nos centros colaboradores do servizo público de emprego da Fonsagrada, as ocupacións máis ofertadas son a de almacenista/mozo de almacén e peón industrial.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
A Fonsagrada	343
Baleira	111
Negueira de Muñiz	32
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>486</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

Na comarca da Fonsagrada realizáronse no ano 2004 un total de 486 contratos, o que representa o 0,66% dos asinados na provincia de Lugo. A maior parte destes contratos, o 70,58%, asínanse no concello da Fonsagrada. Séguelle o concello de Baleira, co 22,84%, e o de Negueira de Muñiz, co 6,58%.

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Fonsagrada	852	911	676	359	343
Baleira	127	127	162	125	111
Negueira de Muñiz	33	31	33	40	32
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>1.012</b>	<b>1.069</b>	<b>871</b>	<b>524</b>	<b>486</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

A contratación comarcal amosa unha tendencia decrecente no transcurso do período 2000-2004, presentando unha variación media de -16,75%. A súa evolución está caracterizada polos descenso continuados desde 2001, acadando o máximo retroceso entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -39,84%. Porén, a provincia ascende lixeiramente no quinquenio –variación media do 0,54%–, con retrocesos na contratación producidos nos dous primeiros intervalos do período.

Todos os concellos que compoñen a comarca retroceden no referido ao volume de contratación. O concello que o fai en maior medida é o da Fonsagrada, que obtén unha variación media de -20,34%. Neste caso os contratos só aumentan entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 6,92%. Nos anos restantes obsérvase unha diminución continua, especialmente no intervalo 2002-2003, no que se rexistra unha variación interanual de -46,89%.

No concello de Baleira, a redución reflíctese na variación media de -3,31%. Os descenso prodúcense entre 2002 e 2003, presentando unha variación interanual de -22,84%, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -11,20%.

No que atinxe á concello de Negueira de Muñiz, os descenso prodúcense no primeiro e no último intervalo do quinquenio, dando como resultado un leve retroceso –mantemento máis ben–, definido pola variación media de -0,77%.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

#### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	91	26	117
De 26 a 35 anos	71	50	121
De 36 a 45 anos	98	43	141
De 46 a 55 anos	63	13	76
De 56 e máis anos	30	X	31
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>353</b>	<b>X</b>	<b>486</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución de contratos segundo o sexo presenta datos desiguais; así, o 72,63% dos contratos realízanse a homes e o 27,37% a mulleres. No ámbito provincial a tendencia é á igualdade, correspondendo o 48,55% dos contratos a homes e o 51,45% a mulleres.


A contratación masculina incide, principalmente, nos maiores de 36 anos, onde se concentra o 39,29% dos contratos. Pola contra, a contratación feminina faise máis evidente nas menores de 36 anos, co 15,64% da contratación total.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	657	729	539	401	353
Mulleres	355	340	332	123	133
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.012</b>	<b>1.069</b>	<b>871</b>	<b>524</b>	<b>486</b>

**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución da contratación segundo o sexo reflicte unha tendencia negativa tanto para o colectivo masculino como para o feminino. O descenso máis acusado experimentáno as mulleres, cunha variación media de -21,76%, tras un quinquenio caracterizado polos descensos continuados ata 2004, ano no que se produce unha recuperación. Neste sentido, o maior retroceso obsérvase entre 2002 e 2003, onde a variación interanual é de -62,95%.

No que atinxe aos homes, o descenso na súa contratación reflíctese na variación media de -14,38%. A evolución caracterízase pola presenza dun único intervalo de crecemento entre 2000 e 2001 –variación interanual do 10,96%–, para, posteriormente, decrecer con continuidade; o maior retroceso prodúcese entre 2001 e 2002, período no que a variación interanual é de -26,06%.



**GRÁFICO 4:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

Neste gráfico reflíctense as diferenzas na contratación masculina e feminina, podéndose observar que a distancia porcentual que había entre ambas en 2000 era de 29,84 puntos porcentuais, incrementándose a 45,26 puntos en 2004.

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	225	319	216	110	117
De 26 a 35 anos	310	270	273	158	121
De 36 a 45 anos	304	257	197	148	141
De 46 a 55 anos	132	156	135	87	76
De 56 e máis anos	41	67	50	21	31
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.012</b>	<b>1.069</b>	<b>871</b>	<b>524</b>	<b>486</b>

A contratación comarcal redúcese para todos os grupos de idade, producíndose o maior retroceso no grupo de 26 a 35 anos (variación media de -20,96%). Na súa evolución obsérvanse descensos en todos os intervalos excepto entre 2001 e 2002. O maior retroceso dáse entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -42,12%.

Tras un descenso continuado, a contratación do grupo de idade de 36 a 45 anos experimenta unha variación media de -17,47%, coa baixada máis importante entre 2002 e 2003 (variación interanual de -24,87%). No grupo dos menores de 26 anos e nos maiores de 55 anos, os contratos redúcense nos intervalos centrais do período, resultando unhas variacións medias finais de -15,08% e -6,75% respectivamente. Os de 46 a 55 anos só aumentan o número de contratos entre 2000 e 2001 para, posteriormente, decrecer, presentando unha variación media de -12,89%.

### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>52</b>
Agricultura e pesca	52
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>94</b>
Industria e electricidade	94
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>69</b>
Construción	69
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>271</b>
Comercio e hostalería	50
Transporte e comunicacións	37
Outros servizos	184
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>486</b>

No ano 2004 o sector servizos concentra a meirande parte dos contratos asinados na comarca da Fonsagrada, o 55,76%. Dentro deste sector destaca o subsector outros servizos, co 37,86%, e o comercio e hostalería, co 10,29%.

O segundo sector en importancia é o secundario, que representa o 19,34% da contratación; séguelle a construción co 14,20% e pecha a lista o sector primario, co 10,70%.






GRÁFICO 5: Distribución porcentual da contratación na industria.

Practicamente a metade da contratación da industria sitúase nas outras industrias, co 49%. A unha distancia importante atópase a fabricación de produtos minerais non metálicos, que supón o 26%, e a madeira co 14%.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

Os contratos producidos no sector servizos concéntranse, na súa maioría, nas administracións públicas –34%–, seguido dos servizos á comunidade –17%– e o transporte e comunicacións, co 14%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>45</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>11</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>8</b>
Agricultura e pesca	45	7	8	11	15	10	8
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>79</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>22</b>	<b>39</b>	<b>5</b>	<b>X</b>
Industria e electricidade	79	15	25	22	39	5	X
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>68</b>	<b>X</b>	<b>26</b>	<b>11</b>	<b>15</b>	<b>11</b>	<b>6</b>
Construción	68	X	26	11	15	11	6
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>161</b>	<b>110</b>	<b>X</b>	<b>77</b>	<b>72</b>	<b>X</b>	<b>X</b>
Comercio e hostalería	21	29	23	16	10	X	0
Transporte e comunicacións	23	14	X	6	14	12	X
Outros servizos	117	67	33	55	48	37	11
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>353</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>121</b>	<b>141</b>	<b>X</b>	<b>31</b>

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

O 33,13% dos contratos realízanse entre os homes no sector servizos, destacando pola súa maior presenza o subsector outros servizos, que representa o 24,07%. O seguinte sector en importancia é o secundario, co 16,26% dos contratos.

No relativo ás mulleres, a maioría dos contratos tamén se centran nos servizos –22,63% da contratación total–, destacando, así mesmo, o subsector outros servizos, co 13,79% da contratación. O sector secundario é o que se sitúa a continuación, co 3,09%.

Analizando a distribución por idade, obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os grupos de idade, seguido pola construción nos menores de 26 anos, nos de 46 a 55 anos e nos maiores de 55 anos; nas demais categorías de idade, o segundo sector en importancia é o sector secundario. No que atinxe aos subsectores, os outros servizos é o máis representativo en todas as idades.

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>154</b>	<b>209</b>	<b>104</b>	<b>105</b>	<b>52</b>
Agricultura e pesca	154	209	104	105	52
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>169</b>	<b>192</b>	<b>108</b>	<b>88</b>	<b>94</b>
Industria e electricidade	169	192	108	88	94
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>62</b>	<b>65</b>	<b>50</b>	<b>70</b>	<b>69</b>
Construción	62	65	50	70	69
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>627</b>	<b>603</b>	<b>609</b>	<b>261</b>	<b>271</b>
Comercio e hostalería	57	61	52	37	50
Transporte e comunicacións	19	20	35	34	37
Outros servizos	551	522	522	190	184
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.012</b>	<b>1.069</b>	<b>871</b>	<b>524</b>	<b>486</b>


A evolución da contratación segundo sectores caracterízase polo descenso en cada un deles agás na construción, que alterna os intervalos de crecemento cos de retroceso durante o quinquenio 2000-2004, obtendo unha variación media para todo o período do 2,71%.

O maior descenso absoluto experimentao o sector servizos, cunha evolución fortemente definida polo descenso sufrido entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -57,14%. A súa variación media para o período é de -18,92%. En canto aos subsectores dos servizos, os outros servizos e o comercio e hostalería presentan un descenso da contratación (variación media de -23,98% e -3,22% respectivamente). O transporte e comunicacións incrementa o número de contratos.

No sector primario o descenso dos contratos reflíctese na variación media de -23,77%, con dous intervalos de grande retroceso: entre 2001 e 2002, onde a variación interanual é de -50,24%, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -50,48%.

No sector secundario as contratacións redúcense, obtendo unha variación media negativa de -13,64%. Neste caso, os contratos diminúen de xeito considerable entre 2001 e 2002 (variación interanual de -43,75%) e entre 2002 e 2003 (variación interanual de -18,52%).

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral



**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Segundo a tipoloxía de contratación, na comarca da Fonsagrada predominan os contratos temporais a tempo completo, os cales significan o 72%. A contratación temporal a tempo parcial representa o 10%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	18	5	X	7	8	5	0
Indefinido tempo parcial	X	X	0	X	X	0	0
Temporal	258	86	83	80	99	52	30
Temporal tempo parcial	27	24	7	17	15	12	0
Prácticas/Formación	14	X	16	X	0	0	0
Outros	35	14	8	15	18	7	X
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>133</b>	<b>X</b>	<b>121</b>	<b>X</b>	<b>76</b>	<b>X</b>

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, a tipoloxía de contratación predominante é a temporal a tempo completo, sendo, así mesmo, a máis común para todos os grupos de idade. Todas as formas de contratación son maioritarias nos homes, agás os indefinidos a tempo parcial, que se igualan para ambos os colectivos.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que ten un maior peso en todos os grupos de idade, acadando o volume máis elevado nos de 36 a 45 anos, co 20,37% do total dos contratos. A contratación temporal a tempo parcial é a segunda modalidade máis frecuente, incidindo especialmente no grupo de idade de 26 a 35 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	5	9	X	4	X	X	7
Indefinido tempo parcial	0	0	0	X	X	0	X
Temporal	46	73	61	28	23	113	164
Temporal tempo parcial	X	9	0	10	12	19	41
Prácticas/Formación	0	X	6	7	0	X	8
Outros	0	0	0	0	0	49	49
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>37</b>	<b>184</b>	<b>X</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as fórmulas de contratación se agrupan, maioritariamente, no sector servizos, agás os indefinidos a tempo completo, que o fan no sector secundario. En canto aos subsectores, os outros servizos aglutinan a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, en concreto o 23,25%, seguido, a distancia, polo comercio e hostalería, co 5,76%. Os contratos temporais a tempo parcial inciden especialmente nos outros servizos.

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	50	86	38	9	23
Indefinido tempo parcial	11	X	9	5	X
Temporal	551	578	385	391	344
Temporal tempo parcial	51	71	67	69	51
Prácticas/Formación	17	15	12	12	17
Outros	332	316	360	38	49
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.012</b>	<b>X</b>	<b>871</b>	<b>524</b>	<b>X</b>

En todas as modalidades de contratación prodúcese un descenso no volume, agás nos temporais a tempo parcial e nos contratos en prácticas formación, que se caracterizan pola estabilidade.

A contratación temporal a tempo completo experimenta durante o quinquenio unha variación media de -11,11%, con retrocesos significativos entre 2001 e 2002 (variación interanual de -33,39%), e entre 2003 e 2004 (variación interanual de -12,02%). Os indefinidos a tempo completo e a tempo parcial obteñen descensos reflectidos nas variacións medias respectivas de -17,65% e -34,70%.

#### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>-15,91</b>
HOMES	X	-15,91
MULLERES	0	
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>67</b>	<b>-31,82</b>
HOMES	44	-21,18
MULLERES	23	-41,47
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>X</b>	<b>-36,75</b>
HOMES	X	-30,69
MULLERES	X	-46,27
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>50</b>	<b>-1,45</b>
HOMES	11	-10,31
MULLERES	39	2,02
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>58</b>	<b>-6,22</b>
HOMES	21	8,78
MULLERES	37	-11,38
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>X</b>	<b>-28,14</b>
HOMES	X	-29,29
MULLERES	X	0,00
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>68</b>	<b>0,75</b>
HOMES	68	2,75
MULLERES	0	-100,00
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>X</b>	<b>-14,77</b>
HOMES	X	-14,70
MULLERES	X	-15,91
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>188</b>	<b>-15,23</b>
HOMES	158	-16,37
MULLERES	30	-7,51
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>486</b>	<b>-16,75</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>353</b>	<b>-14,38</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>133</b>	<b>-21,76</b>

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca da Fonsagrada son os seguintes:

- Traballadores non cualificados: 38,68%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 13,99%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 13,79%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 11,93%.

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores non cualificados: 32,51%.</li> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 13,99%.</li> <li>• Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 9,05%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregadas de tipo administrativo: 8,02%.</li> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio: 7,61%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 6,17%.</li> </ul>

Só en dous grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, son os seguintes:

- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos representan un 8,02% do total, fronte ao 2,26% dos masculinos.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supón un 7,61%, fronte ao 4,32% da masculina.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	58	52	6	89,66
94400012	Peón forestal	38	32	6	84,21
71100016	Albanel	33	33	0	100,00
25130104	Músico instrumentista, en xeral	32	27	5	84,38
96020014	Peón da construción de edificios	25	25	0	100,00
95000015	Peón de exterior de minas e canteiras	X	21	X	95,45
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	21	8	13	38,10
42100010	Empregado administrativo, en xeral	X	X	11	15,38
86300016	Condutor de camión, en xeral	12	12	0	100,00
71200017	Encofrador	11	11	0	100,00
	<b>TOTAL</b>	<b>265</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>84,15</b>

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

Do total dos contratos realizados na comarca da Fonsagrada en 2004, o 54,53% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas.

A ocupación máis contratada foi a de peón da industria manufactureira, seguida da de peón forestal e albanel. Neste sentido, xorden diferenzas entre homes e mulleres, posto que nos primeiros a ocupación cun maior volume de contratación é a de peón da industria manufactureira, seguida pola de albanel. En cambio, as mulleres asinan máis contratos como clasificadora-repartidora de correspondencia e empregada administrativa.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade, que é do 84,15%. Por alto nivel de contratación masculina, destacan as de albanel, peón da construción de edificios, condutor de camiión e encofrador. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as contratacións de empregada administrativa e clasificadora-repartidora de correspondencia.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	40	53	31	71	58
94400012	Peón forestal	133	180	87	88	38
71100016	Albanel	31	45	31	39	33
25130104	Músico instrumentista, en xeral	28	32	30	34	32
96020014	Peón da construción de edificios	24	39	21	17	25
95000015	Peón de exterior de minas e canteiras	87	87	38	32	22
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	27	21	16	18	21
42100010	Empregado administrativo, en xeral	23	29	39	13	13
86300016	Condutor de camiión, en xeral	26	26	22	31	12
71200017	Encofrador	0	0	X	0	11
62410045	Motoserrista forestal	9	22	14	15	9
21210011	Médico, medicina xeral	109	63	89	0	X
83630013	Operador de máquina ind. de coser e bordar, en xeral	0	41	16	0	0
51290012	Celador de centro sanitario	23	22	38	0	0
27200016	Enfermeiro, en xeral	151	174	188	0	0

En canto á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004, obsérvase que cinco delas non constan en 2004; trátase de encofrador, motoserrista forestal, médico, operador de máquina industrial de coser e bordar, celador de centro sanitario e enfermeiro. Nas tres últimas ocupacións non se producen contratos en 2003 e 2004; motoserrista forestal mantén o nivel do inicio do quinquenio e médico presenta un descenso da contratación. A única que experimenta un crecemento da contratación é a ocupación de encofrador.

Dentro das ocupacións máis contratadas, o maior crecemento no volume de contratos prodúcese na ocupación de peón da industria manufactureira –variación media do 9,73%–; pola contra, o maior descenso relativo dáse na ocupación de peón exterior de minas e canteiras, que presenta unha variación media de -29,09%, debido ao descenso producido entre 2001 e 2002, sendo tamén destacable o forte decrecemento en peón forestal, variación media de -26,89%.

## **5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL**


Na comarca da Fonsagrada participan 15 alumnos en formación profesional ocupacional, o que significa o 0,23% do total provincial. Impártese un único curso pertencente á familia de Sanidade, o que representa o 3,45% dos cursos desta familia impartidos na provincia.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- No sector servizos agrúpanse a maioría das empresas e dos traballadores autónomos, mentres que os traballadores por conta allea predominan no sector primario.
- Entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un descenso do volume de empresas e de traballadores por conta allea na comarca, mentres que os traballadores autónomos incrementan o seu número.
- O sector servizos rexistra un crecemento tanto no número de empresas como de traballadores por conta allea e de autónomos. O sector primario só aumenta no referido ao número de autónomos, mentres que o secundario faino no número de traballadores por conta allea e autónomos. A construción mantén o seu número de empresas, descende nos traballadores por conta allea, e aumenta o volume de autónomos.
- A comarca da Fonsagrada concentra o 1,30% das demandas de traballadores parados producidas na provincia de Lugo e o 1,40% das demandas dos non parados. O concello comarcal con maior volume de demandantes é A Fonsagrada.
- As mulleres igualan aos homes nos demandantes parados, mentres que os superan no ámbito provincial. As demandantes non paradas superan aos homes. O grupo de idade máis significativo para os demandantes é o de 36 a 45 anos.
- Máis de cinco de cada dez demandantes da comarca son parados con emprego anterior, seguidos, a unha distancia importante, polos non parados con emprego anterior, tal como acontece na provincia de Lugo de xeito agregado.
- En relación co nivel académico, o máis común é o certificado de escolaridade, seguido da titulación de ensinanza obrigatoria, supoñendo ambos os grupos o 70,25% do total dos demandantes.
- Os demandantes parados, na maior parte, levan buscando emprego menos de seis meses.
- Case cinco de cada dez demandantes comarcais proceden do sector servizos, onde destacan as actividades derivadas das administracións públicas. No que atinxe á industria, a actividade con maior presenza é a de téxtil e confección.
- A ocupación máis demandada na comarca é a de muller/mozo de limpeza, mentres que na provincia é a de empregado administrativo en xeral.
- A comarca da Fonsagrada rexistra en 2004 tan só 10 ofertas de emprego, o que supón o 0,11% das ofertas na provincia de Lugo. Destaca, en canto ao volume de ofertas, o concello da Fonsagrada. No período 2000-2004, a comarca mantén o número de ofertas. A maioría das ofertas de emprego proceden do sector servizos; en concreto, da administración pública.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego son almacenista/mozo de almacén e peón industrial.
- Na comarca da Fonsagrada realizáronse, no ano 2004, o 0,66% dos contratos da provincia de Lugo. Sete de cada dez contratos asináronse no concello da Fonsagrada. A tendencia da contratación no transcurso do quinquenio é descendente, marcada pola diminución no concello da Fonsagrada.
- Ao contrario do que acontece na provincia, a contratación masculina predomina sobre a feminina. Tanto o colectivo masculino como o feminino experimentan unha evolución negativa no que a número de contratos se refire.
- Os contratos concéntranse entre os traballadores de 36 a 45 anos, seguidos dos de 26 a 35 anos, tendendo a descender a contratación segundo aumenta a idade a partir dos 45 anos.



- Algo máis de metade dos contratos rexístranse no sector servizos, destacando os dos outros servizos. O segundo sector en importancia é o secundario, e a actividade máis significativa deste correspóndese coa das outras industrias.
- Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, a maioría dos contratos concéntranse no sector servizos, sector que é o predominante en todos os grupos de idade. O sector da construción é o único no que se incrementa o volume de contratación.
- Algo máis de sete de cada dez contratos son temporais a tempo completo e un de cada dez é temporal a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina en todos os sectores produtivos, idades e en ambos os sexos. Todas as formas de contratación son maioritarias nos homes, agás os indefinidos a tempo parcial, que se igualan para os dous sexos.
- Para o colectivo masculino o grupo de ocupación máis contratado é o dos traballadores non cualificados, seguidos polos artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería. Para o colectivo feminino, o grupo máis numeroso é o de empregadas de tipo administrativo, seguidas polas traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio.
- As ocupacións máis contratadas foron a de peón da industria manufactureira, seguida da de peón forestal e albanel. Entre os homes, son estas tres as que predominan, mentres que para as mulleres son clasificadora-repartidora de correspondencia e empregada administrativa.
- O único curso de formación profesional ocupacional impartido pertence á familia profesional de sanidade.



# Comarca da Mariña Central



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>158</b>	<b>12,34</b>	<b>1.764</b>	<b>23,68</b>	<b>58</b>	<b>3,42</b>
Agricultura e pesca	158	12,34	1.764	23,68	58	3,42
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>136</b>	<b>10,63</b>	<b>1.087</b>	<b>14,59</b>	<b>159</b>	<b>9,38</b>
Industria e electricidade	136	10,63	1.087	14,59	159	9,38
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>247</b>	<b>19,30</b>	<b>1.320</b>	<b>17,72</b>	<b>307</b>	<b>18,10</b>
Construcción	247	19,30	1.320	17,72	307	18,10
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>739</b>	<b>57,73</b>	<b>3.277</b>	<b>44,00</b>	<b>1.172</b>	<b>69,10</b>
Comercio e hostalería	371	28,98	1.052	14,12	765	45,11
Transporte e comunicacións	62	4,84	294	3,95	135	7,96
Outros servizos	306	23,91	1.931	25,93	272	16,04
<b>TOTAL</b>	<b>1.280</b>	<b>100,00</b>	<b>7.448</b>	<b>100,00</b>	<b>1.696</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

A maioría das empresas da Mariña Central desenvolven a súa actividade no sector terciario, en concreto o 57,73%, principalmente no comercio e hostalería –28,98%– e nos outros servizos –23,91%–. O segundo sector máis importante é o da construción, co 19,30% das empresas, a continuación o primario, co 12,34%, e, por último, o secundario, que representa o 10,63%.

Os traballadores por conta allea tamén se concentran nos servizos –44%–, e dentro deste sector nos outros servizos –25,93%–. O segundo sector de maior peso relativo entre os asalariados é o primario, que supón o 23,68%, e despois o da construción, co 17,72%, e o secundario, co 14,59%.

Os autónomos agrúpanse, aínda en maior medida que as empresas e os asalariados, nos servizos –69,1%–, e dentro deste sector no comercio e a hostalería –45,11%–. A moita distancia, o segundo sector máis relevante é o da construción, que representa o 18,1%, despois o secundario, co 9,38% e por último o primario, que supón o 3,42%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>213</b>	<b>227</b>	<b>225</b>	<b>126</b>	<b>158</b>
Agricultura e pesca	213	227	225	126	158
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>147</b>	<b>139</b>	<b>134</b>	<b>136</b>	<b>136</b>
Industria e electricidade	147	139	134	136	136
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>212</b>	<b>220</b>	<b>226</b>	<b>235</b>	<b>247</b>
Construcción	212	220	226	235	247
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>628</b>	<b>655</b>	<b>682</b>	<b>716</b>	<b>739</b>
Comercio e hostalería	318	340	353	373	371
Transporte e comunicacións	53	56	58	58	62
Outros servizos	257	259	271	285	306
<b>TOTAL</b>	<b>1.200</b>	<b>1.241</b>	<b>1.267</b>	<b>1.213</b>	<b>1.280</b>

O número de empresas da comarca da Mariña Central medrou no quinquenio 2000-2004 cunha taxa de variación media do 1,63%. Este aumento produciuse en todos os anos agás en 2003, no que diminuíron nun -4,26%. A variación interanual positiva máis intensa -5,52%- produciuse entre 2003 e 2004.

A evolución por sectores móstranos resultados diferentes. Así, o número de empresas reduciuse no primario e no secundario (variacións medias negativas de -7,2% e -1,93% respectivamente), en tanto que nos servizos e na construción incrementouse (variacións medias do 4,15% e do 3,89% respectivamente).

No sector terciario e na construción a expansión do número de empresas foi continua, medrando ano tras ano entre un 3% e un 5%. No primario e no secundario, no entanto, combináronse fases de crecemento, estancamento e regresión. Entre estas destaca a forte contracción experimentada polo primario en 2003, ano no que as empresas diminuíron nun 44%.

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.651</b>	<b>1.709</b>	<b>1.734</b>	<b>1.724</b>	<b>1.764</b>
Agricultura e pesca	1.651	1.709	1.734	1.724	1.764
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.032</b>	<b>1.038</b>	<b>1.072</b>	<b>1.069</b>	<b>1.087</b>
Industria e electricidade	1.032	1.038	1.072	1.069	1.087
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>1.001</b>	<b>1.169</b>	<b>1.212</b>	<b>1.229</b>	<b>1.320</b>
Construcción	1.001	1.169	1.212	1.229	1.320
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>2.105</b>	<b>2.654</b>	<b>2.826</b>	<b>3.030</b>	<b>3.277</b>
Comercio e hostalería	792	848	967	1.010	1.052
Transporte e comunicacións	180	202	237	285	294
Outros servizos	1.133	1.604	1.622	1.735	1.931
<b>TOTAL</b>	<b>5.789</b>	<b>6.570</b>	<b>6.844</b>	<b>7.052</b>	<b>7.448</b>

Os traballadores por conta allea medraron de xeito notable no transcurso do quinquenio 2000-2004 (variación media do 6,5%). Este crecemento foi continuo, destacando o incremento de 2000-2001 (variación interanual do 13,49%).

Esta expansión produciuse en todos os sectores económicos. Nos servizos e na construción foi especialmente intensa, con variacións medias do 11,7% e do 7,16% respectivamente, mentres que no primario e no secundario os asalariados creceron en moita menor medida, presentando variacións medias do 1,67% e do 1,31% respectivamente.

Nos servizos e na construción os traballadores por conta allea aumentaron ano tras ano ao longo de todo o período. Os incrementos de maior magnitude déronse en 2001, ano no que os asalariados nos servizos aumentaron nun 26,08%, debido sobre todo á incidencia do subsector outros servizos, e na construción nun 16,78%. Pola súa parte, a evolución nos sectores primario e secundario caracterizouse pola combinación de incrementos moderados, con fases dun certo estancamento.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>24</b>	<b>30</b>	<b>38</b>	<b>47</b>	<b>58</b>
Agricultura e pesca	24	30	38	47	58
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>134</b>	<b>146</b>	<b>141</b>	<b>148</b>	<b>159</b>
Industria e electricidade	134	146	141	148	159
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>219</b>	<b>239</b>	<b>255</b>	<b>279</b>	<b>307</b>
Construción	219	239	255	279	307
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>895</b>	<b>951</b>	<b>1.001</b>	<b>1.095</b>	<b>1.172</b>
Comercio e hostalería	611	634	655	723	765
Transporte e comunicacións	88	106	116	126	135
Outros servizos	196	211	230	246	272
<b>TOTAL</b>	<b>1.272</b>	<b>1.366</b>	<b>1.435</b>	<b>1.569</b>	<b>1.696</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 o número de autónomos creceu a un ritmo moi elevado, aínda maior que o dos traballadores por conta allea. A variación media foi do 7,46% e o crecemento foi continuo ao longo do período.

Por sectores, a variación media máis elevada –24,68%– correspondeuse co primario; con todo, en números absolutos este incremento supón unha cifra moi pequena, en concreto, 34 autónomos. Moito máis relevante en termos absolutos foi a expansión dos traballadores por conta propia na construción e, sobre todo, nos servizos, sectores nos que as variacións medias foron do 8,81% e do 6,97% respectivamente. Pola súa parte, o secundario foi onde medraron a menor ritmo (variación media do 4,37%).

Os autónomos aumentaron en todos os sectores e anos, agás no secundario en 2002 no que diminuíron levemente. As variacións interanuais nos sectores de maior peso relativo –secundario, construción e servizos– situáronse, dada a excepción anterior, entre o 5% e o 10%.

No que respecta aos subsectores dos servizos, destaca o incremento continuo en todos eles, sendo máis notable en números absolutos o producido en comercio e hostalería.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Alfoz	79	50	129
Burela	370	231	601
Foz	408	235	643
Lourenzá	62	65	127
Mondoñedo	182	101	283
O Valadouro	89	44	133
<b>TOTAL</b>	<b>1.190</b>	<b>726</b>	<b>1.916</b>

**% comarca/provincia – PARADOS 7,42**

**% comarca/provincia - NON PARADOS 8,57**

En 2004 recolléronse 1.916 demandas de emprego na comarca, a maior parte delas nos concellos de Foz –33,56%– e Burela –31,37%–. En todos os municipios os demandantes parados superan claramente aos non parados agás no de Lourenzá, representando os primeiros o 61,11% do total.

En comparación coas cifras provinciais, a comarca da Mariña Central agrupa o 7,42% dos demandantes parados e o 8,57% dos non parados.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
PARADOS COMARCA	1.078	1.037	1.044	1.155	1.190
VARIACIÓN INTERANUAL %	-	-3,80	0,68	10,63	3,03
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>7,25</b>	<b>7,23</b>	<b>6,70</b>	<b>7,00</b>	<b>7,42</b>

No quinquenio 2000-2004 os demandantes parados da comarca aumentaron sensiblemente. En 2001 diminuíron nun 3,8%, ao ano seguinte permaneceron estables, en 2003 medraron notablemente, nun 10,63%, e no último ano de referencia volveron a crecer, esta vez nun 3,03%.

O peso relativo dos demandantes parados da comarca na provincia aumentou levemente, pasando de representar o 7,25% en 2000 ao 7,42% en 2004.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	150	7,83	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.040	54,28	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	90	4,70	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	298	15,55	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	127	6,63	4,66
	En expediente de regulación de emprego	10	0,52	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	168	8,77	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	27	1,41	2,99
	Resto de demandantes	6	0,31	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>1.916</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

Os parados con emprego anterior representan máis da metade dos demandantes da comarca, concretamente o 54,28%. O segundo colectivo máis importante, situado a unha distancia notable, é o de non parados con emprego anterior –15,55%–. Na provincia estes dous grupos de demandantes tamén son os de maior peso relativo e supoñen respectivamente o 56,32% e o 14,7%. As demais categorías teñen un nivel de representatividade, tanto na comarca como na provincia, inferior ao 10%.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	99	131	19,33	16,41
26 a 35 anos	115	269	32,27	29,04
36 a 45 anos	75	195	22,69	22,46
46 a 55 anos	74	97	14,37	17,95
56 e máis anos	77	58	11,34	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>440</b>	<b>750</b>	<b>100,00</b>	<b>7,42</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>7,42</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

O colectivo feminino de demandantes parados predomina sobre o masculino: 63,03% fronte ao 36,97%. Na provincia tamén ocorre o mesmo, pero neste caso as porcentaxes están máis equilibradas: 56,51% mulleres e 43,49% homes.

Por idades, o grupo de demandantes parados máis numeroso da comarca é o de 26 a 35 anos –32,27%–, seguido do de 36 a 45 anos –22,69%–. Na provincia estes dous grupos, e por esta orde, tamén son os de maior peso relativo; os de 26 a 35 anos supoñen o 29,04% e os de 36 a 45 anos o 22,26%. O nivel de avellentamento da comarca é menor que o da provincia; no primeiro ámbito os maiores de 45 anos representan o 25,71% e no segundo o 32,1%.


**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	73	77	20,66	20,01
26 a 35 anos	65	157	30,58	27,35
36 a 45 anos	43	101	19,83	20,67
46 a 55 anos	57	70	17,49	16,10
56 e máis anos	57	26	11,43	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>295</b>	<b>431</b>	<b>100,00</b>	<b>8,67</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>8,67</b>	<b>100,00</b>

A maioría dos demandantes non parados da comarca, igual que os parados, son mulleres (59,37% fronte ao 40,63% de homes). Na provincia tamén sucede o mesmo, o colectivo feminino supón o 61,29% e o masculino o 38,71% restante.

Por idades, o grupo comarcial máis importante de demandantes non parados é o de 26 a 35 anos –30,58%–, seguido do de menores de 26 anos –20,66%–. Na provincia o colectivo máis numeroso tamén é o de 26 a 35 anos –27,35%–, pero en segundo lugar aparece o de 36 a 45 anos, co 20,67%, aínda que o de menores de 26 anos está bastante próximo a este, co 20,01%. Por outra parte, o avellentamento dos demandantes non parados da comarca é similar ao da provincia; no primeiro caso os maiores de 45 anos representan o 28,92% e no segundo o 31,97%.

**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



O gráfico da distribución de demandantes da comarca por sexo e grupos de idade amósanos con claridade o predominio das persoas de 26 e 35 anos e o maior peso relativo do colectivo feminino en todos os grupos de idades excepto no de máis de 55 anos.



### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	382	253	635
Titulación de ensinanza obrigatoria	366	196	562
Formación profesional	118	67	185
BUP/Bacharelato superior/COU	145	74	219
Titulados universitarios	124	98	222
Outras titulacións	55	38	93
<b>TOTAL</b>	<b>1.190</b>	<b>726</b>	<b>1.916</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A maioría dos demandantes da comarca teñen como máximo o ensino obrigatorio (62,47%), e entre estes a maior parte posúen unicamente ata o certificado de escolaridade (33,14%).

Entre os demandantes con estudos superiores aos obrigatorios –37,53%–, predominan os titulados universitarios –11,59%– e os que teñen o bacharelato –11,43%–. Os demandantes con formación profesional supoñen o 9,66% e os que posúen outras titulacións o 4,85%.

Por outra parte, o nivel académico dos parados e o dos non parados é en termos xerais similar.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	81	12	6	99
	Mulleres	88	20	23	131
26 a 35 anos	Homes	78	17	20	115
	Mulleres	142	51	76	269
36 a 45 anos	Homes	50	8	17	75
	Mulleres	92	21	82	195
46 a 55 anos	Homes	37	16	21	74
	Mulleres	41	17	39	97
Máis de 55 anos	Homes	17	14	46	77
	Mulleres	10	6	42	58
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>636</b>	<b>182</b>	<b>372</b>	<b>1.190</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

Un pouco máis da metade dos demandantes parados da Mariña Central levan menos de 6 meses buscando emprego, en concreto o 53,45%. Os que levan máis de 1 ano representan o 31,26% e os que están nunha situación intermedia, entre 6 meses e 1 ano, o 15,29%. Na provincia, os demandantes parados de menos de seis meses tamén forman o colectivo máis numeroso, aínda que nunha proporción menor –48,47%–, en favor dos parados de longa duración –35,96%–. Os que levan entre 6 meses e 1 ano supoñen o 15,57%.

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Por sexo, idades e tempo de busca de emprego, o grupo de demandantes parados de maior peso relativo da comarca é o de mulleres de 26 a 35 anos que levan menos de 6 meses na procura dun traballo –11,93%–, e despois o de 36 a 45 anos do mesmo sexo e situación –7,73%–. Por último, os demandantes parados de longa duración predominan unicamente nos maiores de 55 anos, tanto homes como mulleres.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TABOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	50	59	109
Sector secundario	131	66	197
Construcción	141	65	206
Sector servizos	718	430	1.148
Sen actividade previa	150	106	256
<b>TOTAL</b>	<b>1.190</b>	<b>726</b>	<b>1.916</b>

Aproximadamente seis de cada dez demandantes da comarca proceden do sector servizos –59,92%–, sendo esta proporción similar entre os demandantes parados e non parados.

O colectivo de demandantes sen actividade previa é o segundo máis importante, co 13,36%, despois o da construción e o do secundario, con porcentaxes lixeiramente superiores ao 10%; por último, sitúase o grupo do primario, co 5,69%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



O 27% dos demandantes parados da industria proceden da actividade das outras industrias, o 16% de alimentación e o 15% de téxtil e confección.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

Os demandantes parados nos servizos proceden esencialmente das administracións públicas –30%– e do comercio excepto automoción –22%–. Outra parte importante ten a súa orixe na hostalería –15%– e nas actividades inmobiliarias e servizos empresariais –11%–. O resto de actividades terciarias teñen unha representatividade igual ou inferior ao 6%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	178	9,29	8,39
Empregado administrativo, en xeral	164	8,56	8,75
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	160	8,35	7,40
Peón da ind. manufactureira, en xeral	98	5,11	3,77
Camareiro, en xeral	53	2,77	2,07
Albanel	50	2,61	2,90
Peón da construción de edificios	34	1,77	3,09
Ordenanza	33	1,72	1,07
Condutor de camión, en xeral	31	1,62	1,89
Auxiliar de clínica	31	1,62	1,67

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Dependente de comercio, en xeral</b>	Empregado administrativo, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Alfoz	24
Burela	493
Foz	55
Lourenzá	3
Mondoñedo	285
O Valadouro	21
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>881</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	9,78

En 2004 recolléronse na Mariña Central 881 ofertas de traballo, o 9,78% da provincia de Lugo. Máis da metade tiveron lugar no concello de Burela (55,96%) e un terzo no de Mondoñedo (32,35%).

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Alfoz	20	7	19	26	24
Burela	478	559	450	858	493
Foz	118	110	146	123	55
Lourenzá	63	19	18	13	3
Mondoñedo	183	312	365	397	285
O Valadouro	41	11	12	22	21
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>903</b>	<b>1.018</b>	<b>1.010</b>	<b>1.439</b>	<b>881</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>


As ofertas de emprego comarcais diminuíron levemente no transcurso do quinquenio 2000-2004 (variación media negativa de -0,61%), en tanto que na provincia incrementáronse de xeito moderado (variación media do 0,64%).

A evolución das ofertas na comarca foi irregular. En 2001 aumentaron nun 12,74%, ao ano seguinte permaneceron estancadas, en 2003 medraron nunha proporción moi elevada (42,48%) e, en sentido contrario, en 2004 experimentaron un decrecemento tamén de alta intensidade (-38,78%). Este último descenso tamén se produce na provincia, se ben aumenta o seu número de ofertas nos anos restantes.

A evolución das ofertas por concellos mostra resultados desiguais. En Mondoñedo foi onde máis se incrementaron (variación media do 11,71%), e, por contra, onde máis diminuíron foi no de Lourenzá (variación media negativa de -53,29%).

En Burela, municipio que concentra a maioría das ofertas comarcais, expandíronse moderadamente (variación media do 0,78%). No de Alfoz, cun núme-

ro moi escaso, as ofertas incrementáronse en catro en números absolutos. E, por último, no de Foz e O Valadouro decreceron cunhas taxas de variación media negativas situadas ao redor do -16%, destacando o descenso producido en 2004 no primeiro concello.



**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

O gráfico móstranos a evolución no quinquenio 2000-2004 do número de ofertas en Burela, Mondoñedo e no resto de concellos como conxunto. O único trazo común aos tres grupos é o notable descenso das ofertas no último ano de referencia. Con anterioridade, en Mondoñedo medraron de xeito continuo ata 2003, especialmente en 2001, no que o incremento foi do 70,49%. En Burela experimentaron diferentes fases: en 2001 aumentaron nun 16,95%, en 2002 decreceron nun -19,5% e en 2003 volveron medrar, esta vez en gran magnitude, nun 90,67%. Por último, no resto de concellos como conxunto a evolución das ofertas, menos numerosas que nos casos anteriores, tamén foi irregular: decreceron en 2001, expandíronse en 2002, e volveron diminuír, máis moderadamente, en 2003.


### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Alfoz	3	12	2	7
Burela	12	14	46	421
Foz	0	4	22	29
Lourenzá	0	0	1	2
Mondoñedo	13	23	18	231
O Valadouro	0	0	11	10
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>28</b>	<b>53</b>	<b>100</b>	<b>700</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


A maior parte das ofertas dos sectores primario e secundario, bastante escasas en termos absolutos, concéntranse en maior medida no concello de Mondoñedo. Nos outros sectores a proporción máis numerosa das ofertas tivo lugar en Burela, en concreto este municipio reúne o 46% das da construción e o 60,14% das dos servizos. Outra cantidade importante das ofertas deste último sector procederon de Mondoñedo, concretamente o 33%.

**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




A gran maioría das ofertas da comarca en 2004 tiveron a súa orixe no sector servizos, en particular oito de cada dez. O resto repartiuse do seguinte modo: 11% construción, 6% secundario e 3% primario.

**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas na industria.



Na industria, aproximadamente seis de cada dez ofertas procederon de dous tipos de actividades: fabricación de produtos minerais non metálicos –34%– e outras industrias –25%–. A continuación, a maior parte das ofertas industriais tiveron a súa orixe nas actividades vinculadas á madeira, co 13%, e á alimentación, coa mesma porcentaxe.

**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



As ofertas do sector servizos procederon principalmente das administracións públicas –57%– e despois, a considerable distancia, do transporte e comunicacións, da sanidade e servizos sociais, da hostalería e da educación, actividades que representan cada unha o 8%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	7	15	15	21	28
Secundario	91	50	54	64	53
Construción	139	127	180	141	100
Servizos	666	826	761	1.213	700
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>903</b>	<b>1.018</b>	<b>1.010</b>	<b>1.439</b>	<b>881</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

As ofertas aumentaron lixeiramente no período 2000-2004 no sector servizos –variación media do 1,25%–, en tanto que no secundario e na construción decreceron cunhas taxas de variación media negativa de -12,64% e -7,9% respectivamente. Pola súa parte, no primario expandíronse a un ritmo moito maior que no dos servizos –variación media do 41,42%–; porén, en termos absolutos esta taxa tan elevada traducíuse nun incremento de 21 ofertas.

A evolución nos servizos, sector máis relevante con diferenza, caracterizouse pola alternancia de fases expansivas e regresivas e variacións interanuais de alta intensidade. En 2001 e 2003 as ofertas medraron nun 24,02% e nun 59,4% respectivamente, mentres que en 2002 e 2004 diminuíron nun 7,87% e nun 42,29%.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só o 4,2% das ofertas da comarca exixiron un determinado sexo para poder ocupar un posto de traballo. A descomposición desta proporción móstranos que no 51,35% dos casos solicitouse especificamente un home e no 48,65% restante unha muller. Estas ofertas nas que o xénero constituíu un requisito procederon principalmente dos servizos e, en menor medida, da construción.

No sector terciario pedíronse sete mulleres por cada tres homes e na construción única e exclusivamente homes. Dentro dos servizos, a metade das ofertas dirixidas a un xénero concreto procederon da hostalería, na que solicitaron case en exclusiva mulleres, e aproximadamente unha de cada catro do comercio.

O nivel académico tamén constituíu un requisito no 65,49% das ofertas da comarca. Na maioría dos casos, en oitenta e seis de cada cen, o único que se pediu foi o certificado de escolaridade e nun 7,11% titulación universitaria. A orixe principal deste tipo de ofertas foi o sector servizos e dentro deste as actividades relacionadas coas administracións públicas.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón de albanel/Peón de obras públicas	46	16	33	12	17
Camareiro - Barman	52	24	42	23	11
Dependente en xeral	16	11	11	16	10
Albanel	22	12	27	26	10
Axudante de cociña	7	19	15	12	10
Axente comercial / Vendedor	16	22	13	10	9
Pintor/Colorista	9	8	8	14	8
Mozo-Muller de limpeza	1	6	9	17	8
Administrativo	5	2	5	9	6
Perruqueiro/a	10	2	4	10	6

Nos centros colaboradores, a ocupación máis ofertada en 2004 foi a de peón de albanel/peón de obras públicas, seguida da de camareiro-barman. Estas dúas ocupacións tamén eran as máis importantes ao comezo do período 2000-2004, pero cun nivel de ofertas moito maior. O decrecemento en ambos os dous casos foi moi notable; a variación media na de peón de albanel/peón de obras públicas foi do -22,03% e na de camareiro-barman do -32,18%.

O trazo evolutivo máis característico é o decrecemento daquelas que tiñan un maior volume ao comezo do período, en concreto, ademais das indicadas arriba, da de albanel, dependente en xeral, axente comercial/vendedor e perruqueiro. Pola contra, non houbo ningún incremento cuantioso, en termos absolutos, no resto de ocupacións, reflexo do descenso do volume total de ofertas realizadas polos centros colaboradores na comarca.

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	29	87	88	77	94
Peón da ind. manufactureira, en xeral	22	39	30	320	69
Técnico de protección civil	32	46	54	41	42
Conductor de camión, en xeral	5	18	34	23	33
Traballador retén incendios forestais	11	24	10	19	28
Peón de exterior de minas e canteiras	0	4	8	14	23
Xardineiro, en xeral	1	22	18	16	22
Clasificador-repartidor correspondencia	87	37	8	31	20
Enfermeiro, en xeral	18	14	19	4	17
Técnico en radiodiagnose	0	3	0	5	14

A ocupación máis ofertada nas oficinas de emprego foi a de albanel e despois a de peón da industria manufactureira, en xeral, con 94 ofertas a primeira e 69 a segunda.

No quinquenio 2000-2004 todas as ocupacións da lista experimentaron unha dinámica expansiva, agás a de clasificador-repartidor de correspondencia, que diminuíu intensamente (variación media negativa do -30,76%), e a de enfermeiro en xeral, que permaneceu no mesmo nivel. Nestes anos, ademais, emerxeron as ofertas das ocupacións de peón de exterior de minas e canteiras, e a de técnico en radiodiagnose.



## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
Alfoz	253
Burela	8.263
Foz	1.716
Lourenzá	319
Mondoñedo	839
O Valadouro	256
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>11.646</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

En 2004 asináronse na Mariña Central 11.646 contratos, o 15,89% da provincia de Lugo. A contratación comarcal concentrouse no concello de Burela (70,95%). Outra parte moito menor pero importante dos contratos correspondeuse cos municipios de Foz (14,73%) e Mondoñedo (7,20%).

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Alfoz	258	271	236	318	253
Burela	4.438	6.208	7.084	7.684	8.263
Foz	1.315	1.503	1.469	1.609	1.716
Lourenzá	341	362	343	326	319
Mondoñedo	540	793	939	989	839
O Valadouro	229	202	191	274	256
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>7.121</b>	<b>9.339</b>	<b>10.262</b>	<b>11.200</b>	<b>11.646</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

Os contratos asinados na comarca aumentaron moi notablemente no período 2000-2004 (variación media do 13,09%). O incremento foi continuo ao longo de todos os anos e adquiriu especial intensidade en 2001, no que aumentaron nun 31,15%.

A análise da contratación por concellos móstranos saldos evolutivos desiguais. En Lourenzá e Alfoz decreceu levemente, e no resto de concellos medrou. No Valadouro incrementouse de xeito moderado, en Foz en maior medida, e en Mondoñedo e Burela de xeito notable; as variacións medias nestes municipios foron respectivamente do 2,83%, 6,88%, 11,65% e 16,81%.

A traxectoria evolutiva de Burela, concello no que se concentran a maioría dos contratos, móstranos un crecemento continuo ao longo de todo o quinquenio 2000-2004: de case o 40% en 2001 e entre o 7% e o 14% no resto de anos. En Foz, o segundo municipio máis importante, os contratos medraron entre un 6% e un 14% en todos os anos agás en 2002, no que decreceron levemente. No resto da comarca destaca a evolución de Mondoñedo polos elevados valores que acadan as variacións interanuais. Neste concello, os contratos incrementáronse nun 46,85% en 2001, seguiron crecendo a moito menor ritmo nos anos seguintes e finalmente descendieron nun 15,17% en 2004.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

## 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.169	2.156	3.325
De 26 a 35 anos	1.213	3.715	4.928
De 36 a 45 anos	689	1.355	2.044
De 46 a 55 anos	582	564	1.146
De 56 e máis anos	129	74	203
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>3.782</b>	<b>7.864</b>	<b>11.646</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

Os contratos asinados na comarca en 2004 mostran un gran desequilibrio por xénero; ao colectivo feminino correspóndelle o 67,53% do volume contractual e ao masculino tan só o 32,47% restante. Na provincia, no entanto, estas porcentaxes están moito máis equilibradas: 51,45% mulleres e 48,55% homes.

Por idades, a contratación comarcal concentrouse nos de 26 a 35 anos –42,31%–, e despois no de menores de 26 anos –28,55%–. Estes dous grupos de idade son ademais os de maior peso relativo tanto no caso do colectivo masculino como no do feminino.


**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	3.096	3.490	3.548	3.700	3.782
Mulleres	4.025	5.849	6.714	7.500	7.864
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>7.121</b>	<b>9.339</b>	<b>10.262</b>	<b>11.200</b>	<b>11.646</b>

No quinquenio 2000-2004 a contratación feminina expandiuse considerablemente (variación media do 18,23%); pola súa parte, os contratos asinados por homes tamén aumentaron de xeito notable pero en menor medida (variación media do 5,13%).

O incremento da contratación en ambos os dous sexos foi continuo ao longo de todo o período. As variacións interanuais no caso do colectivo feminino oscilaron entre o 5% e o 45%, mentres que no do masculino, moito menos intensas, fixérono entre o 2% e o 13%. Cómpre engadir que en todos os anos a contratación realizada ás mulleres aumentou en maior medida que a realizada aos homes.

**GRÁFICO 8:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



A evolución diferencial por sexos da contratación, que acabamos de describir, tradúcese nun aumento do desequilibrio de xénero a medida que avanza o período. En 2000 a diferenza porcentual entre a contratación feminina e a masculina era de 13,04 puntos en favor da primeira e en 2004 pasa a ser máis do dobre, en concreto de 35,06 puntos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	2.351	3.058	3.102	3.345	3.325
De 26 a 35 anos	2.781	4.046	4.659	4.863	4.928
De 36 a 45 anos	1.440	1.554	1.690	1.962	2.044
De 46 a 55 anos	429	559	679	832	1.146
De 56 e máis anos	120	122	132	198	203
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>7.121</b>	<b>9.339</b>	<b>10.262</b>	<b>11.200</b>	<b>11.646</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 o número de contratos aumentou a un ritmo moi elevado en todos os grupos de idades. Onde máis medrou foi no de 46 a 55 anos, no que case se triplica (variación media do 27,84%), e onde o fixo en menor medida foi no de menores de 26 anos (variación media do 9,05%). As variacións interanuais foron positivas ao longo de todo o período e en todos os tramos de idades, agás a de 2003-2004 nos menores de 26 anos.

O ano 2001 foi o de maior expansión contractual para as persoas máis novas: os contratos asinados polos menores de 26 anos medraron nun 30,07% e os realizados aos 26 a 35 anos nun 45,49%. Nos outros grupos de idades, moito menos numerosos, a contratación aumentou notablemente en 2003 nos de 36 a 45 anos e nos maiores de 55 anos, e en 2004 nos de 46 a 55 anos.


#### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>676</b>
Agricultura e pesca	676
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>414</b>
Industria e electricidade	414
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>855</b>
Construcción	855
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>9.701</b>
Comercio e hostalería	1.154
Transporte e comunicacións	457
Outros servizos	8.090
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>11.646</b>

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.


Os servizos reuniron a gran maioría da contratación comarcal, concretamente o 83,3%. Dentro deste sector destaca polo seu moi elevado peso relativo a categoría dos outros servizos, co 69,47% do total de contratos realizados na comarca. Os sectores da construción, primario e secundario representan respectivamente o 7,34%, 5,8% e 3,55%.

**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación na industria.



A contratación na industria concéntrase nas actividades encadradas nas outras industrias, co 26%, e nas de fabricación de produtos minerais non metálicos, co 21%. O segundo grupo máis importante está formado polas actividades da metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 15%, e a madeira, tamén co 15%. O resto de actividades industriais supoñen unha porcentaxe igual ou moi inferior ao 10%.

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



A contratación no sector servizos débese maioritariamente á sanidade e servizos sociais –70%–. As actividades relacionadas co comercio, as segundas máis importantes, sitúanse a unha distancia máis que notable, e representan unicamente o 7% dos contratos realizados nos servizos. O resto de actividades terciarias supoñen unha proporción igual ou inferior ao 5%.

**TABOIA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>642</b>	<b>34</b>	<b>80</b>	<b>214</b>	<b>228</b>	<b>128</b>	<b>26</b>
Agricultura e pesca	642	34	80	214	228	128	26
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>339</b>	<b>75</b>	<b>161</b>	<b>135</b>	<b>74</b>	<b>35</b>	<b>9</b>
Industria e electricidade	339	75	161	135	74	35	9
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>808</b>	<b>47</b>	<b>372</b>	<b>234</b>	<b>131</b>	<b>94</b>	<b>24</b>
Construción	808	47	372	234	131	94	24
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.993</b>	<b>7.708</b>	<b>2.712</b>	<b>4.345</b>	<b>1.611</b>	<b>889</b>	<b>144</b>
Comercio e hostalería	393	761	488	340	216	96	14
Transporte e comunicacións	356	101	52	191	137	50	27
Outros servizos	1.244	6.846	2.172	3.814	1.258	743	103
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.782</b>	<b>7.864</b>	<b>3.325</b>	<b>4.928</b>	<b>2.044</b>	<b>1.146</b>	<b>203</b>

Os contratos asinados tanto polas mulleres como polos homes concéntranse nos sector dos servizos. A contratación neste sector representa no primeiro caso o 66,19% do total da comarca e no segundo o 17,11%. Dentro do sector terciario os contratos realizáronse preferentemente en ambos os dous sexos, sobre todo no feminino, no subsector dos outros servizos.

O segundo sector de maior peso relativo entre os homes é o da construción, co 6,94% do volume total de contratos da comarca. Nas mulleres a contratación fóra dos servizos é marxinal.

Por grupos de idade, o maior número de contratos correspóndese cos realizados nos servizos ás persoas de 26 a 35 anos –37,31% do total da contratación– e despois, no mesmo sector, aos menores de 26 anos –23,24%–. En suma, seis de cada dez contratos –60,55%– foron asinados por persoas menores de 36 anos que desenvolven o seu traballo nos servizos.

O sector servizos, e máis concretamente o subsector dos outros servizos, predomina en todas as idades, seguido polo da construción nos menores de 36 anos e o primario para os maiores desta idade.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>588</b>	<b>575</b>	<b>577</b>	<b>590</b>	<b>676</b>
Agricultura e pesca	588	575	577	590	676
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>463</b>	<b>507</b>	<b>356</b>	<b>359</b>	<b>414</b>
Industria e electricidade	463	507	356	359	414
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>703</b>	<b>807</b>	<b>823</b>	<b>878</b>	<b>855</b>
Construción	703	807	823	878	855
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>5.367</b>	<b>7.450</b>	<b>8.506</b>	<b>9.373</b>	<b>9.701</b>
Comercio e hostalería	1.008	1.016	1.140	1.171	1.154
Transporte e comunicacións	155	187	348	357	457
Outros servizos	4.204	6.247	7.018	7.845	8.090
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>7.121</b>	<b>9.339</b>	<b>10.262</b>	<b>11.200</b>	<b>11.646</b>

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 a contratación decreceu no sector secundario e expandiuse considerablemente en todos os demais. Onde máis medrou foi nos servizos, sector no que case se duplica ao longo destes anos (variación media do 15,95%), e despois tamén creceu, aínda que en menor medida, na construción e no primario (variacións medias do 5,02% e do 3,55% respectivamente).


A evolución do número de contratos nos servizos, condicionada en gran parte polo elevado peso relativo do subsector dos outros servizos, caracterizouse polo aumento moi forte da contratación en 2001 –38,38%–, e incrementos cada vez de menor magnitude nos anos seguintes: en 2002 do 14,17%, en 2003 do 10,19% e en 2004 do 3,5%.

Os outros sectores expansivos, o primario e a construción, experimentaron ao longo do período as mesmas fases evolutivas, aínda que en diferentes momentos; así, ambos os dous sectores tiveron dous anos de crecemento moderado, outro de incremento notable da contratación, próximo ao 15%, e outro de descenso leve dos contratos, entre o 2% e o 3%.

O decrecemento do volume contractual no único sector regresivo, o secundario, debeuse ao comportamento negativo da contratación en 2002, ano no que diminuíu nun 29,78%. No resto do quinquenio os contratos neste sector aumentaron.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 11:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Na comarca da Mariña Central o 58% dos contratos non responden aos tipos máis comúns e clasifícanse na categoría de outros. A segunda modalidade de contrato máis frecuente é o temporal a tempo completo, co 26%. Por último, os temporais a tempo parcial representan o 8%, os indefinidos a tempo completo o 5%, os de prácticas/formación o 3% e os indefinidos a tempo parcial están totalmente ausentes.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	528	55	59	188	196	125	15
Indefinido tempo parcial	9	28	10	14	9	4	0
Temporal	1.946	1.107	895	1.022	692	359	85
Temporal tempo parcial	287	603	337	295	151	65	42
Prácticas/Formación	201	106	262	22	15	8	0
Outros	811	5.965	1.762	3.387	981	585	61
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.782</b>	<b>7.864</b>	<b>3.325</b>	<b>4.928</b>	<b>2.044</b>	<b>1.146</b>	<b>203</b>

O tipo de contrato máis relevante difire entre xéneros; no colectivo masculino é o dos temporais a tempo completo, co 16,71% do total da contratación comarcal, e no feminino o da modalidade outros contratos, con máis da metade do volume contractual da comarca (51,22%).

O segundo tipo de maior peso relativo nos homes é o dos outros contratos (6,96%) e nas mulleres a dos temporais a tempo completo (9,51%). As demais modalidades contractuais representan porcentaxes moi baixas, inferiores ao 2,5%, agás os temporais a tempo parcial no colectivo feminino (5,18%) e os indefinidos a tempo completo no colectivo masculino, que supoñen o 4,53% da contratación comarcal.

Por tipo de contrato e grupos de idade, o colectivo máis numeroso é o dos outros contratos realizados a persoas de 26 a 35 anos (29,08%) e despois o desta mesma modalidade asinados polos menores de 26 anos (15,13%).

Agás entre os maiores de 55 anos, onde predomina o temporal a tempo completo, no resto de intervalos predomina a modalidade de outros. A continuación sitúase nestas idades a contratación temporal a tempo completo.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS			Total
	Agr.,Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	460	18	21	55	8	21	84
Indefinido tempo parcial	X	7	X	11	5	10	26
Temporal	206	320	669	693	347	818	1.858
Temporal tempo parcial	6	40	38	310	96	400	806
Prácticas/Formación	X	29	124	85	X	67	153
Outros	X	0	0	0	0	6.774	6.774
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>676</b>	<b>414</b>	<b>X</b>	<b>1.154</b>	<b>X</b>	<b>8.090</b>	<b>9.701</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

A contratación correspondente ao tipo outros contratos realizouse única e exclusivamente no subsector dos outros servizos, e representa por si soa case seis de cada dez contratos asinados na comarca (58,17%). Máis concretamente, esta modalidade de contratación sitúase na actividade de sanidade e servizos sociais; esta vinculación, dada a forma de contratación desta actividade, reflicte a alta eventualidade deste tipo de contratación.

Os temporais a tempo completo predominan na construción, no secundario e nos subsectores terciarios do comercio e hostalería e o do transporte e comunicacións, en tanto que os contratos indefinidos a tempo completo son maioritarios no sector primario.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	644	568	569	551	583
Indefinido tempo parcial	45	36	42	28	37
Temporal	2.423	2.729	2.628	3.178	3.053
Temporal tempo parcial	757	828	843	761	890
Prácticas/Formación	251	325	278	319	307
Outros	3.001	4.853	5.902	6.363	6.776
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>7.121</b>	<b>9.339</b>	<b>10.262</b>	<b>11.200</b>	<b>11.646</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 aumentaron todos os tipos de contratación excepto a indefinida a tempo completo. Os outros contratos foron os que máis medraron (variación media do 22,58%). A continuación, os temporais, a tempo completo e parcial, e os de prácticas/formación creceron cunhas taxas de variación media comprendidas entre o 4% e o 6%. En sentido contrario, como dixemos anteriormente, os indefinidos decreceron, tanto os realizados a tempo completo como a tempo parcial; os primeiros cunha taxa de variación media negativa de -2,46% e os segundos, moi escasos, de -4,78%.

A evolución dos dous tipos contractuais máis relevantes seguiu traxectorias diferentes. No caso da modalidade outros, a expansión do número de contratos foi continua en todo o período, medrando ano tras ano e especialmente en 2001, no que o incremento foi do 61,71%. Os temporais a tempo completo alternaron fases expansivas de alta intensidade, nos anos 2001 e 2003, e regresivas de intensidade moderada, nos anos 2002 e 2004.



### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>15</b>	<b>17,02</b>
HOMES	10	13,62
MULLERES	5	25,74
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>3.334</b>	<b>18,67</b>
HOMES	691	19,84
MULLERES	2.643	18,38
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>765</b>	<b>12,77</b>
HOMES	217	2,32
MULLERES	548	18,81
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>817</b>	<b>11,53</b>
HOMES	121	4,62
MULLERES	696	12,99
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>3.535</b>	<b>17,38</b>
HOMES	342	-5,01
MULLERES	3.193	21,99
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>472</b>	<b>0,76</b>
HOMES	461	0,49
MULLERES	11	16,36
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>979</b>	<b>7,43</b>
HOMES	834	5,08
MULLERES	145	29,85
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>486</b>	<b>5,79</b>
HOMES	470	11,42
MULLERES	16	-33,74
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>1.243</b>	<b>5,91</b>
HOMES	636	1,68
MULLERES	607	11,48
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>11.646</b>	<b>13,09</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>3.782</b>	<b>5,13</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>7.864</b>	<b>18,23</b>

O 78,06% do volume contractual concentrouse nos seguintes catro grandes grupos de ocupacións:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 30,35% do total da contratación.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 28,63%.
- Traballadores non cualificados: 10,67%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 8,41%.

Os principais grandes grupos de ocupación por sexo son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 7,16% do total da contratación.</li> <li>• Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 5,93%.</li> <li>• Traballadores non cualificados: 5,46%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 27,42%.</li> <li>• Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 22,69%.</li> <li>• Empregadas de tipo administrativo: 5,98%.</li> </ul>



A contratación feminina supera á masculina nos seguintes catro grandes grupos de ocupación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 27,42% fronte ao 2,94%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 22,69% fronte ao 5,93%.
- Empregadas de tipo administrativo: 5,98% fronte ao 1,04%.
- Técnicas e profesionais de apoio: 4,71% fronte ao 1,86%.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
27200016	Enfermeiro, en xeral	2.436	248	2.188	10,18
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	1.726	28	1.698	1,62
51290012	Celador de centro sanitario	769	65	704	8,45
21210011	Médico, medicina xeral	606	318	288	52,48
42100010	Empregado administrativo, en xeral	552	66	486	11,96
63230055	Mariñeiro de pesca	379	379	0	100,00
71100016	Albanel	359	335	24	93,31
31210010	Técnico laboratorio sanitario, en xeral	X	X	X	0,40
53300010	Dependente de comercio, en xeral	247	45	202	18,22
50200018	Camareiro, en xeral	229	72	157	31,44
	<b>TOTAL</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>20,61</b>

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

As dez ocupacións máis contratadas en 2004 na Mariña Central supoñen o 64,86% do volume contractual da comarca. A máis contratada foi a de enfermeiro en xeral, co 20,92% do total da contratación comarcal, e despois a de auxiliar de enfermería hospitalaria en xeral, co 14,82%. A contratación nestas dúas ocupacións, ademais, está fortemente feminizada; os ratios de masculinidade foron do 10,18% e do 1,62% respectivamente.

Á parte das anteriores, destacan por estaren fortemente feminizadas as contratacións de técnico de laboratorio sanitario, en xeral, na que a penas se contrataron homes; a de celador de centro sanitario; empregado administrativo, e dependente de comercio, con ratios de masculinidade entre o 8,45% e o 18,22%.

Pola contra, cunha forte presenza do sexo masculino, cómpre subliñar a contratación de mariñeiro de pesca, na que as mulleres están totalmente ausentes, e a de albanel (ratio do 93,31%).

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
27200016	Enfermeiro, en xeral	1.197	2.049	2.365	2.415	2.436
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	631	1.147	1.312	1.424	1.726
51290012	Celador de centro sanitario	292	277	529	538	769
21210011	Médico, medicina xeral	226	317	395	616	606
42100010	Empregado administrativo, en xeral	339	394	426	480	552
63230055	Mariñeiro de pesca	385	347	352	367	379
71100016	Albanel	243	308	330	319	359
31210010	Técnico laboratorio sanitario, en xeral	94	187	320	268	251
53300010	Dependente de comercio, en xeral	171	211	256	227	247
50200018	Camareiro, en xeral	256	268	267	238	229
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	209	233	197	201	201
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	284	289	241	444	210

No período 2000-2004 a maioría das ocupacións da lista das dez máis contratadas seguiron unha senda expansiva. As que máis medraron foron a de auxiliar de enfermería hospitalaria, en xeral; médico, medicina xeral; celador de centro sanitario, e técnico laboratorio sanitario, en xeral, todas elas con variacións medias situadas por riba do 27%.

A longo destes anos tan só deixaron de medrar as ocupacións de mariñeiro de pesca e a de muller/mozo limpeza, limpador en xeral, que se mantiveron practicamente estables, e as ocupacións de camareiro e a de peón da industria manufactureira, que observaron unha diminución do seu volume contractual. En 2004 xa non están na lista das dez ocupacións máis contratadas estas dúas das que se acaban de mencionar.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% provincia/Galicia	Nº	% provincia/Galicia
Agraria	14	7,41	1	8,33
Administración e oficinas	63	10,94	4	11,76
Artesanía	17	17,35	1	16,67
Comercio	15	11,03	1	11,11
Industrias alimentarias	53	38,41	3	33,33
Servizos ás empresas	189	8,37	12	8,45
Edificación e obras públicas	14	2,52	1	3,03
Fabricación de equipos electromecánicos	18	10,00	1	9,09
Montaxe e instalación	33	24,81	2	25,00
Mantemento e reparación	15	14,02	1	16,67
Servizos á comunidade e persoais	15	4,63	1	5,00
Transportes e comunicacións	50	25,25	3	25,00
<b>TOTAL</b>	<b>496</b>	<b>7,70</b>	<b>31</b>	<b>7,83</b>

**TABOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

Na comarca da Mariña Central impartíronse durante o ano 2004 31 cursos de formación ocupacional que contaron cunha asistencia total de 496 alumnos, cifras que supoñen porcentaxes próximas ao 8% dos cursos e alumnos da provincia.

A familia profesional de maior importancia na Mariña Central foi a dos servizos ás empresas, con 12 cursos e 189 alumnos, que representan aproximadamente un de cada catro cursos e alumnos da comarca. En segundo lugar destaca a familia profesional de administración de oficinas con 4 cursos e 63 alumnos en total.


Así e todo, en comparación cos datos provincia, as familias profesionais que adquiren maior relevancia non son as anteriores senón a das industrias alimentarias, transportes e comunicacións e montaxe e instalación.

Por último, os 3 cursos da familia de industrias alimentarias tiñan compromiso de contratación, os únicos producidos no conxunto da comarca.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas e autónomos da comarca da Mariña Central e a maior parte dos traballadores por conta allea desenvolven a súa actividade no sector servizos. Dentro deste sector as empresas e autónomos concéntranse no comercio e hostalería e os traballadores por conta allea nos outros servizos.
- No período 2000-2004, o número de empresas medrou moderadamente, mentres que o de asalariados e autónomos creceu de xeito notable. Nos servizos e na construción as empresas e os traballadores, por conta allea ou propia, expandíronse ano tras ano ao longo de todo o quinquenio. No sector primario e secundario desce o número de empresas, aumentando os traballadores e autónomos.
- En 2004 recolléronse 1.916 demandas de emprego en toda a comarca, principalmente nos concellos de Foz e de Burela. Os demandantes son maioritariamente parados e a situación laboral máis frecuente é a de parado con emprego anterior, grupo que por si só representa a cincuenta e cinco de cada cen demandantes totais (parados e non parados). As mulleres predominan tanto no colectivo de parados como no de non parados. Ademais, en ambos os dous casos o grupo de idades máis importante é o de 26 a 35 anos.
- A maioría dos demandantes da comarca teñen como máximo o ensino obrigatorio, e entre estes a maior parte posúe unicamente o certificado de escolaridade. Por tempo de busca de emprego, o colectivo máis numeroso é o dos parados de menos de seis meses, un pouco máis da metade do total. Os demandantes proceden principalmente –seis de cada dez– do sector servizos. A ocupación máis solicitada foi a de dependente de comercio, en xeral.
- En 2004 houbo 881 ofertas laborais en toda a Mariña Central; máis da metade tiveron lugar no concello de Burela e a gran maioría procederon do sector servizos. No transcurso do período 2000-2004 as ofertas comarcais diminuíron de xeito moderado, en tanto que na provincia aumentaron levemente.
- Tan só catro de cada cen ofertas da comarca estableceron como requisito un determinado sexo para poder acceder a un posto de traballo e sesenta e cinco de cada cen un determinado nivel de estudos; case sempre o único que se pediu foi o certificado de escolaridade. A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores foi a de peón de albanel/peón de obras públicas, e nas oficinas de emprego, a de albanel.
- En 2004 asináronse 11.646 contratos, o 16% do volume de contratación provincial. A maior parte realizáronse no municipio de Burela. No quinquenio 2000-2004, os contratos comarcais aumentaron notablemente, con especial intensidade en 2001. Na provincia tamén tiveron unha dinámica positiva, pero medraron en moita menor medida.
- A contratación mostra un gran desequilibrio por xénero a favor do colectivo feminino, pois sesenta e oito de cada cen contratos foron asinados por mulleres e tan só trinta e dous por homes. Na provincia, pola contra, estas proporcións estiveron moi próximas ao equilibrio por sexos. Por idades, a maior parte dos contratos, corenta e dous por cada cen, reuniuse nas persoas de 26 a 35 anos.
- A gran maioría do volume de contratación comarcal relacionouse cos servizos, en concreto oitenta e tres contratos de cada cen. Dentro deste sector destaca polo seu moi elevado peso relativo a categoría dos outros servizos.
- A modalidade contractual máis común é a dos outros contratos (cincuenta e oito de cada cen). A contratación deste tipo realizouse case na súa totalidade no marco do subsector outros servizos, e máis concretamente en sanidade e servizos sociais. O segundo tipo de contratación máis frecuente é a temporal a tempo completo (vinte e seis de cada cen). Por sexos, os outros contratos predominan nas mulleres e os temporais a tempo completo nos homes.

- Os contratos encadráronse principalmente –setenta e oito de cada cen– nos seguintes catro grandes grupos de ocupación: traballadores de servizos de restauración; persoais, protección e vendedores de comercio; técnicos profesionais, científicos e intelectuais; traballadores non cualificados, e artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería. A ocupación máis contratada foi a de enfermeiro, seguido da de auxiliar de enfermería hospitalaria.
- En 2004 impartíronse trinta e un cursos de formación profesional ocupacional que contaron cunha asistencia total de 496 alumnos. As familias profesionais máis relevantes no contexto da comarca foron a dos servizos ás empresas e a de administración de oficinas.



# Comarca da Mariña Occidental



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>200</b>	<b>16,92</b>	<b>1.809</b>	<b>21,15</b>	<b>31</b>	<b>2,32</b>
Agricultura e pesca	200	16,92	1.809	21,15	31	2,32
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>105</b>	<b>8,88</b>	<b>2.686</b>	<b>31,41</b>	<b>86</b>	<b>6,43</b>
Industria e electricidade	105	8,88	2.686	31,41	86	6,43
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>146</b>	<b>12,35</b>	<b>1.075</b>	<b>12,57</b>	<b>201</b>	<b>15,03</b>
Construcción	146	12,35	1.075	12,57	201	15,03
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>731</b>	<b>61,84</b>	<b>2.982</b>	<b>34,87</b>	<b>1.019</b>	<b>76,22</b>
Comercio e hostalería	443	37,48	1.358	15,88	676	50,56
Transporte e comunicacións	38	3,21	191	2,23	86	6,43
Outros servizos	250	21,15	1.433	16,76	257	19,22
<b>TOTAL</b>	<b>1.182</b>	<b>100,00</b>	<b>8.552</b>	<b>100,00</b>	<b>1.337</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

O tecido empresarial comarcal sinala a importancia do sector servizos no referido ás empresas, aos traballadores autónomos e, en menor medida, aos traballadores por conta allea. Deste xeito, no ano 2004 concéntrase no sector o 61,84% das empresas, seguíndolle, a unha distancia considerable, o sector primario co 16,92%, a construción co 12,35% e o sector secundario co 8,88%. En canto aos subsectores, obsérvase que a maior parte das empresas se atopan no comercio e hostalería (37,48%) e nos outros servizos (21,15%).

Nos traballadores por conta allea prodúcese unha perda de peso relativo dos servizos (34,87%), en favor do sector secundario e do primario (31,41% e 21,15% respectivamente). No referido aos subsectores dos servizos, o maior volume de traballadores obsérvase nos outros servizos (16,76%) e no comercio e hostalería (15,88%).

Os autónomos concéntranse maioritariamente nos servizos (76,22%). A unha distancia considerable atópase a construción co 15,03%, o sector secundario co 6,43% e o sector primario co 2,32%. Hai que destacar a forte presenza de autónomos no subsector de comercio e hostalería, que representa o 50,56%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>269</b>	<b>261</b>	<b>242</b>	<b>183</b>	<b>200</b>
Agricultura e pesca	269	261	242	183	200
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>124</b>	<b>114</b>	<b>112</b>	<b>106</b>	<b>105</b>
Industria e electricidade	124	114	112	106	105
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>134</b>	<b>145</b>	<b>144</b>	<b>143</b>	<b>146</b>
Construcción	134	145	144	143	146
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>719</b>	<b>737</b>	<b>749</b>	<b>737</b>	<b>731</b>
Comercio e hostalería	445	449	452	435	443
Transporte e comunicacións	41	39	42	37	38
Outros servizos	233	249	255	265	250
<b>TOTAL</b>	<b>1.246</b>	<b>1.257</b>	<b>1.247</b>	<b>1.169</b>	<b>1.182</b>

As empresas da comarca da Mariña Occidental amosan unha tendencia ao retroceso durante o quinquenio 2000-2004 (variación media -1,31%). As empresas redúcense nos intervalos centrais do período, co maior descenso entre 2002 e 2003 (variación interanual -6,26%).

Os dous únicos sectores nos que aumenta o volume de empresas son a construción e o sector servizos. No caso da construción, este aumento reflíctese na variación media do 2,17%, acadada tras un incremento entre 2000-2001 (variación interanual do 8,21%) e posterior mantemento con moi leves oscilacións. Os servizos só aumentan as empresas nos dous primeiros intervalos, entre 2000 e 2001 (variación interanual do 2,50%) e entre 2001 e 2002 (variación interanual do 1,63%); posteriormente prodúcese un descenso, pero a variación media final é positiva (0,41%). O único subsector deste que crece é o dos outros servizos, presentando unha variación media do 1,78%.

O sector primario é o que experimenta o maior retroceso, cunha variación media de -7,14%. A pauta vén marcada por un descenso continuo, coa maior variación interanual entre 2002 e 2003, que é de -24,38%, ata que en 2004 se produce un crecemento que non compensa as perdas. En canto ao sector secundario, o descenso é continuo durante todo o quinquenio, cunha variación media final de -4,07%.

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.844</b>	<b>1.855</b>	<b>1.862</b>	<b>1.873</b>	<b>1.809</b>
Agricultura e pesca	1.844	1.855	1.862	1.873	1.809
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>2.531</b>	<b>2.579</b>	<b>2.621</b>	<b>2.648</b>	<b>2.686</b>
Industria e electricidade	2.531	2.579	2.621	2.648	2.686
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>1.125</b>	<b>1.054</b>	<b>1.080</b>	<b>1.079</b>	<b>1.075</b>
Construcción	1.125	1.054	1.080	1.079	1.075
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>3.130</b>	<b>2.966</b>	<b>3.051</b>	<b>2.967</b>	<b>2.982</b>
Comercio e hostalería	1.393	1.414	1.416	1.358	1.358
Transporte e comunicacións	152	210	164	155	191
Outros servizos	1.585	1.342	1.471	1.454	1.433
<b>TOTAL</b>	<b>8.630</b>	<b>8.454</b>	<b>8.614</b>	<b>8.567</b>	<b>8.552</b>



A evolución dos traballadores por conta allea no período 2000-2004 foi negativa (variación media de -0,23%), con descensos en todos os intervalos agás entre 2001 e 2002 (variación interanual do 1,89%).

Esta tendencia negativa é común a todos os sectores excepto o secundario, no que os traballadores aumentan de xeito continuo (variación media do 1,50%).

No sector primario o número de traballadores redúcese entre os anos 2003 e 2004 (variación interanual de -3,42), tras unha evolución caracterizada polo leve crecemento; a variación media final é de -0,48%.

Os traballadores da construción redúcense, presentando unha variación media de -1,13%. Neste caso os traballadores crecen levemente entre 2001 e 2002, diminuíndo nos demais intervalos, especialmente no primeiro.

Nos servizos prodúcese o maior descenso absoluto do conxunto dos sectores, cunha variación media de -1,20%. No intervalo 2000-2001 prodúcese o retroceso de maior magnitude (variación interanual de -5,24%), alternando, posteriormente, intervalos de crecemento con descensos. O subsector dos outros servizos é o que rexistra un maior descenso, cunha variación media de -2,49%, destacando, así mesmo, a variación interanual do intervalo 2000-2001, que é de -15,33%. Pola contra, o único subsector onde aumenta o número de traballadores é o de transporte e comunicacións, que presenta unha variación media do 5,88%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>18</b>	<b>22</b>	<b>23</b>	<b>30</b>	<b>31</b>
Agricultura e pesca	18	22	23	30	31
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>86</b>	<b>86</b>	<b>81</b>	<b>79</b>	<b>86</b>
Industria e electricidade	86	86	81	79	86
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>151</b>	<b>171</b>	<b>171</b>	<b>201</b>	<b>201</b>
Construción	151	171	171	201	201
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>860</b>	<b>883</b>	<b>910</b>	<b>951</b>	<b>1.019</b>
Comercio e hostalería	585	603	617	643	676
Transporte e comunicacións	80	80	79	78	86
Outros servizos	195	200	214	230	257
<b>TOTAL</b>	<b>1.115</b>	<b>1.162</b>	<b>1.185</b>	<b>1.261</b>	<b>1.337</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os traballadores autónomos da Mariña Occidental presentan unha evolución caracterizada polo crecemento continuo no conxunto dos sectores produtivos, cunha variación media final do 4,64%; destacan os incrementos producidos en 2003 e 2004, con variacións interanuais de 6,41% e 6,03%.

Todos os sectores incrementan o seu número de autónomos no transcurso destes cinco anos, excepto o sector secundario, que se mantén. No sector primario a variación media é do 14,56%, e manifesta unha subida constante no período, alternando a intensidade do crecemento.

No sector da construción a variación media é de 7,41%, acadada tras dous intervalos de crecemento entre 2000 e 2001 (variación interanual do 13,25%) e entre 2002 e 2003 (variación interanual do 17,54%).

No sector servizos o crecemento é continuo, cun aumento que vai gañando en intensidade, para obter unha variación media final de 4,33%. No referente aos subsectores, o que experimenta un maior crecemento en termos absolutos é o de comercio e hostalería, cunha variación media do 3,68%. A continuación sitúase outros servizos, cunha variación media final do 7,15%.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Cervo	208	112	320
O Vicedo	103	30	133
Ouroi	44	21	65
Viveiro	784	432	1.216
Xove	142	79	221
<b>TOTAL</b>	<b>1.281</b>	<b>674</b>	<b>1.955</b>

**TÁBOA 5:** Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia - PARADOS</b>	<b>7,98</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>8,05</b>

Na comarca da Mariña Occidental producíronse no ano 2004 un total de 1.955 demandas de emprego, repartidas maioritariamente entre os demandantes parados (65,52%), que superan aos non parados en todos os concellos da comarca.

O concello de Viveiro concentra a maior parte dos demandantes, o 62,20%; séguelle, a unha distancia importante, o concello de Cervo, co 16,37%, Xove (11,30%), O Vicedo (6,80%) e Ouroi (3,32%). Respecto á provincia de Lugo, o peso dos demandantes parados é do 7,98% do total provincial e o peso dos demandantes non parados é do 8,05%.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.250	1.174	1.237	1.373	1.281
Variación interanual %	-	-6,08	5,37	10,99	-6,70
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8,40</b>	<b>8,18</b>	<b>7,94</b>	<b>8,32</b>	<b>7,98</b>

**TÁBOA 6:** Evolución dos demandantes parados.

Analizando a evolución dos demandantes parados da comarca, obsérvase un leve crecemento no seu volume no transcorrer do período 2000-2004. A medra determínase polo acontecido nos anos 2002 e 2003, nos que se experimentan variacións interanuais de 5,37% e 10,99% respectivamente.

O peso relativo da comarca con respecto á provincia vaise reducindo ao longo do quinquenio, diminuíndo en 0,42 puntos porcentuais entre 2000 e 2004.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	195	9,97	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.086	55,55	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	71	3,63	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	273	13,96	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	126	6,45	4,66
	En expediente de regulación de emprego	33	1,69	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	132	6,75	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	24	1,23	2,99
	Resto de demandantes	15	0,77	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>1.955</b>	<b>100,00</b>

A maior porcentaxe de demandantes de emprego da comarca da Mariña Occidental compóñena parados con emprego anterior (55,55%). A continuación, a unha distancia considerable, sitúanse os non parados con emprego anterior (13,96%) e os parados sen emprego anterior (9,97%).

Comparando estes datos cos da provincia de Lugo, obsérvase unha similitude na distribución dos demandantes, sendo os colectivos máis representativos os comentados anteriormente.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	118	145	20,53	16,41
26 a 35 anos	146	261	31,77	29,04
36 a 45 anos	67	210	21,62	22,46
46 a 55 anos	68	130	15,46	17,95
56 e máis anos	85	51	10,62	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>484</b>	<b>797</b>	<b>100,00</b>	<b>7,98</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>7,98</b>	<b>100,00</b>

As demandantes mulleres conforman a maior porcentaxe de demandantes parados da comarca, o 62,22% do total de ambos os sexos, fronte ao 37,78% dos homes. No conxunto da provincia de Lugo tamén predominan as mulleres, aínda que se tende a unha feminización menor destes demandantes: 56,51% para o colectivo feminino e 43,49% para o colectivo masculino.

Cruzando sexo e idade, a maior parte dos demandantes son mulleres de 26 a 35 anos, representando o 20,37% do total da contratación, seguidas polas mulleres de 36 a 45 anos (16,39%) e polos homes de 26 a 35 anos (11,40%).

Sen facer distinción de xénero, algo máis da metade dos demandantes, o 52,30%, sitúanse por baixo dos 36 anos, sendo o grupo de idade máis numeroso o de 26 a 35 anos, co 31,77%, seguido do de 36 a 45 anos, que representa o 21,62%. Na provincia de Lugo hai unha proporción maior dos que están por riba dos 45 anos: 32,1% fronte ao 26,08% da comarca.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	58	89	21,81	20,01
26 a 35 anos	52	128	26,71	27,35
36 a 45 anos	46	106	22,55	20,67
46 a 55 anos	48	56	15,43	16,10
56 e máis anos	57	34	13,50	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>261</b>	<b>413</b>	<b>100,00</b>	<b>8,05</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>8,05</b>	<b>100,00</b>

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Tal como acontece cos demandantes parados, as mulleres seguen sendo predominantes entre os demandantes non parados, xa que representan o 61,28%. Esta porcentaxe é case idéntica á que se dá a nivel provincial, que é do 61,3%.

A maior parte dos demandantes non parados correspóndese con mulleres de 26 a 35 anos (18,99% do total de demandantes non parados), seguidas polas mulleres de 36 a 45 anos (15,73%) e as menores de 26 (13,20%).

En contraste cos demandantes parados, entre os non parados redúcese o volume de menores de 36 anos (48,52%), resultando, como consecuencia, un perfil máis envellecido, pero en menor medida do que acontece co provincial.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico pódese observar a distribución segundo o sexo e a idade dos demandantes parados e non parados, de xeito agrupado. O grupo de idade co maior peso porcentual é o de 26 a 35 anos, que supón o 30,03% do total das demandas comarcais. As mulleres predominan sobre os homes en todos os intervalos de idade, excepto entre os maiores de 55 anos.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	409	237	646
Titulación de ensinanza obrigatoria	443	204	647
Formación profesional	109	46	155
BUP/Bacharelato superior/COU	144	68	212
Titulados universitarios	112	96	208
Outras titulacións	64	23	87
<b>TOTAL</b>	<b>1.281</b>	<b>674</b>	<b>1.955</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A maioría dos demandantes, o 66,13%, teñen certificado de escolaridade ou titulación de ensinanza obrigatoria, supoñendo os primeiros o 33,04% e os segundos o 33,09%. A continuación sitúanse os que teñen estudos de bacharelato (10,84%), os titulados universitarios (10,64%) e os de formación profesional (7,93%).

En canto ás diferenzas entre demandantes parados e non parados, obsérvase o predominio dos que teñen ata certificado de escolaridade entre os segundos, en tanto que nos primeiros destacan os que teñen ensinanza obrigatoria. Con todo, os demandantes parados con certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria suman o 66,51% do total, mentres que os non parados con estes mesmos niveis de estudos representan o 65,43%.

Para os parados, o seguinte grupo en importancia compóñeno os que teñen titulación de bacharelato, seguido dos titulados universitarios, mentres que para os non parados o seguinte grupo en importancia son os titulados universitarios, seguidos dos de bacharelato, polo que se producen diferenzas na distribución das titulacións.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	93	13	12	118
	Mulleres	92	30	23	145
26 a 35 anos	Homes	96	22	28	146
	Mulleres	134	55	72	261
36 a 45 anos	Homes	47	8	12	67
	Mulleres	93	38	79	210
46 a 55 anos	Homes	38	X	27	68
	Mulleres	57	16	57	130
Máis de 55 anos	Homes	36	12	37	85
	Mulleres	14	7	30	51
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>700</b>	<b>X</b>	<b>377</b>	<b>1.281</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

Na comarca da Mariña Occidental, máis da metade dos demandantes parados levan menos de seis meses buscando emprego, trátase do 54,64%; séguellos os que levan máis de un ano, que son o 29,43% do total.

Segundo o sexo e a idade, a partir dos 55 anos, tanto para homes como para mulleres, predominan os demandantes parados de longa duración, mentres que nos intervalos de idade anteriores o máis frecuente é levar menos de seis meses no proceso de busca de emprego. Porén, entre as mulleres de 46 a 55 anos prevalecen por igual as dúas situacións.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses, a presenza porcentual feminina é do 30,44% do total, fronte ao 24,2% da masculina, e entre os de longa duración o peso relativo das mulleres é do 20,36%, fronte ao 9,07% dos homes.

Na provincia, o colectivo predominante segue a ser o dos que levan buscando traballo menos de seis meses, 48,47%, sendo do 35,96% no grupo de demandantes que levan buscando máis dun ano.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	60	59	119
Sector secundario	121	62	183
Construción	142	46	188
Sector servizos	766	425	1.191
Sen actividade previa	192	82	274
<b>TOTAL</b>	<b>1.281</b>	<b>674</b>	<b>1.955</b>

TABOA 11: Demandantes por actividade económica.

A maioría dos demandantes, sexan ou non parados, proceden do sector servizos (60,92%), sendo a porcentaxe dos parados do 59,80% e a dos non parados do 63,06%.

A continuación sitúanse, no colectivo dos parados, os que se rexistran dentro da construción, que supoñen o 11,09%. No caso dos non parados, séguenlle os do sector secundario (9,20%). No conxunto de demandantes, descontando os que non tiñan actividade previa, o segundo sector en importancia é o da construción (9,62%), seguida do secundario (9,36%).





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

A maior parte de demandantes parados na industria derivanse da alimentación (46%), seguida das outras industrias (21%) e a metalurxia e fabricación de produtos metálicos (19%).

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



As actividades que, no marco dos servizos, agrupan a meirande parte dos demandantes parados son as de administracións públicas (29%), comercio (20%) e hostalería (17%).

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da ind. manufactureira, en xeral	168	8,59	3,77
Dependente de comercio, en xeral	162	8,29	8,39
Empregado administrativo, en xeral	155	7,93	8,75
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	151	7,72	7,40
Limpador-preparador de peixe para conserva	107	5,47	0,52
Albanel	50	2,56	2,90
Peón da construción de edificios	39	1,99	3,09
Camareiro, en xeral	38	1,94	2,07
Mestre de educación primaria, en xeral	30	1,53	1,22
Cociñeiro, en xeral	24	1,23	1,65

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	<b>Titulación de ensinanza obrigatoria</b>	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Peón da ind. manufactureira, en xeral</b>	Empregado administrativo, en xeral



## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
Cervo	118
O Vicedo	8
Ouroil	8
Viveiro	383
Xove	15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>532</b>

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	5,91

Na comarca da Mariña Occidental producíronse no ano 2004 un total de 532 ofertas de emprego, que representan o 5,91% do total das da provincia de Lugo.

A maioría destas ofertas concéntranse no concello de Viveiro, o que representa o 71,99% do total. O segundo concello en importancia é o de Cervo, co 22,18%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Cervo	49	29	231	56	118
O Vicedo	1	20	10	15	8
Ouroil	1	15	12	8	8
Viveiro	414	447	428	703	383
Xove	55	21	28	38	15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>520</b>	<b>532</b>	<b>709</b>	<b>820</b>	<b>532</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.


A comarca da Mariña Occidental, durante o período 2000-2004, obtén unha leve evolución positiva no referido ao número de ofertas, cunha variación media de 0,57%. A única variación interanual da comarca que amosa un saldo negativo ten a intensidade suficiente como para deixala en valores similares ao do inicio do quinquenio, tras varios anos de subida continua. Acontece entre 2003 e 2004 e obtén unha variación interanual de -35,12%.

A evolución provincial é semellante á descrita para a comarca: a variación media para o período é de 0,64%, e presenta un único intervalo de retroceso, entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -11,81%.

Analizando os diferentes concellos de xeito individual, obsérvase que o maior descenso en termos absolutos prodúcese no concello de Xove (variación media de -27,73%). As ofertas realizadas neste concello redúcense nos intervalos inicial e final do período; destaca a variación interanual do primeiro deles, que é de -61,82%. No concello de Viveiro dáse un descenso de variación media -1,93%, e obsérvanse oscilacións importantes no transcorrer do quinquenio, destacando as variacións dos intervalos 2002-2003 (64,25%) e 2003-2004 (-45,52%).

Os concellos de Cervo e O Vicedo alternan os intervalos de crecemento cos de retroceso, para acadar as variacións medias respectivas de 24,57% e 68,18%. O concello de Oroul, tras un forte crecemento entre 2000 e 2001, perde volume de ofertas posteriormente.

**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Mentres en Viveiro hai un aumento das ofertas en 2001 e 2003 e un descenso no resto de anos, sobre todo en 2004, no resto de concellos os decrecementos prodúcense en 2001 e 2003 e os incrementos en 2002 e 2004.


### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Cervo	0	21	7	90
O Vicedo	0	0	0	8
Oroul	2	0	0	6
Viveiro	4	35	61	283
Xove	0	2	1	12
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>6</b>	<b>58</b>	<b>69</b>	<b>399</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

O concello de Viveiro, o que ten un maior número de ofertas, concentra o 70,93% das producidas nos servizos, o 88,41% das da construción e o 60,34% das do sector secundario. O concello de Cervo obtén o 22,56% das ofertas producidas nos servizos, o 36,21% das do sector secundario e o 10,14% das da construción.

**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



A maioría das ofertas de emprego da comarca concéntranse nos servizos (75%). A considerable distancia sitúanse as procedentes do sector da construción, co 13%, e do secundario, co 11%.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

Na industria, o 31% das ofertas prodúcese na metalurxia e fabricación de produtos metálicos, o 29% nas outras industrias e o 25% na fabricación de material de transporte.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

O 64% das ofertas dos servizos derivan das administracións públicas. Un 15% da hostalería e un 6% do comercio.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	31	14	22	30	6
Secundario	57	27	32	42	58
Construción	92	93	116	71	69
Servizos	340	398	539	677	399
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>520</b>	<b>532</b>	<b>709</b>	<b>820</b>	<b>532</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

O sector máis importante en canto ao volume de ofertas, o dos servizos, presenta o maior crecemento (variación media do 4,08%), cunha evolución caracterizada polo aumento continuo ata 2004, ano no que se produce un retroceso (variación interanual de -41,06%). O sector secundario decrece entre 2000 e 2001 de maneira considerable para, a partir de aí, medrar constantemente ata retornar ao nivel do inicio do período.

En canto aos sectores que decrecen, o primario, tras fortes caídas en 2001 e 2004, acada unha variación media de -33,67%. A construción descende nos dous últimos intervalos do período, entre 2002 e 2003 (variación interanual de -38,79%) e entre 2003 e 2004, sendo a súa variación media de -6,94%.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Só o 6,77% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego establecen o sexo como requisito para acceder a un posto de traballo. Destas ofertas, o 86,11% demandan homes e tan só o 13,89% restante solicitan mulleres. Dentro destas ofertas, na construción e no sector secundario só se demandan homes, e nos servizos máis homes que mulleres. Dentro dos servizos, os homes requírense para as actividades inmobiliarias e as mulleres para o comercio.

O 48,12% das ofertas establecen como esixencia un determinado nivel de estudos. O 61,33% delas exixen certificado de escolaridade e un 13,28% titulación universitaria. A actividade onde máis ofertas se producen para todos os niveis académicos é na de administracións públicas.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	25	38	13	26	19
Administrativo	12	7	9	4	15
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	1	4	6	7	11
Peón de albanel/Peón de obras públicas	21	27	31	19	9
Axudante de cociña	0	0	0	0	9
Encofrador	18	12	3	9	8
Dependente en xeral	7	12	10	7	7
Enx. industrial - Mecánica	0	0	0	0	7
Delineante edificios e obras	0	0	3	1	6
Soldador	8	3	2	12	6

No ano 2004, nos centros colaboradores do servizo público de emprego na Mariña Occidental, as ocupacións máis ofertadas son as de camareiro-barman, administrativo e cociñeiro/grelleiro/pizzeiro/pranchista. No que atinxe á súa evolución, a primeira amosa descontinuidade na súa evolución, obtendo unha variación media final do -6,63%, mentres que a segunda medra (variación media do 5,74%), tras o incremento do último ano.

O maior incremento prodúcese na ocupación de cociñeiro/grelleiro/pizzeiro/pranchista (variación media do 82,12%). Pola contra, a ocupación que máis

descende é a de peón de albanel/peón de obras públicas (variación media de -19,09%), seguida da de encofrador (variación media de -18,35%).

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón da ind. manufactureira, en xeral	20	20	24	249	43
Técnico de protección civil	12	17	12	12	12
Peón da construción de edificios	2	4	42	4	10
Ferrallista	0	3	1	4	9
Mensaxeiro correspondencia motorizado	0	0	0	0	8
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	16	11	7	9	8
Traballador retén incendios forestais	0	0	0	0	8
Clasificador-repartidor correspondencia	1	1	2	4	7
Camareiro, en xeral	3	4	7	10	7
Canteiro de construción	0	0	0	0	7

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis ofertada é a de peón da industria manufactureira, seguida polas de técnico de protección civil e peón da construción de edificios. É moi destacable o forte aumento do número de ofertas da ocupación de peón da industria manufactureira en 2003, ano en que se multiplica por dez o seu volume, para reducirse de novo bruscamente no último ano. Non obstante, a súa evolución durante o quinquenio é positiva (variación media de 21,09%).

Unha situación moi similar sucede coa de peón da construción de edificios, se ben este forte aumento prodúcese en 2002.

Destas dez ocupacións, só se reducen as ofertas na de asistente domiciliario (variación media de -15,91%).

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
Cervo	1.184
O Vicedo	214
Ourol	151
Viveiro	3.494
Xove	437
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>5.480</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

Na comarca da Mariña Occidental realizáronse no ano 2004 un total de 5.480 contratos, o que representa o 7,48% dos asinados na provincia de Lugo. O 63,76% destes contratos producíronse no concello de Viveiro. O seguinte concello en importancia é Cervo, co 21,61% dos contratos, seguido de Xove (7,97%), O Vicedo (3,91%) e Ourol (2,76%).

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Cervo	1.522	1.255	1.407	1.306	1.184
O Vicedo	167	188	159	262	214
Ourol	168	169	142	143	151
Viveiro	3.117	3.004	3.135	3.316	3.494
Xove	421	457	536	526	437
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>5.395</b>	<b>5.073</b>	<b>5.379</b>	<b>5.553</b>	<b>5.480</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

A contratación a nivel comarcal e provincial amosa un leve crecemento no transcurso do período 2000-2004. A variación media para a comarca é de 0,39% e para a provincia é de 0,54%. A evolución comarcal caracterízase polos retrocesos ao inicio e ao final do período mentres que os contratos da provincia retroceden nos dous primeiros intervalos do quinquenio e aumenta nos seguintes.

No concello de Cervo prodúcese o maior descenso na contratación (variación media de -6,09%), tras un quinquenio caracterizado polos retrocesos en todos os intervalos agás no 2001-2002. A maior baixada obsérvase entre 2000 e 2001 (variación interanual de -17,54%). O concello de Ourol, tras un único intervalo de descenso entre 2001 e 2002, obtén unha variación media de -2,63%.

O concello co maior crecemento relativo nos contratos é O Vicedo (variación media do 6,40%) e cunha evolución determinada pola alternancia de períodos de crecemento con períodos de retroceso; o máximo crecemento prodúcese entre 2002 e 2003 (variación interanual 64,78%).

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

O concello de Viveiro, o que presenta un maior volume de contratos, é o que máis crece en termos absolutos (variación media do 2,90%). Neste caso, os contratos só descenden entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -3,63%. Nos demais anos prodúcese un aumento continuo, rexistrándose no intervalo 2002-2003 unha variación interanual de 5,77%.

A contratación ascende lixeiramente en Xove (variación media do 0,94%). Os crecementos só se producen nos dous primeiros intervalos; nos seguintes prodúcense descensos.

#### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	893	663	1.556
De 26 a 35 anos	1.058	845	1.903
De 36 a 45 anos	638	481	1.119
De 46 a 55 anos	470	245	715
De 56 e máis anos	152	35	187
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>3.211</b>	<b>2.269</b>	<b>5.480</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución contractual segundo sexo amosa que se produce desigualdade entre o colectivo masculino e o feminino. Os homes agrupan o 58,59% da contratación comarcal e as mulleres o 41,41%. No ámbito provincial a situación difire, xa que predomina levemente a contratación feminina, realizándose o 48,55% dos contratos aos homes e o 51,45% ás mulleres.

Tanto a contratación masculina como a feminina agrúpase nos intervalos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, onde se concentra o 63,13% dos contratos, repartidos o 35,61% entre os homes e o 27,52% entre as mulleres. Entre os contratados maiores de 45 anos obsérvase, de novo, unha maior presenza masculina que feminina, o 11,35% fronte ao 5,11%.


	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	3.316	3.125	3.276	3.204	3.211
Mulleres	2.079	1.948	2.103	2.349	2.269
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.395</b>	<b>5.073</b>	<b>5.379</b>	<b>5.553</b>	<b>5.480</b>

**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución da contratación segundo o sexo reflicte unha tendencia negativa no caso dos homes, reducíndose os contratos nos intervalos 2000 e 2001 (variación interanual de -5,76%) e entre 2002 e 2003 (variación interanual de -2,20%), acadando unha variación media final negativa de -0,80%.

O colectivo feminino tende ao crecemento, cunha variación media de 2,21%. Neste grupo, os contratos diminúen entre os anos 2000-2001 e 2003-2004, e hai que destacar o forte incremento que se observa no intervalo 2002-2003, cunha variación interanual do 11,70%.

**GRÁFICO 8:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos do período. Deste xeito, obsérvase que a distancia porcentual que había entre as contratacións dos homes e das mulleres no ano 2000 era de 22,92 puntos porcentuais, que se reducen ata os 17,18 puntos no ano 2004.

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.856	1.678	1.784	1.678	1.556
De 26 a 35 anos	1.669	1.675	1.784	1.950	1.903
De 36 a 45 anos	1.187	1.084	1.104	1.114	1.119
De 46 a 55 anos	543	476	524	621	715
De 56 e máis anos	140	160	183	190	187
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.395</b>	<b>5.073</b>	<b>5.379</b>	<b>5.553</b>	<b>5.480</b>

A evolución da contratación no período 2000-2004 amosa un comportamento negativo para os menores de 26 anos e para os que teñen entre 36 e 45 anos, con variacións medias de -4,31% e -1,46% respectivamente. Para os menores de 26 anos prodúcese un único intervalo de crecemento entre 2001 e 2002 (variación interanual de 6,32%), co máximo descenso entre 2000 e 2001 (variación interanual de -9,59%). No grupo de 36 a 45 anos, o decrecemento dáse entre 2000 e 2001 (variación interanual de -8,68%), con incrementos moderados nos demais intervalos que non chegan a compensar a perda na contratación producida ao inicio do período.

Nos intervalos de entre 26 e 35 anos e dos maiores de 55 anos, os contratos aumentan continuamente ata 2003; prodúcese reducións en 2004, cunha variación interanual de -2,41% e de -1,58% respectivamente. Con todo, estes grupos obteñen un saldo positivo final reflectido nas variacións medias respectivas do 3,33% e do 7,50%.

O intervalo de 46 a 55 anos amosa un aumento da contratación cunha variación media do 7,12%, dándose un único descenso entre 2000 e 2001,



cunha variación interanual de -12,34%: Posteriormente, recupérase con crecemento continuo e superan o valor dos contratos no inicio do período.


### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>668</b>
Agricultura e pesca	668
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>585</b>
Industria e electricidade	585
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>697</b>
Construcción	697
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>3.530</b>
Comercio e hostalería	1.206
Transporte e comunicacións	232
Outros servizos	2.092
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.480</b>

**TABOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

No ano 2004, o sector servizos concentra a maior parte dos contratos realizados na comarca, o 64,42%. Dentro deste sector, o subsector co maior volume contractual é o de outros servizos, co 38,18%, seguido do comercio e hostalería, co 22,01%.


O segundo sector en importancia é a construción, co 12,72% da contratación, seguido do sector primario, co 12,19%, e do secundario, co 10,68%.



**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación na industria.

O 34% da contratación na industria sitúase nas actividades de outras industrias, seguidas pola alimentación e metalurxia, ambas cun 19%.

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 24% dos contratos rexistrados dentro dos servizos prodúcense na sanidade e servizos sociais. Séguenlles as actividades de hostalería, co 18%; as das administracións públicas, co 15%, e o comercio, co 14%.

**TÁBOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>654</b>	<b>14</b>	<b>66</b>	<b>197</b>	<b>249</b>	<b>142</b>	<b>14</b>
Agricultura e pesca	654	14	66	197	249	142	14
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>470</b>	<b>115</b>	<b>213</b>	<b>211</b>	<b>75</b>	<b>39</b>	<b>47</b>
Industria e electricidade	470	115	213	211	75	39	47
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>672</b>	<b>25</b>	<b>238</b>	<b>200</b>	<b>147</b>	<b>81</b>	<b>31</b>
Construción	672	25	238	200	147	81	31
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.415</b>	<b>2.115</b>	<b>1.039</b>	<b>1.295</b>	<b>648</b>	<b>453</b>	<b>95</b>
Comercio e hostalería	401	805	501	365	218	96	26
Transporte e comunicacións	172	60	54	81	50	33	14
Outros servizos	842	1.250	484	849	380	324	55
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.211</b>	<b>2.269</b>	<b>1.556</b>	<b>1.903</b>	<b>1.119</b>	<b>715</b>	<b>187</b>

Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, o sector que máis contratos concentra é o dos servizos. Así, o 38,59% dos contratos totais son realizados a mulleres neste sector; destaca o subsector outros servizos, co 22,81%. O seguinte sector en importancia para as mulleres é o secundario, co 2,10% da contratación total.

En canto ao colectivo masculino, a maior parte dos contratos tamén se realizan nos servizos, con maior presenza no subsector outros servizos. Séguelle a construción, co 12,26% da contratación total da comarca, o sector primario, co 11,93%, e o secundario, co 8,58%.

O sector servizos tamén predomina en todos os grupos de idade, seguido polo da construción nos menores de 26 anos, polo sector secundario nos de entre 26 e 35 anos e nos maiores de 55 anos, e polo primario nos de entre 36 e 45 anos e nos de entre 46 e 55 anos. No relativo aos subsectores, o dos outros servizos é o máis representativo en todos os grupos de idade agás nos menores de 26 anos, nos que predomina o comercio.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>552</b>	<b>432</b>	<b>472</b>	<b>528</b>	<b>668</b>
Agricultura e pesca	552	432	472	528	668
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>585</b>	<b>553</b>	<b>659</b>	<b>623</b>	<b>585</b>
Industria e electricidade	585	553	659	623	585
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>874</b>	<b>832</b>	<b>778</b>	<b>769</b>	<b>697</b>
Construcción	874	832	778	769	697
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>3.384</b>	<b>3.256</b>	<b>3.470</b>	<b>3.633</b>	<b>3.530</b>
Comercio e hostalería	1.015	987	1.085	1.084	1.206
Transporte e comunicacións	148	224	202	212	232
Outros servizos	2.221	2.045	2.183	2.337	2.092
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.395</b>	<b>5.073</b>	<b>5.379</b>	<b>5.553</b>	<b>5.480</b>


**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004, o único sector que retrocedeu na contratación é a construción, cunha variación media de -5,50%, acadada tras o descenso continuo durante o quinquenio; a maior intensidade de descenso foi entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -9,36%. O sector secundario mantense, ao final do quinquenio, nos mesmos valores que ao inicio, tras unha evolución caracterizada polo crecemento que se deu entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 19,17% e polo posterior retroceso nos contratos.

O crecemento absoluto máis pronunciado rexístrase no sector servizos, cunha variación media final do 1,06%, acada tras un aumento dos contratos nos intervalos centrais do período: entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 6,57%, e entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do 4,70%. Tendo en conta os subsectores, no comercio e hostalería prodúcese o maior crecemento absoluto, que obtén unha variación media do 4,40%. No transporte e comunicacións experimentábase o crecemento relativo máis destacado, cunha variación media 11,89%.

No sector primario prodúcese unha tendencia positiva reflectida na variación media do 4,88%, tras unha evolución marcada por un retroceso inicial nos contratos, entre 2000 e 2001 cunha variación interanual de -21,74%, e cun crecemento continuo posterior que vai adquirindo intensidade co paso do tempo entre 2003 e 2004, variación interanual 26,52%.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral



**GRÁFICO 11:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

A comarca da Mariña Occidental caracterízase pola importancia da contratación temporal a tempo completo, o 51%, seguida pola dos contratos temporais a tempo parcial, o 18%.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	588	53	63	187	245	133	13
Indefinido tempo parcial	5	28	11	11	5	6	0
Temporal	1.859	961	881	993	546	301	99
Temporal tempo parcial	346	642	386	310	161	71	60
Prácticas/Formación	81	104	131	22	18	13	X
Outros	332	481	84	380	144	191	14
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.211</b>	<b>2.269</b>	<b>1.556</b>	<b>1.903</b>	<b>1.119</b>	<b>715</b>	<b>X</b>

Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, a modalidade de contratación predominante é a temporal a tempo completo, e o mesmo acontece en todos os grupos de idade. Nas modalidades a tempo parcial, nas de prácticas/formación e nos da tipoloxía outros predomina a contratación de mulleres, e nas restantes a realizada a homes.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que obtén un maior peso relativo en todos os intervalos de idade e acada o volume máis elevado nos menores de 36 anos, o 34,20% do conxunto da contratación. O mesmo acontece cos contratos temporais a tempo parcial, xa que o 12,70% aparece nestes dous tramos de idade.

A segunda modalidade máis importante é a temporal a tempo parcial para os menores de 26 anos e os maiores de 55, a indefinida a tempo completo para os que teñen entre 36 e 45 anos e os da tipoloxía outros para os que se sitúan entre os 26 e 35 anos e os de entre 46 e 55 anos.

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr., Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	530	10	17	52	17	15	84
Indefinido tempo parcial	0	0	0	23	X	7	33
Temporal	133	440	628	693	154	772	1.619
Temporal tempo parcial	4	108	22	392	55	407	854
Prácticas/Formación	X	27	30	46	X	78	127
Outros	0	0	0	0	0	813	813
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>585</b>	<b>697</b>	<b>1.206</b>	<b>232</b>	<b>2.092</b>	<b>3.530</b>

Todas as modalidades de contratación concéntranse, na súa maior parte, no sector servizos, agás os indefinidos a tempo completo, que o fan no sector primario co 9,67% do total da contratación.

En canto aos subsectores, os outros servizos concentran a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, o 14,09% do volume de contratos da

comarca, seguido por comercio e hostalería, que recolle o 12,65%. O primeiro subsector concentra a totalidade dos contratos da modalidade outros. Os contratos temporais a tempo parcial sitúanse, maioritariamente, nos subsectores de outros servizos e comercio.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	552	471	398	447	641
Indefinido tempo parcial	34	37	39	37	33
Temporal	3.183	2.704	2.795	3.179	2.820
Temporal tempo parcial	745	944	1.100	971	988
Prácticas/Formación	215	141	204	177	185
Outros	666	776	843	742	813
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.395</b>	<b>5.073</b>	<b>5.379</b>	<b>5.553</b>	<b>5.480</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

As modalidades de contratación nas que se produce retroceso durante o período 2000-2004 son os indefinidos a tempo parcial, os temporais a tempo completo e en prácticas/formación. Nos contratos indefinidos o descenso é moi leve, tratándose máis ben dun mantemento ao longo do período. Os contratos temporais a tempo completo experimentan o maior descenso absoluto, cunha variación media de -2,98% e cunha evolución determinada por dous importantes descensos ao inicio e ao final do quinquenio: entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -15,05%, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -11,29%. Os contratos en prácticas/formación descenden, cunha variación media de -3,69%, cunha evolución caracterizada pola alternancia de intervalos de descenso con crecemento. O descenso máis pronunciado prodúcese entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -34,42%.

Os contratos temporais a tempo parcial increméntanse, cunha variación media do 7,31%. A súa evolución caracterízase por un único intervalo de descenso entre 2002 e 2003, sendo os demais positivos e destacando o crecemento producido entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 26,71%. Os contratos indefinidos a tempo completo aumentan nos dous últimos intervalos do período, tras un inicio determinado polos descensos, a variación media final obtida é de 3,81%.

Os da tipoloxía outros tamén aumentan no conxunto do período, cunha variación media de 5,11%, tras rexistrar un só descenso entre 2002 e 2003.

### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>12</b>	<b>0,00</b>
HOMES	7	-6,09
MULLERES	5	13,62
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>584</b>	<b>3,14</b>
HOMES	256	-1,77
MULLERES	328	8,01
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>269</b>	<b>7,56</b>
HOMES	191	8,86
MULLERES	78	4,66
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>351</b>	<b>1,02</b>
HOMES	77	3,16
MULLERES	274	0,46
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>1.465</b>	<b>7,45</b>
HOMES	469	8,14
MULLERES	996	7,14
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>518</b>	<b>5,57</b>
HOMES	493	5,10
MULLERES	25	17,76
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>815</b>	<b>-9,41</b>
HOMES	748	-3,48
MULLERES	67	-33,76
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>297</b>	<b>-2,15</b>
HOMES	284	0,45
MULLERES	13	-26,69
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>1.169</b>	<b>-2,22</b>
HOMES	686	-7,57
MULLERES	483	9,25
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.480</b>	<b>0,39</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>3.211</b>	<b>-0,80</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>2.269</b>	<b>2,21</b>

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca da Mariña Occidental son os seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 26,73%.
- Traballadores non cualificados: 21,33%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 14,87%.

Atendendo á distribución segundo o sexo nos grupos de ocupación, aprécianse diferenzas significativas nos contratos:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 13,65%.</li> <li>• Traballadores non cualificados: 12,52%.</li> <li>• Traballadores de servizos de restauración, persoais e vendedores de comercio: 8,56%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio: 18,18%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 8,81%.</li> <li>• Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 5,99%.</li> </ul>

En tres grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, que son os seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supón un 18,18% da contratación total, fronte ao 8,56% da masculina.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais. A contratación das mulleres representa un 5,99% e a dos homes un 4,67%.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos representan un 5% do total de contratos, fronte ao 1,41% dos masculinos.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	437	339	98	77,57
63230055	Mariñeiro de pesca	430	430	0	100,00
50200018	Camareiro, en xeral	334	134	200	40,12
21210011	Médico, medicina xeral	303	126	177	41,58
51120012	Auxiliar enfermería atención primaria	262	110	152	41,98
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	241	21	220	8,71
53300010	Dependente de comercio, en xeral	226	32	194	14,16
71100016	Albanel	202	191	11	94,55
42100010	Empregado administrativo, en xeral	197	39	158	19,80
50100017	Cociñeiro, en xeral	161	23	138	14,29
	<b>TOTAL</b>	<b>2.793</b>	<b>1.445</b>	<b>1.348</b>	<b>51,74</b>

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Dos contratos realizados na comarca en 2004, o 50,97% asínanse dentro das dez ocupacións máis contratadas. A ocupación máis contratada é a de peón da industria manufactureira seguida da de mariñeiro de pesca e camareiro. Prodúcese diferenzas entre homes e mulleres; deste xeito, para os primeiros as ocupacións máis contratadas son as de mariñeiro de pesca seguida de peón da industria manufactureira e albanel, mentres que para as mulleres son as de muller de limpeza, camareira e dependenta de comercio.

A presenza da contratación masculina é similar á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal como reflicte o ratio de masculinidade do 51,74%. Destacan, polo alto nivel de contratación masculina, as ocupacións de mariñeiro de pesca, albanel e peón da industria manufactureira, mentres que teñen un perfil feminino as contratacións de muller/mozo de limpeza, dependenta de comercio e cociñeira.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	701	568	410	692	437
63230055	Mariñeiro de pesca	319	252	215	236	430
50200018	Camareiro, en xeral	253	269	294	272	334
21210011	Médico, medicina xeral	224	343	250	238	303
51120012	Auxiliar enfermería atención primaria	119	202	383	272	262
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	176	201	249	266	241
53300010	Dependente de comercio, en xeral	175	191	206	237	226
71100016	Albanel	243	270	201	198	202
42100010	Empregado administrativo, en xeral	212	167	170	191	197
50100017	Cociñeiro, en xeral	129	128	159	146	161
86300016	Conductor de camión, en xeral	136	127	139	126	89
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	75	73	160	71	54
78010194	Limpador-preparador de peixe para conserva	296	89	35	33	X

No que atinxe á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre o ano 2000 e 2004, obsérvase que tres ocupacións non figuran na lista no ano 2004: conductor de camión, asistente domiciliario e limpador-preparador de peixe para conserva. Nestas tres ocupacións redúcense porcentualmente os contratos, sendo superadas por outras ocupacións.

Nas dez ocupacións máis contratadas en 2004, a maior subida prodúcese na de auxiliar de enfermería, que acadou unha variación media do 21,81%. Pola contra, o maior descenso dáse na de peón da industria manufactureira, cunha variación media de -11,14%, que, malia os grandes descensos producidos no quinquenio, segue a ser a ocupación máis contratada.

Nas ocupacións de mariñeiro de pesca, camareiro e médico aumenta a contratación ao longo do quinquenio, destacando en todas elas o repunte da contratación producida en 2004.



## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Administración e oficinas	14	2,43	1	2,94
Servizos ás empresas	239	10,58	15	10,56
Edificación e obras públicas	45	8,11	3	9,09
Formación complementaria	14	48,28	1	50,00
Fabricación de equipos electromecánicos	15	8,33	1	9,09
Industrias alimentarias	16	11,59	1	12,50
Industria pesada e construcións metálicas	48	38,71	3	37,50
Industrias da madeira e a cortiza	10	6,94	1	11,11
Mantemento e reparación	13	12,15	1	16,67
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	35	66,04	3	75,00
Sanidade	50	9,82	3	10,34
Servizos á comunidade e persoais	19	5,86	1	5,00
Transportes e comunicacións	17	8,59	1	8,33
Turismo e hostalería	33	18,03	2	18,18
<b>TOTAL</b>	<b>568</b>	<b>8,82</b>	<b>37</b>	<b>9,34</b>

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

Na comarca da Mariña Occidental participaron 568 alumnos en formación profesional ocupacional no ano 2004, o que supón o 8,82% dos alumnos da provincia de Lugo. En canto aos cursos impartidos, o seu volume ascende a 37, o 9,34% do total provincial.


A maior parte da formación concéntrase na familia de servizos ás empresas, co 42,08% dos alumnos comarcais e co 40,54% dos cursos. En segundo lugar atópase a familia de sanidade co 8,80% dos alumnos.

En canto ao peso relativo dos alumnos comarcais e dos cursos con respecto á provincia, cabe salientar os da familia de produción, transformación e distribución de enerxía e auga, co 66,04% do alumnado e o 75% dos cursos.

## 5.6.- CONCLUSIÓNS

- A maioría das empresas e traballadores autónomos da comarca da Mariña Occidental agrúpanse no sector servizos. O sector servizos predomina entre os traballadores por conta allea, pero faino en menor medida, obtendo maior presenza o sector secundario e primario.
- Entre os anos 2000 e 2004 producíronse descensos nas empresas e nos traballadores por conta allea, mentres que o volume de traballadores autónomos ascendeu.
- A construción e o sector servizos rexistran crecemento no número de empresas e autónomos, descendendo no volume de traballadores por conta allea. O sector secundario só descende no número de empresas e o sector primario só incrementa o número de autónomos.
- Na comarca agrúpanse o 7,98% dos demandantes parados da provincia e o 8,05% dos demandantes non parados. O concello de Viveiro é o que ten o maior volume de demandantes.
- As mulleres predominan tanto entre demandantes parados como non parados. En canto á idade, o grupo de idade no que se dan máis casos de demandantes é o de entre 26 e 35 anos, seguido dos de entre 36 e 45 anos.
- Máis de cinco de cada dez demandantes son parados con emprego anterior, seguidos, a unha distancia importante, polos non parados con emprego anterior; esta distribución é moi semellante á provincial. En canto ao nivel académico, o grupo máis importante é o dos demandantes con certificado de escolaridade e ensino obrigatorio.
- Tal como acontece na provincia de Lugo, a maioría dos demandantes parados comarcais levan buscando emprego menos de seis meses. A partir dos 55 anos, tanto para homes como para mulleres, predominan os parados de longa duración, tendo maior presenza o colectivo feminino.
- Seis de cada dez demandantes comarcais proceden do sector servizos, no que destacan as actividades das administracións públicas e comercio. Na industria obtén maior presenza as de alimentación e outras industrias.
- A ocupación máis demandada na comarca é a de peón da industria manufacturera, mentres que na provincia é a de empregado administrativo. O nivel máis frecuente é o de titulación de ensinanza obrigatoria, mentres que na provincia é o certificado de escolaridade. Nos demais aspectos, os perfís comarcais e provinciais en relación cos demandantes son coincidentes.
- A comarca rexistra, en 2004, o 5,91% das ofertas da provincia de Lugo, destacando, tal como acontecía coas demandas, o concello de Viveiro, no que se producen sete de cada dez ofertas. No período 2000-2004, dáse na comarca un lixeiro ascenso das ofertas, máis moderado que o acontecido na provincia.
- Máis de sete de cada dez ofertas proceden dos servizos, o concello de Viveiro é o que concentra un maior número de ofertas para todo os sectores. Entre 2000 e 2004 prodúcese un retroceso nas ofertas do sector primario e da construción, aumentando no secundario e servizos.
- Dentro da industria destacan as ofertas procedentes da actividade de metalurxia e fabricación de produtos metálicos. Nos servizos sobresaen as derivadas das administracións públicas.
- Só seis de cada cen ofertas producidas en 2004 solicitan traballadores segundo o sexo, requirindo maioritariamente homes. No que atinxe ao nivel de estudos, case cinco de cada dez demandan a posesión dunha titulación determinada, maioritariamente o certificado de escolaridade.

- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego son as de camareiro-barman e administrativo. Nas oficinas de emprego destacan as de peón da industria manufactureira e técnico de protección civil.
- Na Mariña Occidental producíronse en 2004 o 7,48% dos contratos da provincia de Lugo. Mais de seis de cada dez contratos asínanse en Viveiro. A tendencia da contratación comarcal no transcurso do quinquenio é positiva, aínda que con menor intensidade que na provincia.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina, mentres que na provincia acontece o oposto. A evolución da contratación segundo o sexo amosa unha tendencia negativa para os homes e positiva para as mulleres.
- Os contratos concéntranse nos traballadores de entre 26 e 35 anos, seguidos dos menores de 26 anos. Analizando a evolución dos contratos, prodúcese descenso entre os menores de 26 anos e entre os de 36 a 45 anos, incrementándose nos demais grupos de idade.
- No sector servizos prodúcese máis de seis de cada dez contratos, destacando os das actividades de sanidade e servizos sociais. O segundo sector en importancia é a construción. En canto ás actividades da industria, sobresaen as derivadas das outras industrias.
- Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, o sector que máis contratos concentra é o dos servizos. En todos os intervalos de idade tamén se produce unha alta concentración dos contratos no dito sector. Durante o quinquenio incrementase a contratación nos sectores primario e dos servizos, mantense no sector secundario e descende na construción.
- Algo máis de cinco de cada dez contratos son temporais a tempo completo e case dous de cada dez son temporais a tempo parcial. A primeira modalidade de contratación predomina en ambos os sexos, en todos os grupos de idade e en todos os sectores produtivos, agás o primario, no que predominan os contratos indefinidos a tempo completo. As mulleres destacan nas modalidades a tempo parcial. Durante o período 2000-2004, a contratación temporal a tempo completo, en prácticas/formación e indefinido a tempo parcial rexistran descensos no volume de contratación aumentando nas restantes modalidades.
- O grupo de ocupación con maior volume de contratos é o de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, seguido dos traballadores non cualificados e artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería.
- As ocupacións máis contratadas na comarca son as de peón de industria manufactureira, mariñeiro de pesca e camareiro. Para os homes predominan as de mariñeiro de pesca, peón da industria manufactureira e albanel. Para as mulleres son muller de limpeza, dependenta de comercio e cociñeira
- Dentro do conxunto da comarca predominan os alumnos e cursos de formación ocupacional procedentes da familia de servizos ás empresas.



# Comarca da Mariña Oriental



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>59</b>	<b>7,24</b>	<b>1.158</b>	<b>28,73</b>	<b>49</b>	<b>4,42</b>
Agricultura e pesca	59	7,24	1.158	28,73	49	4,42
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>79</b>	<b>9,69</b>	<b>573</b>	<b>14,21</b>	<b>102</b>	<b>9,20</b>
Industria e electricidade	79	9,69	573	14,21	102	9,20
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>139</b>	<b>17,06</b>	<b>592</b>	<b>14,69</b>	<b>207</b>	<b>18,67</b>
Construcción	139	17,06	592	14,69	207	18,67
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>538</b>	<b>66,01</b>	<b>1.708</b>	<b>42,37</b>	<b>751</b>	<b>67,72</b>
Comercio e hostalería	312	38,28	960	23,82	478	43,10
Transporte e comunicacións	40	4,91	121	3,00	99	8,93
Outros servizos	186	22,82	627	15,55	174	15,69
<b>TOTAL</b>	<b>815</b>	<b>100,00</b>	<b>4.031</b>	<b>100,00</b>	<b>1.109</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca da Mariña Oriental predomina o sector servizos no volume de empresas, no de traballadores por conta allea e no de autónomos.

No ano 2004 concéntranse nos servizos o 66,01% das empresas, seguido, a unha distancia importante, polo sector da construción, o 17,06%, o secundario, o 9,69% e o sector primario, o 7,24%. En referencia aos subsectores, a maioría das empresas atópanse no comercio e hostalería, o 38,28%, e nos outros servizos, o 22,82%.

En relación cos traballadores por conta allea, seguen predominando os servizos, o 42,37%, pero cunha perda de peso relativo en favor do sector primario, o 28,73%, e do secundario, o 14,21%. A construción concentra o 14,69%. En canto ao ámbito subsectorial, a maior parte dos traballadores converxen no comercio e hostalería, o 23,82%.

A maioría dos traballadores autónomos reúnen, de novo, nos servizos, supoñendo o 67,72%. O seguinte sector en importancia é o da construción, co

18,67%; séguelle o secundario, co 9,20%, e o primario, co 4,42%. Prodúcese unha forte presenza de autónomos no comercio e hostalería, o 43,10%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>152</b>	<b>158</b>	<b>120</b>	<b>16</b>	<b>59</b>
Agricultura e pesca	152	158	120	16	59
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>85</b>	<b>77</b>	<b>83</b>	<b>81</b>	<b>79</b>
Industria e electricidade	85	77	83	81	79
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>138</b>	<b>145</b>	<b>140</b>	<b>129</b>	<b>139</b>
Construción	138	145	140	129	139
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>481</b>	<b>491</b>	<b>500</b>	<b>509</b>	<b>538</b>
Comercio e hostalería	300	300	303	306	312
Transporte e comunicacións	34	33	36	37	40
Outros servizos	147	158	161	166	186
<b>TOTAL</b>	<b>856</b>	<b>871</b>	<b>843</b>	<b>735</b>	<b>815</b>

No período 2000-2004, as empresas da comarca da Mariña Oriental tenderon cara ao decrecemento moderado, cunha variación media negativa de -1,22%. Os descenso prodúcense nos intervalos centrais, especialmente entre 2002 e 2003, no que a variación interanual foi de -12,81%.

Na análise sectorial obsérvase que o maior retroceso correspóndese co primario, cunha variación media de -21,07%. A evolución deste sector vén marcada pola forte redución do número de empresas: reducións entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -24,05% e, sobre todo, entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -86,75%.

O sector secundario, o de menor peso relativo ao comezo do quinquenio, presenta oscilacións de escasa magnitude en termos absolutos. A variación media neste caso foi de -1,81%. Pola súa parte, a tendencia na construción é cara ao estancamento, tras unha evolución con incrementos no primeiro e último intervalo.

Por último, os servizos experimentan o maior incremento do conxunto, cunha variación media do 2,84%, e un crecemento continuo durante o quinquenio, sendo máis intenso no tramo 2003-2004, cunha variación interanual do 5,70%.

Tendo en conta os subsectores terciarios, cabe salientar que o de outros servizos é no que as empresas obtiveron un maior crecemento en números absolutos e relativos, cunha variación media do 6,06%.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.166</b>	<b>1.188</b>	<b>1.192</b>	<b>1.194</b>	<b>1.158</b>
Agricultura e pesca	1.166	1.188	1.192	1.194	1.158
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>492</b>	<b>519</b>	<b>577</b>	<b>576</b>	<b>573</b>
Industria e electricidade	492	519	577	576	573
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>555</b>	<b>589</b>	<b>563</b>	<b>576</b>	<b>592</b>
Construcción	555	589	563	576	592
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>1.545</b>	<b>1.595</b>	<b>1.744</b>	<b>1.675</b>	<b>1.708</b>
Comercio e hostalería	935	905	873	911	960
Transporte e comunicacións	103	110	120	118	121
Outros servizos	507	580	751	646	627
<b>TOTAL</b>	<b>3.758</b>	<b>3.891</b>	<b>4.076</b>	<b>4.021</b>	<b>4.031</b>

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

A evolución dos traballadores por conta allea no período 2000-2004 foi positiva, cunha variación media do 1,77%. O crecemento foi continuo ao longo de todos os anos agás en 2003, cando se reducen levemente.

A tendencia ao crecemento é común a todos os sectores agás ao primario, onde o número de traballadores, tras oscilar en pequena medida, decrece levemente, cunha variación media de -0,17%. O secundario expándese cunha taxa de variación media do 3,88%. Neste caso, o número de traballadores redúcese lixeiramente nos anos 2003 e 2004, tras aumentar nos anteriores.

Os traballadores por conta allea da construción tamén medran, aínda que de xeito máis moderado, con variación media do 1,63%. Neste sector diminúen unicamente en 2002, cunha variación interanual de -4,41%. Por último, nos servizos concéntrase a maior subida en termos absolutos, cunha variación media do 2,54%. Neste caso, o aumento máis salientable é o do intervalo 2001-2002, cando a variación interanual é do 9,34%; nos intervalos restantes tamén se incrementa o número de traballadores, a excepción do 2002-2003.

O subsector de outros servizos rexistra o maior crecemento relativo, cunha variación media do 5,45%; destaca, así mesmo, a variación interanual do intervalo 2001-2002, o 29,48%. Nos demais subsectores tamén crece o volume de traballadores: transporte e comunicacións, cunha variación media do 4,11%, e comercio e hostalería, cunha variación media do 0,66%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>31</b>	<b>36</b>	<b>37</b>	<b>42</b>	<b>49</b>
Agricultura e pesca	31	36	37	42	49
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>79</b>	<b>85</b>	<b>84</b>	<b>92</b>	<b>102</b>
Industria e electricidade	79	85	84	92	102
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>169</b>	<b>179</b>	<b>188</b>	<b>194</b>	<b>207</b>
Construcción	169	179	188	194	207
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>587</b>	<b>625</b>	<b>675</b>	<b>705</b>	<b>751</b>
Comercio e hostalería	370	399	431	446	478
Transporte e comunicacións	90	92	96	99	99
Outros servizos	127	134	148	160	174
<b>TOTAL</b>	<b>866</b>	<b>925</b>	<b>984</b>	<b>1.033</b>	<b>1.109</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

A evolución dos traballadores autónomos no quinquenio 2000-2004 caracterízase polo crecemento continuo no conxunto dos sectores produtivos, cunha variación media do 6,38%; sendo salientable o incremento en 2003 e 2004, cunha variación interanual do 7,36%

Todos os sectores vén incrementado o seu número de autónomos no transcurso destes cinco anos. No sector secundario a variación media é do 6,60% e manifesta unha subida constante no período, tan só rota polo estancamento producido entre os anos 2001 e 2002.

Nos sectores restantes, o aumento é continuo neste quinquenio, rexistrándose variacións medias do 6,35% nos servizos, que é o que medra en maior medida en números absolutos, o 12,13% no sector primario e o 5,20% na construción.

No relativo aos subsectores, o que experimenta un maior crecemento absoluto é o de comercio e hostalería, cunha variación media do 6,61%. A continuación sitúase outros servizos, cunha variación media do 8,19%.



## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Pontenova	92	39	131
Barreiros	140	80	220
Ribadeo	414	206	620
Trabada	35	21	56
<b>TOTAL</b>	<b>681</b>	<b>346</b>	<b>1.027</b>

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia - PARADOS</b>	<b>4,24</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>4,13</b>

Na comarca da Mariña Oriental producíronse no ano 2004 un total de 1.027 demandas de emprego. A maioría dos demandantes son parados, o 66,31%, os cales, ademais, superan aos non parados en todos os concellos.

O municipio de Ribadeo concentra o maior volume de demandantes, o 60,37%, seguido, a moita distancia, polo de Barreiros, o 21,42%; A Pontenova, o 12,76%; e Trabada, o 5,45%.

En relación coa provincia de Lugo, o peso dos demandantes parados da comarca é do 4,24% e o dos non parados do 4,13%.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	708	599	569	681	681
Variación interanual %	-	-15,40	-5,01	19,68	0,00
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>4,76</b>	<b>4,18</b>	<b>3,65</b>	<b>4,13</b>	<b>4,24</b>

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A evolución dos demandantes parados caracterízase polo descenso no seu volume no período comprendido entre 2000 e 2004, producíndose tan só un incremento en 2003 do 19,68%.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, hai que sinalar que se dá un descenso de 0,52 puntos porcentuais ao longo do quinquenio, acadando o valor máis baixo en 2002.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

**TÁBOA 7:** Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	78	7,59	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	603	58,71	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	40	3,89	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	160	15,58	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	63	6,13	4,66
	En expediente de regulación de emprego	7	0,68	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	67	6,52	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	7	0,68	2,99
	Resto de demandantes	X	0,19	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>X</b>	<b>100,00</b>

A maioría dos demandantes de emprego da Mariña Oriental son parados con emprego anterior, en concreto o 58,71%. A continuación sitúanse os non parados con emprego anterior, o 15,58%, e os parados sen emprego anterior, o 7,59%.

En relación coa provincia de Lugo, o máis salientable é a similitude da distribución, sendo os colectivos máis representativos os comentados anteriormente para a comarca.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

**TÁBOA 8.1:** Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	48	63	16,30	16,41
26 a 35 anos	72	112	27,02	29,04
36 a 45 anos	57	115	25,26	22,46
46 a 55 anos	56	70	18,50	17,95
56 e máis anos	48	40	12,92	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>281</b>	<b>400</b>	<b>100,00</b>	<b>4,24</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>4,24</b>	<b>100,00</b>

A maioría dos demandantes parados da comarca son mulleres, representando o 58,74% do total, fronte ao 41,26% dos homes. No conxunto da provincia dáse unha situación semellante, cun peso do colectivo feminino do 56,51% e do masculino do 43,49%.

Na análise por idades, obsérvase que máis da metade dos demandantes están por riba dos 36 anos, o 56,68%. Así e todo, o grupos máis numeroso é o de entre 26 e 35 anos, co 27,02%, seguido do de entre 36 e 45 anos co 25,26%.

En canto ao cruzamento de sexo e idade, a maior parte dos demandantes parados son mulleres de entre 36 e 45 anos, co 16,89% do total da comarca, seguidas polas mulleres de entre 26 e 35 anos, co 16,45%, e polos homes de entre 26 e 35 anos, co 10,57%.

A distribución por idades dos demandantes da comarca é semellante á da provincia.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	30	45	21,68	20,01
26 a 35 anos	22	75	28,03	27,35
36 a 45 anos	20	46	19,08	20,67
46 a 55 anos	25	30	15,90	16,10
56 e máis anos	29	24	15,32	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>126</b>	<b>220</b>	<b>100,00</b>	<b>4,13</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>4,13</b>	<b>100,00</b>

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

As mulleres tamén predominan entre os demandantes non parados, neste caso en maior medida, xa que representan o 63,58% do total. Este perfil feminizado é similar ao provincial, no que o colectivo feminino supón o 61,30%.

Por idades, o colectivo máis relevante é o de entre 26 e 35 anos, co 28,03% do total comarcal. Os maiores de 45 anos representan o 31,22%, resultando un perfil similar ao do ámbito provincial.

No cruzamento de idade e sexo, o maior número de demandantes non parados correspóndese con mulleres de entre 26 e 35 anos, co 21,68%; sitúanse a continuación as mulleres de entre 36 e 45 anos, co 13,29%, e as menores de 26 anos, co 13,01%.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico obsérvase a distribución porcentual segundo o sexo e a idade do total de demandantes, isto é, agrupando os parados e os non parados. O grupo de idade cun maior peso relativo é o de entre 26 e 35 anos, que supón o 27,36% do total das demandas comarcais. As demandantes mulleres predo-

minan sobre os homes en todos os intervalos de idade, agás no de maiores de 55 anos.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	218	101	319
Titulación de ensinanza obrigatoria	214	105	319
Formación profesional	61	32	93
BUP/Bacharelato superior/COU	91	54	145
Titulados universitarios	77	36	113
Outras titulacións	20	18	38
<b>TOTAL</b>	<b>681</b>	<b>346</b>	<b>1.027</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maioría, o 62,12%, teñen certificado de escolaridade ou titulación de ensinanza obrigatoria, supoñendo cada un dos grupos o 31,06%. A continuación sitúanse os que teñen estudos de bacharelato, co 14,12%, seguidos dos titulados universitarios, co 11%, e dos que teñen formación profesional, co 9,06%.

Analizando por separado os demandantes parados e non parados, obsérvase que as proporcións dos que teñen ata o certificado de escolaridade e os que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria, sen ser idénticas, están próximas entre si. A suma de ambos os dous grupos no caso dos parados e do 63,43% e no dos non parados do 59,54%. O peso porcentual das restantes titulacións é similar para os dous colectivos de demandantes, situándose, a continuación, os que acadaron bacharelato e os titulados universitarios.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	38	6	4	48
	Mulleres	44	8	11	63
26 a 35 anos	Homes	50	11	11	72
	Mulleres	53	17	42	112
36 a 45 anos	Homes	32	7	18	57
	Mulleres	50	17	48	115
46 a 55 anos	Homes	21	10	25	56
	Mulleres	28	6	36	70
Máis de 55 anos	Homes	14	X	31	48
	Mulleres	12	5	23	40
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>342</b>	<b>90</b>	<b>249</b>	<b>681</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

Na comarca da Mariña Oriental, a metade dos demandantes parados levan menos de seis meses buscando un emprego, o 50,22%. Séguenlles os que

levan buscando máis dun ano, o 36,56%, e, por último, os de seis meses a un ano, o 13,22%,

Os homes e as mulleres ata os 45 anos tenden ao paro de menos de seis meses, situación que se modifica a partir da dita idade para ambos os colectivos, predominando os parados de longa duración.

Nos que levan buscando máis dun ano, o peso relativo das mulleres supera en maior medida ao dos homes, polo que se produce unha feminización dos demandantes parados de longa duración.

Comparando estes datos cos provinciais, obsérvase certa similitude na distribución relativa dos demandantes parados segundo o tempo de busca de emprego. Así, os demandantes parados que levan buscando emprego menos de seis meses supoñen o 48,47%.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	20	15	35
Sector secundario	67	37	104
Construción	90	33	123
Sector servizos	428	216	644
Sen actividade previa	76	45	121
<b>TOTAL</b>	<b>681</b>	<b>346</b>	<b>1.027</b>

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica, a maioría dos demandantes, tanto parados como non parados, proceden do sector servizos, 62,70%.

O seguinte sector máis importante é o da a construción, e despois o secundario.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

A maior parte dos demandantes parados da industria proceden da alimentación, o 28%. As seguintes actividades máis importantes son a fabricación de material de transporte e das outras industrias, que representan o 18% cada unha delas e, despois, a metalurxia e fabricación de produtos metálicos co 17%.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



No sector servizos, a actividade que agrupa a maior porcentaxe de demandantes parados é a de administracións públicas, co 27%. En segundo lugar atópase a hostalería, co 22%, seguida do comercio, 19%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	121	11,78	8,39
Empregado administrativo, en xeral	97	9,44	8,75
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	90	8,76	7,40
Peón da construción de edificios	37	3,60	3,09
Camareiro, en xeral	37	3,60	2,07
Peón da ind. manufactureira, en xeral	27	2,63	3,77
Técnico en medio ambiente	24	2,34	0,32
Albanel	22	2,14	2,90
Limpador-mantedor de piscinas	18	1,75	0,14
Auxiliar de clínica	18	1,75	1,67

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade/ <b>Titulación de ensinanza obrigatoria</b>	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Dependente de comercio, en xeral</b>	Empregado administrativo, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Pontenova	9
Barreiros	27
Ribadeo	790
Trabada	5
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>831</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	9,22

Na comarca da Mariña Oriental producíronse no ano 2004 un total de 831 ofertas de emprego, que representan o 9,22% das da provincia de Lugo. As ofertas comarcais concéntranse nunha medida moi elevada no concello de Ribadeo, o 95,07%.


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pontenova	38	10	31	32	9
Barreiros	40	36	41	45	27
Ribadeo	643	724	766	797	790
Trabada	6	13	8	3	5
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>727</b>	<b>783</b>	<b>846</b>	<b>877</b>	<b>831</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

A evolución das ofertas no período 2000-2004 na comarca da Mariña Oriental é positiva, cunha variación media do 3,4%. Ademais, as ofertas da comarca medraron a maior ritmo que no conxunto da provincia de Lugo, onde a variación media foi do 0,64%. Por outra parte, a evolución nestes dous ámbitos territoriais presenta unha serie de trazos comúns. Así, amosan un único intervalo de retroceso, o producido entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -5,25% para a comarca e de -11,81% para a provincia, e acadan o maior crecemento entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 8,05% e 8,42% respectivamente.

O único concello que durante o quinquenio aumenta o número de ofertas é o de Ribadeo, cunha variación media do 5,28%. Neste caso prodúcese un crecemento continuado ata que en 2004 se experimenta un pequeno retroceso de -0,88%. O incremento maior ten lugar entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 12,60%. No resto de municipios da comarca, especialmente na Pontenova, a tendencia foi cara o decrecemento do número de ofertas.





**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.


No gráfico anterior pódese comparar a evolución do volume de ofertas no concello de Ribadeo e o resto de municipios agregadamente. As dinámicas de ambos os dous conxuntos territoriais presentan saldos contrarios. Tal e como acabamos de comentar, a expansión no caso de Ribadeo produciuse ao longo de todo o quinquenio agás en 2004, ano no que o número de demandas diminúe lixeiramente. No resto de concellos agrupados, cun volume de ofertas moito máis reducido, a evolución foi máis irregular, destacando o descenso das ofertas en 2001 e 2004.

**5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica**

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Pontenova	1	1	4	3
Barreiros	0	0	13	14
Ribadeo	20	25	109	636
Trabada	0	0	0	5
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>21</b>	<b>26</b>	<b>126</b>	<b>658</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


No concello de Ribadeo concéntranse o 96,66% das ofertas procedentes dos servizos, o 96,15% das do sector secundario, o 95,24% das do sector primario e o 86,51% das da construción.



**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O 79% das ofertas da comarca prodúcense no sector servizos. En segundo lugar, a unha distancia importante, atópanse as procedentes da construción, co 15%.

**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



As ofertas dos servizos derivan principalmente das administracións públicas, o 51%, e despois do comercio, o 17%, e a hostalería, o 15%.

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	9	20	13	22	21
Secundario	53	59	31	23	26
Construción	71	87	90	64	126
Servizos	594	617	712	766	658
Sen actividade	0	0	0	2	0
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>727</b>	<b>783</b>	<b>846</b>	<b>877</b>	<b>831</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>727</b>	<b>783</b>	<b>846</b>	<b>877</b>	<b>831</b>

O sector servizos, o de maior volume de ofertas, é o que obtén o incremento absoluto maior, cunha variación media do 2,59%. O crecemento prodúcese en todos os anos do quinquenio, agás en 2004, no que se produce unha forte baixada, en concreto do 14,10%.

Na construción, cun volume de ofertas moito menor que no caso anterior, o seu crecemento reflíctese na variación media do 15,42%. Ao longo do período produciuse unha única diminución, crecendo nos anos restantes. Este descenso, de -28,89%, aconteceu en 2003, pero foi compensado suficientemente co comportamento das ofertas ao ano seguinte, no que case se duplicaron.

No sector primario prodúcese un crecemento descontinuo que eleva o volume inicial das ofertas no quinquenio, pasando de nove a vinte e unha en números absolutos. Por último, no secundario, único sector que rexistra unha tendencia regresiva, as ofertas do inicio do período, pouco máis da media centena, reducíronse á metade.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só 12 das 831 ofertas xestionadas polo Servizo Público de Emprego especificaron un determinado sexo para poder acceder a un posto de traballo. En dez casos solicitouse un home e a maioría das veces foron requiridos para os servizos de automoción. A petición expresa de mulleres deuse nun número marxinal de ocasións.

Por outra parte, o 86,36% das ofertas requiren certo nivel académico para ter acceso a un traballo. A gran maioría destas ofertas, aproximadamente oito de cada dez, unicamente esixiron ter o certificado de escolaridade. No resto o máis frecuente foi a solicitude da titulación de ensino obrigatorio.

As actividades que máis traballadores solicitaron co certificado de escolaridade foron as administracións públicas e o comercio e hostalería. A primeira é tamén a máis importante na demanda de traballadores con outro tipo de titulacións.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	10	13	2	3	9
Albanel	0	0	0	0	7
Axente de seguros	0	0	0	0	6
Peón de albanel/Peón de obras públicas	7	13	8	4	5
Encofrador	0	0	0	0	4
Dependente en xeral	3	1	11	4	3
Perruqueiro/a	0	0	0	0	3
Axudante de cociña	8	7	6	3	3
Camareiro – Barman	32	9	11	9	3
Mecánica do automóbil	0	0	0	0	2
Lcdo. en psicopedagogía	0	0	0	0	2
Lcdo. en odontoloxía	0	0	0	0	2

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

Un dos aspectos máis destacables das ofertas producidas nos centros colaboradores do servizo público de emprego é a súa escaseza. Así as cousas, as ocupacións máis ofertadas por estes centros na comarca da Mariña Oriental son a de axente comercial/vendedor e albanel. No que respecta á súa evolución, é de destacar o leve retroceso experimentado pola primeira, tras decrecer significativamente entre 2001 e 2002, así como a nova incorporación da segunda ocupación no ano 2004.

No resto de ocupacións destaca a de camareiro-barman, de grande importancia ao comezo do período, con máis de trinta ofertas, e reducida á mínima expresión no último ano de referencia, no que tan só houbo tres.

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Bañista-socorrista	85	52	51	91	72
Camareiro, en xeral	13	20	40	21	67
Limpador-mantedor de piscinas	24	17	17	76	65
Albanel	50	27	60	35	54
Caixeiro de comercio	0	0	2	3	46
Técnico de protección civil	13	26	55	26	41
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	17	9	26	18	37
Traballador retén incendios forestais	22	28	29	17	35
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	2	7	3	4	22
Peón da construción de edificios	19	33	40	17	21

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas son as de bañista-socorrista e camareiro. En perspectiva dinámica, no período 2000-2004 destaca o aumento do volume de ofertas desta última ocupación, cunha variación media do 50,67%, cunha evolución caracterizada ademais por oscilacións importantes ao longo do quinquenio. A de bañista-socorrista, pese a ser a máis ofertada en 2004, é a única na que se reducen as ofertas, cunha variación media de -4,06%.

Por outra parte, en 2004 emerxeu con forza a ocupación de caixeiro de comercio e multiplicou considerablemente a súa oferta a de muller/mozo limpeza, limpador en xeral.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
A Pontenova	307
Barreiros	607
Ribadeo	2.409
Trabada	153
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>3.476</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca da Mariña Oriental realizáronse no ano 2004 un total de 3.476 contratos, o que representa o 4,74% dos asinados na provincia de Lugo. A maioría destes contratos prodúcese no concello de Ribadeo, o 69,30%. Moi lonxe atópase o de Barreiros, co 17,46%, A Pontenova co 8,83%, e Trabada, co 4,40%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pontenova	322	323	402	346	307
Barreiros	470	530	517	645	607
Ribadeo	2.191	2.241	2.244	2.404	2.409
Trabada	237	285	231	195	153
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>3.220</b>	<b>3.379</b>	<b>3.394</b>	<b>3.590</b>	<b>3.476</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A contratación comarcal no transcurso do quinquenio 2000-2004 caracterízase por unha tendencia cara ao crecemento moderado, cunha variación media do 1,93%. A expansión é continuada ata que en 2004 a contratación diminúe nun -3,18%. No ámbito provincial, o crecemento prodúcese a menor ritmo, cunha variación media do 0,54%, incrementándose o número de ofertas só nos dous últimos anos.

O concello que obtén o maior incremento absoluto no número de contratos é Ribadeo, cunha variación media do 2,40%. Este aumento caracterízase pola continuidade durante todo o quinquenio e pola maior intensidade de crecemento entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do 7,13%.

O concello de Barreiros alterna os intervalos de crecemento da contratación cos de retroceso, producíndose finalmente un saldo positivo, cunha variación media do 6,60%. O máximo crecemento acontece entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do 24,76%; pola contra, o descenso máis acusado prodúcese entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -5,89%.

Nos concellos restantes descendeu a contratación. En Trabada prodúcese un decaemento continuado dende o ano 2001, cunha variación media de -10,36%. Na Pontenova a variación media é de -1,19%, con descensos pronunciados nos dous últimos intervalos do quinquenio.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	736	464	1.200
De 26 a 35 anos	486	635	1.121
De 36 a 45 anos	315	283	598
De 46 a 55 anos	245	175	420
De 56 e máis anos	123	14	137
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1.905</b>	<b>1.571</b>	<b>3.476</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa unha repartición desigual entre homes e mulleres, xa que o colectivo masculino representa o 54,80% e o feminino o 45,20%. No ámbito provincial a situación é ben distinta, realizándose o 48,55% dos contratos aos homes e o 52,45% ás mulleres.

Tanto a contratación masculina como feminina agrúpase nos intervalos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, onde se concentra o 66,77% do total de contratos da comarca. Destes, o 35,15% correspóndense con homes e o 31,62% con mulleres. Entre os maiores de 36 anos obsérvase unha maior presenza masculina que feminina.

Sen distinción de sexos, o intervalo de idade no que concentra o maior número de contratos é no dos menores de 26 anos, en concreto o 34,52% do volume total da comarca.


**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	1.785	1.804	1.757	1.825	1.905
Mulleres	1.435	1.575	1.637	1.765	1.571
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.220</b>	<b>3.379</b>	<b>3.394</b>	<b>3.590</b>	<b>3.476</b>

A evolución da contratación segundo o sexo amosa unha tendencia positiva tanto para o colectivo masculino como para o feminino. No caso dos homes a variación media foi do 1,64%. A contratación aumenta en todos os anos, agás en 2002, no que diminúen un 2,61%.

No colectivo feminino a variación media foi algo superior a do masculino, en concreto do 2,29%. A evolución dos contratos nas mulleres caracterízase ademais pola maior intensidade das variacións interanuais. Destaca o crecemento do 9,76% en 2001 e o retroceso en 2004 do 10,99%.

**GRÁFICO 7:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



No gráfico reflíctense as diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina ao longo do período 2000-2004. A distancia porcentual entre ambos os dous tipos de contratación en 2000 é de 10,86 puntos mentres que en 2004 é de 9,6 puntos. En 2003 os contratos dos dous colectivos case se igualan, cunha diferenza de tan só 1,68 puntos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.346	1.365	1.336	1.276	1.200
De 26 a 35 anos	876	993	1.047	1.112	1.121
De 36 a 45 anos	654	652	629	686	598
De 46 a 55 anos	263	289	307	424	420
De 56 e máis anos	81	80	75	92	137
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.220</b>	<b>3.379</b>	<b>3.394</b>	<b>3.590</b>	<b>3.476</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Atendendo á idade, a evolución dos contratos durante o período 2000-2004 ten un comportamento negativo para os menores de 26 anos e para os que teñen entre 36 e 45 anos, con variacións medias negativas de -2,83% e -2,21% respectivamente. Nos menores de 26 anos os contratos redúcense en todos os intervalos agás no primeiro, acadando o máximo descenso entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -5,96%. Para o grupo de entre 36 e 45 anos só hai un intervalo de crecemento entre 2002 e 2003, con decrecementos nos demais e cunha redución significativa entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -12,83%.

O número de contratos no grupo de entre 26 e 35 anos crece continuamente, cunha variación media do 6,36%; no intervalo 2000-2001 o crecemento acada a maior intensidade, cunha variación interanual do 13,36% e entre 2003 e 2004 a menor, cunha variación interanual do 0,81%. O colectivo de entre 46 e 55 anos obtén un crecemento que se reflicte na variación media do 12,41%; retrocede levemente entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -0,94%. Nos maiores de 55 anos prodúcense reducións das contratacións nos primeiros intervalos, rexistrándose incrementos nos últimos, e sendo o máis significativo o acontecido entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 48,91%; como consecuencia desta evolución obtense o maior crecemento relativo, con variación media do 14,04%.

#### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>101</b>
Agricultura e pesca	101
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>242</b>
Industria e electricidade	242
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>575</b>
Construción	575
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>2.558</b>
Comercio e hostalería	890
Transporte e comunicacións	216
Outros servizos	1.452
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.476</b>


**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos concentra, no ano 2004, a maioría da contratación comarcal, o 73,59% do total. O subsector terciario co maior volume de con-

tratación é o de outros servizos, co 41,77%, seguido do de comercio e hostalería, co 25,60%.


Despois dos servizos, o segundo sector en importancia é a construción, co 16,54%. O secundario e primario engloban tan só o 6,96% e o 2,91% da contratación, respectivamente.

**GRÁFICO 8:** Distribución porcentual da contratación na industria.



O 31% da contratación da industria sitúase nas actividades de outras industrias, o 27% na alimentación, o 12% no têxtil e confección e o 10% na fabricación de produtos minerais non metálicos.

**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



A actividade que rexistra máis contratos dentro do sector servizos é a sanidade e servizos sociais, co 22%, seguida da hostalería, co 19% e do comercio e das administracións públicas, ambas co 15%.



	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>95</b>	<b>6</b>	<b>26</b>	<b>31</b>	<b>30</b>	<b>7</b>	<b>7</b>
Agricultura e pesca	95	6	26	31	30	7	7
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>166</b>	<b>76</b>	<b>87</b>	<b>93</b>	<b>36</b>	<b>18</b>	<b>8</b>
Industria e electricidade	166	76	87	93	36	18	8
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>557</b>	<b>18</b>	<b>197</b>	<b>148</b>	<b>126</b>	<b>69</b>	<b>35</b>
Construcción	557	18	197	148	126	69	35
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>1.087</b>	<b>1.471</b>	<b>890</b>	<b>849</b>	<b>406</b>	<b>326</b>	<b>87</b>
Comercio e hostalería	260	630	374	317	113	74	12
Transporte e comunicacións	144	72	46	62	61	41	6
Outros servizos	683	769	470	470	232	211	69
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.905</b>	<b>1.571</b>	<b>1.200</b>	<b>1.121</b>	<b>598</b>	<b>420</b>	<b>137</b>

**TÁBOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

A maior parte dos contratos, tanto para o colectivo masculino como para o feminino, sitúase no sector servizos. Así, o 42,32% dos contratos da comarca realízanse a mulleres no sector servizos; destacan dentro deste o subsector dos outros servizos. A contratación de mulleres nos sectores restantes é moi reducida.

No relativo ao colectivo masculino, a maior parte dos contratos, tal como acontece coas mulleres, concéntranse nos servizos, en concreto o 31,27% do volume de contratación da comarca. Neste caso tamén destaca o subsector de outros servizos. A construción é o sector que segue a continuación, co 16,02%, seguido polo sector secundario, co 4,78%.

Analizando a distribución por idade, o sector servizos predomina en todos os grupos de idade, seguido, en todos os casos, pola construción. No que atinxe aos subsectores, os outros servizos son os máis representativos, tamén en todas as idades.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>157</b>	<b>168</b>	<b>138</b>	<b>120</b>	<b>101</b>
Agricultura e pesca	157	168	138	120	101
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>215</b>	<b>268</b>	<b>243</b>	<b>219</b>	<b>242</b>
Industria e electricidade	215	268	243	219	242
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>418</b>	<b>506</b>	<b>483</b>	<b>514</b>	<b>575</b>
Construcción	418	506	483	514	575
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>2.430</b>	<b>2.437</b>	<b>2.530</b>	<b>2.737</b>	<b>2.558</b>
Comercio e hostalería	894	740	755	849	890
Transporte e comunicacións	59	83	144	180	216
Outros servizos	1.477	1.614	1.631	1.708	1.452
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.220</b>	<b>3.379</b>	<b>3.394</b>	<b>3.590</b>	<b>3.476</b>

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 a contratación comarcal caracterizouse pola tendencia cara ao crecemento da contratación en todos os sectores económicos agás no primario, no que a variación media foi de -10,44%, diminuindo o volume de contratos de xeito continuado dende 2001.

No secundario as contratacións medran ao comezo e ao final do período e obteñen finalmente unha variación media do 3%. O crecemento de maior intensidade neste sector deuse en 2001 e acadou un valor do 24,65%.


Na construción a contratación comarcal medrou notablemente, cunha variación media do 8,30%. Neste sector, ademais, rexistrase o incremento absoluto de maior magnitude. A súa evolución caracterízase pola existencia dun único descenso en 2002, tras producirse o maior incremento, en particular dun 21,05%, no ano anterior.

O sector servizos experimenta o crecemento relativo máis moderado, cunha variación media do 1,29%. Neste caso os contratos decrecen unicamente en 2004 nun -6,54%. Anteriormente a contratación aumentara cunha intensidade crecente, logrando en 2003 un incremento respecto ao ano anterior do 8,18%.

Respecto á dinámica evolutiva dos subsectores terciarios, o de transportes e comunicacións é o único no que aumenta o número de contratos, cunha variación media do 38,32%. Nos outros servizos e no comercio e hostalería prodúcese un descenso da contratación.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca da Mariña Oriental caracterízase pola forte presenza dos contratos temporais a tempo completo, que supoñen o 60% do total. O 18% son temporais a tempo parcial.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	41	38	18	25	18	14	4
Indefinido tempo parcial	12	21	6	12	7	5	X
Temporal	1.384	724	794	665	380	200	69
Temporal tempo parcial	196	413	239	203	96	63	8
Prácticas/Formación	56	36	85	7	0	0	0
Outros	216	339	58	209	97	138	53
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.905</b>	<b>1.571</b>	<b>1.200</b>	<b>1.121</b>	<b>598</b>	<b>420</b>	<b>X</b>

Os contratos temporais a tempo completo predominan tanto no colectivo masculino como no feminino. A seguinte modalidade máis frecuente no caso

dos homes son os da categoría outros, mentres que para as mulleres son os temporais a tempo parcial.

No relativo á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo ten o maior peso relativo en todos os grupos de idade, acadando o maior volume nos menores de 36 anos, onde se concentra o 41,97% do total da contratación comarcal. O mesmo acontece cos contratos temporais a tempo parcial, xa que o 12,72% correspóndese coa dita modalidade de contratación nos menores de 36 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	6	14	13	33	5	8	46
Indefinido tempo parcial	X	X	X	20	X	4	27
Temporal	86	191	513	516	156	646	1.318
Temporal tempo parcial	4	26	15	278	52	234	564
Prácticas/Formación	X	9	33	40	0	9	49
Outros	X	0	0	X	0	551	554
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>101</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>1.452</b>	<b>2.558</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as modalidades de contratación concéntranse, maioritariamente, no sector servizos. No que atinxe aos subsectores, os outros servizos aglutinan a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, o 18,58%, e case todos os da modalidade outros. En canto aos contratos temporais a tempo parcial, inciden especialmente no comercio e nos outros servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	162	161	110	121	79
Indefinido tempo parcial	28	18	21	29	33
Temporal	1.772	1.927	1.900	2.049	2.108
Temporal tempo parcial	573	500	437	450	609
Prácticas/Formación	116	112	251	144	92
Outros	569	661	675	797	555
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.220</b>	<b>3.379</b>	<b>3.394</b>	<b>3.590</b>	<b>3.476</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 a evolución da contratación comarcal por tipos mostra resultados diferentes. Os indefinidos a tempo completo e os realizados en prácticas/formación, moi escasos, seguiron unha tendencia regresiva, especialmente os primeiros. Os indefinidos a tempo parcial son practicamente marxinais, o seu aumento relativo apenas ten relevancia en termos absolutos.

Os temporais a tempo completo constitúen a modalidade que máis medrou durante o quinquenio, cunha variación media do 4,44%. A súa evolución caracterízase pola súa expansión ao longo de todo o período agás no ano 2002, no que decrecen levemente. Os temporais a tempo parcial experimentan dous importantes retrocesos nos primeiros anos, recuperándose posteriormente, obtendo finalmente unha variación media do 1,53%.

### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>-12,61</b>
HOMES	X	-15,91
MULLERES	X	0,00
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>560</b>	<b>0,87</b>
HOMES	245	3,93
MULLERES	315	-1,23
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>80</b>	<b>-8,87</b>
HOMES	47	-9,48
MULLERES	33	-7,97
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>347</b>	<b>9,66</b>
HOMES	44	-4,99
MULLERES	303	12,98
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>880</b>	<b>-1,00</b>
HOMES	284	-6,46
MULLERES	596	2,26
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>X</b>	<b>-14,66</b>
HOMES	X	-14,79
MULLERES	X	-9,64
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>421</b>	<b>0,73</b>
HOMES	413	1,18
MULLERES	8	-14,54
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>283</b>	<b>10,91</b>
HOMES	252	11,85
MULLERES	31	4,50
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>828</b>	<b>5,55</b>
HOMES	547	9,11
MULLERES	281	0,00
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.476</b>	<b>1,93</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>1.905</b>	<b>1,64</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>1.571</b>	<b>2,29</b>

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca da Mariña Oriental son os seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 25,32%.
- Traballadores non cualificados: 23,82%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 16,11%

Atendendo á distribución segundo o sexo dos grupos de ocupación, aprécianse diferenzas significativas nos contratos:

#### Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina

- Traballadores non cualificados: 15,74% da contratación comarcal.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 11,88%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 8,17%.

#### Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio: 17,15%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 9,06%.
- Empregadas de tipo administrativos: 8,72%.

En tres grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, que son os seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supón un 17,15% do volume total, fronte ao 8,17% da masculina.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais. A contratación das mulleres representa un 9,06% e a dos homes un 7,05%.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos representan un 8,72% do total de contratos, fronte ao 1,27% dos masculinos.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
50200018	Camareiro, en xeral	279	108	171	38,71
71100016	Albanel	X	217	X	99,09
21210011	Médico, medicina xeral	206	145	61	70,39
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	190	153	37	80,53
27200016	Enfermeiro, en xeral	156	6	150	3,85
96020014	Peón da construción de edificios	144	144	0	100,00
53300010	Dependente de comercio, en xeral	141	16	125	11,35
86300016	Conductor de camiión, en xeral	X	132	X	99,25
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	130	1,52
42100010	Empregado administrativo, en xeral	131	23	108	17,56
	<b>TOTAL</b>	<b>1.731</b>	<b>946</b>	<b>785</b>	<b>54,65</b>

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Do total dos contratos realizados na comarca da Mariña Oriental no ano 2004, o 49,80% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas. As ocupacións máis contratadas foron as de camareiro, albanel e médico, xurdindo diferenzas para homes e mulleres: para o colectivo masculino a ocupación cun maior volume de contratación é a de albanel, seguida da de peón da industria manufactureira e médico, mentres que para o colectivo feminino son a de camareira, enfermeira e muller de limpeza.

A presenza da contratación masculina é lixeiramente superior á feminina no conxunto das dez ocupacións máis contratadas, tal como indica o ratio de masculinidade do 54,65%. Destacan polo alto nivel de contratación masculina as ocupacións de peón da construción de edificios, conductor de camiión e albanel. Pola contra, teñen un perfil feminino as contratacións de muller/mozo de limpeza, enfermeira e dependenta de comercio.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
50200018	Camareiro, en xeral	368	316	280	280	279
71100016	Albanel	212	205	215	195	219
21210011	Médico, medicina xeral	162	206	206	302	206
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	65	80	120	248	190
27200016	Enfermeiro, en xeral	201	265	273	302	156
96020014	Peón da construción de edificios	116	136	140	117	144
53300010	Dependente de comercio, en xeral	100	93	120	130	141
86300016	Conductor de camión, en xeral	73	79	81	111	133
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	198	155	147	157	132
42100010	Empregado administrativo, en xeral	129	155	135	135	131
50100017	Cociñeiro, en xeral	92	82	127	93	97
62410045	Motoserrista forestal	117	102	77	59	55
25130104	Músico instrumentista, en xeral	97	72	86	70	43

No transcurso do período 2000-2004 desaparecen da lista das dez ocupacións máis contratadas a de cociñeiro, motoserrista forestal e músico instrumentista. Nas dúas últimas redúcense os contratos, feito que non acontece no caso da ocupación de cociñeiro, que, a pesar de incrementarse lixeiramente respecto ao ano 2000, é superada por outras ocupacións.

Entre as dez ocupacións máis contratadas, a subida máis pronunciada dáse na de peón da industria manufactureira, cunha variación media do 30,76%, grazas aos fortes incrementos que tiveron lugar en 2002 e 2003. Pola contra, a ocupación que rexistra un maior retroceso na contratación é a de muller/mozo de limpeza, cunha variación media de -9,64%.

Por último, cómpre subliñar que a ocupación de camareiro, a de maior peso relativo ao longo destes anos, experimentou un decrecemento importante ao comezo do período para posteriormente seguir unha tendencia cara á estabilidade.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Automoción	26	11,45	2	14,29
Servizos ás empresas	78	3,45	5	3,52
Edificación e obras públicas	50	9,01	3	9,09
Industrias téxtiles	16	23,19	1	25,00
Montaxe e instalación	17	12,78	1	12,50
Sanidade	51	10,02	3	10,34
Servizos á comunidade e persoais	16	4,94	1	5,00
<b>TOTAL</b>	<b>254</b>	<b>3,94</b>	<b>16</b>	<b>4,04</b>

*TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.*

Na Mariña Oriental impartíronse en 2004 dezaseis cursos de formación ocupacional, que contaron cunha asistencia total de douscentos cincuenta e catro alumnos. En comparación coa provincia, estes datos representan o 4,04% dos cursos e o 3,94% dos alumnos.


A maior parte da formación concéntrase na familia de servizos ás empresas, co 30,71% dos alumnos, e o 31,25% dos cursos. En segundo lugar atópase a familia de sanidade, co 20,08% dos alumnos e o 18,75% dos cursos. En canto ao peso relativo dos alumnos comarcais con respecto á provincia, cabe salientar os da familia de industrias téxtiles, co 23,29%.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- Na Mariña Oriental o sector servizos concentra a maioría das empresas e autónomos e a maior parte dos traballadores por conta allea. Durante o quinquenio 2000-2004 prodúcese un incremento de traballadores por conta allea e, en maior medida, de traballadores autónomos. O volume de empresas vese reducido.
- O sector servizos e a construción rexistran crecemento tanto no número de empresas como de traballadores por conta allea e autónomos. O sector secundario desce no que atinxe ao volume de empresas e o sector primario só ve incrementados os autónomos.
- A comarca da Mariña Oriental representa o 4,24% das demandas provinciais dos parados e o 4,13% das demandas dos non parados. O concello no que se producen máis demandas é o de Ribadeo.
- As mulleres predominan tanto no colectivo de demandantes parados como no dos non parados, tal como acontece no ámbito provincial. En canto á idade, o intervalo no que se concentran máis demandantes é o de entre 26 e 35 anos.
- Case seis de cada dez demandantes comarcais son parados con emprego anterior, seguidos, a considerable distancia, polos non parados con emprego anterior. A metade dos demandantes parados levan buscando emprego menos de seis meses. A partir dos 45 anos, tanto para o colectivo feminino como para o masculino, predomina os demandantes parados de longa duración.
- No que atinxe ao nivel académico, os demandantes con certificado de escolaridade e titulación de ensinanza obrigatoria configuran o grupo máis importante, supoñendo, cada un, o 31,06% do total de demandantes.
- Seis de cada dez demandantes proceden do sector servizos, onde destacan as actividades derivadas das administracións públicas. O segundo sector en importancia é a construción e séguelle o secundario, no que destaca a actividade de alimentación.
- A ocupación máis demanda na comarca é a de dependente de comercio, mentres que na provincia é a de empregado administrativo. Esta é a única diferenza que se produce entre os dous ámbitos xa que, polo demais, o perfil é similar.
- A comarca rexistra en 2004 o 9,22% das ofertas de emprego da provincia de Lugo, destacando o concello de Ribadeo, no que se producen nove de cada dez ofertas. No período 2000-2004 dáse un ascenso destas ofertas, con máis intensidade que para o conxunto da provincia.
- Case oito de cada dez ofertas prodúcense no sector servizos e proceden principalmente das administracións públicas. No período 2000-2004 prodúcese un incremento das ofertas en todos os sectores agás no secundario.
- Só 12 das 831 ofertas producidas no ano 2004 solicitaron traballadores segundo o sexo, requiríndose principalmente homes. En canto ao nivel de estudos, máis de oito de cada dez demandan un determinado nivel académico, especialmente certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego son as de axente comercial/vendedor e albanel. Cun volume máis importante, nas oficinas de emprego destacan as ofertas vinculadas ás ocupacións de bañista-socorrista e camareiro.
- Na comarca da Mariña Oriental realizáronse, no ano 2004, o 4,74% dos contratos provinciais. O 69,30% dos contratos producíronse no concello de Ribadeo. A tendencia da contratación comarcal é ascendente, con maior intensidade que o crecemento provincial.



- Ao contrario do que acontece na provincia, a contratación masculina predomina sobre a feminina. A contratación segundo o sexo reflicte unha evolución positiva para ambos os sexos.
- Os contratos concéntranse entre os traballadores menores de 26 anos seguidos dos de entre 26 e 35 anos, descendendo conforme aumenta a idade. En canto á evolución dos contratos por grupos de idade, prodúcense descensos entre os menores de 26 anos e os de entre 36 e 45 anos.
- Máis de sete de cada dez contratos comarcais prodúcense nos servizos; destacando os procedentes da sanidade. O segundo sector en importancia é a construción, seguido do sector secundario, no que as actividades máis significativas son as das outras industrias.
- Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, o maior volume de contratación aparece no sector servizos, predominando tamén en todos os intervalos de idade. No sector servizos, na construción e no sector secundario prodúcense incrementos no volume de contratación, reducíndose no sector primario.
- Seis de cada dez contratos que se producen na comarca son temporais a tempo completo e case dous de cada dez son temporais a tempo parcial. Os contratos temporais a tempo completo predominan nos dous sexos, en todas as idades e en todos os sectores produtivos. As mulleres predominan nas modalidades de contratación que implican tempo parcial. Durante o período 2000-2004, os contratos temporais a tempo completo e parcial, así como os contratos indefinidos a tempo parcial son os únicos que rexistran incrementos.
- Para o colectivo masculino o grande grupo de ocupación predominante é o dos traballadores non cualificados, mentres que para o colectivo feminino é o de traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio.
- As ocupacións máis contratadas na comarca son as de camareiro, albanel e médico. Entre os homes predominan as de albanel, peón da industria manufacturera e médico. Para as mulleres, camareira, enfermeira e muller/mozo de limpeza, limpador.
- En canto á formación profesional ocupacional, en 2004 impartíronse dezaseis cursos, que contaron cunha asistencia total de douscentos cincuenta e catro alumnos. En comparación coa provincia, estes datos representan o 4,04% dos cursos e o 3.94% dos alumnos. A familia profesional de maior peso foi a de servizos ás empresas.



# Comarca da Ulloa



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>39</b>	<b>12,62</b>	<b>942</b>	<b>47,48</b>	<b>35</b>	<b>6,77</b>
Agricultura e pesca	39	12,62	942	47,48	35	6,77
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>37</b>	<b>11,97</b>	<b>201</b>	<b>10,13</b>	<b>42</b>	<b>8,12</b>
Industria e electricidade	37	11,97	201	10,13	42	8,12
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>55</b>	<b>17,80</b>	<b>147</b>	<b>7,41</b>	<b>105</b>	<b>20,31</b>
Construcción	55	17,80	147	7,41	105	20,31
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>178</b>	<b>57,61</b>	<b>694</b>	<b>34,98</b>	<b>335</b>	<b>64,80</b>
Comercio e hostalería	104	33,66	215	10,84	247	47,78
Transporte e comunicacións	11	3,56	23	1,16	36	6,96
Outros servizos	63	20,39	456	22,98	52	10,06
<b>TOTAL</b>	<b>309</b>	<b>100,00</b>	<b>1.984</b>	<b>100,00</b>	<b>517</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca da Ulloa hai un predominio do sector servizos no referido ás empresas e traballadores autónomos, e unha maior significatividade do primario nos traballadores por conta allea.

O 57,61% das empresas encádranse dentro do sector servizos, seguido a considerable distancia polas da construción –17,8%– e do primario –12,62%–. No referente aos subsectores, os de comercio e hostalería e outros servizos son os máis representativos, estando neles rexistradas o 33,66% e o 20,39% das empresas respectivamente.

Ao contrario do que sucede coas empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse na súa maior parte no sector primario, que representa o 47,48% do total. A continuación en nivel de importancia atópase o sector dos servizos –34,98%–. Sen ter en conta o subsector de agricultura e pesca, o máis importante, os subsectores que lle dan un maior volume ao conxunto a continuación son os dos outros servizos, co 22,98%, e comercio e hostalería, co 10,84%.

Os autónomos distribúense novamente de forma maioritaria no sector servizos, onde se inclúen o 64,8%. O segundo sector en orde de importancia é o

da construción, no que se encadran o 20,31% dos autónomos da comarca da Ulloa. No ámbito subsectorial cómpre sinalar o peso do subsector de comercio e hostalería, que agrupa a case a metade dos autónomos –o 47,48%–, situándose a continuación o da construción.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>93</b>	<b>97</b>	<b>76</b>	<b>12</b>	<b>39</b>
Agricultura e pesca	93	97	76	12	39
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>43</b>	<b>41</b>	<b>37</b>	<b>37</b>	<b>37</b>
Industria e electricidade	43	41	37	37	37
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>62</b>	<b>62</b>	<b>64</b>	<b>57</b>	<b>55</b>
Construción	62	62	64	57	55
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>146</b>	<b>165</b>	<b>161</b>	<b>167</b>	<b>178</b>
Comercio e hostalería	93	97	93	95	104
Transporte e comunicacións	9	12	11	12	11
Outros servizos	44	56	57	60	63
<b>TOTAL</b>	<b>344</b>	<b>365</b>	<b>338</b>	<b>273</b>	<b>309</b>

Na evolución das empresas da comarca da Ulloa no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia ao decrecemento, cunha variación media de -2,65%. No conxunto de sectores, as empresas descenden nos dous intervalos intermedios do período, incrementándose no inicial e final.

O sector dos servizos é o único no que se incrementan as empresas, presentando unha variación media anual do 5,08%. Neste caso, as empresas tan só diminúen entre os anos 2001 e 2002, aumentando nos seguintes, onde destaca a variación interanual do tramo 2000-2001, que é do 13,01%. No relativo aos subsectores, o de comercio e hostalería, o máis voluminoso, segue unha pauta evolutiva semellante á do conxunto do sector, aínda que cun ritmo de crecemento menor, acadando unha variación media do 2,83%.

Nos sectores restantes, polo tanto, as ofertas redúcense, experimentando o maior descenso o primario, cunha variación media negativa do -19,53%, obtida tras oscilacións relevantes ao longo do período, no que as empresas aumentan nos intervalos inicial e final, reducíndose nos intermedios de maneira significativa.

Por último, os sectores secundario e da construción rexistran variacións medias do -3,69% e do -2,95% respectivamente.

TRABALLADORES					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>924</b>	<b>980</b>	<b>982</b>	<b>973</b>	<b>942</b>
Agricultura e pesca	924	980	982	973	942
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>283</b>	<b>287</b>	<b>248</b>	<b>214</b>	<b>201</b>
Industria e electricidade	283	287	248	214	201
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>151</b>	<b>193</b>	<b>169</b>	<b>153</b>	<b>147</b>
Construcción	151	193	169	153	147
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>401</b>	<b>585</b>	<b>592</b>	<b>716</b>	<b>694</b>
Comercio e hostalería	201	200	206	206	215
Transporte e comunicacións	22	24	21	23	23
Outros servizos	178	361	365	487	456
<b>TOTAL</b>	<b>1.759</b>	<b>2.045</b>	<b>1.991</b>	<b>2.056</b>	<b>1.984</b>

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

A evolución dos traballadores por conta allea da Ulloa presenta entre os anos 2000 e 2004 unha tendencia positiva, acadando unha variación media do 3,05%. Ao longo destes cinco anos, os traballadores da comarca aumentan nos intervalos temporais 2000-2001 e 2002-2003, reducíndose nos outros dous.

O sector primario rexistra un leve incremento dos traballadores en termos absolutos, cunha variación media do 0,48%. Neste sector, os traballadores aumentan ata o ano 2002, pasando a reducirse nos dous últimos anos do quinquenio.

O sector dos servizos acada un maior crecemento que o anterior, cunha variación media do 14,7%, obtida tras unha progresión continua ata o ano 2004, no que os traballadores diminúen lixeiramente. Cabe destacar, neste sentido as variacións medias producidas nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, que se elevan ata o 45,89% e o 20,95% respectivamente. O subsector dos outros servizos é o que marca a pauta evolutiva do sector, presentando un ritmo expansivo maior, cunha variación media do 26,51%, derivado en gran medida do forte incremento experimentado entre 2000 e 2001.

Nos sectores secundario e da construción, o número de traballadores por conta allea tende a reducirse a partir de 2001, en maior medida no primeiro deles, presentando variacións medias negativas de -8,2% e -0,67% respectivamente.

AUTÓNOMOS					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>21</b>	<b>26</b>	<b>27</b>	<b>31</b>	<b>35</b>
Agricultura e pesca	21	26	27	31	35
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>41</b>	<b>44</b>	<b>44</b>	<b>44</b>	<b>42</b>
Industria e electricidade	41	44	44	44	42
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>76</b>	<b>90</b>	<b>85</b>	<b>93</b>	<b>105</b>
Construcción	76	90	85	93	105
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>265</b>	<b>289</b>	<b>302</b>	<b>312</b>	<b>335</b>
Comercio e hostalería	189	204	220	229	247
Transporte e comunicacións	31	35	33	34	36
Outros servizos	45	50	49	49	52
<b>TOTAL</b>	<b>403</b>	<b>449</b>	<b>458</b>	<b>480</b>	<b>517</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Na evolución dos traballadores autónomos da comarca obsérvase unha clara tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, a variación media obtida para o conxunto dos sectores é do 6,43%, rexistrada tras un crecemento continuo no transcurso destes cinco anos. Cabe sinalar nesta expansión as variacións interanuais obtidas nos intervalos inicial e final do período, que son as máis elevadas, do 11,41% e do 7,11% respectivamente.

En todos os sectores da actividade económica a tendencia é cara ao crecemento; cómpre destacar que as únicas variacións interanuais negativas que se producen en todo o quinquenio son as do intervalo 2001-2002 no sector da construción e no 2003-2004 no sector secundario. Neste último sector os traballadores autónomos manifestan un estancamento, cunha variación media final do 0,6%.

O sector que máis medra é o dos servizos, que acada unha variación media do 6,04%, obtida tras un aumento continuo en todo o período, sen manifestar oscilacións relevantes na súa evolución. O subsector de comercio e hostalería presenta unha dinámica idéntica á do sector, cunha variación media do 6,92%.

O sector que máis se incrementa a continuación é o da construción, que rexistra unha variación media do 8,42%, sendo a do sector primario do 13,62%.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Antas de Ulla	66	24	90
Monterroso	190	61	251
Palas de Rei	122	35	157
<b>TOTAL</b>	<b>378</b>	<b>120</b>	<b>498</b>

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia – PARADOS</b>	<b>2,36</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>1,43</b>

Na comarca da Ulloa recibíronse no ano 2004 un total de 498 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 75,9% das demandas comarcais.

Algo máis da metade dos demandantes agrúpanse no concello de Monterroso, en concreto o 50,4%. O 49,6% das demandas restantes repártense entre Palas de Rei, co 31,53%, e Antas de Ulla, co 18,07%.

En relación coa provincia de Lugo, o peso relativo dos demandantes parados é lixeiramente superior ao dos non parados, que representan respectivamente o 2,36% e o 1,43% das demandas provinciais.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	369	314	404	439	378
Variación interanual %	-	-14,91	28,66	8,66	-13,90
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>2,48</b>	<b>2,19</b>	<b>2,59</b>	<b>2,66</b>	<b>2,36</b>

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha leve tendencia ao incremento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pon de manifesto na táboa anterior, as demandas de emprego redúcense nos anos 2001 e 2004, incrementándose nos dous intervalos intermedios do período, sobre todo entre os anos 2001 e 2002, cunha variación media do 28,66%.

En canto ao peso dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, redúcese nos anos 2001 e 2004 e aumenta nos restantes, obtendo ao final do quinquenio unha cifra levemente inferior á do inicio.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	39	7,83	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	339	68,07	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	9	1,81	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	65	13,05	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	17	3,41	4,66
	En expediente de regulación de emprego	X	0,20	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	19	3,82	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	6	1,20	2,99
	Resto de demandantes	X	0,60	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>498</b>	<b>100,00</b>

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que case sete de cada dez son parados con emprego anterior, en concreto o 68,07%. O segundo colectivo en orde de importancia é o dos non parados con emprego anterior, que representan o 13,05%, seguido polos parados sen emprego anterior, co 7,83%.

En relación coa provincia de Lugo, cabe destacar a diferenza de 11,75 puntos a prol da comarca nos parados con emprego anterior.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	27	28	14,55	16,41
26 a 35 anos	41	64	27,78	29,04
36 a 45 anos	40	43	21,96	22,46
46 a 55 anos	43	23	17,46	17,95
56 e máis anos	48	21	18,25	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>199</b>	<b>179</b>	<b>100,00</b>	<b>2,36</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>2,36</b>	<b>100,00</b>

Máis da metade dos demandantes parados da comarca da Ulloa pertencen ao colectivo masculino, que representa o 52,65% do total. Esta situación é contraria á que se dá no conxunto da provincia, onde as demandantes femininas achegan o maior volume ao total, supoñendo o 56,5%.

Analizando os grupos de idade de forma individual, obsérvase que o máis numeroso é o dos que teñen entre 26 e 35 anos –27,28%–, seguido polo de 36 a 45 anos –21,96%–. O primeiro grupo de idade é o máis significativo no colectivo feminino, sendo os dos maiores de 55 anos para o masculino.



Con respecto á provincia de Lugo, o máis destacable é a similitude dos datos; só hai que sinalar a diferenza de 4,1 puntos a prol da comarca nos maiores de 55 anos.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	13	9	18,33	20,01
26 a 35 anos	9	18	22,50	27,35
36 a 45 anos	8	12	16,67	20,67
46 a 55 anos	13	13	21,67	16,10
56 e máis anos	16	9	20,83	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>59</b>	<b>61</b>	<b>100,00</b>	<b>1,43</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>1,43</b>	<b>100,00</b>

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes non parados, predomina o colectivo feminino sobre o masculino, englobando o 50,83% das demandantes. Na provincia de Lugo tamén se dá esta situación, aínda que cun maior grado de desigualdade, posto que as mulleres supoñen o 61,3% da demanda.

Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o de 26 a 35 anos –22,5%–, seguido polo de 46 a 55 anos –21,67%–. O primeiro intervalo predomina entre o colectivo feminino, mentres que entre os masculino prevalecen os maiores de 55 anos.

En relación coa provincia, os demandantes non parados da comarca presentan un perfil máis envellecido, debido a que o 42,5% ten por riba de 45 anos, fronte ao 31,97% da provincia.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Tras analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución total de demandantes comarcais segundo o sexo e a idade. Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o grupo que proporciona un maior peso ao conxunto é o de 26 a 35 anos, que supón algo máis da cuarta parte do total de demandantes –26,51%–. O segundo grupo de idade en orde de importancia é o de 36 a 45 anos, que representa o 20,68% das demandas.

Na banda oposta, na comarca da Ulloa o tramo de idade menos significativo é o que engloba os demandantes de menor idade, os menores de 26 anos, que supoñen o 15,46% do total.

As demandas femininas superan porcentualmente ás masculinas nos dous grupos de idade máis importantes, que van dende os 26 ata os 45 anos, mentres que nos menores de 26 anos e nos maiores de 45, os demandantes masculinos son máis numerosos. No conxunto de demandantes os homes superan levemente ás mulleres (51,81% fronte ao 48,19%).

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	162	45	207
Titulación de ensinanza obrigatoria	138	37	175
Formación profesional	16	5	21
BUP/Bacharelato superior/COU	34	17	51
Titulados universitarios	21	11	32
Outras titulacións	7	5	12
<b>TOTAL</b>	<b>378</b>	<b>120</b>	<b>498</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que o 41,57% teñen ata certificado de escolaridade e o 35,14% teñen ata ensinanza obrigatoria. A continuación sitúanse os que teñen o bacharelato, co 10,24%, e os titulados universitarios, co 6,43%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, apréciase unha forte semellanza nos dous colectivos. Así, o grupo predominante en ambos é o dos que teñen o certificado de escolaridade, que representa o 42,86% entre os parados e o 37,5% entre os non parados. En segundo lugar sitúanse tamén en ambos os que contan con ensino obrigatorio, que son o 36,51% entre os parados e o 30,83% entre os non parados.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	18	9	0	27
	Mulleres	18	6	4	28
26 a 35 anos	Homes	27	6	8	41
	Mulleres	26	9	29	64
36 a 45 anos	Homes	24	X	13	40
	Mulleres	13	6	24	43
46 a 55 anos	Homes	13	X	29	43
	Mulleres	6	X	16	23
56 e máis anos	Homes	7	5	36	48
	Mulleres	4	X	14	21
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>156</b>	<b>49</b>	<b>173</b>	<b>378</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

Na comarca da Ulloa, a maior parte dos demandantes parados levan á procura dun emprego máis dun ano, representando o 45,77% do total. A curta distancia sitúanse os que levan buscando menos de seis meses, que supoñen o 41,27%. Esta situación é a oposta á que se dá no conxunto da provincia de Lugo, dado que neste territorio o 48,47% dos demandantes parados levan en busca dun emprego menos de seis meses, seguidos polos que levan máis dun ano, que representan o 35,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as demandantes mulleres tenden ao paro de longa duración a partir dos 26 anos, mentres que nos homes esta circunstancia dáse a partir dos 46 anos.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses a presenza porcentual dos homes é superior á das mulleres: 23,54% do total de demandantes parados fronte ao 17,73%. En cambio, no de longa duración, a situación está case igualada: 23,02% fronte ao 22,75%.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	12	6	18
Sector secundario	54	17	71
Construción	87	14	101
Sector servizos	186	73	259
Sen actividade previa	39	10	49
<b>TOTAL</b>	<b>378</b>	<b>120</b>	<b>498</b>

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, cabe destacar que máis da metade dos demandantes proveñen dos servizos, en concreto o 52,01%. A considerable distancia sitúase o sector da construción, co 20,28%, seguido do secundario, co 14,26%.

Tendo en conta os dous colectivos de forma individual, o sector servizos continúa sendo o máis representativo en ambos, cunha maior presenza entre os non parados, onde engloba o 60,83% do total, fronte ao 49,21% que representa nos parados. Entre estes últimos, o segundo sector en orde de importancia é o da construción, que representa o 23,02%, ocupando este posto entre os non parados o secundario, co 14,17%.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Dentro da industria, a maior parte dos parados proceden da actividade de alimentación, que supón o 36%, seguida en nivel de importancia pola das outras industrias, co 24%.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



Case tres de cada dez demandantes parados dos servizos derívanse da actividade das administracións públicas, seguida pola de hostalería, que engloba o 15%. Nun segundo plano sitúanse as de actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio, que agrupan de forma conxunta o 26% dos demandantes.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Albanel	43	8,63	2,90
Dependente de comercio, en xeral	33	6,63	8,39
Empregado administrativo, en xeral	26	5,22	8,75
Peón da ind. manufactureira, en xeral	23	4,62	3,77
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	21	4,22	7,40
Peón da construción de edificios	20	4,02	3,09
Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	17	3,41	0,39
Camareiro, en xeral	11	2,21	2,07
Conductor de camión, en xeral	11	2,21	1,89
Xardineiro, en xeral	10	2,01	1,02

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Home	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Albanel	Empregado administrativo, en xeral

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
Antas de Ulla	14
Monterroso	11
Palas de Rei	22
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>47</b>

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	0,52

Na comarca da Ulloa xestionáronse no ano 2004 un total de 47 ofertas de emprego, que representan o 0,52% das realizadas no conxunto da provincia de Lugo.

En Palas de Rei agrúpanse case a metade destas ofertas, en concreto o 46,81%. A continuación sitúanse os concellos de Antas de Ulla, co 29,79%, e Monterroso, co 23,4%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Antas de Ulla	1	1	12	6	14
Monterroso	9	22	33	23	11
Palas de Rei	6	8	25	31	22
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>16</b>	<b>31</b>	<b>70</b>	<b>60</b>	<b>47</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 vén caracterizada polo crecemento, acadando unha variación media anual do 30,92%. No transcurso destes cinco anos, as ofertas aumentan de forma considerable nos dous primeiros intervalos do período, reducíndose a un ritmo menor nos dous últimos. A nivel provincial o número de ofertas aumenta levemente, dándose un único descenso no último ano.

Todos os concellos seguen esta pauta expansiva; o de Palas de Rei é o que experimenta o maior aumento en termos absolutos, cunha variación media do 38,38%, rexistrando un único descenso no último ano. O que máis se incrementa a continuación é o de Antas de Ulla, cunha variación media do 93,43%, seguido finalmente do de Monterroso, cunha variación media anual do 5,14%.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

Preséntase no gráfico anterior a evolución das ofertas de emprego entre os anos 2000 e 2004 en cada un dos tres concellos da comarca da Ulloa. Pódese observar así que non existen similitudes na evolución dos tres territorios, dado que o de Monterroso reflicte unha subida ata o ano 2002, seguida dunha baixada case da mesma magnitude. O de Palas de Rei increméntase ata o ano 2003, para reducirse tamén posteriormente, aínda que dunha forma menos brusca que o anterior. Por último, o de Antas de Ulla mantense estable ata o ano 2001, aumentando no 2002, para volver a decrecer no ano seguinte, e a continuación a aumentar en 2004.


### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Antas de Ulla	2	0	1	11
Monterroso	0	0	1	10
Palas de Rei	4	0	0	18
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>6</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>39</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

Segundo a distribución por concellos e sectores económicos, cabe sinalar que o concello de Palas de Rei rexistra a maior parte das ofertas nos sectores primario e dos servizos, mentres que os de Antas de Ulla e Monterroso repárense as únicas dúas que se dan na construción.

**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



O 83% das ofertas de emprego da comarca da Ulloa concéntranse dentro dos servizos. O sector primario engloba o 13%, e o da construción o 4% restante, non rexistrándose ningunha oferta dentro do sector secundario nesta comarca no ano 2004.



**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

Das ofertas de emprego realizadas dentro dos servizos, o 61% enmárcanse dentro da actividade das administracións públicas e o 20% dentro de transporte e comunicacións.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	2	1	0	2	6
Secundario	0	2	4	10	0
Construción	2	7	16	7	2
Servizos	12	21	50	41	39
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>16</b>	<b>31</b>	<b>70</b>	<b>60</b>	<b>47</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, apréciase un incremento das ofertas do sector servizos, que acada unha variación media do 34,27%. Neste sector, as ofertas de emprego aumentan nos dous primeiros intervalos do quinquenio, reducíndose nos dous últimos.

O sector primario tamén experimenta unha subida das ofertas, mentres que no sector da construción as ofertas mantéñense estables ao final destes cinco anos, acadando o seu máximo valor en 2002.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Na comarca da Ulloa, tan só 9 das 47 ofertas recollen o sexo como un dos requisitos para ocupar un posto de traballo, solicitando case a totalidade destas un home. Máis da metade destas ofertas sitúanse no sector servizos, e máis concretamente en transporte e comunicacións.

No que respecta ao nivel de estudos, 26 das 47 ofertas requiren traballadores cunha determinada titulación. Dentro destas 11 solicitan formación profesional e 6 titulación universitaria, que derivan na súa totalidade do sector servizos, e basicamente da actividade de administracións públicas.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

**TÁBOA 18:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Condutor de mercadorías /Condutor de camiión en xeral.	0	0	0	0	9
Mozo-Muller de limpeza	0	0	0	0	4
Xestor cultural e do patrimonio	0	0	0	0	3
Administrativo	0	1	4	1	3
Produtor animais peletería	0	0	0	0	2
Almacenista / Mozo de almacén	0	0	0	0	2
Animador socio-cultural	0	0	0	0	2
Peón de albanel/Peón de obras públicas	0	0	18	5	2
Auxiliar de biblioteca e centros documentais	0	0	0	0	2

A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego no ano 2004 na comarca da Ulloa foi a de condutor de mercadorías/condutor de camiión, seguida da de mozo-muller de limpeza. Por outra parte, é significativo que as ofertas vinculadas á ocupación de peón de albanel/peón de obras públicas non volvan a acadar o volume de 2002.



## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
Antas de Ulla	267
Monterroso	535
Palas de Rei	762
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1.564</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca da Ulloa asináronse no ano 2004 un total de 1.564 contratos laborais, que representan o 2,13% dos realizados no conxunto da provincia de Lugo.

No concello de Palas de Rei xestionáronse a maior parte dos contratos, representando o 48,72% do total. A continuación sitúase o concello de Monterroso, que engloba o 34,21%, seguido finalmente polo de Antas de Ulla, co 17,07% da contratación comarcal.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Antas de Ulla	276	183	187	208	267
Monterroso	654	585	403	607	535
Palas de Rei	483	895	899	914	762
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>1.413</b>	<b>1.663</b>	<b>1.489</b>	<b>1.729</b>	<b>1.564</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A nivel comarcal, a contratación presenta unha tendencia positiva no período comprendido entre os anos 2000 e 2004, rexistrando unha variación media do 2,57%. Na provincia, o crecemento é menos notable, cunha variación media do 0,54%. Tanto a nivel comarcal como provincial, os contratos redúcense en termos absolutos en dous dos intervalos do quinquenio, que son os dous primeiros no caso da provincia, e o 2001-2002 e 2003-2004 no caso da comarca.

O concello de Palas de Rei é o único que manifesta un incremento das contratacións nestes cinco anos, acadando unha variación media do 12,07%. Neste concello, os contratos aumentan fortemente entre o anos 2000 e 2001, onde case se duplican, presentando unha variación interanual do 85,3%. Nos dous intervalos posteriores seguen medrando moi levemente, para reducirse finalmente entre o 2003 e o 2004, cunha variación interanual negativa de -16,63%.

En Monterroso, os contratos decrecen, obtendo unha variación media de -4,9%, rexistrada tras unha diminución constante neste período, coa excepción do tramo temporal 2002-2003, onde a variación interanual é do 50,62%.

Finalmente, en Antas de Ulla os contratos descenden lixeiramente en números absolutos, constatada pola variación media anual de -0,83%. Neste caso, os contratos só se reducen no primeiro intervalo do quinquenio, cunha variación interanual negativa de -33,7%.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	130	140	270
De 26 a 35 anos	208	365	573
De 36 a 45 anos	154	188	342
De 46 a 55 anos	209	52	261
De 56 e máis anos	108	10	118
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>809</b>	<b>755</b>	<b>1.564</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa unha pequena maior tendencia á contratación masculina na comarca, posto que entre os homes rexístrase o 51,73% dos contratos. A nivel provincial dáse a situación contraria, sendo as mulleres as que asinan a maioría dos contratos, o 51,45%.

O 53,9% dos contratos realízanse nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos. Os tramos máis numerosos do conxunto son o de 26 a 35 anos, co 36,64% das contratacións, e o de 36 a 45 anos, co 21,87%.

Entre o colectivo masculino detéctase un maior grao de avellantamento da contratación, xa que un 39,18% realízase a maiores de 45 anos, unha porcentaxe máis alta que entre o colectivo feminino, 8,22%.


**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	725	889	669	771	809
Mulleres	688	774	820	958	755
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.413</b>	<b>1.663</b>	<b>1.489</b>	<b>1.729</b>	<b>1.564</b>

A evolución dos contratos segundo o sexo amosa unha tendencia ao crecemento en ambos os sexos, con ritmos moi semellantes. Deste xeito, a variación media final no caso dos homes é do 2,78% e do 2,35% no das mulleres.

No colectivo masculino redúcense os contratos entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual negativa de -24,75%, dándose o maior aumento no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 22,62%.

No colectivo feminino tamén diminúen os contratos nun dos intervalos do quinquenio, esta vez entre os anos 2003 e 2004, onde a variación interanual é de -21,19%. Neste caso, o maior crecemento rexístrase no tramo 2002-2003, no que a variación interanual se eleva ata o 16,83%.



**GRÁFICO 7:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

As diferenzas existentes na evolución da contratación masculina e feminina na comarca a Ulloa reflíctense na distribución relativa dos contratos no transcurso do quinquenio 2000-2004. Así, obsérvase graficamente como ao comezo do período os contratos masculinos son máis representativos que os femininos, situación que cambia nos anos 2002 e 2003, onde as contratacións das mulleres superan ás dos homes. No ano 2004, esta circunstancia volve a inverterse, acadando cifras relativas case idénticas ás de partida.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	379	324	224	302	270
De 26 a 35 anos	510	656	701	747	573
De 36 a 45 anos	309	406	356	380	342
De 46 a 55 anos	150	213	165	268	261
De 56 e máis anos	65	64	43	32	118
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.413</b>	<b>1.663</b>	<b>1.489</b>	<b>1.729</b>	<b>1.564</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación entre os anos 2000 e 2004 amosa un comportamento positivo para todos os tramos, agás para o dos menores de 26 anos, que rexistra unha variación media negativa de -8,13%.

O grupo de idade de 26 a 35 anos presenta unha variación media do 2,95%, incrementándose os contratos en todos os intervalos, agás no último, onde a variación interanual é de -23,29%. A maior subida neste grupo dáse entre os anos 2000 e 2001, onde a variación media é do 28,63%.

Os tramos de idade de 36 a 45 anos e de 46 a 55 anos acadan variacións medias do 2,57% e do 14,85%, sendo este último o que máis aumenta do conxunto en termos absolutos. En ambos os dous tramos rexístranse reducións das contratacións nos intervalos 2001-2002 e 2003-2004. Cabe tamén salientar as agudas subidas do de 36 a 45 anos no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 31,39%, e do de 46 a 55 anos no intervalo 2002-2003, onde a variación interanual se eleva ao 62,42%.

### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>46</b>
Agricultura e pesca	46
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>42</b>
Industria e electricidade	42
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>109</b>
Construcción	109
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.367</b>
Comercio e hostalería	194
Transporte e comunicacións	97
Outros servizos	1.076
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.564</b>

O sector servizos engloba no ano 2004 case nove de cada dez contratos realizados na comarca, en concreto o 87,4%. Dentro deste sector, o subsector dos outros servizos rexistra case sete de cada dez contratacións comarcais, que supoñen o 68,8%.

O segundo sector en orde de importancia é o da construción, que agrupa o 6,97% dos contratos. Os sectores primario e secundario representan respectivamente o 2,94% e o 2,69% do total.

**GRÁFICO 8:** Distribución porcentual da contratación na industria.



Dentro da industria, as actividades cun maior volume de contratación son as de alimentación, co 32%, e fabricación de produtos minerais non metálicos, co 29%.




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

No marco dos servizos, o 44% dos contratos realízanse na actividade de sanidade e servizos sociais. Nun segundo plano sitúanse as de servizos á comunidade, co 16%, e administracións públicas, co 11%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>25</b>	<b>21</b>	<b>14</b>	<b>21</b>	<b>6</b>	<b>X</b>	<b>X</b>
Agricultura e pesca	25	21	14	21	6	X	X
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>28</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>12</b>	<b>9</b>	<b>5</b>	<b>0</b>
Industria e electricidade	28	14	16	12	9	5	0
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>108</b>	<b>X</b>	<b>31</b>	<b>32</b>	<b>22</b>	<b>19</b>	<b>5</b>
Construción	108	X	31	32	22	19	5
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>648</b>	<b>719</b>	<b>209</b>	<b>508</b>	<b>305</b>	<b>234</b>	<b>111</b>
Comercio e hostalería	64	130	84	66	33	11	0
Transporte e comunicacións	60	37	6	25	55	6	5
Outros servizos	524	552	119	417	217	217	106
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>809</b>	<b>X</b>	<b>270</b>	<b>573</b>	<b>342</b>	<b>X</b>	<b>X</b>

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos, que agrupa o 41,43% dos contratos da comarca, e o 45,97%, respectivamente. O segundo sector en orde de importancia nos homes é o da construción –6,91% do total–, mentres que nas mulleres a contratación fóra dos servizos é residual. En ambos os sexos, o subsector máis representativo é o dos outros servizos, co 33,5% das contratacións totais no caso dos homes e o 35,29% no das mulleres.

Observando a distribución segundo os tramos de idade, ponse de manifesto novamente que o sector servizos é predominante en todos eles, acadando a porcentaxe máis elevada no de 26 a 35 anos –32,48% da contratación total–, seguido polo de 36 a 45 anos –19,5%–. O sector da construción sitúase en segundo lugar tamén en todos os grupos de idade. No referente aos subsectores, o dos outros servizos é o que maior peso achega ao conxunto en todos os intervalos.

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>48</b>	<b>43</b>	<b>40</b>	<b>43</b>	<b>46</b>
Agricultura e pesca	48	43	40	43	46
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>253</b>	<b>144</b>	<b>52</b>	<b>98</b>	<b>42</b>
Industria e electricidade	253	144	52	98	42
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>146</b>	<b>199</b>	<b>110</b>	<b>91</b>	<b>109</b>
Construcción	146	199	110	91	109
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>966</b>	<b>1.277</b>	<b>1.287</b>	<b>1.497</b>	<b>1.367</b>
Comercio e hostalería	166	124	129	157	194
Transporte e comunicacións	21	27	48	84	97
Outros servizos	779	1.126	1.110	1.256	1.076
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.413</b>	<b>1.663</b>	<b>1.489</b>	<b>1.729</b>	<b>1.564</b>


No conxunto do período, o único sector produtivo no que non se reducen as contratacións é o dos servizos, que manifesta unha tendencia expansiva, cunha variación media do 9,07%, acadada tras un crecemento continuo ata o ano 2004, no que rexistra unha diminución, cunha variación interanual de -8,68%. Na banda contraria, a maior subida do quinquenio neste sector é no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 32,19%. No relativo aos subsectores, o máis representativo, o dos outros servizos, segue unha pauta moi semellante á do conxunto do sector, acadando unha variación media do 8,41%.

Nos sectores restantes, polo tanto, apréciase unha redución dos contratos realizados ao longo destes cinco anos. O que máis se reduce en termos absolutos é o secundario, cunha variación media negativa de -36,17%, rexistrada tras fortes diminucións no transcurso do período, en todos os tramos temporais menos no 2002-2003, no que se aprecia unha recuperación.

Por último, os sectores primario e da construción descenden a un ritmo menor que o anterior, con variacións medias de -1,06% e de -7,05% respectivamente.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



O 48% dos contratos realizados na comarca da Ulloa pertencen á categoría outros. Os contratos temporais a tempo completo representan o 36% do total, e os temporais a tempo parcial o 7%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	16	20	10	12	9	4	X
Indefinido tempo parcial	6	5	X	X	5	X	0
Temporal	332	226	140	190	146	64	18
Temporal tempo parcial	29	85	34	49	18	6	7
Prácticas/Formación	50	43	52	16	11	8	6
Outros	376	376	32	303	153	178	86
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>809</b>	<b>755</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>342</b>	<b>X</b>	<b>X</b>

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a tipoloxía de contratación predominante é a da categoría outros, que representa o 24,04% dos contratos totais en cada un dos colectivos. A segunda fórmula de contratación en nivel de importancia tamén en ambos sexos é a temporal a tempo completo.

A única categoría de contratación que se sitúa en maior medida entre o colectivo feminino que entre o masculino é a temporal a tempo parcial e a indefinida a tempo completo.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo nos menores de 26 anos, ocupando esta posición a tipoloxía outros a partir desta idade, e acadando o maior volume no grupo de 26 a 35 anos, co 19,37% das contratacións. A segunda tipoloxía en orde de importancia nos menores de 26 anos é a de prácticas/formación, posto que ocupa a temporal a tempo completo nos tramos de idade restantes.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	X	5	5	18	X	4	23
Indefinido tempo parcial	0	X	X	5	4	0	9
Temporal	37	23	90	114	83	211	408
Temporal tempo parcial	6	7	X	41	9	48	98
Prácticas/Formación	0	6	10	16	0	61	77
Outros	0	0	0	0	0	752	752
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>109</b>	<b>194</b>	<b>X</b>	<b>1.076</b>	<b>1.367</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as fórmulas de contratación se agrupan na súa maioría no sector servizos, onde se sitúan a totalidade dos contratos da categoría outros, o 26,09% dos temporais a tempo completo e o 6,27% dos temporais a tempo parcial.

Dado que os contratos da categoría outros tan só se producen no sector servizos, nos sectores restantes, a tipoloxía que lle dá un maior peso ao conxunto é a temporal a tempo parcial.

No que respecta aos subsectores, o dos outros servizos aglutina a totalidade dos contratos da categoría outros, así como a maior parte dos temporais, tanto a tempo parcial como completo, e a maioría dos de prácticas/formación.

En relación cos contratos da tipoloxía outros, é destacable que proceden basicamente da actividade de sanidade e servizos sociais.

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	96	95	31	90	36
Indefinido tempo parcial	6	7	0	4	11
Temporal	590	618	433	483	558
Temporal tempo parcial	106	99	93	124	114
Prácticas/Formación	30	32	27	75	93
Outros	585	812	905	953	752
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.413</b>	<b>1.663</b>	<b>1.489</b>	<b>1.729</b>	<b>1.564</b>

Entre os anos 2000 e 2004, a evolución dos contratos presenta tendencias diferentes para as distintas fórmulas de contratación. Deste xeito, os contratos temporais a tempo completo experimentan unha redución, cunha variación media negativa de -1,38%, rexistrada tras un incremento continuo ao longo do período, roto pola diminución do intervalo 2001-2002, cunha variación interanual de -29,94%.

A tipoloxía outros foi a que máis se incrementou nestes cinco anos, acadando unha variación media do 6,48%. Neste caso, o maior crecemento do quinquenio prodúcese entre os anos 2000 e 2001, cunha variación media do 38,8%, acompañado tamén dun forte descenso entre os anos 2003 e 2004, cunha variación interanual de -21,09%.

Os contratos temporais a tempo parcial e os de prácticas/formación tamén manifestan unha tendencia expansiva, rexistrando variacións medias do 1,84% e do 32,69% respectivamente.

#### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>36,78</b>
HOMES	X	49,53
MULLERES	X	18,92
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>724</b>	<b>16,06</b>
HOMES	380	23,57
MULLERES	344	9,88
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>41</b>	<b>18,21</b>
HOMES	11	0,00
MULLERES	30	31,61
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>124</b>	<b>12,29</b>
HOMES	22	-4,99
MULLERES	102	18,92
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>203</b>	<b>-0,49</b>
HOMES	57	-3,60
MULLERES	146	0,87
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>24</b>	<b>7,46</b>
HOMES	14	1,87
MULLERES	10	18,92
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>168</b>	<b>-11,59</b>
HOMES	134	-4,04
MULLERES	34	-26,58
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>98</b>	<b>15,02</b>
HOMES	90	14,15
MULLERES	8	27,79
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>175</b>	<b>-16,33</b>
HOMES	96	-19,88
MULLERES	79	-10,66
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>2,57</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>X</b>	<b>2,78</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>X</b>	<b>2,35</b>



No ano 2004, na comarca da Ulloa, os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os seguintes:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 46,29%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 12,98%.
- Traballadores non cualificados: 11,19%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 10,74%.

Atendendo á distribución dos contratos segundo o sexo, aprécianse diferenzas nas contratacións en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 24,3%.</li> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 8,57%.</li> <li>• Traballadores non cualificados: 6,14%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 21,99%.</li> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 9,34%.</li> <li>• Empregadas de tipo administrativo: 6,52%.</li> </ul>

Existen tres grandes grupos de ocupación onde a contratación feminina é superior á masculina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supón o 9,34% do total e a masculina o 3,64%.
- Empregadas de tipo administrativo. As porcentaxes son de 6,52% e 1,41%.
- Técnicos e profesionais de apoio. 1,92% fronte ao 0,7%.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
27200025	Enfermeiro de atención primaria	260	60	200	23,08
21210011	Médico, medicina xeral	220	135	85	61,36
25130104	Músico instrumentista, en xeral	181	168	13	92,82
71100016	Albanel	81	68	13	83,95
42100010	Empregado administrativo, en xeral	77	15	62	19,48
86300016	Conductor de camión, en xeral	53	53	0	100,00
50200041	Camareiro de barra	44	8	36	18,18
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	40	7	33	17,50
96020014	Peón da construción de edificios	39	39	0	100,00
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	35	24	11	68,57
	<b>TOTAL</b>	<b>1.030</b>	<b>577</b>	<b>453</b>	<b>56,02</b>

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

Do total dos contratos realizados na comarca da Ulloa no ano 2004, o 65,86% foron asinados dentro das ocupacións máis contratadas que se enu-

meran na táboa anterior, o que indica unha forte concentración dos contratos nestas ocupacións.

A ocupación máis contratada foi a de enfermeiro de atención primaria, seguida da de médico e músico instrumentista. Neste sentido, xorden diferenzas entre homes e mulleres, dado que nos primeiros as máis contratadas son as de músico instrumentista e médico, e nas segundas as de enfermeira de atención primaria e médico.

A contratación masculina e feminina no conxunto das dez ocupacións está case igualada nesta comarca, tal e como demostra o ratio de masculinidade do 56,02%. Por alto nivel de contratación masculina destacan as de condutor de camión, peón da construción de edificios e músico instrumentista. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as de clasificadora-repartidora correspondencia, camareira de barra e empregada administrativa.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
27200025	Enfermeiro de atención primaria	157	336	438	458	260
21210011	Médico, medicina xeral	135	249	281	265	220
25130104	Músico instrumentista, en xeral	67	78	74	155	181
71100016	Albanel	61	96	52	54	81
42100010	Empregado administrativo, en xeral	34	56	73	76	77
86300016	Condutor de camión, en xeral	29	36	20	38	53
50200041	Camareiro de barra	39	32	33	32	44
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	34	31	35	44	40
96020014	Peón da construción de edificios	69	81	38	49	39
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	109	81	17	59	35
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	18	17	12	12	35
51290012	Celador de centro sanitario	11	44	58	25	22
94100011	Peón agrícola, en xeral	34	25	18	21	14
52990063	Técnico de protección civil	13	12	30	17	12
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	35	24	19	14	7
78040018	Traballador na elaboración de conservas vexetais	133	24	0	6	0

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca de Lugo entre os anos 2000 e 2004 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que nove delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Entre as sete ocupacións que se manteñen entre as máis contratadas en todo o período, destaca pola súa evolución negativa unicamente a de peón da construción de edificios, que rexistra unha variación media negativa de -13,29%.

As ocupacións restantes experimentan un crecemento dos contratos no transcurso destes cinco anos, sendo destacables os crecementos das de músico instrumentista, enfermeiro de atención primaria e médico, que acadan variacións medias do 28,2%, 13,44% e 12,99% respectivamente.

As ocupacións que desaparecen da lista das máis contratadas en 2004 son as de celador de centro sanitario, peón agrícola, técnico de protección civil, peón de obras públicas e traballador na elaboración de conservas vexetais. Con respecto a esta última, é destacable o forte descenso na contratación que ten no ano 2001, mentres que a primeira é a única que medra nestas ocupacións sinaladas.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Administración e oficinas	16	2,78	1	2,94
Servizos ás empresas	82	3,63	5	3,52
Edificación e obras públicas	16	2,88	1	3,03
Mantemento e reparación	26	24,30	1	16,67
<b>TOTAL</b>	<b>140</b>	<b>2,17</b>	<b>8</b>	<b>2,02</b>

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

A comarca da Ulloa concentra o 2,17% dos alumnos de formación profesional ocupacional da provincia de Lugo, así como o 2,02% dos cursos impartidos.


A maior parte desta formación agrúpase na familia profesional de servizos ás empresas, co 30% dos alumnos e o 25% dos cursos. A continuación en número de alumnos destacan os cursos da familia de mantemento e reparación.

En relación novamente coa provincia, nesta comarca rexístranse o 24,3% dos alumnos e o 16,67% dos cursos de mantemento e reparación.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- No sector servizos agrúpanse a maioría das empresas e traballadores autónomos, e no primario a maior parte dos traballadores por conta allea.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un crecemento dos traballadores, tanto por conta allea como autónomos, así como un decrecemento das empresas. O sector servizos rexistra un aumento nas tres fronteiras, mentres que no primario redúcense as empresas, e no secundario e na construción as empresas e os traballadores por conta allea.
- A comarca da Ulloa agrupa o 2,36% dos demandantes da provincia de Lugo. Algo máis da metade destes demandantes concéntranse no concello de Monterroso.
- Entre os demandantes parados predominan os homes, situación inversa á que se dá entre os non parados. En canto ao perfil de idade, o grupo de demandantes máis significativo é o de 26 a 35 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis numerosos, seguidos a considerable distancia polos non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel de estudos, máis das tres cuartas partes do total teñen ensinanza obrigatoria ou non chegaron a acadar ese nivel.
- A maior parte dos demandantes parados levan buscando emprego máis dun ano, seguidos de cerca polos que levan menos de seis meses. Poren, no ámbito provincial predominan os que levan menos de seis meses en busca de emprego.
- Máis da metade dos demandantes comarcais proceden dos servizos, onde destacan as actividades das administracións públicas e hostalería. O segundo sector en orde de importancia é o da construción, con algo máis de dous de cada dez demandantes.
- A ocupación máis demandada na Ulloa é a de albanel. A nivel provincial, este posto ocúpao a de empregado administrativo.
- A Ulloa rexistra no ano 2004 o 0,52% das ofertas de emprego realizadas na provincia de Lugo. O concello de Palas de Rei agrupa a maior parte destas ofertas. Entre os anos 2000 e 2004, prodúcese un incremento das ofertas en todos os concellos da comarca.
- Máis de oito de cada dez ofertas derívanse do sector servizos, onde destaca a actividade das administracións públicas. No período 2000-2004, este sector rexistra un crecemento das ofertas de emprego.
- Tan só 9 das 47 ofertas rexistradas no ano 2004 solicitaban traballadores segundo o sexo, requirindo case a totalidade un home. No tocante ao nivel de estudos, máis da metade demandan a posesión dunha determinada titulación, que na maior parte dos casos é a formación profesional.
- A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores é a de condutor de mercadorías/condutor de camiión.
- Na comarca da Ulloa rexistráronse no ano 2004 o 2,13% dos contratos da provincia de Lugo. No concello de Palas de Rei producíronse case a metade destes contratos. A tendencia da contratación do conxunto comarcal no transcurso destes cinco anos é positiva, sendo o concello de Palas de Rei o único que rexistra un crecemento.
- Ao contrario que na provincia, a contratación masculina predomina levemente sobre a feminina. A evolución da contratación segundo o sexo amosa unha tendencia parella en ambos os dous, que experimentan un ritmo de crecemento semellante neste quinquenio.

- No referido á idade, máis da metade dos contratos agrúpanse entre os traballadores máis novos, os menores de 36 anos, tendendo a descender conforme aumenta a idade. Observando a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004, o comportamento é positivo para todos os grupos de idade, agás para os menores de 26 anos.
- No sector servizos rexístranse case nove de cada dez contratos da Ulloa, destacando a actividade de sanidade e servizos sociais. O segundo sector en orde de importancia é o da construción.
- En ambos os sexos, e en todos os grupos de idade, o maior volume de contratación prodúcese no sector servizos. No conxunto do período analizado, este sector é o único que presenta un incremento das contratacións.
- Case a metade dos contratos comarcais pertencen á categoría outros. Os temporais a tempo completo representan o 36% do total. O primeiro tipo de contratación predomina en ambos os sexos, así como en todos os intervalos de idade, agás no dos menores de 26 anos, onde o peso relativo dos contratos temporais a tempo completo é maior. No referente aos sectores produtivos, a tipoloxía outros rexístrase unicamente no sector servizos, e preferentemente nas actividades sanitarias, sendo predominante nos restantes a contratación temporal a tempo completo.
- Durante o período 2000-2004, os contratos temporais a tempo completo redúcense, ao mesmo tempo que se incrementan os temporais a tempo parcial e os da categoría outros.
- Tanto no colectivo masculino como feminino, o grupo de contratación predominante é o de técnicos profesionais, científicos e intelectuais.
- As ocupacións con máis contratos na comarca son as de enfermeiro de atención primaria e médico, medicina xeral. Entre as mulleres, a máis contratada é a primeira destas, e entre os homes a de músico instrumentista. Nestas tres ocupacións, apréciase un incremento dos contratos entre os anos 2000 e 2004.
- A comarca da Ulloa concentra algo máis do 2% dos alumnos e cursos de formación profesional ocupacional da provincia de Lugo. A maior parte desta formación realízase na familia profesional de servizos ás empresas.



# Comarca de Chantada



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>71</b>	<b>12,66</b>	<b>1.604</b>	<b>48,12</b>	<b>43</b>	<b>5,25</b>
Agricultura e pesca	71	12,66	1.604	48,12	43	5,25
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>61</b>	<b>10,87</b>	<b>215</b>	<b>6,45</b>	<b>71</b>	<b>8,67</b>
Industria e electricidade	61	10,87	215	6,45	71	8,67
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>90</b>	<b>16,04</b>	<b>287</b>	<b>8,61</b>	<b>137</b>	<b>16,73</b>
Construcción	90	16,04	287	8,61	137	16,73
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>339</b>	<b>60,43</b>	<b>1.227</b>	<b>36,81</b>	<b>568</b>	<b>69,35</b>
Comercio e hostalería	193	34,40	759	22,77	385	47,01
Transporte e comunicacións	50	8,91	128	3,84	80	9,77
Outros servizos	96	17,11	340	10,20	103	12,58
<b>TOTAL</b>	<b>561</b>	<b>100,00</b>	<b>3.333</b>	<b>100,00</b>	<b>819</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

O tecido empresarial de Chantada vén caracterizado polo predominio do sector servizos no referido ás empresas e aos traballadores autónomos, e do sector secundario no que respecta aos traballadores por conta allea.

Algo máis de seis de cada dez empresas –o 60,43%– encádranse dentro do sector servizos, seguido a considerable distancia polo da construción, co 16,04%, e o primario, co 12,66%. No referente aos subsectores, o de comercio e hostalería é o máis representativo, co 34,4% das empresas, situándose a continuación o de outros servizos, que representa o 17,11%.

Ao contrario que no caso das empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse na súa maior parte no sector primario, que representa o 48,12% do total. A continuación en nivel de importancia atópase o sector servizos –36,81%–. Sen ter en conta o subsector de agricultura e pesca, o máis representativo, sitúanse de seguido os de comercio e hostalería, co 22,77%, e outros servizos, co 10,2%.

Os autónomos distribúense novamente de forma maioritaria no sector servizos, onde se inclúen case sete de cada dez, en concreto o 69,35%, seguido polo da construción –16,73%–. No ámbito subsectorial cómpre sinalar o

forte peso do subsector de comercio e hostalería, que agrupa o 47,01% dos autónomos.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>198</b>	<b>211</b>	<b>167</b>	<b>11</b>	<b>71</b>
Agricultura e pesca	198	211	167	11	71
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>58</b>	<b>59</b>	<b>58</b>	<b>61</b>	<b>61</b>
Industria e electricidade	58	59	58	61	61
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>81</b>	<b>93</b>	<b>93</b>	<b>88</b>	<b>90</b>
Construcción	81	93	93	88	90
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>291</b>	<b>294</b>	<b>318</b>	<b>335</b>	<b>339</b>
Comercio e hostalería	172	175	181	191	193
Transporte e comunicacións	36	38	45	47	50
Outros servizos	83	81	92	97	96
<b>TOTAL</b>	<b>628</b>	<b>657</b>	<b>636</b>	<b>495</b>	<b>561</b>

Na evolución das empresas da comarca de Chantada no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia ao decrecemento, concretada pola variación media final negativa de -2,78%, obtida tras rexistrarse unha diminución nos dous intervalos intermedios do período, sobre todo no 2002-2003, cunha variación interanual negativa de -22,17%.

O sector primario é o único no que se reducen as empresas ao longo destes cinco anos, sendo polo tanto o que marca a pauta negativa da comarca. Deste xeito, neste sector a variación media é do -22,62%, e presenta fortes oscilacións ao longo do período. Así, o número de empresas redúcese nos intervalos intermedios do quinquenio, con variacións interanuais negativas do -20,85% no 2001-2002 e do -93,41 no 2002-2003. No último intervalo, en cambio, as empresas increméntanse fortemente.

Nos sectores restantes as empresas aumentan, presentando o secundario e o da construción variacións medias do 1,27% e do 2,67% respectivamente. En ambos os dous sectores, tan só se dá unha redución das empresas en todo o período, que se produce no tramo 2001-2002 no sector secundario e no 2002-2003 no da construción.

O sector dos servizos é o que máis medra, tanto en termos absolutos como relativos, cunha variación media do 3,89%. Este sector increméntase de forma continua no transcurso destes cinco anos, dándose a subida máis forte entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 8,16%. No relativo aos subsectores, o de comercio e hostalería é o que marca en maior medida a pauta evolutiva do sector, obtendo unha variación media do 2,92%.



TRABALLADORES					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.506</b>	<b>1.604</b>	<b>1.598</b>	<b>1.630</b>	<b>1.604</b>
Agricultura e pesca	1.506	1.604	1.598	1.630	1.604
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>231</b>	<b>220</b>	<b>204</b>	<b>207</b>	<b>215</b>
Industria e electricidade	231	220	204	207	215
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>308</b>	<b>355</b>	<b>288</b>	<b>274</b>	<b>287</b>
Construcción	308	355	288	274	287
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>931</b>	<b>1.021</b>	<b>1.159</b>	<b>1.169</b>	<b>1.227</b>
Comercio e hostalería	543	655	673	711	759
Transporte e comunicacións	82	87	116	115	128
Outros servizos	306	279	370	343	340
<b>TOTAL</b>	<b>2.976</b>	<b>3.200</b>	<b>3.249</b>	<b>3.280</b>	<b>3.333</b>

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

A evolución dos traballadores por conta allea de Chantada presenta entre os anos 2000 e 2004 unha tendencia positiva, cunha variación media do 2,87%. Ao longo destes cinco anos, os traballadores da comarca aumentan de forma constante, producíndose o maior incremento no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 7,53%.

Neste caso, son os sectores secundario e da construción os que experimentan un descenso do número de traballadores neste quinquenio, obtendo variacións medias negativas de -1,78% e de -1,75% respectivamente. No primeiro sector, os traballadores autónomos redúcense nos dous primeiros intervalos do quinquenio, mentres que no segundo deles, os descensos danse nos tramos intermedios.

O sector primario, o máis representativo numericamente, rexistra un crecemento, acadando unha variación media do 1,59%, a pesar de diminuír os traballadores lixeiramente entre os anos 2001-2002 e 2003-2004.

O sector servizos é o que presenta un maior incremento en termos absolutos, cunha variación media do 7,15%. Neste caso non se observa ningunha baixada en todo o período, obtendo as maiores subidas entre os anos 2000 e 2002. O subsector de comercio e hostalería ten unha evolución parella á do sector, cunha variación media do 8,73%; neste senso cabe sinalar o forte ascenso que manifesta este subsector entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual do 20,63%.

AUTÓNOMOS					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>28</b>	<b>28</b>	<b>35</b>	<b>45</b>	<b>43</b>
Agricultura e pesca	28	28	35	45	43
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>65</b>	<b>68</b>	<b>71</b>	<b>73</b>	<b>71</b>
Industria e electricidade	65	68	71	73	71
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>100</b>	<b>113</b>	<b>114</b>	<b>118</b>	<b>137</b>
Construcción	100	113	114	118	137
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>441</b>	<b>465</b>	<b>487</b>	<b>524</b>	<b>568</b>
Comercio e hostalería	294	317	332	364	385
Transporte e comunicacións	66	69	70	75	80
Outros servizos	81	79	85	85	103
<b>TOTAL</b>	<b>634</b>	<b>674</b>	<b>707</b>	<b>760</b>	<b>819</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Na evolución dos traballadores autónomos da comarca obsérvase claramente unha tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, a variación media obtida para o conxunto dos sectores é do 6,61%, rexistrada tras un crecemento continuo e constante no transcurso destes cinco anos.

En todos os sectores da actividade económica a tendencia é cara ao crecemento, sendo destacable que as únicas variacións interanuais negativas que se rexistran son no intervalo 2003-2004 nos sectores primario e secundario. Nestes dous sectores, as variacións medias acadadas son do 11,32% para o primario e do 2,23% para o secundario.

O sector da construción obtén unha variación media do 8,19%, presentando os maiores aumentos de traballadores autónomos nos intervalos inicial e final do período, con variacións interanuais do 13% e do 16,1% respectivamente.

O sector servizos é de novo o que máis medra cuantitativamente, do mesmo xeito que sucedía nas empresas e nos traballadores por conta allea, obtendo unha variación media do 6,53%. A evolución deste sector é constante, sen rexistrar oscilacións salientables nestes cinco anos. Dentro del, os subsectores de comercio e hostalería e outros servizos manifestan unha tendencia similar, con variacións medias finais do 6,97% e do 6,19% respectivamente.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Carballedo	111	37	148
Chantada	415	176	591
Taboada	173	60	233
<b>TOTAL</b>	<b>699</b>	<b>273</b>	<b>972</b>

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia - PARADOS</b>	<b>4,36</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>3,26</b>

Na comarca de Chantada recibíronse no ano 2004 un total de 972 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 71,91% das demandas comarcais.

Máis de seis de cada dez demandantes sitúanse no concello de Chantada, en concreto o 60,8% do total. Os demandantes restantes repártense entre os outros dous concellos, Taboada e Carballedo, que agrupan respectivamente o 23,97% e o 15,23% das demandas comarcais.

En relación coa provincia de Lugo, o peso dos demandantes parados é lixeiramente superior ao dos non parados, que representan respectivamente o 4,36% e o 3,26% das demandas provinciais.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	689	685	690	691	699
Variación interanual %	-	-0,58	0,73	0,14	1,16
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>4,63</b>	<b>4,78</b>	<b>4,43</b>	<b>4,19</b>	<b>4,36</b>

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha leve tendencia ao incremento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pon de manifesto na táboa anterior, as demandas de emprego redúcense moi lixeiramente no ano 2001, medrando de forma leve pero constante nos anos seguintes.

En canto ao peso dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, segue unha tendencia inestable en todo o quinquenio, alternado leves subidas con leves baixadas, obtendo unha porcentaxe final algo menor que a existente no ano 2000.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	63	6,48	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	636	65,43	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	27	2,78	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	123	12,65	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	43	4,42	4,66
	En expediente de regulación de emprego	X	0,21	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	67	6,89	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	7	0,72	2,99
	Resto de demandantes	4	0,41	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>X</b>	<b>100,00</b>

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que máis de seis de cada dez son parados con emprego anterior, en concreto o 65,43%. O segundo colectivo en orde de importancia é o dos non parados con emprego anterior -12,65%-, seguido polos parados sen emprego anterior, que representan o 6,48%.

En relación coa provincia de Lugo, a diferenza máis significativa é a redución en 9,11 puntos dos parados con emprego anterior a nivel provincial, así como o incremento en máis de dous puntos dos parados sen emprego anterior e dos non parados con emprego anterior, tamén a nivel provincial.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	49	45	13,45	16,41
26 a 35 anos	60	107	23,89	29,04
36 a 45 anos	69	95	23,46	22,46
46 a 55 anos	99	54	21,89	17,95
56 e máis anos	89	32	17,31	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>366</b>	<b>333</b>	<b>100,00</b>	<b>4,36</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>4,36</b>	<b>100,00</b>

A maior parte dos demandantes parados da comarca de Chantada pertencen ao colectivo masculino, que representan o 52,36% do total. Esta situación é a contraria á que se vive no conxunto da provincia de Lugo, onde as demandantes femininas achegan o maior volume ao total, supoñendo o 56,5%.

No referido á idade, cabe resaltar que o 62,66% dos demandantes parados están por encima dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, obsérvase que o máis numeroso é o dos que teñen entre 26 e 35 anos -23,89%-, seguido moi de cerca polos de 36 a 45 anos, que representan o 23,46%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de parados masculinos sitúanse entre os 46 e os 55 anos, seguidos polos de 56 e máis anos. Nas mulleres, o colectivo máis representativo é o de 26 a 35 anos, seguido do de 36 a 45 anos.

Con respecto á provincia de Lugo, a maior diferenza é que na comarca se aprecia un maior envellecemento dos demandantes, dado que os maiores de 45 anos representan 7,1 puntos máis que na provincia.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	22	21	15,75	20,01
26 a 35 anos	23	55	28,57	27,35
36 a 45 anos	32	40	26,37	20,67
46 a 55 anos	31	15	16,85	16,10
56 e máis anos	24	10	12,45	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>132</b>	<b>141</b>	<b>100,00</b>	<b>3,26</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>3,26</b>	<b>100,00</b>


**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes non parados, predomina levemente o colectivo feminino sobre o masculino, posto que engloba o 51,65% do total das demandas. Na provincia de Lugo, tamén se dá este predominio feminino, aínda que dunha forma moito máis clara, dado que as mulleres representan a nivel provincial o 61,3% dos demandantes.

No que atinxe á idade, obsérvase que o 55,67% dos demandantes non parados se concentra nos intervalos de 36 e máis anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o dos que teñen entre 26 e 35 anos, que achega á mostra o 28,57% do total, seguidos polos que teñen entre 36 e 45 anos, co 26,37%.

No cruzamento da idade segundo o xénero, o tramo máis significativo nos demandantes non parados homes correspóndese cos que teñen entre 36 e 45 anos, situándose a continuación os de 46 a 55 anos. Nas mulleres, as máis numerosas son as de 26 a 35 anos, seguidas polas de 36 a 45 anos.

En relación coa provincia de Lugo, preséntase unha distribución da poboación non parada moi semellante; simplemente cabe sinalar a diferenza de 5,7 puntos porcentuais a prol dos demandantes non parados comarcais de 36 a 45 anos.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Tras analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución do total de demandantes comarcais segundo o sexo e a idade. Cómpre sinalar en primeiro lugar que o grupo que proporciona un maior peso ao conxunto é o dos que teñen entre 26 e 35 anos, que supoñen algo máis da cuarta parte das demandas, en concreto o 25,21%. A curta distancia sitúase o de 36 a 45 anos, que representa o 24,28% dos demandantes.

Pola contra, na comarca de Chantada, o tramo de idade menos significativo é o que engloba os demandantes máis novos, que representan tan só o 14,09% dos demandantes de emprego.

As demandas femininas superan porcentualmente ás masculinas nos grupos de 26 a 45 anos, mentres que nos menores de 26 anos e nos maiores de 45 o volume de mulleres é menor que o de homes.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	291	89	380
Titulación de ensinanza obrigatoria	224	85	309
Formación profesional	39	21	60
BUP/Bacharelato superior/COU	81	35	116
Titulados universitarios	46	37	83
Outras titulacións	18	6	24
<b>TOTAL</b>	<b>699</b>	<b>273</b>	<b>972</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que algo máis de sete de cada dez destes –o 70,88%– teñen a titulación de ensinanza obrigatoria ou non chegaron a acadar este nivel. A continuación sitúanse os que teñen o bacharelato –11,93%–, seguidos dos titulados universitarios, co 8,54%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, apréciase que en ambos os dous colectivos o grupo máis significativo é o dos que posúen ata o certificado de escolaridade, que representan o 41,63% entre os parados e o 32,6% entre os non parados. En segundo lugar sitúanse tamén nos dous colectivos os que acadaron o ensino obrigatorio, con porcentaxes moi similares: do 32,05% os parados e do 31,14% os non parados.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	37	11	X	49
	Mulleres	30	8	7	45
26 a 35 anos	Homes	36	9	15	60
	Mulleres	48	12	47	107
36 a 45 anos	Homes	26	16	27	69
	Mulleres	31	21	43	95
46 a 55 anos	Homes	38	11	50	99
	Mulleres	8	9	37	54
Máis de 55 anos	Homes	13	7	69	89
	Mulleres	7	25	0	32
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>274</b>	<b>129</b>	<b>X</b>	<b>699</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca de Chantada, a maior parte dos demandantes parados levan máis dun ano á procura dun emprego, representando o 42,35% do total. A continuación, a curta distancia, sitúanse os que levan buscando menos de seis meses, que supoñen o 39,2%. Esta situación é a inversa á que se dá na provincia de Lugo, posto que neste territorio o 48,47% dos demandantes parados levan en busca dun emprego menos de seis meses, seguidos polos que levan máis dun ano, que representan o 35,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que tanto os homes como as mulleres menores de 36 anos tenden ao paro de menos de 6 meses, situación que se troca cara ao paro de longa duración a partir desa idade.

Tanto entre os demandantes parados de menos de seis meses como nos de longa duración, a presenza porcentual dos homes é superior á das mulleres.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	23	18	41
Sector secundario	90	28	118
Construción	150	33	183
Sector servizos	373	162	535
Sen actividade previa	63	32	95
<b>TOTAL</b>	<b>699</b>	<b>273</b>	<b>972</b>

**TÁBOA 11:** Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, cabe destacar que o 55,04% dos demandantes proveñen dos servizos. A considerable distancia sitúanse os pertencentes ao sector da construción, co 18,83%, e ao secundario, co 12,14%.


Tendo en conta os dous colectivos de forma individual, o sector servizos continúa sendo o máis representativo en ambos, supoñendo o 53,36% entre os parados e o 59,34% entre os non parados. Tamén en ambos se sitúa en segundo lugar o sector da construción, que acada un volume importante entre os parados, co 21,46%, mentres que entre os non parados supón o 12,09% do total de demandantes.

**GRÁFICO 2:** Demandantes parados na industria.



Dentro da industria, a maior parte dos demandantes parados proceden da actividade de téxtil e confección, que agrupa o 33% destes. Nun segundo plano sitúanse as de alimentación, outras industrias e madeira, que engloban de forma conxunta o 52% do total.

**GRÁFICO 3:** Demandantes parados nos servizos.



O 28% dos demandantes parados que proveñen dos servizos agrúpanse na actividade das administracións públicas. A continuación en nivel de importancia sitúanse as actividades de comercio –19%–, hostalería –16%– e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 15%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

**TÁBOA 12:** Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	69	7,10	8,75
Dependente de comercio, en xeral	61	6,28	8,39
Peón da construción de edificios	60	6,17	3,09
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	54	5,56	7,40
Albanel	50	5,14	2,90
Peón da ind. manufactureira, en xeral	39	4,01	3,77
Camareiro, en xeral	28	2,88	2,07
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	24	2,47	1,03
Peón de obras públicas, en xeral	22	2,26	0,36
Condutor de camión, en xeral	20	2,06	1,89



### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	<b>Home</b>	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	<b>Máis dun ano</b>	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Empregado administrativo, en xeral

**TÁBOA 13:** Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Carballedo	15
Chantada	865
Taboada	7
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>887</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	9,85

Na comarca de Chantada xestionáronse no ano 2004 un total de 887 ofertas de emprego, que representan o 9,85% das realizadas na provincia de Lugo.

Estas ofertas agrúpanse case na súa totalidade no concello de Chantada, que engloba o 97,52% do total. O 2,48% restante repártense entre os concellos de Carballedo e Taboada.


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Carballedo	3	7	25	38	15
Chantada	439	330	318	274	865
Taboada	5	6	13	10	7
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>447</b>	<b>343</b>	<b>356</b>	<b>322</b>	<b>887</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 vén caracterizada polo incremento, acadando unha variación media anual do 18,69%. Nesta evolución predominan as flutuacións ao longo destes cinco anos, dado que entre os anos 2000 e 2001 dáse un forte descenso, pasando a recuperarse as ofertas levemente no intervalo seguinte. A continuación, no tramo 2002-2003 redúcese de novo as ofertas, esta vez de forma máis leve que no caso anterior, incrementándose bruscamente entre o 2003 e o 2004, cunha variación interanual do 175,47%.

Esta mesma evolución descrita para a comarca é a que se produce no concello de Chantada, que marca a pauta comarcal. A única diferenza é que no concello as ofertas non se recuperan entre os anos 2001 e 2002, senón que se reducen lixeiramente. A variación media final acadada polo concello de Chantada é do 18,48%.

A nivel provincial, a situación non se asemella á da comarca, posto que as ofertas aumentan levemente en números absolutos. No mesmo sentido, tampouco se producen grandes oscilacións na súa evolución neste quinquenio.



**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

Dada a grande concentración das ofertas no concello de Chantada, agrúpanse os demais para comparar a súa evolución coa deste. Deste xeito, pódese observar como nos concellos de Carballedo e Taboada as ofertas aumentan levemente a partir do ano 2001, volvendo a reducirse tamén de forma leve a partir de 2003.


En Chantada, en cambio, as ofertas de emprego redúcense entre os anos 2001 e 2003, rexistrando un brusco incremento no 2004.

**5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica**

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Carballedo	0	0	5	10
Chantada	58	45	174	588
Taboada	1	1	1	4
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>59</b>	<b>46</b>	<b>180</b>	<b>602</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


Segundo a distribución de ofertas por concellos e sectores económicos, é salientable que no concello de Chantada se producen case a totalidade das ofertas de emprego en todos os sectores da actividade produtiva. Cabe destacar que en Carballedo non se rexistra ningunha oferta de emprego nos sectores primario e secundario.



**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


O 68% das ofertas de emprego da comarca de Chantada concéntranse dentro dos servizos. O sector da construción engloba o 20%, e o primario e secundario o 7% e 5% respectivamente.

**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro da industria, o 39% das ofertas proceden da alimentación. As actividades de metalurxia e fabricación de produtos metálicos e outras industrias engloban o 24% e o 22% respectivamente.

**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 34% das ofertas de emprego procedentes dos servizos concéntranse na actividade das administracións públicas. Nun segundo plano sitúase o transporte e comunicacións, que agrupa case a cuarta parte destas ofertas, en concreto o 24%.

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	17	31	20	18	59
Secundario	9	7	13	15	46
Construción	17	22	55	62	180
Servizos	404	283	268	227	602
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>447</b>	<b>343</b>	<b>356</b>	<b>322</b>	<b>887</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, apréciase un incremento das ofertas de emprego en todos os sectores produtivos. O maior aumento en termos absolutos prodúcese no sector servizos, que acada unha variación media do 10,49%, seguido polo da construción, cunha variación media do 80,39%.

Ademais da súa progresión, a nota característica común en todos os sectores é o forte crecemento que rexistran entre os anos 2003 e 2004. Cabe sinalar nos servizos que, a excepción deste tramo, as ofertas redúcense nos tres intervalos restantes, sufrindo o maior retroceso entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual negativa de -29,95%.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Na comarca de Chantada, tan só dez das ofertas recollen o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo. Seis solicitaron unha muller e catro un home.

No que respecta ao nivel de estudos, o 35,96% das ofertas requiren traballadores cunha determinada titulación, se ben o 72,72% destas demandan traballadores con ensinanza obrigatoria. A maioría das ofertas orientadas a este nivel académico derivan da actividade de administracións públicas.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral	4	3	6	11	107
Peón de albanel/Peón de obras públicas	7	0	7	16	51
Albanel	1	1	9	20	49
Dependente en xeral	2	3	6	8	31
Camareiro - Barman	0	1	6	13	27
Auxiliar administrativo	0	1	1	6	18
Mozo-Muller de limpeza	0	0	0	0	15
Inst.montador instalacións eléctricas/ Electricista/Aux. electric.	0	0	1	1	13
Mecánica do automóbil	0	0	1	3	12
Axente comercial / Vendedor	5	1	5	1	12

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

No ano 2004, a ocupación máis ofertada nos centros colaboradores da comarca de Chantada foi a de condutor de mercadorías/conductor de camión. Esta é seguida a considerable distancia polas de peón de albanel/peón de obras públicas e albanel.

No transcurso do período 2000-2004, estas tres ocupacións máis contratadas presentan unha evolución positiva, rexistrando máis ofertas no ano 2004 que no 2000.

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	43	37	19	4	51
Técnico de protección civil	25	25	34	36	24
Peón forestal	15	44	19	20	20
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	24	23	19	19	18
Peón da construción de edificios	53	43	13	5	18
Condutor de coche de bombeiros	0	0	0	0	13
Peón de obras públicas, en xeral	24	3	17	8	13
Traballador retén incendios forestais	1	0	1	6	11
Condutor de furgoneta de ata 3, 5 t	0	2	1	0	11
Clasificador-repartidor correspondencia	4	0	2	2	9
Instalador electricista, en xeral	1	1	0	2	9

Nas oficinas de emprego da comarca, as ocupacións con maior número de ofertas son as de albanel, técnico de protección civil e peón forestal. Se ben a primeira e a última destas ocupacións rexistran un incremento das ofertas ao longo destes cinco anos, na de técnico de protección civil redúcense moi levemente.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
Carballedo	191
Chantada	1.125
Taboada	251
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1.567</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca de Chantada asináronse no ano 2004 un total de 1.567 contratos laborais, que representan o 2,14% dos realizados na provincia de Lugo.

No concello de Chantada xestionáronse algo máis de sete de cada dez contratos, en concreto o 71,79% do total. A considerable distancia en volume de contratación sitúanse os outros dous concellos da comarca, Taboada e Carballedo, co 16,02% e co 12,19% dos contratos comarcais.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Carballedo	194	202	208	231	191
Chantada	1.036	1.183	1.275	1.207	1.125
Taboada	426	314	262	210	251
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>1.656</b>	<b>1.699</b>	<b>1.745</b>	<b>1.648</b>	<b>1.567</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A nivel comarcal, a contratación presenta unha tendencia negativa no período comprendido entre os anos 2000 e 2004, rexistrando unha variación media negativa de -1,37%. Na provincia, en cambio, a pauta é cara ao crecemento, cunha variación media do 0,54%. A nivel provincial, os contratos redúcense nos dous primeiros intervalos do quinquenio, mentres que na comarca o decrecemento dáse nos dous últimos.

Os concellos de Carballedo e Taboada son os que marcan neste caso a pauta regresiva comarcal, posto que rexistran unha redución do número de contratos ao longo destes cinco anos. Deste xeito, en Carballedo a variación media é do -0,39%, mentres que en Taboada é do -12,39%. No concello de Carballedo tan só se reducen as contratacións entre os anos 2003 e 2004, mentres que en Taboada, este tramo temporal é o único no que os contratos aumentan, decrecendo nos tres restantes.

En Chantada, o concello cun maior volume contractual, os contratos laborais presentan unha subida, cunha variación media do 2,08%. Neste caso, do mesmo xeito que na comarca, as contratacións medran nos dous primeiros intervalos do período, ao tempo que diminúen nos dous últimos.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	201	137	338
De 26 a 35 anos	222	361	583
De 36 a 45 anos	182	210	392
De 46 a 55 anos	175	44	219
De 56 e máis anos	29	6	35
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>809</b>	<b>758</b>	<b>1.567</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa unha pequena maior tendencia á contratación masculina na comarca, posto que entre os homes rexístrase o 51,63% da contratación. A nivel provincial, dáse a situación contraria, sendo as mulleres as que asinan a maioría dos contratos, o 51,45%.

O 58,77% da contratación sitúase nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos. De forma individual, os tramos máis numerosos son o de 26 a 35 anos, co 37,2% das contratacións, e o de 36 a 45 anos, co 25,02%.

Tendo en conta o sexo, o intervalo de idade máis significativo en ambos os colectivos é o de 26 a 35 anos. O segundo tramo máis importante entre os homes é o dos menores de 26 anos, e nas mulleres o das que teñen entre 36 e 45 anos.


**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	975	959	961	855	809
Mulleres	681	740	784	793	758
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.656</b>	<b>1.699</b>	<b>1.745</b>	<b>1.648</b>	<b>1.567</b>

A evolución dos contratos segundo o sexo amosa unha tendencia ao decrecemento no caso dos homes, onde se rexistra unha variación media negativa do -4,56%. Neste colectivo, as contratacións redúcense en todos os intervalos do período, agás no 2001-2002, onde presentan un case estancamento.

Pola contra, entre as mulleres incrementáanse as contratacións, obtendo unha variación media final do 2,71%. Neste caso tamén se observa unha diminución do número de contratos, entre os anos 2003 e 2004, tendendo a medrar nos intervalos seguintes.

**GRÁFICO 8:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.





As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina en Chantada reflíctense na distribución dos contratos no transcurso do quinquenio 2000-2004. Deste xeito, obsérvase graficamente como o peso relativo dos contratos masculinos descende de forma constante, ao mesmo tempo que se incrementa o dos femininos. Ao chegar ao final do período, a diferenza porcentual a prol dos homes redúcese en 14,5 puntos con respecto á existente no ano 2000.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	513	348	384	349	338
De 26 a 35 anos	531	596	567	601	583
De 36 a 45 anos	400	470	552	398	392
De 46 a 55 anos	154	243	187	255	219
De 56 e máis anos	58	42	55	45	35
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.656</b>	<b>1.699</b>	<b>1.745</b>	<b>1.648</b>	<b>1.567</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004 amosa un comportamento diferente para os distintos tramos. Así, nos menores de 26 anos, nos maiores de 55 e nos que teñen entre 36 e 45 anos, as contratacións redúcense cuantitativamente, presentando variacións medias negativas de -9,91%, -11,86% e -0,5%.

Neste sentido, cabe destacar que entre os menores de 26 anos os contratos tan só se incrementan entre os anos 2001 e 2002, rexistrando o maior descenso no tramo 2000-2001, cunha variación interanual negativa de -32,16%. No intervalo de idade de 36 a 45 anos, os contratos aumentan nos dous primeiros intervalos do período, con variacións interanuais superiores ao 17%. Nos dous intervalos restantes, prodúcese unha diminución, sobre todo entre o 2002 e o 2003, cunha variación interanual negativa de -27,9%.

Nos outros dous grupos de idade, de 26 a 35 anos e de 46 a 55, os contratos medran, acadando variacións medias do 2,36% e do 9,2% respectivamente. Debido ao seu volume contractual, cabe destacar o comportamento do grupo de 26 a 35 anos, que presenta dous decrecementos nas contratacións, nos tramos 2001-2002 e 2003-2004, acompañados de dous aumentos nos intervalos restantes, sendo o máis importante o do 2002-2003, cunha variación interanual do 12,24%.

#### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>93</b>
Agricultura e pesca	93
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>72</b>
Industria e electricidade	72
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>171</b>
Construción	171
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.231</b>
Comercio e hostalería	274
Transporte e comunicacións	155
Outros servizos	802
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.567</b>


**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos engloba no ano 2004 case oito de cada dez dos contratos realizados na comarca de Chantada –78,56%–. Dentro deste sector, o subsec-

tor dos outros servizos rexistra máis da metade das contratacións totais da comarca, en concreto o 51,18%.


O segundo sector en orde de importancia é o da construción, que agrupa o 10,91% dos contratos. Os sectores primario e secundario representan respectivamente o 5,93% e o 4,59% do total.

**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación na industria.



A actividade de alimentación agrupa a maior parte dos contratos realizados na industria, en concreto o 37%. Nun segundo plano sitúanse as de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 18%, e madeira, co 17%.

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 36% dos contratos asinados no marco dos servizos rexístranse na sanidade e servizos sociais. A continuación atópanse as actividades das administracións públicas, o comercio e o transporte e comunicacións, que engloban ao 13% das contratacións cada unha delas.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>81</b>	<b>12</b>	<b>25</b>	<b>32</b>	<b>26</b>	<b>10</b>	<b>0</b>
Agricultura e pesca	81	12	25	32	26	10	0
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>47</b>	<b>25</b>	<b>28</b>	<b>22</b>	<b>14</b>	<b>7</b>	<b>X</b>
Industria e electricidade	47	25	28	22	14	7	X
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>164</b>	<b>7</b>	<b>62</b>	<b>37</b>	<b>39</b>	<b>26</b>	<b>7</b>
Construción	164	7	62	37	39	26	7
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>517</b>	<b>714</b>	<b>223</b>	<b>492</b>	<b>313</b>	<b>176</b>	<b>27</b>
Comercio e hostalería	102	172	111	91	60	7	5
Transporte e comunicacións	92	63	13	50	60	26	6
Outros servizos	323	479	99	351	193	143	16
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>809</b>	<b>758</b>	<b>338</b>	<b>583</b>	<b>392</b>	<b>219</b>	<b>X</b>

**TÁBOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos, agrupando respectivamente o 32,99% e o 45,56% do total da contratación comarcal. O segundo sector en orde de importancia nos homes é o da construción, mentres que nas mulleres a contratación fóra dos servizos é residual. En ambos os sexos, o subsector máis representativo é o dos outros servizos, co 20,61% das contratacións da comarca no caso dos homes e o 30,57% no das mulleres.

Observando a distribución segundo os tramos de idade, ponse de manifesto novamente que o sector servizos é predominante en todos eles, acadando a porcentaxe máis elevada no de 26 a 35 anos –31,4% do volume total–, seguido polo de 36 a 45 anos –19,97%–. O sector da construción sitúase en segundo lugar tamén en todos os grupos de idade. No referente aos subsectores, o dos outros servizos é o máis representativo en todos os intervalos, agás no dos menores de 26 anos, onde ocupa este posto o de comercio e hostalería.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>59</b>	<b>80</b>	<b>133</b>	<b>114</b>	<b>93</b>
Agricultura e pesca	59	80	133	114	93
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>194</b>	<b>96</b>	<b>88</b>	<b>74</b>	<b>72</b>
Industria e electricidade	194	96	88	74	72
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>204</b>	<b>277</b>	<b>212</b>	<b>172</b>	<b>171</b>
Construción	204	277	212	172	171
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.199</b>	<b>1.246</b>	<b>1.312</b>	<b>1.288</b>	<b>1.231</b>
Comercio e hostalería	227	260	247	268	274
Transporte e comunicacións	62	82	158	147	155
Outros servizos	910	904	907	873	802
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.656</b>	<b>1.699</b>	<b>1.745</b>	<b>1.648</b>	<b>1.567</b>

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


No conxunto do período, nos sectores secundario e da construción os contratos diminúen, acadando variacións medias negativas de -21,95% e -4,32% respectivamente. En ambos os sectores, as contratacións redúcense en todos os intervalos do quinquenio, a excepción do 2000-2001 no da construción, onde se rexistra un crecemento significativo.

Nos sectores primario e dos servizos, en cambio, a evolución contractual é claramente expansiva no primeiro deles, e en menor medida no segundo, obtendo variacións medias do 12,05% e do 0,66% respectivamente.

Dentro dos servizos, pódese observar como os contratos se incrementan nos dous primeiros intervalos do período, reducíndose nos dous últimos. No referente aos subsectores, o dos outros servizos rexistra un decrecemento, cunha variación media negativa de -3,11%. Pola contra, o de comercio e hostalería acada unha variación media do 4,82%.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 11:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Chantada caracterízase por un predominio dos contratos temporais, que representan o 58% do total. Deste xeito, o 44% son temporais a tempo completo e o 14% temporais a tempo parcial. Cabe destacar nesta comarca o gran volume de contratos que se rexistra na categoría outros, supoñendo o 32% do total.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	55	20	18	14	20	16	7
Indefinido tempo parcial	10	12	7	6	X	5	X
Temporal	422	277	166	251	183	80	19
Temporal tempo parcial	80	137	64	78	49	24	X
Prácticas/Formación	45	15	54	5	X	0	0
Outros	197	297	29	229	136	94	6
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>809</b>	<b>758</b>	<b>338</b>	<b>583</b>	<b>392</b>	<b>219</b>	<b>35</b>

No colectivo masculino, a contratación predominante é a temporal a tempo completo, onde se rexistran o 26,93% da contratación total, seguida da tipoloxía outros, co 12,57%. No colectivo feminino os contratos da tipoloxía outros son os máis numerosos, representando o 18,95%, seguidos dos temporais a tempo completo, co 17,68%.

As fórmulas de contratación a tempo parcial e da categoría outros sitúanse en maior medida entre as mulleres.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, agás no de 46 a 55 anos, onde é superada pola categoría outros, acadando o volume máis elevado no de 26 a 35 anos, onde se sitúan o 16,02% das contratacións. A segunda categoría en orde de importancia é a temporal a tempo parcial nos menores de 26 anos, a da tipoloxía outros nos tramos de 26 a 45 anos, a temporal a tempo completo de 46 a 55 anos e a indefinida a tempo completo nos maiores de 55 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	12	6	12	17	22	6	45
Indefinido tempo parcial	0	X	0	11	5	5	21
Temporal	67	48	133	133	105	213	451
Temporal tempo parcial	12	10	4	85	23	83	191
Prácticas/Formación	X	7	22	28	0	X	29
Outros	0	0	0	0	0	494	494
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>171</b>	<b>274</b>	<b>155</b>	<b>X</b>	<b>1.231</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as fórmulas de contratación se agrupan na súa maior parte no sector servizos, onde se sitúan a maioría dos contratos temporais a tempo completo, os temporais a tempo parcial e a totalidade da categoría outros. En todos os sectores, a tipoloxía con maior significatividade é a temporal a tempo completo, agás no dos servizos, onde é superada pola da categoría outros.

No que respecta aos subsectores, o de outros servizos aglutina a totalidade dos contratos da categoría outros, así como o 13,59% dos temporais a tempo completo.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	72	88	70	60	75
Indefinido tempo parcial	16	29	25	26	22
Temporal	812	828	777	726	699
Temporal tempo parcial	163	144	186	171	217
Prácticas/Formación	128	60	80	101	60
Outros	465	550	607	564	494
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.656</b>	<b>1.699</b>	<b>1.745</b>	<b>1.648</b>	<b>1.567</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, a fórmula de contratación que experimenta un incremento maior é a temporal a tempo parcial, que acada unha variación media do 7,42%. Neste caso, os contratos redúcense nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, aumentando considerablemente nos dous restantes, con variacións interanuais superiores ao 25%.

Os contratos da tipoloxía outros tamén se incrementan, cunha variación media do 1,52%, medrando nos dous intervalos iniciais do período, e descendendo nos dous últimos.

Os contratos que máis se reducen en termos absolutos son os temporais a tempo completo, que obteñen unha variación media negativa do -3,68%. Esta categoría tan só experimenta un leve aumento entre os anos 2000 e 2001, reducíndose as contratacións de forma constante nos anos seguintes.

### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>-9,64</b>
HOMES	X	0,00
MULLERES	0	-100,00
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>402</b>	<b>4,66</b>
HOMES	150	3,25
MULLERES	252	5,55
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>54</b>	<b>7,13</b>
HOMES	37	10,30
MULLERES	17	1,53
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>201</b>	<b>3,38</b>
HOMES	45	3,64
MULLERES	156	3,30
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>334</b>	<b>1,31</b>
HOMES	111	-1,93
MULLERES	223	3,15
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>11</b>	<b>-32,82</b>
HOMES	11	-20,83
MULLERES	0	-100,00
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>160</b>	<b>-12,58</b>
HOMES	150	-11,81
MULLERES	10	-21,25
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>159</b>	<b>-2,65</b>
HOMES	149	-3,10
MULLERES	10	5,74
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>244</b>	<b>-3,30</b>
HOMES	154	-7,68
MULLERES	90	7,66
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>-1,37</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>X</b>	<b>-4,56</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>758</b>	<b>2,71</b>

No ano 2004, na comarca de Chantada, os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os seguintes:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 25,65%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 21,31%.
- Traballadores non cualificados: 15,57%.
- Empregados de tipo administrativo: 12,83%.

Atendendo á distribución dos contratos segundo o sexo, aprécianse certas diferenzas das contratacións en función do grupo de ocupación:

#### Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina

- Traballadores non cualificados: 9,83%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 9,57%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 9,57%.

#### Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina

- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 16,08%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 14,23%.
- Empregadas de tipo administrativo: 9,96%.

En tres grandes grupos de ocupación, a contratación feminina é superior á masculina, a saber:

- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais. A contratación feminina supón o 16,08% da contratación total da comarca fronte ao 9,57% da masculina.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina supón o 9,96% fronte ao 2,87% da masculina.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. 14,23% fronte ao 7,08%.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
27200025	Enfermeiro de atención primaria	148	13	135	8,78
21210011	Médico, medicina xeral	135	79	56	58,52
42100010	Empregado administrativo, en xeral	110	27	83	24,55
51290012	Celador de centro sanitario	81	34	47	41,98
86300016	Conductor de camión, en xeral	80	80	0	100,00
71100016	Albanel	69	69	0	100,00
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	68	9	59	13,24
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	55	21	34	38,18
96020014	Peón da construción de edificios	X	52	X	98,11
50200018	Camareiro, en xeral	50	9	41	18,00
	<b>TOTAL</b>	<b>X</b>	<b>393</b>	<b>X</b>	<b>46,29</b>

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes / N.º total de contratos) x 100*

Do total dos contratos realizados na comarca de Chantada no ano 2004, o 54,18% foron asinados dentro das ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior.

A ocupación máis contratada foi a de enfermeiro de atención primaria, seguida das de médico e empregado administrativo. Neste sentido, xorden diferenzas entre os sexos, dado que no colectivo masculino as máis contratadas foron as de conductor de camión e médico, e no feminino as de enfermeira de atención primaria e empregada administrativa.

A contratación masculina e feminina no conxunto das dez ocupacións nesta comarca está case igualada, tal e como demostra o ratio de masculinidade do 46,29%. Por alto nivel de contratación masculina destacan as ocupacións de conductor de camión, albanel e peón da construción de edificios. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as de enfermeira de atención primaria e clasificadora-repartidora correspondencia.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
27200025	Enfermeiro de atención primaria	100	129	170	183	148
21210011	Médico, medicina xeral	174	204	232	174	135
42100010	Empregado administrativo, en xeral	78	86	95	102	110
51290012	Celador de centro sanitario	97	108	122	90	81
86300016	Conductor de camión, en xeral	82	71	80	75	80
71100016	Albanel	122	120	96	112	69
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	62	78	69	77	68
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	52	39	16	45	55
96020014	Peón da construción de edificios	60	59	41	27	53
50200018	Camareiro, en xeral	40	47	34	52	50
53300010	Dependente de comercio, en xeral	49	52	44	58	45
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	14	63	40	25	23
94400012	Peón forestal	17	39	75	50	8

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca de Chantada entre os anos 2000 e 2004 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que seis delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Entre as sete ocupacións que se manteñen entre as máis contratadas en todo o período, destacan pola súa evolución positiva as de enfermeiro de atención primaria e empregado administrativo, que presentan variacións medias do 10,3% e do 8,97% respectivamente.

Na banda oposta, sobresaen pola súa evolución negativa as de albanel e médico, que acadan variacións medias negativas do -13,28% e do -6,15% respectivamente.



## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	17	8,99	1	8,33
Artesanía	17	17,35	1	16,67
Servizos ás empresas	21	0,93	1	0,70
Sanidade	15	2,95	1	3,45
<b>TOTAL</b>	<b>70</b>	<b>1,09</b>	<b>4</b>	<b>1,01</b>

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

A comarca de Chantada concentra o 1,09% dos alumnos de formación profesional ocupacional da provincia de Lugo, así como o 1,01% dos cursos impartidos.

A maior parte desta formación agrúpase na familia profesional de servizos ás empresas, co 30% dos alumnos e o 25% dos cursos. As familias agraria e de artesanía engloban cada unha delas case a cuarta parte dos alumnos.


En relación novamente coa provincia, nesta comarca rexístranse o 17,35% dos alumnos e o 16,67% dos cursos ofertados na provincia dentro da familia de artesanía.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- No sector servizos agrúpanse a maioría das empresas e autónomos da comarca de Chantada, situándose a maior parte dos traballadores por conta allea no sector primario.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un crecemento dos traballadores autónomos e por conta allea, ao mesmo tempo que descederon as empresas.
- O sector servizos rexistra un crecemento tanto en número de empresas como de traballadores e autónomos. En cambio, no sector primario descenden as empresas, e no secundario e da construción os traballadores por conta allea.
- A comarca de Chantada agrupa o 3,98% dos demandantes de emprego provinciais. O concello de Chantada engloba algo máis de seis de cada dez destes demandantes.
- Entre os demandantes parados, predomina levemente o colectivo masculino sobre o feminino, situación inversa á que se dá entre os demandantes non parados. En canto ao perfil de idade, o grupo de idade máis significativo é o de 26 a 35 anos, coa cuarta parte das demandas, seguido de cerca polo de 36 a 45 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis significativos, seguidos a considerable distancia polos non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, o conxunto máis importante é o dos demandantes con certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria, que engloban máis de sete de cada dez do total.
- Algo máis de catro de cada dez demandantes parados da comarca levan buscando emprego dun xeito maioritario máis dun ano, seguidos moi de cerca polos que levan menos de seis meses.
- Máis da metade dos demandantes comarcais proceden do sector servizos, onde destacan a actividade das administracións públicas. Dentro da industria, os demandantes parados proveñen na súa maior parte do téxtil e confección.
- A ocupación máis demandada na comarca é a de empregado administrativo, ao igual que sucede na provincia.
- Na comarca de Chantada rexístranse no ano 2004 o 9,85% das ofertas de emprego da provincia de Lugo. Estas ofertas están situadas case na súa totalidade no concello de Chantada, que marca a pauta evolutiva do conxunto comarcal entre os anos 2000 e 2004, dándose un incremento das ofertas, en maior medida que no ámbito provincial.
- Case sete de cada dez ofertas derívanse do sector servizos. O concello de Chantada recibe case a totalidade das ofertas de emprego en todos os sectores produtivos, incrementándose en todos eles de forma xeneralizada as ofertas nestes cinco anos.
- Dentro dos servizos, máis de tres de cada dez ofertas de emprego proceden das administracións públicas. Na industria, case catro de cada dez proveñen da alimentación.
- Tan só dez ofertas rexistradas no ano 2004 solicitaban traballadores dun determinado sexo. No tocante ao nivel de estudos, algo máis de tres de cada dez reclaman unha titulación, que na maioría dos casos é a ensinanza obrigatoria.
- As ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego son as de albanel e técnico de protección civil, incrementándose ao longo deste quinquenio as ofertas na primeira destas, e reducíndose na segunda. Nos centros colaboradores as máis

ofertadas son as de condutor de mercadorías/condutor de camión e peón de albanel/peón de obras públicas, presentando ambas unha evolución positiva no período 2000-2004.

- Na comarca de Chantada asináronse no ano 2004 o 2,14% dos contratos da provincia de Lugo. En relación cos concellos, no de Chantada sitúanse máis de sete de cada dez destas contratacións. A tendencia desta contratación comarcal nos últimos cinco anos é negativa, marcada polo decrecemento dos concellos de Carballado e Taboada.
- Ao contrario que na provincia, a contratación masculina predomina levemente sobre a feminina. A evolución dos contratos segundo o sexo reflicte unha evolución negativa para os homes neste quinquenio, mentres que nas mulleres se rexistra un crecemento.
- A maioría dos contratos concéntranse entre os traballadores menores de 36 anos, podendo observarse que conforme a idade aumenta, o volume de contratación redúcese. Tendo en conta a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004, denótase un aumento nos rexistrados entre os que teñen entre 26 e 35 anos e 46 a 55 anos, reducíndose os tramos restantes.
- No sector servizos prodúcense case oito de cada dez contratos, destacando os procedentes da sanidade e servizos sociais. Na industria, a actividade de alimentación agrupa a maior parte dos contratos.
- Tanto nos homes como nas mulleres, o maior volume de contratación prodúcese no sector servizos. En todos os intervalos de idade, a tónica xeral é tamén a forte concentración dos contratos neste sector.
- No período analizado, nos sectores secundario e da construción redúcense as contratacións, mentres que se incrementan no primario e se manteñen estables no dos servizos.
- Case seis de cada dez contratos son temporais a tempo completo, e algo máis de tres de cada dez pertencen á tipoloxía outros. O primeiro tipo de contratación predomina entre os homes, así como en todas as idades e sectores produtivos, dándose dúas excepcións na que é superado pola tipoloxía outros, que é entre os traballadores de 46 a 55 anos e entre as mulleres.
- Durante o período 2000-2004, as dúas fórmulas de contratación máis numerosas experimentan tendencias opostas: a temporal a tempo completo desdende e os da modalidade outros aumentan.
- O grande grupo de ocupación máis contratado é o de técnicos profesionais, científicos e intelectuais. Este mesmo é o máis contratado entre as mulleres, sendo o de traballadores non cualificados o que ocupa este posto no colectivo masculino.
- As ocupacións con máis contratos son as de enfermeiro de atención primaria e médico, medicina xeral. Entre as mulleres, a máis contratada coincide coa anterior, mentres que entre os homes é a de médico. Na primeira destas ocupacións rexistrase un aumento dos contratos nestes cinco anos, ao tempo que se reducen na segunda.
- Na comarca de Chantada desenvolvéronse o 1,01% dos cursos impartidos na provincia de Lugo no ano 2004, tendo maior importancia dentro da comarca os realizados dentro da familia profesional de servizos ás empresas.



# Comarca de Lugo



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>150</b>	<b>2,51</b>	<b>3.847</b>	<b>8,60</b>	<b>167</b>	<b>2,43</b>
Agricultura e pesca	150	2,51	3.847	8,60	167	2,43
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>487</b>	<b>8,15</b>	<b>4.466</b>	<b>9,99</b>	<b>496</b>	<b>7,21</b>
Industria e electricidade	487	8,15	4.466	9,99	496	7,21
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>650</b>	<b>10,87</b>	<b>3.749</b>	<b>8,38</b>	<b>984</b>	<b>14,30</b>
Construcción	650	10,87	3.749	8,38	984	14,30
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>4.691</b>	<b>78,47</b>	<b>32.664</b>	<b>73,03</b>	<b>5.235</b>	<b>76,07</b>
Comercio e hostalería	2.156	36,07	9.370	20,95	3.033	44,07
Transporte e comunicacións	335	5,60	1.939	4,34	537	7,80
Outros servizos	2.200	36,80	21.355	47,75	1.665	24,19
<b>TOTAL</b>	<b>5.978</b>	<b>100,00</b>	<b>44.726</b>	<b>100,00</b>	<b>6.882</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca de Lugo predomina o sector servizos no referente ao número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos.

O 78,47% das empresas encádranse dentro do sector servizos, seguido a considerable distancia polas da construción, o 10,87%, e do secundario, o 8,15%. No relativo aos subsectores, os de comercio e hostalería e outros servizos son os máis representativos, estando neles rexistradas o 36,8% e o 36,07% das empresas respectivamente.

Do mesmo xeito que nas empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse na súa maioría nos servizos, que representa o 73,03% do total. A continuación en nivel de importancia atópase o sector secundario, o 9,99%. O subsector que achega un maior volume ao conxunto é o de outros servizos, o 47,75%, seguido polo de comercio e hostalería, o 20,95%.

Os autónomos distribúense novamente de forma maioritaria no sector servizos, onde se inclúen o 76,07%. O segundo sector en orde de importancia é o da construción, no que se encadran o 14,3% dos autónomos da comarca de Lugo. No ámbito subsectorial, cómpre sinalar o forte peso do subsector de comercio e hostalería, que agrupa o 44,07% dos autónomos, situándose a con-

tinuación o de outros servizos, onde se reúnen case a cuarta parte do total, en concreto o 24,19%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>445</b>	<b>476</b>	<b>403</b>	<b>65</b>	<b>150</b>
Agricultura e pesca	445	476	403	65	150
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>503</b>	<b>494</b>	<b>488</b>	<b>484</b>	<b>487</b>
Industria e electricidade	503	494	488	484	487
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>573</b>	<b>596</b>	<b>584</b>	<b>597</b>	<b>650</b>
Construcción	573	596	584	597	650
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>4.233</b>	<b>4.280</b>	<b>4.451</b>	<b>4.569</b>	<b>4.691</b>
Comercio e hostalería	2.055	2.064	2.108	2.146	2.156
Transporte e comunicacións	298	304	312	331	335
Outros servizos	1.880	1.912	2.031	2.092	2.200
<b>TOTAL</b>	<b>5.754</b>	<b>5.846</b>	<b>5.926</b>	<b>5.715</b>	<b>5.978</b>

Na evolución das empresas da comarca de Lugo no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase un leve crecemento en termos absolutos, cunha variación media do 0,96%. No conxunto dos sectores, o número de empresas redúcese tan só entre os anos 2002 e 2003, sen manifestar oscilacións relevantes ao longo do período.

No sector primario redúcense as empresas nestes cinco anos, presentando unha variación media negativa de -23,8%; rexistra fortes fluctuacións entre os anos 2002 e 2004, dado que no intervalo 2002-2003 a variación interanual é de -83,87%, elevándose ata o 130,77% no intervalo seguinte.

No sector secundario as empresas manifestan un leve decrecemento, cunha variación media negativa de -0,8%, acadada tras unha evolución estable e decrecente en todos os tramos anuais, excepto no 2003-2004, no que se produce un aumento.

Os sectores da construción e dos servizos son os únicos que manifestan un crecemento das empresas da comarca ao longo deste quinquenio. Así, as variacións medias anuais para ambos os sectores son do 3,2% e do 2,6% respectivamente. No sector da construción as empresas decrecen entre os anos 2001 e 2002, incrementándose nos restantes, sobre todo no tramo 2003-2004, no que se dá o maior aumento, cunha variación media do 8,88%.

Nos servizos, en cambio, o número de empresas aumenta de forma continua e estable en todo o período. No relativo aos subsectores, o de outros servizos ten un ritmo de crecemento levemente superior ao de comercio e hostalería, presentando ambos variacións medias anuais do 4,01% e do 1,21% respectivamente.

TRABALLADORES					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>3.848</b>	<b>3.966</b>	<b>3.903</b>	<b>4.004</b>	<b>3.847</b>
Agricultura e pesca	3.848	3.966	3.903	4.004	3.847
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>4.069</b>	<b>4.204</b>	<b>4.286</b>	<b>4.361</b>	<b>4.466</b>
Industria e electricidade	4.069	4.204	4.286	4.361	4.466
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>3.412</b>	<b>3.651</b>	<b>3.533</b>	<b>3.563</b>	<b>3.749</b>
Construcción	3.412	3.651	3.533	3.563	3.749
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>28.638</b>	<b>30.341</b>	<b>30.649</b>	<b>31.398</b>	<b>32.664</b>
Comercio e hostalería	8.089	8.363	8.705	8.932	9.370
Transporte e comunicacións	1.422	1.804	1.845	1.851	1.939
Outros servizos	19.127	20.174	20.099	20.615	21.355
<b>TOTAL</b>	<b>39.967</b>	<b>42.162</b>	<b>42.371</b>	<b>43.326</b>	<b>44.726</b>

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

A evolución dos traballadores por conta allea de Lugo entre os anos 2000 e 2004 reflicte unha tendencia positiva, acadando unha variación media do 2,85%. Ao longo destes cinco anos, os traballadores da comarca aumentan de forma constante; prodúcese o maior incremento no intervalo inicial do período, cunha variación interanual do 5,49%.

Todos os sectores produtivos manifestan un crecemento dos traballadores, agás o primario, no que practicamente mantén os valores de 2000. Deste xeito, nos sectores secundario e da construción as variacións medias obtidas son do 2,35% e do 2,38% respectivamente, cun crecemento continuo en ambos, coa excepción do descenso no da construción no tramo 2001-2002.

Por último, o sector servizos, que debido ao seu volume marca a tendencia evolutiva comarcal, é o que obtén unha maior subida do número de traballadores por conta allea, cunha variación media do 3,34%. Neste caso, como nos dous anteriores, a expansión é tamén constante, rexistrando o maior incremento entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 5,95%. Os subsectores de comercio e hostalería e outros servizos tamén medran, con variacións medias finais do 3,74% e do 2,79% respectivamente.

AUTÓNOMOS					
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>98</b>	<b>122</b>	<b>136</b>	<b>150</b>	<b>167</b>
Agricultura e pesca	98	122	136	150	167
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>427</b>	<b>452</b>	<b>442</b>	<b>465</b>	<b>496</b>
Industria e electricidade	427	452	442	465	496
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>717</b>	<b>790</b>	<b>819</b>	<b>886</b>	<b>984</b>
Construcción	717	790	819	886	984
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>4.380</b>	<b>4.612</b>	<b>4.629</b>	<b>4.921</b>	<b>5.235</b>
Comercio e hostalería	2.645	2.770	2.732	2.895	3.033
Transporte e comunicacións	463	488	503	519	537
Outros servizos	1.272	1.354	1.394	1.507	1.665
<b>TOTAL</b>	<b>5.622</b>	<b>5.976</b>	<b>6.026</b>	<b>6.422</b>	<b>6.882</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Na evolución dos traballadores autónomos da comarca obsérvase claramente unha tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, a variación media obtida para o conxunto dos sectores é do 5,19%, rexistrada tras un crecemento continuo e constante no transcurso destes cinco anos.

En todos os sectores da actividade económica a tendencia é cara ao crecemento; cómpre destacar que non se produce ningunha variación interanual negativa en todo o quinquenio en ningún deles, agás no caso do sector secundario en 2001 e 2002. Os sectores primario e secundario acadan variacións medias do 14,25% e do 3,82% respectivamente, sendo os que menos aumentan do conxunto en termos absolutos.

O sector da construción rexistra unha variación media do 8,24%; presenta os maiores aumentos dos traballadores autónomos nos intervalos inicial e final do período, con variacións interanuais do 10,18% e do 11,06%, respectivamente.

O sector servizos é o que máis medra en termos cuantitativos, obtendo unha variación media do 4,56%. A evolución deste sector desenvólvese de forma parella á descrita para o conxunto da comarca, posto que debido ao seu elevado volume marca a pauta comarcal. Dentro deste sector, o de comercio e hostalería rexistra un pequeno descenso dos traballadores autónomos entre os anos 2001 e 2002, acadando finalmente unha variación media do 3,48%. A variación media para o subsector de outros servizos é do 6,96%.



## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Castroverde	94	53	147
Friol	143	50	193
Guntín de Pallarés	106	55	161
Lugo	5.042	3.116	8.158
O Corgo	157	82	239
Outeiro de Rei	176	83	259
Portomarín	96	23	119
Rábade	92	45	137
<b>TOTAL</b>	<b>5.906</b>	<b>3.507</b>	<b>9.413</b>

**TÁBOA 5:** Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia - PARADOS</b>	<b>36,80</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>41,88</b>

Na comarca de Lugo recibíronse no ano 2004 un total de 9.413 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 62,74% das demandas comarcais.

Case nove de cada dez demandantes agrúpanse no concello de Lugo, en concreto o 86,67%. O 13,33% das demandas restantes repártense entre os outros sete concellos, encabezados polo de Outeiro de Rei, co 2,75% do total.

En relación coa provincia de Lugo, o peso dos demandantes non parados é lixeiramente superior ao dos non parados, que representan respectivamente o 41,88% e o 36,8% das demandas provinciais.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	5.417	5.434	6.173	6.290	5.906
Variación interanual %	-	0,31	13,60	1,90	-6,10
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>36,41</b>	<b>37,88</b>	<b>39,64</b>	<b>38,13</b>	<b>36,80</b>

**TÁBOA 6:** Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha tendencia ao incremento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pon de manifesto na táboa anterior, as demandas de emprego crecen moi pouco no ano 2001, aumentan considerablemente no ano posterior e de forma máis leve no seguinte. No ano 2004, os demandantes de emprego sofren un descenso, constatado pola variación interanual negativa de -6,1%.

En canto ao peso dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, medra nos anos 2001 e 2002 e pasa a diminuír a partir do 2003, obtendo unha cifra final levemente superior á de partida no ano 2004.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

**TÁBOA 7:** Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	858	9,12	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	5.048	53,63	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	503	5,34	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.491	15,84	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	394	4,19	4,66
	En expediente de regulación de emprego	66	0,70	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	503	5,34	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	546	5,80	2,99
	Resto de demandantes	4	0,04	0,17
<b>TOTAL</b>		<b>9.413</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que máis da metade son parados con emprego anterior, en concreto o 53,63%. O segundo colectivo en orde de importancia é o dos non parados con emprego anterior, o 15,84%, seguido polos parados sen emprego anterior, o 9,12%.

En relación coa provincia de Lugo, o dato máis destacable é a similitude das cifras en ambos os territorios.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

**TÁBOA 8.1:** Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	403	592	16,85	16,41
26 a 35 anos	649	1.180	30,97	29,04
36 a 45 anos	425	864	21,83	22,46
46 a 55 anos	441	604	17,69	17,95
56 e máis anos	420	328	12,67	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>2.338</b>	<b>3.568</b>	<b>100,00</b>	<b>36,80</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>36,80</b>	<b>100,00</b>

Seis de cada dez demandantes parados da comarca de Lugo pertencen ao colectivo feminino, que representa o 60,41% do total. Esta situación é semellante á que se dá no conxunto da provincia, onde as demandantes femininas achegan o maior volume ao total, supoñendo o 56,5%.

No referido á idade, cabe resaltar que o 52,19% dos demandantes parados están por encima dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, obsérvase que o máis numeroso é o dos que teñen entre 26 e 35 anos, o 30,97%; seguido polo dos de entre 36 e 45 anos, o 21,83%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de parados, tanto nos homes como nas mulleres, sitúase entre os 26 e 35 anos.

Con respecto á provincia de Lugo, o máis destacable é que a distribución segundo o sexo dos demandantes parados é moi similar en ambos os territorios.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	282	543	23,52	20,01
26 a 35 anos	300	710	28,80	27,35
36 a 45 anos	194	492	19,56	20,67
46 a 55 anos	166	337	14,34	16,10
56 e máis anos	253	230	13,77	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1.195</b>	<b>2.312</b>	<b>100,00</b>	<b>41,88</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>41,88</b>	<b>100,00</b>


**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes non parados, predomina novamente o colectivo feminino sobre o masculino, englobando o 65,93% dos demandantes. Na provincia de Lugo repítase esta circunstancia, rexistrándose o 61,3% das demandas de emprego entre as mulleres.

No que atinxe á idade, obsérvase que o 52,32% dos demandantes non parados concéntranse nos intervalos de menos de 36 anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o dos que teñen entre 26 e 35 anos, que achega á mostra o 28,8% do total, seguido polo dos menores de 26 anos, o 23,52%.

No cruzamento da idade segundo o xénero, o tramo máis significativo en ambos os colectivos correspóndense cos que teñen entre 26 e 35 anos.

En relación coa provincia de Lugo, preséntase novamente unha distribución de demandantes non parados moi semellante.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Tras analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, representábase no gráfico anterior a distribución total de demandantes comarcais segundo o sexo e a idade. Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o grupo que lle achega un maior peso ao conxunto é o dos que teñen entre 26 e 35 anos, que rexistran algo máis de tres de cada dez demandas, en concreto o 30,16%. O segundo grupo de idade en orde de importancia é o de 36 a 45 anos, que representa o 20,99% dos demandantes.

Na banda oposta, na comarca de Lugo, o tramo de idade menos significativo é o que engloba os demandantes de idade máis avanzada, que supoñen tan só o 13,08% dos demandantes de emprego.

As demandas femininas superan porcentualmente ás masculinas en case todos os grupos de idade coa excepción do de maiores de 55 anos.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	2092	1.231	3.323
Titulación de ensinanza obrigatoria	1651	854	2.505
Formación profesional	345	192	537
BUP/Bacharelato superior/COU	660	426	1.086
Titulados universitarios	977	679	1.656
Outras titulacións	181	125	306
<b>TOTAL</b>	<b>5906</b>	<b>3.507</b>	<b>9.413</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que algo máis de seis de cada dez destes, o 61,91%, teñen a titulación de ensinanza obrigatoria ou non chegaron a acadar este nivel. A continuación sitúanse os titulados universitarios, o 17,59%, seguidos dos que teñen o bacharelato, o 11,54%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, apréciase unha forte semellanza en ambos os colectivos. Así, o grupo máis significativo é o dos que teñen ata o certificado de escolaridade, cunha porcentaxe superior ao 35% nos dous grupos. En segundo lugar sitúanse tamén os que teñen a ensinanza obrigatoria, que son o 27,95% entre os parados e o 24,35% entre os non parados.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	332	48	23	403
	Mulleres	402	103	87	592
26 a 35 anos	Homes	443	101	105	649
	Mulleres	699	196	285	1.180
36 a 45 anos	Homes	225	83	117	425
	Mulleres	364	120	380	864
46 a 55 anos	Homes	179	68	194	441
	Mulleres	187	72	345	604
Máis de 55 anos	Homes	76	69	275	420
	Mulleres	57	34	237	328
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>2.964</b>	<b>894</b>	<b>2.048</b>	<b>5.906</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca de Lugo, a metade dos demandantes parados levan menos de seis meses buscando emprego, representando o 50,19% do total. A continuación sitúanse os que levan buscando máis dun ano, que supoñen o 34,68%. Esta situación é semellante á do conxunto da provincia de Lugo, posto que neste territorio o 48,47% dos demandantes parados levan en busca dun emprego menos de seis meses, seguidos polos que levan máis dun ano, o 35,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as demandantes paradas tenden cara ao paro de menos de seis meses ata os 35 anos, situación que cambia cara ao paro de longa duración a partir desta idade. No caso dos homes, este xiro dáse a partir dos 45 anos.

Tanto entre os demandantes parados de menos de 6 meses como nos de longa duración, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, representando o 28,94% dos demandantes parados e o 22,58%, respectivamente.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	105	74	179
Sector secundario	547	297	844
Construción	576	218	794
Sector servizos	3.825	2.169	5.994
Sen actividade previa	853	749	1.602
<b>TOTAL</b>	<b>5.906</b>	<b>3.507</b>	<b>9.413</b>

**TÁBOA 11:** Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, cabe destacar que o 63,68% dos demandantes proveñen dos servizos. A considerable distancia sitúanse os pertencentes ao sector secundario, o 8,97%, e da construción, o 8,44%.


Tendo en conta aos demandantes parados e non parados de forma individual, o sector servizos continúa sendo o máis representativo en ambos, supoñendo o 64,76% entre os primeiros e o 61,85% entre os segundos. En cambio, no dos parados sitúanse a continuación o sector da construción, o 9,75%, e o secundario, o 9,26%, mentres que no dos non parados a orde é a inversa, colocándose deseguido o sector secundario, o 8,47%, e o da construción, o 6,22%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Case catro de cada dez demandantes parados da industria proceden da actividade da alimentación, en concreto o 38%. A continuación sitúanse as actividades de outras industrias, o 26%, e téxtil e confección, o 13%.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



Dentro dos servizos, catro de cada dez demandantes son derivados das actividades inmobiliarias e servizos a empresas e do comercio. Nun segundo plano sitúanse os que veñen da hostalería e das administracións públicas, que representan de forma conxunta o 31%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	928	9,86	8,75
Dependente de comercio, en xeral	890	9,46	8,39
Peón da construción de edificios	688	7,31	7,40
Conductor de camión, en xeral	186	1,98	3,09
Peón da ind. manufactureira, en xeral	172	1,83	1,67
Cociñeiro, en xeral	159	1,69	1,15
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	157	1,67	3,77
Traballador retén incendios forestais	154	1,64	2,90
Albanel	140	1,49	1,65
Xardineiro, en xeral	132	1,40	0,75

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Empregado administrativo, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Castroverde	19
Friol	9
Guntín de Pallarés	4
Lugo	3.551
O Corgo	32
Outeiro de Rei	37
Portomarín	23
Rábade	45
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>3.720</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	41,29

Na comarca de Lugo xestionáronse no ano 2004 un total de 3.720 ofertas de emprego, que representan o 41,29% das realizadas no conxunto da provincia.

Estas ofertas agrúpanse case na súa totalidade no concello de Lugo, que engloba o 95,46% do total. O 4,54% das ofertas restantes repártense entre os outros sete concellos, encabezados polo de Rábade, que é o único que alcanza o 1% de ofertas de emprego, supoñendo en concreto o 1,21%.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Castroverde	7	6	9	20	19
Friol	1	0	16	23	9
Guntín de Pallarés	10	6	7	6	4
Lugo	4.107	4.169	4.297	4.062	3.551
O Corgo	8	17	41	37	32
Outeiro de Rei	18	42	54	49	37
Portomarín	2	14	41	37	23
Rábade	40	16	68	61	45
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>4.193</b>	<b>4.270</b>	<b>4.533</b>	<b>4.295</b>	<b>3.720</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>


A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 caracterizouse polo decrecemento, acadando unha variación media anual de -2,95%. No transcurso destes cinco anos, as ofertas increméntanse nos dous primeiros intervalos temporais, reducíndose nos dous últimos, con variacións interanuais negativas de -5,35% e de -13,39% respectivamente.

Esta mesma pauta evolutiva descrita para a comarca é idéntica á que se produce no concello de Lugo, que polo seu volume de ofertas marca a tendencia comarcal. Deste xeito, a variación media final obtida polo concello é de -3,57%.

A escala provincial, a situación non se asemella á da comarca, posto que as ofertas tenden a aumentar levemente en números absolutos. De todos os xeitos,



tos, é salientable que no intervalo 2003-2004, no que se produce a maior diminución de ofertas na comarca, dáse tamén un forte retroceso na provincia, cunha variación interanual negativa de -11,81%.



**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

Dada a gran concentración das ofertas no concello de Lugo, agrúpanse os demais para comparar a súa evolución coa deste. Así, pódese observar como en ambos os territorios se incrementan as ofertas levemente entre os anos 2000 e 2002, pasando a continuación a descender de xeito brusco no concello de Lugo nos dous anos seguintes, mentres que no conxunto de concellos se manteñen case estables entre o 2002 e o 2003, para reducirse lixeiramente entre o 2003 e o 2004.

### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica


	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Castroverde	5	0	3	11
Friol	1	1	0	7
Guntín de Pallarés	0	0	2	2
Lugo	57	169	526	2.794
O Corgo	1	4	6	21
Outeiro de Rei	0	1	4	32
Portomarín	1	0	0	22
Rábade	0	2	17	26
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>65</b>	<b>177</b>	<b>558</b>	<b>2.915</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

Segundo a distribución de ofertas por concellos e sectores económicos, é salientable que no concello de Lugo se producen máis do 94% das ofertas de emprego dos sectores secundario, da construción e dos servizos. No sector primario tamén se rexistran en Lugo a gran maioría, aínda que cobra un certo peso neste sector o concello de Castroverde, que agrupa o 7,69% destas ofertas.


Cabe destacar que nalgún concello non se rexistra ningunha oferta nalgún dos sectores, como é o caso de Castroverde no secundario, Friol no da construción, Guntín de Pallarés no primario e secundario, Outeiro de Rei e Rábade no primario e Portomarín no secundario e no da construción.

**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




O 78% das ofertas de emprego da comarca de Lugo concéntranse dentro dos servizos. O sector da construción engloba o 15% do total, e o secundario o 5%.

**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro da industria, o 55% das ofertas de emprego proceden das actividades doutras industrias e alimentación. Nun segundo plano sitúanse as de téxtil e confección e fabricación de produtos minerais non metálicos, que supoñen de forma conxunta o 32% do total.

**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 38% das ofertas de emprego procedentes dos servizos concéntranse nas actividades das administracións públicas e hostalería. Outro 38% destas ofertas proceden do comercio, actividades inmobiliarias e servizos a empresas, e servizos á comunidade.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	91	75	91	102	65
Secundario	306	295	345	261	177
Construción	876	604	558	721	558
Servizos	2.920	3.295	3.539	3.210	2.915
Sen actividade	0	1	0	1	5
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>4.193</b>	<b>4.270</b>	<b>4.533</b>	<b>4.295</b>	<b>3.720</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, apréciase unha redución das ofertas de emprego en todos os sectores produtivos. O maior descenso en termos absolutos rexístrase no sector da construción, cunha variación media negativa anual de -10,66%. Nos sectores primario e secundario as variacións medias son de -8,07% e de -12,79% respectivamente. En ambos é significativo o descenso producido no último ano.

O sector servizos, se ben as ofertas descenden levemente en termos absolutos, practicamente mantén o volume de ofertas do ano 2000. Neste sector, as ofertas incrementáanse nos dous intervalos iniciais do período, pasando a reducirse nos dous últimos.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Na comarca de Lugo, o 17,98% das ofertas recollen o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo, solicitando a maioría destas, o 52,91%, un home. Neste subconxunto de ofertas, o 63,52% enmárcanse no sector servizos, onde é salientable que se sitúan case todas as que solicitan unha muller.

Dentro deste subconxunto e nos servizos, as actividades inmobiliarias e servizos ás empresas e transporte e comunicacións solicitan preferentemente homes, mentres que en hostalería e servizos á comunidade predomina claramente a demanda de mulleres.

No que respecta ao nivel de estudos, o 41,29% das ofertas requiren traballadores cunha determinada titulación, se ben o 65,55% destas demandan traballadores co certificado de escolaridade, e o 21,94% con formación profesional.

No relativo aos sectores da actividade económica, a maioría destas ofertas encádranse no marco do sector servizos, no que predominan as actividades das administracións públicas, que solicita o maior número de traballadores con certificado de escolaridade, e a de transporte e comunicacións, que demanda o maior número de traballadores titulados en formación profesional.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	152	165	250	206	192
Axente comercial / Vendedor	488	423	343	416	172
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	49	43	67	78	82
Dependente en xeral	74	40	87	75	79
Albanel	207	142	116	123	69
Perruqueiro/a	33	19	71	80	67
Axudante de cociña	39	55	79	67	56
Auxiliar administrativo	30	37	38	31	42
Peón de albanel/Peón de obras públicas	159	90	71	115	40
Conductor de mercadorías/Conductor de camiión en xeral.	32	34	84	93	32

Nos centros colaboradores da comarca, no ano 2004 as ocupacións máis ofertadas foron as de camareiro-barman e axente comercial/vendedor. A primeira destas ocupacións presenta unha evolución positiva entre os anos 2000 e 2004, mentres que na segunda delas as ofertas de emprego redúcense a máis da metade nestes cinco anos.

Tan só a segunda ocupación sinalada, así como albanel, cunha caída brusca no último ano, e peón de albanel/peón de obras públicas experimentan un decrecemento ao longo do período.

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Clasificador-repartidor correspondencia	0	0	0	0	154
Empregada de fogar	0	3	33	85	85
Albanel	58	96	117	93	82
Peón da construción de edificios	88	92	75	58	66
Camareiro de barra	30	78	78	38	63
Empregado administrativo, en xeral	41	88	96	60	60
Dependente de comercio, en xeral	22	67	82	57	52
Traballador retén incendios forestais	5	16	9	22	45
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	11	80	39	23	39
Conductor de camiión, en xeral	19	40	39	43	36

Nas oficinas de emprego da comarca de Lugo, a ocupación máis ofertada foi no ano 2004 a de clasificador-repartidor correspondencia, seguida polas de empregada de fogar e albanel.

Na primeira destas ocupacións non se recibiu ningunha oferta ata o ano 2004, no que se sitúa directamente como a máis ofertada da comarca nas oficinas de emprego. Na de empregada do fogar hai un incremento notable en 2003. Por último, a ocupación de albanel recibe ofertas de emprego en todos os anos, incrementándose neste quinquenio.

A única ocupación que descende no seu número de ofertas nesta lista é a de peón de construción de edificios.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
Castroverde	215
Friol	209
Guntín de Pallarés	129
Lugo	22.990
O Corgo	291
Outeiro de Rei	1.731
Portomarín	208
Rábade	1.059
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>26.832</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca de Lugo, asináronse no ano 2004 un total de 26.832 contratos laborais, que representan o 36,61% dos realizados no conxunto da provincia.

No concello de Lugo xestionáronse máis de oito de cada dez contratos, en concreto o 85,68% do total. A continuación, a considerable distancia, sitúanse os concellos de Outeiro de Rei e Rábade, onde se producen o 6,45% e o 3,95% das contratacións comarcais.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Castroverde	241	277	280	213	215
Friol	300	253	289	197	209
Guntín de Pallarés	138	170	157	154	129
Lugo	28.322	22.033	20.618	20.675	22.990
O Corgo	349	434	339	358	291
Outeiro de Rei	2.035	2.343	2.193	1.598	1.731
Portomarín	190	179	207	239	208
Rábade	1.104	1.248	1.198	1.203	1.059
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>32.679</b>	<b>26.937</b>	<b>25.281</b>	<b>24.637</b>	<b>26.832</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A escala comarcal, a contratación presenta unha tendencia negativa no período comprendido entre os anos 2000 e 2004, rexistrando unha variación media negativa de -4,81%. Na provincia, en cambio, preséntase un pequeno incremento, cunha variación media do 0,54%. Tanto a escala provincial como comarcal, os contratos redúcense nos dous intervalos iniciais do período, sendo preciso engadir no caso da comarca tamén o intervalo 2002-2003. Porén, o crecemento relativo dos contratos no último ano é maior no conxunto da comarca que na provincia, variación interanual de 8,94% e 2,56%, respectivamente.

De todo o conxunto, o único concello que rexistra un aumento é o de Portomarín, cunha variación media do 2,29%. Nos concellos restantes, polo tanto, as contratacións diminúen, sendo no de Lugo no que se aprecia unha redución maior en termos absolutos, cunha variación media de -5,08%. Neste caso, os contratos decrecen nos dous primeiros intervalos do quinquenio, en maior medida no 2000-2001, cunha variación interanual de -22,21%; nos dous

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

últimos, as contratacións aumentan, sendo destacable a variación interanual do tramo 2003-2004, do 11,2%.

Os concellos de Outeiro de Rei e Rábade presentan variacións medias anuais de -3,96% e de -1,03% respectivamente. A tendencia común en ambos é que as contratacións se reducen entre os anos 2001 e 2002, engadindo o intervalo 2002-2003 para o de Outeiro de Rei e o 2003-2004 para o de Rábade.

#### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	5.094	4.377	9.471
De 26 a 35 anos	4.908	4.884	9.792
De 36 a 45 anos	2.263	2.447	4.710
De 46 a 55 anos	1.354	982	2.336
De 56 e máis anos	385	138	523
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>14.004</b>	<b>12.828</b>	<b>26.832</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa unha pequena maior tendencia á contratación masculina na comarca, xa que entre os homes aparecen o 52,19% dos contratos. A escala provincial dáse a situación contraria, sendo as mulleres as que asinan a maioría dos contratos, o 51,45%.

Máis de sete de cada dez contratos asínanse nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, que representan os tramos máis numerosos do conxunto, posto que os menores de 26 anos rexistran o 35,3% dos contratos, e os que teñen entre 26 e 35 anos, o 36,49%.


Tendo en conta o sexo, o intervalo de idade máis significativo entre os contratos masculinos é o dos menores de 26 anos, o 18,98% da contratación comarcal; seguido dos que teñen entre 26 e 35 anos, o 18,29%. Nas mulleres, o grupo máis numeroso é o de entre 26 e 35 anos, o 18,2%, seguido do de menos de 26 anos, o 16,31%.

**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	15.107	14.388	13.519	13.397	14.004
Mulleres	17.572	12.549	11.762	11.240	12.828
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>32.679</b>	<b>26.937</b>	<b>25.281</b>	<b>24.637</b>	<b>26.832</b>

A evolución dos contratos segundo o sexo sinala unha tendencia ao decrecemento en ambos os sexos, aínda que o ritmo de descenso é considerablemente maior nas mulleres que nos homes. Deste xeito, a variación media final para o colectivo masculino é de -1,88% e de -7,57% para o feminino.

En ambos os dous colectivos diminúen as contratacións nos tres primeiros intervalos do quinquenio, aínda que en maior medida no feminino, sobre todo no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual de -28,59%. No último intervalo, no 2003-2004, entre as mulleres, se incrementan de forma máis aguda o número de contratos que entre os homes, cunha variación interanual do 14,13%.



**GRÁFICO 8:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

As diferenzas existentes na evolución da contratación masculina e feminina na comarca de Lugo reflíctense na distribución dos contratos no transcurso do quinquenio 2000-2004. Deste xeito, obsérvase graficamente como no ano 2000 a contratación feminina superaba á masculina en 7,54 puntos porcentuais, pasando a invertirse a situación xa no ano posterior, e quedando finalmente no ano 2004 a contratación masculina 4,38 puntos por riba da feminina.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	11.665	10.644	9.260	8.935	9.471
De 26 a 35 anos	12.166	9.021	8.785	8.530	9.792
De 36 a 45 anos	5.927	4.580	4.621	4.512	4.710
De 46 a 55 anos	2.423	2.154	2.129	2.126	2.336
De 56 e máis anos	498	538	486	534	523
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>32.679</b>	<b>26.937</b>	<b>25.281</b>	<b>24.637</b>	<b>26.832</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación entre os anos 2000 e 2004 amosa un comportamento negativo para todos os tramos, agás para o dos maiores de 55 anos, que rexistra unha variación media do 1,23%.

Cabe destacar que no grupo de idade de 26 a 35 anos é no que os contratos experimentan unha maior diminución en termos absolutos, acadando unha variación media negativa de -5,28%. Entre os menores de 26 anos, a variación media obtida é de -5,08%, coincidindo ambos os grupos na súa pauta evolutiva, dado que neles se reducen os contratos nos tres primeiros intervalos do período e se incrementan no último.

#### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>396</b>
Agricultura e pesca	396
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.789</b>
Industria e electricidade	1.789
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>3.140</b>
Construción	3.140
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>21.507</b>
Comercio e hostalería	7.413
Transporte e comunicacións	1.683
Outros servizos	12.411
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>26.832</b>

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos engloba no ano 2004 algo máis de oito de cada dez contratos realizados na comarca, en concreto o 80,15%. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos rexistra case a metade das contratacións comarcais, o 46,25%.


O segundo sector en orde de importancia é o da construción, que agrupa o 11,7% dos contratos. Os sectores secundario e primario concentran respectivamente o 6,67% e o 1,48% da contratación comarcal.

**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación na industria.



No marco da industria, as actividades de alimentación e outras industrias agrupan o 58% dos contratos realizados na comarca de Lugo. Nun segundo plano sitúanse as actividades de metalurxia e fabricación de produtos metálicos e fabricación de produtos minerais non metálicos, que supoñen de forma conxunta o 27% das contratacións.

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 35% dos contratos asinados dentro dos servizos pertencen ás actividades inmobiliarias e servizos a empresas. A continuación en nivel de importancia sitúanse as actividades de hostalería, o 18%, e comercio, o 15%.



	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>330</b>	<b>66</b>	<b>80</b>	<b>127</b>	<b>100</b>	<b>64</b>	<b>25</b>
Agricultura e pesca	330	66	80	127	100	64	25
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.350</b>	<b>439</b>	<b>692</b>	<b>633</b>	<b>290</b>	<b>143</b>	<b>31</b>
Industria e electricidade	1.350	439	692	633	290	143	31
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>2.999</b>	<b>141</b>	<b>913</b>	<b>922</b>	<b>687</b>	<b>480</b>	<b>138</b>
Construcción	2.999	141	913	922	687	480	138
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>9.325</b>	<b>12.182</b>	<b>7.786</b>	<b>8.110</b>	<b>3.633</b>	<b>1.649</b>	<b>329</b>
Comercio e hostalería	2.772	4.641	3.059	2.470	1.210	569	105
Transporte e comunicacións	1.123	560	320	584	512	215	52
Outros servizos	5.430	6.981	4.407	5.056	1.911	865	172
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>14.004</b>	<b>12.828</b>	<b>9.471</b>	<b>9.792</b>	<b>4.710</b>	<b>2.336</b>	<b>523</b>

**TÁBOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos, que agrupa o 34,75% da contratación total entre os homes e o 45,4% entre as mulleres. O segundo sector en orde de importancia nos homes é o da construción, mentres que nas mulleres é o secundario.

Observando a distribución segundo os tramos de idade, ponse de manifesto novamente que o sector servizos é predominante en todos eles, acadando a porcentaxe máis elevada no de entre 26 e 35 anos, o 30,23% da contratación total, seguido polo de menos de 26 anos, o 29,02%. O sector da construción sitúase en segundo lugar tamén en todos os grupos de idade. No referente aos subsectores, o de outros servizos é o que maior peso achega ao conxunto en todos os intervalos de idade.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>542</b>	<b>380</b>	<b>437</b>	<b>392</b>	<b>396</b>
Agricultura e pesca	542	380	437	392	396
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.983</b>	<b>2.012</b>	<b>1.933</b>	<b>1.761</b>	<b>1.789</b>
Industria e electricidade	1.983	2.012	1.933	1.761	1.789
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>3.040</b>	<b>3.193</b>	<b>2.871</b>	<b>3.028</b>	<b>3.140</b>
Construcción	3.040	3.193	2.871	3.028	3.140
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>27.114</b>	<b>21.352</b>	<b>20.040</b>	<b>19.456</b>	<b>21.507</b>
Comercio e hostalería	5.938	5.998	5.792	6.173	7.413
Transporte e comunicacións	971	1.015	1.425	1.532	1.683
Outros servizos	20.205	14.339	12.823	11.751	12.411
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>32.679</b>	<b>26.937</b>	<b>25.281</b>	<b>24.637</b>	<b>26.832</b>

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No conxunto do período, o único sector no que non se reducen as contratacións é o da construción, cunha variación media do 0,81%, acadada tras un crecemento continuo en todo o quinquenio, a excepción da redución producida entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual negativa de -10,08%.


O sector servizos experimenta a maior diminución, cunha variación media negativa de -5,63%. Neste sector, as contratacións descenden nos tres primeiros intervalos do período, sendo destacable a variación interanual do tramo 2000-2001, de -21,25%. O subsector de outros servizos redúcese a un maior ritmo que o conxunto do sector, cunha variación media de -11,47%, descen-

dendo do mesmo xeito que o sector nos tres intervalos iniciais do quinquenio. O subsector de comercio e hostalería segue a tendencia oposta, incrementándose as contratacións nel realizadas, cunha variación media do 5,7%.

Os sectores primario e secundario sofren reducións, aínda que en menor medida que no caso dos servizos, obtendo variacións medias de -7,55% e de -2,54% respectivamente.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 11:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Lugo caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que representan nove de cada dez do total. Deste xeito, o 69% son temporais a tempo completo e o 21% temporais a tempo parcial.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	583	533	248	350	234	208	76
Indefinido tempo parcial	102	184	91	90	52	39	14
Temporal	10.408	7.888	5.906	6.866	3.517	1.694	313
Temporal tempo parcial	2.081	3.632	2.318	2.180	828	304	83
Prácticas/Formación	612	490	829	222	24	21	6
Outros	218	101	79	84	55	70	31
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>14.004</b>	<b>12.828</b>	<b>9.471</b>	<b>9.792</b>	<b>4.710</b>	<b>2.336</b>	<b>523</b>

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a tipoloxía de contratación predominante é a temporal a tempo completo, que representa respectivamente o 38,79% e o 29,4% do volume total de contratos. A segunda fórmula de contratación en nivel de importancia tamén en ambos os sexos é a temporal a tempo parcial.

As únicas categorías de contratación que se sitúan en maior medida entre as mulleres que entre os homes son as de tempo parcial: a contratación indefinida a tempo parcial, e a temporal a tempo parcial.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o maior volume no de entre 26 e 35 anos, o 25,59% da contratación total. A segunda categoría en orde de importancia é a temporal a tempo parcial, tamén en todos os intervalos de idade, obtendo a maior significatividade nos menores de 26 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	31	128	110	529	71	247	847
Indefinido tempo parcial	0	6	X	136	33	108	277
Temporal	346	1.384	2.792	4.810	1.432	7.532	13.774
Temporal tempo parcial	15	135	73	1.518	128	3.844	5.490
Prácticas/Formación	X	135	160	392	19	394	805
Outros	X	X	X	28	0	286	314
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>396</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>7.413</b>	<b>1.683</b>	<b>12.411</b>	<b>21.507</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as fórmulas de contratación aparecen na súa maioría no sector servizo, concentrando o 51,33% dos contratos totais como temporais a tempo completo e o 20,46% como temporais a tempo parcial.

En todos os sectores, a tipoloxía que lle achega maior volume ao conxunto é a temporal a tempo completo. A segunda en importancia no sector servizo é a temporal a tempo parcial, o mesmo que sucede no secundario, se ben esta posición é compartida cos contratos en prácticas. Esta última tipoloxía é a segunda máis frecuente na construción, sendo a indefinida a tempo completo no primario.

No que respecta aos subsectores, o de outros servizo aglutina a maior parte dos contratos temporais, tanto a tempo completo como parcial, se ben nestes últimos a escasa distancia de comercio e hostalería.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	1.520	1.328	1.169	1.072	1.116
Indefinido tempo parcial	282	308	339	286	286
Temporal	15.964	17.294	15.965	16.501	18.296
Temporal tempo parcial	4.481	4.840	5.156	5.351	5.713
Prácticas/Formación	904	842	1.007	1.068	1.102
Outros	9.528	2.325	1.645	359	319
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>32.679</b>	<b>26.937</b>	<b>25.281</b>	<b>24.637</b>	<b>26.832</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

Entre os anos 2000 e 2004, a evolución dos contratos presenta tendencias diferentes para as diferentes fórmulas de contratación. Deste xeito, os contratos indefinidos a tempo completo e os da tipoloxía outros manifestan unha regresión, máis aguda nesta última categoría, cunha variación media negativa de -57,22%.

Os contratos temporais a tempo completo e a tempo parcial presentan un crecemento, con variacións medias anuais do 3,47% e do 6,26% respectivamente. Na primeira destas tipoloxías, os contratos redúcense tan só entre os anos 2001 e 2002, incrementándose nos restantes, sobre todo no 2003-2004, cunha variación media do 10,88%. Nos contratos temporais a tempo parcial, a evolución foi positiva en todo o período, cun crecemento continuo e constante ao longo destes cinco anos.

### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>103</b>	<b>14,46</b>
HOMES	61	6,74
MULLERES	42	34,07
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>1.918</b>	<b>-24,78</b>
HOMES	861	-17,71
MULLERES	1.057	-28,80
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>2.076</b>	<b>-6,56</b>
HOMES	1.041	-0,71
MULLERES	1.035	-11,03
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>2.598</b>	<b>-0,84</b>
HOMES	670	-0,62
MULLERES	1.928	-0,91
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>6.190</b>	<b>-5,42</b>
HOMES	1.675	2,95
MULLERES	4.515	-7,79
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>147</b>	<b>-4,40</b>
HOMES	118	-3,66
MULLERES	29	-7,14
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>3.589</b>	<b>1,11</b>
HOMES	3.180	-0,49
MULLERES	409	20,97
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>2.193</b>	<b>7,32</b>
HOMES	1.923	5,71
MULLERES	270	24,33
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>8.018</b>	<b>-0,62</b>
HOMES	4.475	-2,80
MULLERES	3.543	2,53
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>26.832</b>	<b>-4,81</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>14.004</b>	<b>-1,88</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>12.828</b>	<b>-7,57</b>

No ano 2004, na comarca de Lugo, os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os seguintes:

- Traballadores non cualificados: 29,88%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 23,07%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 13,38%.

Atendendo á distribución dos contratos segundo o sexo, aprécianse certas diferenzas das contratacións en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores non cualificados: 16,68%.</li> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 11,85%.</li> <li>• Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 7,17%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 16,83%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 13,2%.</li> <li>• Empregadas de tipo administrativo: 7,19%.</li> </ul>

En tres grandes grupos de ocupación a contratación feminina é superior á masculina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación das mulleres supón o 16,83% da contratación total da comarca fronte ao 6,24% dos homes.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos representan o 7,19%, o 2,5% os masculinos.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais. As porcentaxes son de 3,94% de contratos femininos e 3,21% os masculinos.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.815	158	1.657	8,71
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	1.503	1.286	217	85,56
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.244	286	958	22,99
50200041	Camareiro de barra	1.179	463	716	39,27
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.125	256	869	22,76
50200018	Camareiro, en xeral	1.125	525	600	46,67
71100016	Albanel	891	868	23	97,42
86300016	Conductor de camión, en xeral	853	844	9	98,94
96020014	Peón da construción de edificios	653	647	6	99,08
97000141	Embalador, empaquetador, etiquetador á man	647	273	374	42,19
	<b>TOTAL</b>	<b>11.035</b>	<b>5.606</b>	<b>5.429</b>	<b>50,80</b>

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Do total dos contratos realizados na comarca de Lugo no ano 2004, o 41,12% foron asinados dentro das ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior.

A ocupación máis contratada foi a de muller/mozo limpeza, limpador, seguida polas de peón da industria manufactureira e empregado administrativo. Neste sentido, xorden diferenzas entre os sexos, dado que no colectivo masculino as máis contratadas foron as de peón da industria manufactureira e albanel, e no feminino as de muller/mozo de limpeza, limpadora e empregada administrativa.

A contratación masculina e feminina no conxunto das dez ocupacións nesta comarca está case igualada, tal e como demostra o ratio de masculinidade do 50,8%. Por alto nivel de contratación masculina destacan as ocupacións de peón da construción de edificios, conductor de camión e albanel, cun ratio por riba do 95%. Pola contra, teñen unha contratación marcadamente feminina as de muller/mozo de limpeza, limpadora, dependente de comercio e empregada administrativa, cun ratio por baixo do 25%.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.193	1.170	1.159	1.504	1.815
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	1.535	1.144	1.008	1.651	1.503
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.669	1.321	1.419	1.200	1.244
50200041	Camareiro de barra	1.337	1.473	1.275	897	1.179
53300010	Dependente de comercio, en xeral	642	657	660	786	1.125
50200018	Camareiro, en xeral	606	469	544	820	1.125
71100016	Albanel	924	903	876	939	891
86300016	Conductor de camión, en xeral	729	762	820	825	853
96020014	Peón da construción de edificios	947	976	753	672	653
97000141	Embalador, empaketador, etiquetador á man	388	663	695	686	647
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	973	1.016	1.156	818	314
35320014	Animador comunitario, en xeral	518	1.401	732	122	150
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	2.489	188	139	157	144
27200016	Enfermeiro, en xeral	3.361	686	568	100	109
21210011	Médico, medicina xeral	1.142	471	418	26	41

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca de Lugo entre os anos 2000 e 2004 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que dez delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Entre as cinco ocupacións que se manteñen entre as máis contratadas en todo o período, destaca pola súa evolución positiva unicamente a de muller/mozo, limpeza, limpador, que acadou unha variación media do 11,06%.

As catro restantes, peón da industria manufactureira, empregado administrativo, camareiro de barra e albanel, ven reducidos os contratos nelas rexistrados; cómpre sinalar as de empregado administrativo, cunha variación media negativa de -7,08% e a de camareiro de barra, que obtén unha variación media de -3,1%.

Por outra parte, é moi significativa as fortes reducións do número de contratos en 2001 das ocupacións de auxiliar de enfermería hospitalaria, enfermeiro e médico de medicina xeral.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	48	25,40	3	25,00
Administración e oficinas	375	65,10	22	64,71
Artesanía	33	33,67	2	33,33
Automoción	201	88,55	12	85,71
Comercio	105	77,21	7	77,78
Docencia e investigación	57	100,00	5	100,00
Servizos ás empresas	1.441	63,82	91	64,08
Edificación e obras públicas	359	64,68	21	63,64
Formación complementaria	15	51,72	1	50,00
Fabricación de equipos electromecánicos	147	81,67	9	81,82
Industrias alimentarias	37	26,81	2	25,00
Industrias gráficas	18	100,00	1	100,00
Industria pesada e construcións metálicas	76	61,29	5	62,50
Industrias téxtiles	53	76,81	3	75,00
Industrias da madeira e a cortiza	36	25,00	2	22,22
Montaxe e instalación	65	48,87	4	50,00
Mantemento e reparación	53	49,53	3	50,00
Sanidade	181	35,56	10	34,48
Seguros e finanzas	97	72,39	6	75,00
Servizos á comunidade e persoais	242	74,69	15	75,00
Transportes e comunicacións	99	50,00	6	50,00
Turismo e hostalería	116	63,39	7	63,64
<b>TOTAL</b>	<b>3.854</b>	<b>59,85</b>	<b>237</b>	<b>59,85</b>

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

A comarca de Lugo concentra o 59,85% dos alumnos e cursos de formación profesional ocupacional da provincia de Lugo.

A maior parte desta formación agrúpase na familia de servizos ás empresas, co 37,39% dos alumnos. A moita distancia en orde de importancia sitúanse a familia de administración e oficinas, co 9,73% dos alumnos.

En relación novamente coa provincia, nesta comarca rexístranse a totalidade dos alumnos e cursos levados a cabo das familias de docencia e investigación e o único curso de industrias gráficas. Do mesmo xeito, na comarca de Lugo rexístranse o 88,55% dos alumnos da familia de automoción e o 74,69% dos alumnos da familia de servizos á comunidade e persoais inscritos no conxunto da provincia.

Dos 237 cursos que se impartiron na comarca, tan só tres tiñan compromiso de contratación. Un deles foi ofertado dentro da familia de servizos ás empresas e outros dous na de servizos á comunidade e persoais.




## 5.6.- CONCLUSIÓNS

- No sector servizos agrúpanse as tres cuartas partes das empresas, traballadores por conta allea e autónomos. No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un crecemento en termos absolutos nos tres factores, sendo o máis destacable o dos traballadores por conta allea.
- Os sectores da construción e dos servizos rexistran un aumento tanto de empresas como de traballadores e autónomos. Pola contra, no sector primario redúcense as empresas e estáncanse os traballadores por conta allea, e no secundario decrece o número de empresas.
- A comarca de Lugo agrupa o 36,8% das demandas provinciais de parados e o 41,88% das de non parados. Dentro da comarca, no concello de Lugo sitúanse case nove de cada dez demandantes.
- Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados, predominan as mulleres. En canto ao perfil de idade, o grupo de demandantes máis significativo é o de entre 26 e 35 anos, que agrupa máis de tres de cada dez, seguido polo de entre 36 e 45 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior realizan a maioría das demandas, seguidos polos non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, máis de seis de cada dez demandantes teñen a ensinanza obrigatoria ou o certificado de escolaridade.
- A metade dos demandantes parados levan buscando emprego menos de seis meses, seguidos polos que levan máis dun ano. A tendencia en ambos os sexos é que, segundo aumenta a idade dos demandantes, teñen maior presenza os parados de longa duración.
- Máis de seis de cada dez demandantes proceden dos servizos, onde destacan as actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio. O segundo sector en orde de importancia é o secundario, no que a actividade cun maior volume de demandas é a de alimentación.
- Do mesmo xeito que sucede na provincia, na comarca de Lugo a ocupación máis demandada é a de empregado administrativo.
- Nesta comarca rexistráronse no ano 2004 o 41,29% das ofertas de emprego de toda a provincia. Case a totalidade destas ofertas recibíronse no concello de Lugo, que marca a pauta evolutiva comarcal, presentando un decrecemento das ofertas nestes cinco anos.
- Case oito de cada dez ofertas de emprego derivanse do sector servizos, onde as actividades máis significativas son as das administracións públicas e hostalería. O concello de Lugo agrupa a gran maioría destas ofertas en todos os sectores económicos, sendo destacable que en todos eles hai un retroceso no número de ofertas entre os anos 2000 e 2004.
- Case dúas de cada dez ofertas rexistradas no ano 2004 solicitan traballadores segundo o sexo, requirindo a maioría un home. No tocante ao nivel de estudos, máis de catro de cada dez demandan unha determinada titulación, que na maioría dos casos é a de certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego son as de camareiro-barman e axente comercial/vendedor. Nas oficinas de emprego destacan sobre todo as vinculadas á de clasificador-repartidor correspondencia, que non acada ningunha oferta ata o ano 2004. En segundo lugar, neste caso sitúase a de empregada do fogar.



- Na comarca de Lugo asináronse no ano 2004 o 36,61% dos contratos da provincia. Máis de oito de cada dez destes contratos producíronse no concello de Lugo. No conxunto da comarca, e en todos os concellos agás Portomarín, as contratacións experimentan unha diminución no transcurso do período 2000-2004.
- Ao contrario que na provincia, a contratación masculina predomina sobre a feminina. A evolución da contratación segundo o sexo amosa unha tendencia ao decrecemento en ambos os colectivos, máis aguda no caso das mulleres.
- Os contratos concéntranse na súa maior parte nos traballadores de entre 26 e 35 anos, seguidos dos menores de 26 anos, tendendo a descender de forma progresiva conforme aumenta a idade. Observado a evolución dos contratos segundo a idade, denótase un descenso en todos os intervalos, a excepción do dos maiores de 55 anos.
- No sector servizos rexístranse oito de cada dez contratos da comarca, destacando os procedentes das actividades inmobiliarias e servizos a empresas. Dentro da industria, as actividades de alimentación e outras industrias agrupan case seis de cada dez contratacións.
- Tanto nos homes como nas mulleres, o maior volume de contratación prodúcese no sector servizos. En todos os grupos de idade a tónica xeral é tamén a forte concentración dos contratos neste sector. Entre os anos 2000 e 2004, o número de contratos diminuíu en todos os sectores produtivos menos no da construción, no que hai un leve incremento.
- Case sete de cada dez contratos son temporais a tempo completo, e algo máis de dous de cada dez temporais a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina claramente en todos os sectores produtivos, así como en todas as idades e en ambos os sexos. Durante os anos 2000-2004, os contratos temporais, tanto a tempo completo como a tempo parcial, experimentan unha progresión.
- O grande grupo de ocupación predominante é o de traballadores non cualificados, que coincide con ser o máis contratado tamén entre os homes. Entre as mulleres, o máis contratado é o de traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio.
- As ocupacións con máis contratos na comarca son as de muller/mozo limpeza, limpador e peón da industria manufactureira. Dentro do colectivo masculino a máis contratada é a segunda destas e no feminino a primeira. Cómpre destacar o incremento da contratación de muller/mozo de limpeza, limpador, así como o descenso de peón da industria manufactureira entre 2001 e 2004.
- A familia de servizos ás empresas concentra a maior parte dos alumnos de formación profesional da comarca. En relación coa provincia, o peso específico da formación impartida dentro das familias de automoción e servizos á comunidade e persoais destaca en maior medida.



# Comarca de Meira



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>28</b>	<b>13,15</b>	<b>810</b>	<b>55,90</b>	<b>19</b>	<b>5,18</b>
Agricultura e pesca	28	13,15	810	55,90	19	5,18
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>37</b>	<b>17,37</b>	<b>183</b>	<b>12,63</b>	<b>53</b>	<b>14,44</b>
Industria e electricidade	37	17,37	183	12,63	53	14,44
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>26</b>	<b>12,21</b>	<b>94</b>	<b>6,49</b>	<b>61</b>	<b>16,62</b>
Construcción	26	12,21	94	6,49	61	16,62
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>122</b>	<b>57,28</b>	<b>362</b>	<b>24,98</b>	<b>234</b>	<b>63,76</b>
Comercio e hostalería	61	28,64	135	9,32	148	40,33
Transporte e comunicacións	12	5,63	31	2,14	37	10,08
Outros servizos	49	23,00	196	13,53	49	13,35
<b>TOTAL</b>	<b>213</b>	<b>100,00</b>	<b>1.449</b>	<b>100,00</b>	<b>367</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

A maioría das empresas da comarca de Meira desenvolven a súa actividade nos servizos, o 57,28%, principalmente no comercio e hostalería, o 28,64%. Outra proporción importante, aínda que moito menor, agrúpase ao redor do sector secundario, o 17,37%. Pola súa parte, os sectores primario e a construción representan respectivamente o 13,15% e o 12,21% do total.

Os traballadores por conta allea, porén, concéntranse maioritariamente no sector primario, o 55,9%, e, en segundo lugar, no dos servizos, o 24,98%. O secundario supón o 12,63% e a construción o 6,49%. O subsector terciario de maior peso relativo é o dos outros servizos, o 13,53%.

Os autónomos, o mesmo que as empresas, reúnen en gran medida nos servizos, o 63,76%, e, dentro deste, no subsector do comercio e a hostalería, o 40,33%. O segundo grupo sectorial máis importante de autónomos é o da construción, o 16,62%; despois o secundario, o 14,44%; e, por último, o primario, o 5,18%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>85</b>	<b>91</b>	<b>75</b>	<b>5</b>	<b>28</b>
Agricultura e pesca	85	91	75	5	28
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>39</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>39</b>	<b>37</b>
Industria e electricidade	39	35	35	39	37
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>23</b>	<b>22</b>	<b>22</b>	<b>28</b>	<b>26</b>
Construcción	23	22	22	28	26
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>107</b>	<b>116</b>	<b>116</b>	<b>121</b>	<b>122</b>
Comercio e hostalería	60	63	61	67	61
Transporte e comunicacións	10	14	12	10	12
Outros servizos	37	39	43	44	49
<b>TOTAL</b>	<b>254</b>	<b>264</b>	<b>248</b>	<b>193</b>	<b>213</b>

No quinquenio 2000-2004 o número de empresas da comarca diminuíu cunha taxa de variación media negativa de -4,31%. O balance evolutivo por sectores foi desigual: as empresas medraron nos servizos e na construción, cunhas variacións medias lixeiramente superiores ao 3% e, pola contra, decreceron no secundario e de xeito especial no primario, con variacións medias negativas de -1,31% e de -24,24% respectivamente.

A evolución nos servizos, o sector empresarial de maior peso, caracterizouse pola alternancia de fases de crecemento e estancamento: en 2001 incrementáronse nun 8,41%, en 2002 non variaron en número, en 2003 volveron medrar nun 4,31% e no último ano de referencia aumenta moi levemente.

No secundario diminuíron en 2001 e 2004 entre un 5% e un 10%; en 2002, igual que no caso dos servizos, permaneceron no mesmo número; e en 2003 medraron nun 11,43%. Na construción o curso evolutivo seguiu o mesmo trazo que no secundario: un decrecemento ao principio e ao final do quinquenio, neste caso entre o 4% e o 7%; estancamento en 2002; e crecemento en 2003.

No primario as oscilacións no número de empresas ao longo do período foron de grande intensidade, especialmente cara ao final do quinquenio. Trátase dun sector que durante os primeiros anos do período foi o segundo máis importante, cunha proporción próxima á dos servizos. Porén, en 2003 desaparecen case todas as empresas presentes no sector no ano anterior e, máis tarde, en 2004, reaparece unha parte importante delas.

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>833</b>	<b>862</b>	<b>834</b>	<b>831</b>	<b>810</b>
Agricultura e pesca	833	862	834	831	810
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>186</b>	<b>185</b>	<b>183</b>	<b>194</b>	<b>183</b>
Industria e electricidade	186	185	183	194	183
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>69</b>	<b>75</b>	<b>73</b>	<b>84</b>	<b>94</b>
Construcción	69	75	73	84	94
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>263</b>	<b>279</b>	<b>365</b>	<b>299</b>	<b>362</b>
Comercio e hostalería	139	146	146	142	135
Transporte e comunicacións	25	26	27	24	31
Outros servizos	99	107	192	133	196
<b>TOTAL</b>	<b>1.351</b>	<b>1.401</b>	<b>1.455</b>	<b>1.408</b>	<b>1.449</b>

No período 2000-2004 incrementáronse os traballadores por conta allea da comarca, cunha variación media do 1,77%. Por sectores, medraron nos servizos e na construción, con taxas de variación media próximas ao 8%, en tanto que no primario e no secundario decreceron moderadamente, con variacións medias de -0,70% e de -0,41% respectivamente.

A evolución no sector primario, o máis importante en números absolutos, caracterizouse por variacións de pouca intensidade. Os asalariados creceron nun 3,48% en 2001 e decreceron nunha magnitude similar ou mantivéronse estancados no resto dos anos do período.

No servizos producíronse variacións interanuais máis notables: os traballadores por conta allea diminuíron nun 18,08% en 2003 e incrementáronse no resto do quinquenio, nun 6,08% en 2001 e entre un 21% e un 31% nos demais anos, 2002 e 2004.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>18</b>	<b>19</b>
Agricultura e pesca	10	11	11	18	19
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>33</b>	<b>39</b>	<b>44</b>	<b>47</b>	<b>53</b>
Industria e electricidade	33	39	44	47	53
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>46</b>	<b>50</b>	<b>55</b>	<b>51</b>	<b>61</b>
Construción	46	50	55	51	61
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>200</b>	<b>212</b>	<b>213</b>	<b>221</b>	<b>234</b>
Comercio e hostalería	129	136	142	150	148
Transporte e comunicacións	43	44	38	38	37
Outros servizos	28	32	33	33	49
<b>TOTAL</b>	<b>289</b>	<b>312</b>	<b>323</b>	<b>337</b>	<b>367</b>

**TABOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os autónomos aumentaron no transcurso do período 2000-2004, cunha taxa de variación media do 6,16%. Este crecemento, ademais, deuse en todos os sectores económicos. As taxas de variación media foron do 17,41% no primario, 12,57% no secundario, 7,31% na construción e 4% nos servizos. En termos absolutos o incremento máis relevante é o dos servizos, con trinta e catro traballadores deste tipo.

A evolución dos autónomos nos servizos caracterizouse por incrementos moderados ao longo de todo o quinquenio, entre o 4% e o 6%, agás en 2002, no que permaneceron practicamente estables.

No resto de sectores, salvo na construción en 2003 e o primario en 2002, hai un crecemento sostido no número de autónomos.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Meira	62	37	99
Pol	51	14	65
Ribeira de Piquín	25	15	40
Riotorto	34	25	59
<b>TOTAL</b>	<b>172</b>	<b>91</b>	<b>263</b>

<b>% comarca/provincia - PARADOS</b>	<b>1,07</b>
--------------------------------------	-------------

<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>1,09</b>
--	-------------

Na comarca de Meira contabilizáronse en 2004 un total de 263 demandas de emprego, a maior parte delas no concello de Meira, o 37,64%, e despois no de Pol, o 24,71%, Riotorto, o 22,43%, e Ribeira de Piquín, o 15,21%.

A maioría dos demandantes son parados, en concreto o 65,4%. Ademais, en todos os concellos o número de demandantes parados supera ao de non parados. Respecto aos datos provinciais, a comarca reúne o 1,07% dos demandantes parados e o 1,09% dos non parados.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	181	165	172	216	172
Variación interanual %	-	-8,84	4,24	25,58	-20,37
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>1,22</b>	<b>1,15</b>	<b>1,10</b>	<b>1,31</b>	<b>1,07</b>

O número de demandantes parados da comarca no quinquenio 2000-2004 decreceu levemente, en concreto en nove demandantes. As maiores fluctuacións producíronse en 2003 e 2004, anos nos que primeiro aumentaron nun 25,58% e despois diminuíron nun -20,37%.

O peso relativo dos demandantes parados da comarca na provincia decreceu no transcurso destes anos, pasando de representar o 1,22% en 2000 ao 1,07% en 2004.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	24	9,13	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	148	56,27	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	8	3,04	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	47	17,87	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	X	1,14	4,66
	En expediente de regulación de emprego	5	1,90	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	22	8,37	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	6	2,28	2,99
	Resto de demandantes	0	0,00	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>X</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

A maioría dos demandantes de emprego da comarca de Meira son parados con emprego anterior, o 56,27%. En segundo lugar, a unha distancia notable, destacan os non parados, tamén con emprego anterior, o 17,87%. Na provincia, os dous grupos de demandantes de maior peso relativo son os mesmos. Neste ámbito territorial, os parados con emprego anterior representan unha proporción similar á da comarca, 56,32%; porén, os non parados con emprego anterior supoñen unha porcentaxe algo inferior, o 14,7%. O resto de categorías sitúanse, tanto na comarca como na provincia, por debaixo do 10%.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	10	18	16,28	16,41
26 a 35 anos	21	40	35,47	29,04
36 a 45 anos	12	14	15,12	22,46
46 a 55 anos	16	17	19,19	17,95
56 e máis anos	14	10	13,95	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>73</b>	<b>99</b>	<b>100,00</b>	<b>1,07</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>1,07</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Na comarca predomina o colectivo feminino de demandantes parados, o 57,56%, fronte ao masculino, o 42,44%. Na provincia acontece o mesmo, as proporcións respectivas son o 56,51% mulleres e o 43,49% homes.

A estrutura de idades móstranos que o grupo máis numeroso da comarca é o de entre 26 e 35 anos, o 35,47%, e despois, a unha distancia considerable, o de entre 46 e 55 anos, o 19,19%. Na provincia tamén é maioritario o colectivo de entre 26 e 35 anos, pero cun peso relativo menor, o 29,04%. En segundo lugar, a diferenza da comarca, está o de entre 36 e 45 anos, co 22,46%. O grao de avellentamento da comarca é similar ao da provincia: no primeiro caso os maiores de 45 anos representan o 33,14% e no segundo, o 32,1%.


**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	12	12	26,37	20,01
26 a 35 anos	14	9	25,27	27,35
36 a 45 anos	4	9	14,29	20,67
46 a 55 anos	9	6	16,48	16,10
56 e máis anos	11	5	17,58	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>50</b>	<b>41</b>	<b>100,00</b>	<b>1,09</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>1,09</b>	<b>100,00</b>

A maioría dos demandantes non parados da comarca, a diferenza dos parados, son homes, o 54,95% fronte ao 45,05% que representan as mulleres. Na provincia acontece o contrario, a maioría pertencen ao colectivo feminino, o 61,29% fronte ao 38,71% correspondente ao masculino.

O grupo máis numeroso de demandantes non parados da comarca é o de menores de 26 anos, o 26,37%, seguido moi de preto polo de entre 26 e 35 anos, o 25,27%. Na provincia o grupo de maior peso relativo é tamén o de entre 26 e 35 anos, o 27,35%; porén, en segundo lugar aparecen con proporcións próximas o de entre 36 e 45 anos e o de menores de 26 anos. O grao de avellentamento da comarca, igual que no caso dos parados, é similar ao da provincia: no primeiro ámbito os maiores de 45 anos supoñen o 34,06% e no segundo, o 31,97%.

**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.





No gráfico sobre o total de demandantes da comarca por sexo e grupos de idade destaca, en primeiro lugar, o claro predominio dos que teñen entre 26 e 35 anos e, en segundo lugar, o maior peso relativo das mulleres en todos os grupos de idades menores de 46 anos.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	69	41	110
Titulación de ensinanza obrigatoria	46	25	71
Formación profesional	8	0	8
BUP/Bacharelato superior/COU	14	10	24
Titulados universitarios	21	11	32
Outras titulacións	14	4	18
<b>TOTAL</b>	<b>172</b>	<b>91</b>	<b>263</b>

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

O nivel académico dos demandantes da comarca é baixo: o 68,82% posúen como máximo estudos obrigatorios e entre estes a maior parte só teñen ata o certificado de escolaridade, o 41,83%.

No grupo de demandantes totais con estudos superiores aos obrigatorios, o 31,18% restante, predominan os titulados universitarios, o 12,17%. Pola súa parte, os que teñen o bacharelato supoñen o 9,13% e os que cursaron outras titulacións o 6,84%. Por último, os que fixeron estudos de formación profesional, os menos numerosos, son unicamente oito demandantes en números absolutos, todos demandantes parados.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	6	4	0	10
	Mulleres	15	X	X	18
26 a 35 anos	Homes	18	X	X	21
	Mulleres	17	9	14	40
36 a 45 anos	Homes	5	2	5	12
	Mulleres	4	2	8	14
46 a 55 anos	Homes	8	2	6	16
	Mulleres	7	X	9	17
Máis de 55 anos	Homes	8	X	5	14
	Mulleres	X	X	8	10
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>X</b>	<b>24</b>	<b>X</b>	<b>172</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Aproximadamente a metade dos demandantes parados da comarca de Meira levan menos de 6 meses na procura dun traballo, o 51,74%. Os parados de longa duración representan o 34,3% e os que se atopan nunha situación intermedia, entre 6 meses e 1 ano buscando emprego, o 13,95%.

Os demandantes parados de menos de 6 meses tamén destacan na provincia, aínda que nunha porcentaxe algo menor, o 48,47%; os parados de longa duración representan o 35,96% e os que levan entre 6 meses e 1 ano o 15,57%.

O grupo de demandantes parados máis numeroso da comarca é o de homes de entre 26 e 35 anos que levan menos de 6 meses buscando emprego. E, en segundo lugar, o de mulleres da mesma idade e situación.

Os demandantes parados de longa duración predominan nas mulleres a partir dos 35 anos en tanto que no caso dos homes nunca chegan a superar aos demandantes parados de menos de seis meses.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

TABOA 11: Demandantes por actividade económica.


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	11	7	18
Sector secundario	18	6	24
Construción	15	10	25
Sector servizos	104	56	160
Sen actividade previa	24	12	36
<b>TOTAL</b>	<b>172</b>	<b>91</b>	<b>263</b>

O 60,84% dos demandantes da comarca proceden do sector servizos. Esta porcentaxe nos demandantes parados é lixeiramente inferior, o 60,47%, e nos non parados un pouco superior, o 61,54%.

O segundo sector en importancia é o da construción, o 9,51%, seguido polo secundario, o 9,13%. Esta situación reproducese tanto para demandantes parados como non parados.

Na industria, encadrada dentro do sector secundario, hai que sinalar que, das 18 demandas producidas, 6 derivan da actividade de alimentación.

GRÁFICO 2: Demandantes parados nos servizos.



Os demandantes parados nos servizos proceden principalmente das administracións públicas, o 29%, e, en menor medida, da educación, o 18%; do comercio, o 14%; e da hostalería, o 11%. A representatividade do resto de actividades terciarias é igual ou inferior ao 8%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	20	7,60	8,75
Dependente de comercio, en xeral	19	7,22	8,39
Peón da construción de edificios	12	4,56	3,09
Conductor de camión, en xeral	11	4,18	1,89
Peón da ind. manufactureira, en xeral	11	4,18	3,77
Cociñeiro, en xeral	9	3,42	1,65
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	9	3,42	7,40
Traballador retén incendios forestais	9	3,42	0,73
Albanel	8	3,04	2,90
Xardineiro, en xeral	7	2,66	1,02

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Empregado administrativo, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Meira	57
Pol	6
Ribeira de Piquín	5
Riotorto	10
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>78</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	0,87

Na comarca de Meira recolléronse tan só 78 ofertas de emprego en 2004, menos do 1% do total da provincia de Lugo. As tres cuartas partes destas ofertas tiveron lugar no concello de Meira, o 73,08%, cincuenta e sete en números absolutos. No resto de concellos unicamente o de Riotorto chega a dez ofertas en todo o ano.


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Meira	26	24	23	69	57
Pol	12	2	8	8	6
Ribeira de Piquín	4	0	0	0	5
Riotorto	3	5	27	21	10
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>45</b>	<b>31</b>	<b>58</b>	<b>98</b>	<b>78</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

No quinquenio 2000-2004, as ofertas de emprego comarcais, moi escasas, aumentaron notablemente, cunha variación media do 14,74%, 33 ofertas en cifras absolutas. O maior volume de ofertas correspóndese con 2003, ano no que estiveron próximas á centena. En sentido contrario, en 2001, apenas superaron a trintena. Na provincia tamén se produce un ascenso do número de ofertas, cunha variación media do 0,64%, medrando en todos os anos coa excepción do último.

No concello de Meira as ofertas mantivéronse arredor de 25 nos primeiros anos do período; en 2003 soben ata as 69 e en 2004 diminúen ata as 57. No resto de concellos unicamente cómpre subliñar as 27 ofertas de Riotorto en 2002, que supuxeron a maior parte do volume total de ofertas da comarca neste ano.

GRÁFICO 3: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



O gráfico amósanos a evolución do número de ofertas en Meira e no resto de municipios como conxunto. En Meira, como dixemos, permanecen estables ata a metade do quinquenio, despois medran notablemente en 2003 e diminúen, en menor medida, en 2004. No resto de concellos agrupados as ofertas decrecen ata niveis mínimos en 2001, aumentan considerablemente en 2002 (pasan de 7 a 35 en números absolutos) e volven diminuír nos anos posteriores ata as 21 que suman en 2004.

### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica


	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Meira	3	0	0	54
Pol	1	0	0	5
Ribeira de Piquín	0	0	2	3
Riotorto	1	0	0	9
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>5</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>71</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

Na comarca destaca a elevada proporción das ofertas nos servizos, 71 de 78, e a total ausencia destas no secundario. No primario houbo 5 ofertas e na construción tan so 2.

A alta concentración en 2004 das ofertas da comarca no municipio de Meira deixa pouca marxe para a análise da distribución por concellos. En Meira recolléronse, tal como dixemos con anterioridade, 57 ofertas (54 nos servizos e 3 no primario), e en Pol 6 ofertas (5 nos servizos e 1 no primario).


A maioría das ofertas da provincia tamén proceden dos servizos, o 71,35%. Neste ámbito, a construción, o secundario e o primario representan respectivamente o 18,73%, o 8,57% e o 1,35%.



**GRÁFICO 4:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O sector dos servizos representa o 91% das ofertas da comarca, en tanto que o primario máis o da construción reúnen o 9% restante. Non se recolleu ningunha oferta que tivese como orixe ao sector secundario.

**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



As ofertas dos servizos proceden principalmente das administracións públicas, o 78%. As outras categorías sitúanse en porcentaxes moi baixas e supoñen en números absolutos cinco ou menos ofertas.

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	3	6	10	16	5
Secundario	15	5	2	26	0
Construción	8	4	0	9	2
Servizos	19	16	46	47	71
Sen actividade	0	0	0	0	0
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>45</b>	<b>31</b>	<b>58</b>	<b>98</b>	<b>78</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

No quinquenio 2000-2004 as ofertas medraron a gran ritmo nos servizos, cunha variación media do 39,04%. A evolución neste sector caracterizouse por incrementos de alta intensidade en 2002 e 2004. As ofertas no primario e na construción, moi reducidas en números absolutos, pasaron de tres a cinco e de oito a dúas respectivamente. No secundario desapareceron totalmente en 2004. Anteriormente, en 2000 e 2003, chegaran a ter un volume relativamente elevado no contexto da comarca, sendo o segundo grupo máis importante despois dos servizos.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Dez das setenta e oito ofertas da comarca especificaron un determinado sexo para poder acceder a un posto de traballo, seis delas pediron un home e as outras catro unha muller. Por sectores de procedencia, sete ofertas tiveron a súa orixe nos servizos, principalmente no comercio, e tres no primario.

O nivel académico constituíu un requisito para poder ocupar un posto de traballo en nove das setenta e oito ofertas da comarca. En cinco solicitouse a formación profesional, en dúas os estudos obrigatorios e noutras dúas un título universitario. Todas estas ofertas procederon dos servizos, sete das administracións públicas e as dúas restantes dos servizos á comunidade.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Lcdo. en ciencia e tecnoloxía dos alimentos	0	0	0	0	7
Técnico en informática	0	0	0	0	4
Peón industrial	0	0	0	0	3
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	0	3	5	2	3
Gandeiro de vacún	0	0	0	0	2
Encargado explotación vacún	0	0	0	0	2
Auxiliar administrativo	0	0	0	0	2
Monitor sociocultural	0	0	0	0	2
Enx. técnico agrícola - Explotacións agropecuarias	0	0	0	0	2
Inst.montador instalacións eléct/ Electricista/Aux. electric.	0	0	0	0	2
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns.	1	0	4	5	2
Docencia:Garderías infantís/ Coidador-Téc.n en xardín infancia	0	0	0	0	2
Camareiro - Barman	0	6	4	3	2

**TÁBOA 18:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores foi a de licenciado en ciencia e tecnoloxía dos alimentos (sete ofertas) e despois a de técnico en informática (catro ofertas).

Por outra parte, non se rexistraron ofertas procedentes das oficinas de emprego dada a inexistencia destas últimas na comarca.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
Meira	386
Pol	113
Ribeira de Piquín	42
Riotorto	119
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>660</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

En 2004 formalizáronse un total de 660 contratos na comarca de Meira, que supoñen o 0,9% da provincia de Lugo. A maioría da contratación comarcal tivo lugar no concello de Meira, o 58,48%. Nos de Riotorto, Pol e Ribeira de Piquín os contratos representan respectivamente o 18,03%, o 17,12% e o 6,36%.

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Meira	391	376	422	271	386
Pol	131	149	140	105	113
Ribeira de Piquín	62	68	57	64	42
Riotorto	157	169	158	124	119
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>741</b>	<b>762</b>	<b>777</b>	<b>564</b>	<b>660</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

O volume contractual da comarca decreceu no período 2000-2004, cunha variación media negativa de -2,85%, en tanto que na provincia aumentou moderadamente, cunha variación media do 0,54%.

O número de contratos realizados na comarca seguiu durante a primeira metade do período un camiño expansivo de baixa intensidade, despois descendeu en gran medida en 2003, nun 27,41%, e recuperouse parcialmente en 2004, medrando nun 17,02%. A contratación provincial tamén tivo unha evolución irregular, aínda que con fases de expansión e regresión moito menos intensas, descendendo entre 2000 e 2002 e aumentando nos dous últimos anos

Os contratos decreceron entre 2000 e 2004 nos concellos de Ribeira de Piquín, Riotorto e Pol, cunhas taxas de variación media negativa de -9,28%, -6,69% e -3,63% respectivamente. No de Meira, o de maior peso relativo con diferenza, a contratación descendeu moi levemente, cunha variación media de -0,32%, cinco contratos menos en números absolutos, a pesar da recuperación do último ano.



#### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	148	67	215
De 26 a 35 anos	104	86	190
De 36 a 45 anos	94	55	149
De 46 a 55 anos	50	27	77
De 56 e máis anos	25	4	29
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>421</b>	<b>239</b>	<b>660</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A contratación da comarca mostra un desequilibrio de xénero: o 63,79% dos contratos foron asinados por homes e o 36,21% por mulleres. Na provincia, cunhas proporcións moito máis equilibradas, a contratación favoreceu en maior medida as mulleres: o 48,55% recaeu no colectivo masculino e o 51,45% no feminino.

A maior parte dos contratos agrúpanse no colectivo de menores de 26 anos, o 32,58%, e, despois, no de entre 26 e 35 anos, o 28,79%. En suma, arredor da xente máis nova concéntrase o 61,37% da contratación realizada na comarca de Meira.

Os dous intervalos de menor idade son, ademais, os de maior peso relativo tanto no caso dos homes como das mulleres, se ben no colectivo feminino a contratación realizada aos de entre 26 e 35 anos superou á dos menores de 26 anos.


	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	457	432	433	384	421
Mulleres	284	330	344	180	239
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>741</b>	<b>762</b>	<b>777</b>	<b>564</b>	<b>660</b>

**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 a contratación feminina diminuíu en maior medida que a masculina, cunhas variacións medias negativas de -4,22% e de -2,03% respectivamente.

As variacións interanuais foron moito máis intensas no caso dos contratos realizados ás mulleres que aos homes. No colectivo feminino a contratación medrou ao longo de todo o período, agás en 2003, no que decreceu nunha proporción moi elevada, nun 47,67%. No colectivo masculino, diminuíu en 2001 e 2003, permaneceu estancada en 2002 e medrou nun 9,64% en 2004.

**GRÁFICO 6:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



Ao longo de todo o quinquenio 2000-2004 a contratación masculina foi claramente superior á feminina. Así e todo, a distancia na contratación por xéneros variou moito duns anos a outros. A diferenza porcentual entre homes e mulleres no primeiro ano de referencia era de 23,34 puntos; despois, en 2001 e 2002, reduciuse a cifras próximas ao 12%, pero, en 2003, coa caída de gran magnitude na contratación feminina, incrementouse ata 36,18 puntos, e finalmente, en 2004, situouse en 27,58 puntos.

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	208	237	244	196	215
De 26 a 35 anos	251	240	220	160	190
De 36 a 45 anos	206	190	197	113	149
De 46 a 55 anos	50	61	86	74	77
De 56 e máis anos	26	34	30	21	29
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>741</b>	<b>762</b>	<b>777</b>	<b>564</b>	<b>660</b>

A evolución do número de contratos en función da idade no quinquenio 2000-2004 tivo un balance positivo nos maiores de 45 anos, negativo nos de entre 26 e 45 anos e levemente positivo nos menores de 26.

O maior incremento deuse no grupo de entre 46 e 55 anos, cunha variación media do 11,4%; a diminución máis intensa foi no de entre 36 e 45 anos, cunha variación media negativa de -7,78%.

A evolución nos diferentes tramos de idades caracterízase en todo caso pola combinación ao longo do período de anos de crecemento e contratación do seu volume contractual. O ano 2004 foi o único no que a contratación creceu en todos os grupos de idade, destacando o incremento producido entre os que teñen entre 36 e 45 anos, cunha variación interanual do 31,86%.


### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>39</b>
Agricultura e pesca	39
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>59</b>
Industria e electricidade	59
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>79</b>
Construcción	79
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>483</b>
Comercio e hostalería	87
Transporte e comunicacións	31
Outros servizos	365
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>660</b>

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

A distribución por sectores económicos en 2004 móstranos que case as tres cuartas partes da contratación tivo lugar nos servizos, o 73,18%, e que dentro deste sector unha gran proporción estivo vinculada aos outros servizos, o 55,3% do total de contratos asinados na comarca, e outra parte, moito menor pero importante, ao comercio e hostalería, 13,18%.


O segundo sector de maior peso relativo, o da construción, supón unha porcentaxe inferior á dos subsectores terciarios que acabamos de mencionar, en concreto o 11,97%. Por último, a representatividade do secundario e o primario é do 8,94% e do 5,91% respectivamente.



**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual da contratación na industria.

Os contratos na industria formalizáronse principalmente na alimentación, o 67%, e, en moita menor medida, nas outras industrias, o 14%, e na fabricación de produtos minerais non metálicos, o 10%. A contratación nas actividades industriais restantes foi marxinal.

**GRÁFICO 8:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



A maior parte dos contratos asinados no sector servizos, estiveron relacionados coas administracións públicas, o 23%; coas actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, o 19%; coa educación, o 12%, e cos servizos á comunidade, o 11%. A contratación nos outros tipos de actividades terciarias foi igual ou inferior ao 10%.

**TABOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>35</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>16</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>X</b>
Agricultura e pesca	35	4	7	16	7	7	X
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>46</b>	<b>13</b>	<b>27</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>X</b>	<b>X</b>
Industria e electricidade	46	13	27	14	16	X	X
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>71</b>	<b>8</b>	<b>32</b>	<b>24</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>X</b>
Construcción	71	8	32	24	11	9	X
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>269</b>	<b>214</b>	<b>149</b>	<b>136</b>	<b>115</b>	<b>X</b>	<b>X</b>
Comercio e hostalería	26	61	28	32	22	X	X
Transporte e comunicacións	24	7	0	5	22	4	0
Outros servizos	219	146	121	99	71	53	21
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>421</b>	<b>239</b>	<b>215</b>	<b>190</b>	<b>149</b>	<b>X</b>	<b>29</b>

A maior parte da contratación masculina realizouse nos servizos, o 40,76% dos contratos da comarca, e, dentro deste sector nos outros servizos, o 33,18%. O segundo grupo sectorial máis importante de contratación masculina foi o da construción, o 10,76% do total.

Os contratos nos servizos tamén representan a maior porcentaxe no caso das mulleres, o 32,42% do total da contratación comarcal. No resto de sectores a contratación feminina é mínima ou marxinal.

Por idades e sectores simultaneamente, o colectivo que concentra a proporción máis elevada de contratos é o de menores de 26 anos nos servizos, o 22,58% da contratación total, e, despois, o de entre 26 e 35 anos no mesmo sector, o 20,61%. En suma, o 43,19% da contratación comarcal relaciónase cos menores de 36 anos que traballan nos servizos.

O sector servizos, e máis concretamente o subsector de outros servizos, predomina en todos os grupos de idade. Salvo para os que teñen entre 36 e 45 anos, no resto de grupos de idade o segundo sector máis importante é o da construción.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>63</b>	<b>60</b>	<b>44</b>	<b>67</b>	<b>39</b>
Agricultura e pesca	63	60	44	67	39
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>111</b>	<b>106</b>	<b>74</b>	<b>75</b>	<b>59</b>
Industria e electricidade	111	106	74	75	59
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>78</b>	<b>70</b>	<b>52</b>	<b>71</b>	<b>79</b>
Construcción	78	70	52	71	79
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>489</b>	<b>526</b>	<b>607</b>	<b>351</b>	<b>483</b>
Comercio e hostalería	81	86	88	71	87
Transporte e comunicacións	14	17	34	27	31
Outros servizos	394	423	485	253	365
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>741</b>	<b>762</b>	<b>777</b>	<b>564</b>	<b>660</b>


**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 os contratos decreceron nos sectores primario e secundario, cunhas variacións medias negativas de -11,3% e de -14,61% respectivamente; e permaneceron practicamente estancados na construción e nos servizos, cunhas variacións medias do 0,32% e de -0,31% respectivamente.

A evolución do número de contratos nos servizos, condicionada en gran medida polos outros servizos, caracterizouse pola expansión en todos os anos, agás en 2003, cando se rexistra un descenso moi acusado da contratación, en concreto de -42,17%, provocando o saldo negativo deste sector.

En cambio, no sector primario e secundario o ano 2003 é o único en que se produce un crecemento, descendendo en todos os demais.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral



**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

O tipo de contrato máis común en 2004 na comarca de Meira é o temporal a tempo completo, o 62%. A continuación, a moita distancia, aparecen os clasificados na categoría de outros, o 13%; os asinados en prácticas/formación, o 11%; os temporais a tempo parcial, o 9%; e, por último, os indefinidos, a tempo completo ou parcial, o 5%.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	19	6	7	10	4	X	X
Indefinido tempo parcial	X	4	X	X	4	0	0
Temporal	291	121	150	124	84	43	11
Temporal tempo parcial	18	44	18	13	22	7	X
Prácticas/Formación	38	32	24	15	15	10	6
Outros	53	32	15	27	20	16	7
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>239</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>149</b>	<b>X</b>	<b>29</b>

Os contratos temporais a tempo completo predominan nos homes e nas mulleres e representan no primeiro caso o 44,09% do volume total de contratación da comarca e no segundo o 18,33%. A continuación, a modalidade máis frecuente no colectivo masculino é a de outros contratos, o 8,03%, e no feminino a contratación temporal a tempo parcial, o 6,67%.

Por idades e tipo de contrato, o grupo onde se concentra a maior proporción é o de menores de 26 anos con contrato temporal a tempo completo, o 22,73% do total da contratación. Despois está o de entre 26 e 35 anos coa mesma modalidade de contrato, o 18,79%. En suma, o 41,52% do volume contractual da comarca correspóndese con temporais a tempo completo asinados por menores de 36 anos.

Segundo idades a segunda modalidade máis frecuente de contratación é a de practicas/formación para os menores de 26 anos, a temporal a tempo parcial nos que teñen entre 36 e 45 anos e o da tipoloxía outros entre os maiores de 45 anos e no tramo de entre 26 e 35 anos.

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr., Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	5	7	X	8	X	X	11
Indefinido tempo parcial	0	X	0	4	X	0	5
Temporal	31	39	67	48	20	207	275
Temporal tempo parcial	X	4	X	22	9	23	54
Prácticas/Formación	0	8	8	5	0	49	54
Outros	X	0	0	0	0	84	84
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>39</b>	<b>X</b>	<b>79</b>	<b>87</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>483</b>

A contratación temporal a tempo completo é a de maior peso relativo en todos os sectores económicos. Nos servizos representa o 41,67% do total de contratos da comarca, na construción o 10,17%, no secundario o 5,91% e no primario o 4,7%. Dentro do sector terciario, destaca o volume de contratos realizados no subsector dos outros servizos, o 31,36%.

Os contratos en prácticas/formación e, sobre todo, os clasificados baixo a categoría de outros asináronse maioritariamente no marco do citado subsector dos outros servizos. Os indefinidos, moi escasos, foron máis frecuentes no comercio e a hostalería; os temporais a tempo parcial concentráronse tanto nos outros servizos como no comercio e hostalería.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	48	26	33	23	25
Indefinido tempo parcial	7	5	5	5	6
Temporal	374	397	357	371	412
Temporal tempo parcial	61	61	67	60	62
Prácticas/Formación	32	27	86	39	70
Outros	219	246	229	66	85
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>741</b>	<b>762</b>	<b>777</b>	<b>564</b>	<b>660</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 medraron os contratos en prácticas/formación e os temporais a tempo completo, cunhas variacións medias do 21,61% e do 2,45% respectivamente. Os temporais a tempo parcial mantivéronse estables. Os indefinidos e os da modalidade outros decreceron; estes últimos, máis relevantes, fixérono cunha taxa de variación media de -21,07%.

A contratación temporal a tempo completo incrementouse en todos os anos, excepto en 2002, cando diminuíron nun -10,08%. A da modalidade outros, a segunda máis importante ao comezo do período, moi por riba do resto, descendeu extraordinariamente en 2003, en concreto nun 71,18%. Con anterioridade, a contratación deste tipo medrara en 2001 nun 12,33% e en 2004 nun 28,79%, e decrecera en 2002 nun 6,91%.

#### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>18,92</b>
HOMES	X	-
MULLERES	X	-100,00
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>93</b>	<b>-18,23</b>
HOMES	64	0,80
MULLERES	29	-33,24
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>26</b>	<b>-6,49</b>
HOMES	15	-5,74
MULLERES	11	-7,46
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>58</b>	<b>1,34</b>
HOMES	20	0,00
MULLERES	38	2,08
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>107</b>	<b>10,03</b>
HOMES	35	13,62
MULLERES	72	8,48
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>34</b>	<b>5,93</b>
HOMES	21	-6,09
MULLERES	13	-
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería</b>	<b>97</b>	<b>-1,96</b>
HOMES	77	-5,85
MULLERES	20	30,01
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>X</b>	<b>-3,13</b>
HOMES	57	-3,60
MULLERES	X	18,92
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>184</b>	<b>1,85</b>
HOMES	130	-2,52
MULLERES	54	18,92
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>660</b>	<b>-2,85</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>421</b>	<b>-2,03</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>239</b>	<b>-4,22</b>

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

O 72,88% do volume contractual da comarca en 2004 concentrouse nos seguintes catro grandes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados: 27,88%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 16,21%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 14,7%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 14,09%.

Os grupos de ocupación máis contratados en función do sexo son:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores non cualificados: 19,7%.</li> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 11,67%.</li> <li>• Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 9,7%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 10,91%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 8,18%.</li> <li>• Empregadas de tipo administrativo: 5,76%.</li> </ul>

A contratación feminina supera á masculina nos grupos que seguen:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: o 10,91% da contratación total fronte ao 5,3%.
- Empregadas de tipo administrativo: o 5,76% fronte ao 3,03%.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	64	51	13	79,69
25130104	Músico instrumentista, en xeral	X	42	X	95,45
71100016	Albanel	40	32	8	80,00
42100010	Empregado administrativo, en xeral	31	5	26	16,13
86300016	Condutor de camión, en xeral	X	26	X	96,30
52300046	Traballador retén incendios forestais	21	21	0	100,00
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	21	15	6	71,43
60220110	Xardineiro coidador de campos de deporte	20	7	13	35,00
94400012	Peón forestal	X	19	X	95,00
96020014	Peón da construción de edificios	18	18	0	100,00
	<b>TOTAL</b>	<b>306</b>	<b>236</b>	<b>70</b>	<b>77,12</b>

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

As dez ocupacións máis contratadas representan o 46,36% do volume contractual da comarca de Meira. A ocupación máis contratada foi a de peón da industria manufactureira, en xeral, co 9,7% do total de contratos da comarca, e despois a de músico instrumentista, en xeral, co 6,66%.



As ocupacións máis contratadas no colectivo masculino son as comentadas anteriormente, en cambio no feminino son as de empregada administrativa, xardineira coidadora de campos de deporte, e peón da industria manufactureira.

O ratio de masculinidade é moi alto, do 77,12%, o que denota unha forte masculinización da contratación nestas dez ocupacións. Nas ocupacións de traballador retén incendios forestais e de peón da construción de edificios contratáronse única e exclusivamente homes. Destacan ademais polo seu elevado ratio de masculinidade, á parte das dúas máis contratadas mencionadas antes, as ocupacións de albanel, condutor de camión, en xeral, e músico instrumentista. En sentido contrario, resalta pola forte presenza feminina a ocupación de empregada administrativa, cun ratio de masculinidade do 16,13%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	29	21	13	58	64
25130104	Músico instrumentista, en xeral	26	19	24	33	44
71100016	Albanel	43	44	58	27	40
42100010	Empregado administrativo, en xeral	32	49	32	25	31
86300016	Condutor de camión, en xeral	34	26	23	22	27
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	17	X	14	25	21
52300046	Traballador retén incendios forestais	6	X	8	6	21
94400012	Peón forestal	36	40	45	63	20
60220110	Xardineiro coidador de campos de deporte	0	0	0	0	20
96020014	Peón da construción de edificios	19	29	15	20	18
50200041	Camareiro de barra	16	18	26	10	17
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	20	19	17	15	15
62410045	Motoserrista forestal	23	7	7	10	13
21210011	Médico, medicina xeral	67	57	76	20	12
27200016	Enfermeiro, en xeral	93	116	98	7	11
78030015	Traballador na elaboración de produtos lácteos	23	39	21	10	10
94100011	Peón agrícola, en xeral	16	25	14	7	8
60220101	Xardineiro, en xeral	0	10	19	X	0

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

No quinquenio 2000-2004 as dez ocupacións máis contratadas seguiron cursos evolutivos moi diferentes. As dúas máis importantes en 2004 foron as que máis medraron despois da de traballador retén de incendios forestais. Así, a ocupación de peón da industria manufactureira, en xeral, tivo unha variación media do 21,88% e a de músico instrumentista, en xeral, do 14,06%. En sentido contrario, as ocupacións de enfermeiro, en xeral e médico, medicina en xeral, as de maior peso relativo no primeiro ano de referencia, decreceron no transcurso do período, cunhas taxas de variación media negativas de -41,36% e de -34,95% respectivamente.

Ao longo do quinquenio desapareceu a ocupación de xardineiro, en xeral, e xurdiu, no último ano, a de xardineiro coidador de campos de deporte, unha ocupación que con anterioridade estaba totalmente ausente.

Ademais, desapareceron da lista das dez ocupacións máis contratadas en 2004 as de camareiro de barra; clasificador-repartidor de correspondencia; motoserrista forestal; médico, medicina xeral; enfermeiro, en xeral; traballador na elaboración de produtos lácteos; peón agrícola, en xeral; e xardineiro, en xeral.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Servizos ás empresas	16	0,71	1	0,70
Industrias da madeira e a cortiza	13	9,03	1	11,11
<b>TOTAL</b>	<b>29</b>	<b>0,45</b>	<b>2</b>	<b>0,51</b>


En 2004 impartíronse na comarca dous cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cunha asistencia total de vinte e nove alumnos. Estas cifras supoñen aproximadamente medio punto porcentual dos cursos e dos alumnos da provincia. As familias profesionais con presenza na comarca foron a de servizos ás empresas e industrias da madeira e a cortiza.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- As empresas da comarca de Meira desenvolven a súa actividade maioritariamente nos servizos, sobre todo no comercio e hostalería. Os traballadores por conta allea, porén, concéntranse no sector primario. Por último, os autónomos, o mesmo que as empresas, agrúpanse tamén en gran medida nos servizos e, dentro deste sector, no comercio e a hostalería.
- No quinquenio 2000-2004 decreceu notablemente o número de empresas, de maneira especial no sector primario, ao tempo que se incrementou o número de traballadores por conta allea e, en maior medida, o de autónomos. O comportamento por sectores foi variable; neste sentido, cómpre destacar que nos servizos e na construción a expansión foi en traballadores e autónomos, así como en empresas, mentres que no sector primario e secundario houbo descensos no número de empresas e traballadores, e aumento no de autónomos.
- En 2004 recolléronse duascenas sesenta e tres demandas de emprego, a maior parte nos concellos de Meira e Pol. A maioría dos demandantes son parados con emprego anterior, cincuenta e seis de cada cen. No conxunto de demandantes predominan as mulleres e o intervalo de idade comprendido entre 26 e 35 anos.
- O nivel académico dos demandantes da comarca é baixo, case sete de cada dez posúen como máximo ata o ensino obrigatorio e a maior parte destes non teñen máis que o certificado de escolaridade. Por tempo de busca de emprego, o colectivo máis numeroso é o de parados de menos de seis meses, un pouco máis da metade do total. Os demandantes proceden en gran proporción do sector servizos, seis de cada dez.
- En 2004 houbo setenta e oito ofertas de emprego na comarca, as tres cuartas partes tiveron lugar no municipio de Meira e nove de cada dez procederon dos servizos. No transcurso do quinquenio 2000-2004 as ofertas creceron notablemente, por riba do incremento rexistrado na provincia de Lugo.
- Dez das setenta e oito ofertas comarcais requiriron un sexo concreto para poder acceder a un posto de traballo e nove especificaron un determinado nivel académico. Nos centros colaboradores a ocupación máis ofertada foi a de licenciado en ciencia e tecnoloxía dos alimentos.
- En 2004 asináronse seiscentos sesenta contratos, preto do un por cento do volume de contratación provincial. A maioría desta contratación realizouse no concello de Meira. No quinquenio 2000-2004, os contratos comarcais diminuíron mentres que na provincia tiveron unha dinámica positiva.
- A contratación comarcal mostra un desequilibrio por xénero: sesenta e catro de cada cen foron asinados por homes e trinta e seis por mulleres. Na provincia de Lugo, polo contrario, a contratación feminina foi, por pouco, superior á masculina. Por idades, a maioría dos contratos da comarca, seis de cada dez, agrupáronse no colectivo de menores de 36 anos. Por sectores, as tres cuartas partes da contratación situouse nos servizos e dentro deste unha proporción moi elevada estivo vinculada aos outros servizos.
- O tipo de contrato máis común é o temporal a tempo completo, seis de cada dez. Esta modalidade predomina tanto nos homes como nas mulleres, en todos os grupos de idade, e en todos os sectores económicos.
- Unha elevada proporción do volume contractual concentrouse no grupo de ocupación de traballadores non cualificados. A ocupación máis contratada foi a de peón da industria manufactureira, en xeral, tamén para o colectivo masculino; non así para o feminino, onde a ocupación con maior número de contratos foi a de empregado administrativo.

- En 2004 impartíronse na comarca dous cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación, relacionados coas familias profesionais de servizos ás empresas e industrias da madeira e a cortiza, que contaron cunha asistencia total de vinte e nove alumnos.





# Comarca dos Ancares



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>34</b>	<b>9,32</b>	<b>1.468</b>	<b>61,55</b>	<b>24</b>	<b>3,93</b>
Agricultura e pesca	34	9,32	1.468	61,55	24	3,93
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>35</b>	<b>9,59</b>	<b>102</b>	<b>4,28</b>	<b>53</b>	<b>8,69</b>
Industria e electricidade	35	9,59	102	4,28	53	8,69
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>63</b>	<b>17,26</b>	<b>244</b>	<b>10,23</b>	<b>121</b>	<b>19,84</b>
Construcción	63	17,26	244	10,23	121	19,84
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>233</b>	<b>63,84</b>	<b>571</b>	<b>23,94</b>	<b>412</b>	<b>67,54</b>
Comercio e hostalería	122	33,42	261	10,94	255	41,80
Transporte e comunicacións	43	11,78	87	3,65	92	15,08
Outros servizos	68	18,63	223	9,35	65	10,66
<b>TOTAL</b>	<b>365</b>	<b>100,00</b>	<b>2.385</b>	<b>100,00</b>	<b>610</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

A maioría das empresas da comarca dos Ancares desenvolven a súa actividade nos servizos, o 63,94%, e, dentro deste sector, dedícanse principalmente ao comercio e hostalería, o 33,42%. Os outros sectores supoñen porcentaxes moito menores: na construción agrúpanse o 17,26%, no secundario o 9,59% e no primario o 9,32%.

Os traballadores por conta allea, a diferenza das empresas, concéntranse en gran medida no sector primario, o 61,55%. A continuación, a unha distancia moi notable, nos servizos, o 23,94%; na construción, o 10,23%, e, por último, no secundario, o 4,28%.

Os autónomos, do mesmo xeito que as empresas, reúnen maioritariamente nos servizos, o 67,54%, e, dentro deste sector, no comercio e hostalería, o 41,80%. Un segundo grupo sectorial de autónomos agrúpase ao redor da construción, o 19,84%, en tanto que no resto de sectores, secundario e primario, as cifras de autónomos son moi baixas, medio centenar ou menos en termos absolutos.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>90</b>	<b>92</b>	<b>74</b>	<b>8</b>	<b>34</b>
Agricultura e pesca	90	92	74	8	34
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>34</b>	<b>36</b>	<b>36</b>	<b>34</b>	<b>35</b>
Industria e electricidade	34	36	36	34	35
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>63</b>	<b>64</b>	<b>62</b>	<b>69</b>	<b>63</b>
Construcción	63	64	62	69	63
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>212</b>	<b>225</b>	<b>223</b>	<b>241</b>	<b>233</b>
Comercio e hostalería	122	128	126	130	122
Transporte e comunicacións	29	34	39	43	43
Outros servizos	61	63	58	68	68
<b>TOTAL</b>	<b>399</b>	<b>417</b>	<b>395</b>	<b>352</b>	<b>365</b>

No quinquenio 2000-2004 as empresas decreceron, cunha taxa de variación media de -2,2%. A evolución foi descontinua: medraron en 2001 e 2004 nun 4,51% e nun 3,69% e, en sentido contrario, diminuíron en maior medida nos anos intermedios, en 2002 nun -5,28% e en 2003 nun -10,89%.

O saldo do período foi positivo para as empresas dos servizos, que medraron cunha taxa de variación media do 2,39%; no referente aos seus subsectores, hai un estancamento de comercio e hostalería, e un crecemento de transporte e comunicación e outros servizos. Nos outros sectores o número de empresas permaneceu no mesmo nivel, no caso da construción e do secundario, e decreceu cunha variación media negativa de -21,6% no primario. As variacións interanuais móstranos que non houbo grandes oscilacións en ningún dos sectores salvo no primario, no que descendieron extraordinariamente en 2003, pasando a ser unicamente oito empresas das setenta e catro contabilizadas no ano anterior.

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.356</b>	<b>1.463</b>	<b>1.465</b>	<b>1.489</b>	<b>1.468</b>
Agricultura e pesca	1.356	1.463	1.465	1.489	1.468
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>108</b>	<b>111</b>	<b>108</b>	<b>116</b>	<b>102</b>
Industria e electricidade	108	111	108	116	102
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>466</b>	<b>203</b>	<b>191</b>	<b>247</b>	<b>244</b>
Construcción	466	203	191	247	244
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>544</b>	<b>566</b>	<b>521</b>	<b>578</b>	<b>571</b>
Comercio e hostalería	246	247	251	257	261
Transporte e comunicacións	57	68	77	81	87
Outros servizos	241	251	193	240	223
<b>TOTAL</b>	<b>2.474</b>	<b>2.343</b>	<b>2.285</b>	<b>2.430</b>	<b>2.385</b>

Os traballadores por conta allea diminuíron levemente ao longo do intervalo 2000-2004, cunha variación media de -0,91%. Decreceron en todos os anos, agás en 2003, ano no que aumentaron nun 6,35%.



Por sectores económicos, os asalariados decreceron en gran medida na construción e de xeito moderado no secundario, con variacións medias de -14,93% e de -1,42% respectivamente. Pola contra, expandíronse no sector primario e nos servizos, con variacións medias do 2% e do 1,22% respectivamente.

A evolución no primario, o de maior peso relativo, caracterizouse por un incremento do 7,89% en 2001, e un menor crecemento en 2002 e 2003, en tanto que no último ano se produce un descenso. Nos servizos foron alternando fases expansivas e regresivas de diferente magnitude: en 2001 e 2003 aumentaron nun 4,04% e nun 10,94% respectivamente, e en 2002 e 2004 diminuíron nun 7,95% e nun 1,21% respectivamente. Pola súa parte, o sector da construción tivo como trazo máis característico a forte caída dos traballadores por conta allea no ano 2001, no que diminuíron nun 56,44%, ascendendo só en 2003.

Nos subsectores dos servizos prodúcese un aumento ao longo do período en comercio e hostalería e transporte e comunicacións, diminuíndo en outros servizos.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>13</b>	<b>17</b>	<b>21</b>	<b>22</b>	<b>24</b>
Agricultura e pesca	13	17	21	22	24
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>40</b>	<b>43</b>	<b>43</b>	<b>46</b>	<b>53</b>
Industria e electricidade	40	43	43	46	53
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>107</b>	<b>110</b>	<b>119</b>	<b>112</b>	<b>121</b>
Construción	107	110	119	112	121
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>351</b>	<b>374</b>	<b>379</b>	<b>405</b>	<b>412</b>
Comercio e hostalería	231	233	236	252	255
Transporte e comunicacións	80	91	89	93	92
Outros servizos	40	50	54	60	65
<b>TOTAL</b>	<b>511</b>	<b>544</b>	<b>562</b>	<b>585</b>	<b>610</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os autónomos, a diferenza dos traballadores por conta allea, medraron no transcurso do período 2000-2004, acadando unha taxa de variación media do 4,53%. A evolución caracterizouse por un crecemento continuo e sostido ao longo de todos os anos.

A expansión dos autónomos tivo lugar, ademais, en todos os sectores económicos. No dos servizos, onde se reúne a maioría dos traballadores deste tipo, a variación media foi do 4,09%, e no da construción, do 3,12%. Nos outros dous sectores, no secundario e no primario, os ritmos de crecemento foron moito maiores, pero, en termos absolutos, supuxeron un menor número de autónomos. Ademais, as variacións interanuais foron positivas en todos os sectores e anos, agás a de 2001-2002 no secundario, que foi nula e a de 2002-2003 na construción, que foi negativa.

Todos os subsectores dos servizos ven incrementado o seu número de autónomos; destacan os incrementos en números absolutos de outros servizos e comercio e hostalería.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

**TÁBOA 5:** Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
As Nogais	58	22	80
Baralla	118	56	174
Becerreá	174	71	245
Cervantes	73	24	97
Navia de Suarna	29	18	47
Pedrafita do Cebreiro	68	26	94
<b>TOTAL</b>	<b>520</b>	<b>217</b>	<b>737</b>

<b>% comarca/provincia – PARADOS</b>	<b>3,24</b>
--------------------------------------	-------------

<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>2,59</b>
--	-------------

Algo máis da metade das demandas de emprego da comarca dos Ancares, o 56,85%, rexístranse nos concellos de Becerreá, o 33,24%, e de Baralla, o 23,61%. A maioría dos demandantes son parados, o 70,56%.

Os demandantes parados da comarca representan o 3,24% dos demandantes deste tipo na provincia e os non parados o 2,59%.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

**TÁBOA 6:** Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	447	481	497	462	520
Variación interanual %	-	7,61	3,33	-7,04	12,55
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3,00</b>	<b>3,35</b>	<b>3,19</b>	<b>2,80</b>	<b>3,24</b>

No período 2000-2004 os demandantes parados da comarca aumentaron en número. Esta expansión produciuse, tal e como mostran as variacións interanuais da táboa, en todos os anos agás en 2003.

O peso relativo dos demandantes parados da comarca no total da provincia pasou do 3% en 2000 ao 3,24% en 2004.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	50	6,78	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	470	63,77	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	24	3,26	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	93	12,62	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	25	3,39	4,66
	En expediente de regulación de emprego	X	X	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	51	6,92	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	21	2,85	2,99
	Resto de demandantes	X	X	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>737</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

Os parados con emprego anterior representan a situación laboral máis común entre os demandantes da comarca, o 63,77%. En segundo lugar, a unha distancia considerable, sitúanse os non parados, tamén con emprego anterior, o 12,62%.

A proporción que supoñen os distintos grupos de demandantes na comarca difiren das da provincia. A maior diferenza é de 7,45 puntos a favor da comarca e dáse no colectivo de demandantes parados con emprego anterior.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	37	42	15,19	16,41
26 a 35 anos	59	63	23,46	29,04
36 a 45 anos	58	60	22,69	22,46
46 a 55 anos	73	36	20,96	17,95
56 e máis anos	72	20	17,69	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>299</b>	<b>221</b>	<b>100,00</b>	<b>3,24</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>3,24</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

O colectivo masculino de demandantes parados da comarca predomina sobre o feminino, o 57,5% fronte ao 42,5%. Na provincia, en sentido contrario, as mulleres representan o 56,51% e os homes o 43,49%.

O grupo de idade de maior peso relativo da comarca é o de entre 26 e 35 anos, o 23,46% e, a continuación, o de 36 a 45 anos, o 22,69%. Na provincia estes dous tramos de idade, e por esta orde, son tamén os máis importantes e representan respectivamente o 29,04% e o 22,46%. Por outra parte, o grao de avellentamento dos demandantes parados é maior na comarca que na provincia: os de 46 e máis anos supoñen no primeiro caso o 38,65% e no segundo o 32,10%.

Atendendo ás variables sexo e idade simultaneamente, o colectivo máis numeroso é o de homes de entre 46 e 55 anos, o 14,04% dos demandantes parados da comarca, e, despois, o de homes maiores de 55 anos, o 13,85%.

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	19	20	17,97	20,01
26 a 35 anos	17	33	23,04	27,35
36 a 45 anos	18	30	22,12	20,67
46 a 55 anos	18	26	20,28	16,10
56 e máis anos	27	9	16,59	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>99</b>	<b>118</b>	<b>100,00</b>	<b>2,59</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>2,59</b>	<b>100,00</b>

Os demandantes non parados do sexo feminino, a diferenza do que acontece cos parados, son máis numerosos que os do masculino, o 54,38% fronte ao 45,62%. Na provincia de Lugo, ocorre o mesmo, as mulleres tamén superan en número aos homes, aínda que nunha proporción maior, o 61,3% fronte ao 38,7%.

O grupo de idades predominante na comarca e na provincia é o de entre 26 e 35 anos. No primeiro caso representa o 23,04% dos demandantes non parados e no segundo o 27,35%. O grao de avellentamento é máis elevado na comarca, o 36,87% de maiores de 45 anos, que na provincia, na que esta proporción diminúe ata o 31,97%.

O colectivo máis relevante por sexo e idades é o de mulleres de entre 26 e 35 anos, o 15,21% do total de demandantes non parados da comarca, e a continuación o de mulleres do seguinte intervalo de idade, de entre 36 e 45 anos, o 13,82%.

**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



No gráfico sobre o total de demandantes da comarca por sexo e idades, sen diferenciar entre parados e non parados, pódese observar o predominio das mulleres entre os menores de 46 anos e o dos homes a partir desta idade, en tanto que no conxunto predominan os demandantes do colectivo masculino. Ademais, apréciase o maior peso relativo do grupo de idades comprendido entre 26 e 35 anos, seguido do de entre 36 e 45 anos.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	235	87	322
Titulación de ensinanza obrigatoria	154	66	220
Formación profesional	50	17	67
BUP/Bacharelato superior/COU	34	27	61
Titulados universitarios	39	16	55
Outras titulacións	8	4	12
<b>TOTAL</b>	<b>520</b>	<b>217</b>	<b>737</b>

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A maior parte dos demandantes da comarca teñen ata o certificado de escolaridade, o 43,69%, e outra proporción relevante posúen a titulación de ensinanza obrigatoria, o 29,85%. Polo tanto, o nivel académico dos demandantes dos Ancares é baixo, pois os que teñen como máximo o ensino obrigatorio representan case as tres cuartas partes do total, o 73,54%. Esta porcentaxe é do 74,81% nos parados e do 70,51% nos non parados; isto significa que os primeiros teñen un nivel de estudos algo inferior ao dos segundos.

Os demandantes con estudos superiores aos obrigatorios supoñen o 26,46%. Esta porcentaxe repártese do seguinte modo: formación profesional, o 9,09%, BUP/Bacharelato superior/COU, o 8,28%, e titulados universitarios, o 7,46%. Entre os parados predomina o grupo da formación profesional e entre os non parados o de BUP/Bacharelato superior/COU.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	29	7	X	37
	Mulleres	23	9	10	42
26 a 35 anos	Homes	45	7	7	59
	Mulleres	30	10	23	63
36 a 45 anos	Homes	34	12	12	58
	Mulleres	21	8	31	60
46 a 55 anos	Homes	29	13	31	73
	Mulleres	17	4	15	36
Máis de 55 anos	Homes	23	7	42	72
	Mulleres	4	16	0	20
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>255</b>	<b>93</b>	<b>X</b>	<b>X</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Por tempo de busca de emprego o colectivo de demandantes parados máis numeroso da comarca dos Ancares é o dos que levan menos de 6 meses na procura dun traballo, o 49,04%. Os parados de longa duración supoñen o 33,08%, e os que se atopan nunha situación intermedia, entre 6 meses e 1 ano, o 17,88%.

Na provincia as proporcións son parecidas ás da comarca: os parados de menos de 6 meses representan o 48,47%, os de longa duración o 35,96% e os que levan entre 6 meses e 1 ano o 15,57%.

Por sexo, tempo de busca de emprego e idades simultaneamente, o grupo de maior peso relativo da comarca é o de homes parados de menos de 6 meses de entre 26 e 35 anos, o 8,65%; seguido moi de preto por outro grupo de homes, o dos parados de longa duración e maiores de 55 anos, o 8,08%.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TABOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	28	28	56
Sector secundario	43	14	57
Construción	110	19	129
Sector servizos	290	117	407
Sen actividade previa	49	39	88
<b>TOTAL</b>	<b>520</b>	<b>217</b>	<b>737</b>

O sector servizos é a orixe de máis da metade dos demandantes, 55,22%. Ademais, tanto no caso dos parados como no dos non parados, a porcentaxe dos procedentes dos servizos esta moi próxima a esta media.

En función das cifras de demandantes totais, o segundo sector de procedencia máis importante é o da construción, 17,5%. Porén, esta proporción difire notablemente entre a serie de parados, na que representa o 21,15%, e a de non parados, na que soamente supón o 8,76%. Entre estes últimos, o segundo sector de maior peso relativo é o primario, 12,90%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



A maior parte dos demandantes parados na industria proceden da alimentación, o 37%. En segundo lugar, das outras industrias, o 26%, e, despois, do

téxtil e confección, o 14%. O resto de actividades industriais teñen un nivel de representatividade moi baixo, en todo caso inferior ao 10%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

As administración públicas supoñen a orixe da maior parte dos demandantes parados nos servizos, o 41%. Despois, cunhas proporcións moito menores, están as actividades comerciais, o 14%, e a hostalería, o 13%. O resto de actividades propias dos servizos representan por separado unha porcentaxe igual ou inferior ao 9%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	67	9,09	7,40
Dependente de comercio, en xeral	52	7,06	8,39
Empregado administrativo, en xeral	43	5,83	8,75
Traballador retén incendios forestais	40	5,43	0,73
Albanel	39	5,29	2,90
Conducutor de camiión, en xeral	32	4,34	1,89
Peón da construción de edificios	29	3,93	3,09
Camareiro, en xeral	22	2,99	2,07
Peón de obras públicas, en xeral	19	2,58	0,36
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	16	2,17	1,03

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Home	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Muller/mozo limpeza, limpador en xeral</b>	Empregado administrativo, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
As Nogais	4
Baralla	21
Becerreá	205
Cervantes	1
Navia de Suarna	0
Pedrafita do Cebreiro	3
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>234</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	2,60

Na comarca dos Ancares contabilizáronse duascenas trinta e catro ofertas de traballo en 2004, a gran maioría no concello de Becerreá, o 87,61%, e, en moita menor medida, no de Baralla, o 8,97%. En relación coa provincia, as ofertas laborais da comarca supoñen o 2,6%.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.


	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
As Nogais	6	1	4	8	4
Baralla	17	10	27	24	21
Becerreá	148	188	126	164	205
Cervantes	5	1	8	9	1
Navia de Suarna	7	2	1	1	0
Pedrafita do Cebreiro	15	19	11	13	3
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>198</b>	<b>221</b>	<b>177</b>	<b>219</b>	<b>234</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

A evolución das ofertas no quinquenio 2000-2004 amósanos que na comarca medraron cunha taxa de variación media do 4,26%, en tanto que na provincia a tendencia foi cara ao crecemento moderado, cunha variación media do 0,64%.

O aumento de ofertas comarcais foi continuo ao longo de todo o período agás en 2002, no que diminuíron nun 19,91%. En Becerreá, o concello máis relevante, as ofertas seguiron unha traxectoria evolutiva similar; tamén se incrementaron en todos os anos excepto en 2002, no que decreceron nun 32,98%. Na provincia, porén, o único ano regresivo foi 2004, cun descenso do 11,81%.

En Baralla tamén aumenta o número de ofertas durante o quinquenio, diminuíndo no resto de concellos da comarca.





**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

O gráfico móstranos a evolución das ofertas no municipio de Becerreá fronte á dos outros concellos agrupados. En Becerreá pódese apreciar claramente a intensidade da caída acontecida en 2002, en contraste coa tendencia cara ao crecemento rexistrada no resto do período. Pola súa parte, a evolución dos outros concellos como conxunto foi diferente, descendendo en 2001 e 2004, e medrando levemente entre 2001 e 2003.

### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
As Nogais	0	0	0	4
Baralla	0	2	1	18
Becerreá	79	5	13	108
Cervantes	0	0	0	1
Pedrafita do Cebreiro	0	0	0	3
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>79</b>	<b>7</b>	<b>14</b>	<b>134</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>


**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

En Becerreá rexistráronse todas as ofertas no sector primario, cinco das sete no secundario, trece das catorce correspondentes á construción e oito de cada dez nos servizos. O resto de ofertas dos sectores secundario e da construción e unha parte significativa das de servizos tiveron lugar en Baralla.

Os servizos reúnen máis da metade das ofertas laborais da comarca, o 57,26%. En segundo lugar, outra porción importante relaciónase co sector primario, o 33,76%; e, por último, os outros dous sectores, o secundario e a construción, só suman o 8,98%.


Na provincia, as ofertas tamén proceden maioritariamente dos servizos, pero nunha porcentaxe aínda maior que na comarca, o 71,35%. O segundo sector máis importante neste caso é o da construción, o 18,73%, en tanto que o secundario representa o 8,57% e o primario, de tanto peso na comarca, é marxinal na provincia, o 1,35%.

**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



No gráfico vese claramente a gran proporción de ofertas procedentes dos servizos e o importante peso relativo das que proveñen do sector primario.

**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Case as tres cuartas partes das ofertas dos servizos procederon das administracións públicas, o 73%. As outras actividades terciarias representan unha porcentaxe igual ou inferior ao 8%.

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	27	27	34	40	79
Secundario	5	2	6	4	7
Construcción	64	27	16	16	14
Servizos	102	165	121	159	134
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>198</b>	<b>221</b>	<b>177</b>	<b>219</b>	<b>234</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

As ofertas no sector secundario foron marxinais ao longo de todo o quinquenio 2000-2004. Na construción decreceron en gran medida, cunha varia-

ción media negativa do -31,61%, e, pola contra, nos outros sectores medraron de xeito notable, especialmente no primario, cunha variación media do 30,79%, e, en menor magnitude nos servizos, cunha variación media do 7,06%.

As ofertas na construción caeron considerablemente en 2001, nun 57,81%, e en 2002, nun 40,74%, manténdose en niveis baixos no resto do período. No primario permaneceron estables ao comezo do período e a partir de 2002 medraron notablemente, sobre todo no último ano de referencia, no que case se duplicaron. Por último, nos servizos alternáronse anos expansivos e regresivos: en 2001 e 2003 creceron nun 61,76% e nun 31,4% e en 2002 e 2004 diminuíron nun 26,67% e nun 15,72% respectivamente.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só 6 das 234 ofertas da comarca especificaron un determinado sexo para poder acceder a un posto de traballo. A distribución deste número dinos que 4 ían dirixidas a homes e 2 a mulleres.

Na maioría das ofertas laborais esixiuse un mínimo de estudos, no 77,35%, se ben en nove de cada dez destes casos o único que se solicitou foi o certificado de escolaridade. As actividades relacionadas coas administracións públicas foron as que máis requiriron traballadores con este nivel académico.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Empregado/a do fogar	0	3	1	6	8
Peón de albanel/Peón de obras públicas	14	9	11	10	5
Carpinteiro	0	0	0	0	4
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	13	8	1	3	4
Operario panadeiro	0	0	0	0	3
Administrativo	1	0	5	1	2
Administrativo departamento contable	0	0	0	0	2
Auxiliar administrativo	0	1	2	1	2
Perruqueiro/a	0	0	0	0	2

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada en 2004 nos centros colaboradores foi a de empregado/a do fogar e despois a de peón de albanel/peón de obras públicas. A primeira era inexistente ao comezo do período 2000-2004 e a segunda decreceu ao longo do quinquenio.

Atendendo á evolución das outras ocupacións máis ofertadas, destaca a de conductor de mercadorías/conductor de camión, en xeral, por experimentar, o mesmo que a citada peón de albanel/peón de obras públicas, un decrecemento notable. O resto de ocupacións, coa excepción da de administrativo, emerxeron no transcurso destes anos.

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Traballador retén incendios forestais	12	1	2	1	23
Vixilante, en xeral	3	15	15	17	23
Peón de obras públicas, en xeral	2	5	0	14	23
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	0	11	7	9	21
Condutor de coche de bombeiros	0	0	11	12	19
Peón da construción de edificios	4	23	2	3	11
Albanel	1	25	10	24	10
Camareiro, en xeral	2	2	0	1	6
Condutor de furgoneta de ata 3,5 t	0	0	0	0	5
Condutor de camión, en xeral	0	0	0	0	5

As ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego foron a de traballador retén incendios forestais, a de vixilante, en xeral e a de peón de obras públicas, en xeral, cun total de vinte e tres ofertas cada unha. No período 2000-2004 todas elas experimentaron un forte crecemento, en maior medida a de vixilante e a de peón de obras públicas, ocupacións practicamente marxinais no primeiro ano de referencia.

Ademais, no citado quinquenio 2000-2004 emerxeron con forza as ofertas de asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio) e as de condutor de coche de bombeiros, e en 2004 aparecen por primeira vez as de condutor de furgoneta de ata 3,5 t e a de condutor de camión, en xeral.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
As Nogais	124
Baralla	272
Becerreá	894
Cervantes	276
Navia de Suarna	326
Pedrafita do Cebreiro	323
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>2.215</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Nos Ancares realizáronse un total de 2.215 contratos en 2004, que supoñen o 3,02% da provincia. A maior parte da contratación comarcal tivo lugar no concello de Becerreá, o 40,36%. O 59,64% restante da contratación repartiu-se de forma máis ou menos equilibrada entre os outros municipios da comarca en porcentaxes que van dende o 12% ao 15%, agás no das Nogais, no que o volume de contratos foi claramente inferior, o 5,6%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
As Nogais	302	173	107	121	124
Baralla	263	226	251	232	272
Becerreá	1.236	1.309	956	1.396	894
Cervantes	372	554	637	359	276
Navia de Suarna	254	259	268	434	326
Pedrafita do Cebreiro	244	215	192	473	323
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>2.671</b>	<b>2.736</b>	<b>2.411</b>	<b>3.015</b>	<b>2.215</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 o número de contratos asinados na comarca diminuíu notablemente, cunha taxa de variación media negativa de -4,57%. Este decrecemento foi especialmente intenso en 2004, ano no que a contratación caeu nun 26,53%. Pola súa parte, o volume contractual da provincia aumentou moderadamente ao longo do período, cunha variación media do 0,54%, rexistrándose descensos entre 2001 e 2002 para aumentar nos restantes anos.

A análise por concellos amósanos que a contratación decreceu a gran ritmo nas Nogais, Becerreá e Cervantes, con variacións medias de -19,95%, -7,78% e -7,19% respectivamente. En sentido contrario, os contratos medraron en Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna e Baralla, con variacións medias do 7,26%, 6,44% e 0,84% respectivamente. En relación co concello máis significativo, Becerreá, hai que sinalar as fortes caídas de 2002 e 2004, e a forte recuperación de 2003.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

## 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	214	91	305
De 26 a 35 anos	432	513	945
De 36 a 45 anos	228	345	573
De 46 a 55 anos	207	117	324
De 56 e máis anos	46	22	68
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1.127</b>	<b>1.088</b>	<b>2.215</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

Os contratos realizados na comarca dos Ancares durante 2004 repartíronse de xeito equilibrado por sexos: o 50,88% foron asinados por homes e o 49,12% por mulleres. Estas proporcións no ámbito provincial tamén están moi próximas ao equilibrio de xénero: o 48,55% dos contratos foron asinados por homes e o 51,45% por mulleres.

A maior parte da contratación comarcal concentrouse nas persoas de entre 26 e 35 anos, o 42,66%, e, en segundo lugar, nas de entre 36 e 45 anos, o 25,87%. Estes dous tramos de idades e por esta orde son, ademais, os de maior peso relativo tanto no caso dos homes como no das mulleres. Por outra parte a contratación a maiores de 45 anos e máis alta entre o colectivo masculino, 22,45% que entre o feminino, 12,77%.


**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	1.547	1.221	1.102	1.350	1.127
Mulleres	1.124	1.515	1.309	1.665	1.088
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.671</b>	<b>2.736</b>	<b>2.411</b>	<b>3.015</b>	<b>2.215</b>

No quinquenio 2000-2004 a contratación masculina decreceu notablemente, cunha variación media negativa de -7,61%, mentres que a feminina reduciuse levemente, cunha variación media de -0,81%.

Os diferentes resultados evolutivos por sexos débense en gran parte ao comportamento da contratación en 2001, ano no que os contratos realizados a homes diminuíron nun 21,07%, en tanto que os asinados polas mulleres aumentaron nun 34,79%. No resto do período a contratación masculina e feminina evolucionaron no mesmo sentido, decrecendo en 2002, incrementándose en 2003 e volvendo a diminuír en 2004, dun xeito máis intenso entre o colectivo feminino.

**GRÁFICO 7:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



Nos anos centrais, 2001, 2002 e 2003, a contratación feminina situouse por riba da masculina nunha proporción aproximada de cincuenta e cinco mulleres por cada corenta e cinco homes. Nos anos extremos, 2000 e 2004, aconteceu o contrario e o volume contractual correspondente ao colectivo masculino superou ao feminino; con todo, cómpre engadir que as proporcións difiren considerablemente. En 2000 a diferenza porcentual por sexos é de 15,84 puntos e en 2004 de 1,76 puntos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	591	645	505	381	305
De 26 a 35 anos	766	581	578	1.444	945
De 36 a 45 anos	905	1.043	904	773	573
De 46 a 55 anos	276	373	288	338	324
De 56 e máis anos	133	94	136	79	68
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.671</b>	<b>2.736</b>	<b>2.411</b>	<b>3.015</b>	<b>2.215</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 o número de contratos decreceu notablemente nos menores de 26 anos, no grupo de entre 36 e 45 anos e no de maiores de 55 anos, con taxas de variación media comprendidas entre o -10% e o -15%. En sentido contrario, a evolución dos contratos nas persoas de entre 26 e 35 anos e de entre 46 e 55 anos tivo un balance moi positivo. No primeiro caso a variación media foi do 5,39% e no segundo do 4,09%.

Todos os grupos de idades experimentaron traxectorias evolutivas irregulares con variacións interanuais de alta intensidade e cambiantes en signo. A oscilación positiva de maior magnitude deuse en 2003, ano no que os contratos a persoas de entre 26 e 35 anos aumentaron nun 150%, 866 en números absolutos, descendendo dunha maneira moi notable no último ano, cunha variación interanual de -34,56%.

#### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>245</b>
Agricultura e pesca	245
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>47</b>
Industria e electricidade	47
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>182</b>
Construción	182
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.741</b>
Comercio e hostalería	165
Transporte e comunicacións	154
Outros servizos	1.422
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.215</b>

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

Os servizos reuniron máis das tres cuartas partes da contratación comarcal, o 78,6%. En segundo lugar, a unha distancia máis que notable, o sector de maior peso relativo foi o primario, co 11,06%, despois o da construción, co 8,22% e, por último, cun nivel de contratación mínimo, o secundario, co 2,12%.


Dentro do sector terciario, a gran maioría dos contratos realizáronse nos outros servizos, o 64,20% do total da contratación da comarca. O comercio e hostalería e o transporte e comunicacións representaron en conxunto o 14,4%.

**GRÁFICO 8:** Distribución porcentual da contratación na industria.



A contratación na industria concéntrase en tres tipos de actividade: alimentación, o 37%; outras industrias, o 26%; e fabricación de material de transporte, o 23%.

**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Na sanidade e servizos sociais agrúpase a gran maioría da contratación no sector servizos, o 64%. Despois, a maior parte dos contratos tiveron que ver coas administracións públicas, o 12%, e co transporte e comunicacións, o 9%. Nos outros tipos de actividades a contratación foi mínima, en calquera caso igual ou inferior ao 5%.

**TABOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>220</b>	<b>25</b>	<b>65</b>	<b>67</b>	<b>69</b>	<b>36</b>	<b>8</b>
Agricultura e pesca	220	25	65	67	69	36	8
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>35</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>16</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>X</b>
Industria e electricidade	35	12	15	16	8	7	X
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>169</b>	<b>13</b>	<b>55</b>	<b>64</b>	<b>29</b>	<b>27</b>	<b>7</b>
Construcción	169	13	55	64	29	27	7
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>703</b>	<b>1.038</b>	<b>170</b>	<b>798</b>	<b>467</b>	<b>254</b>	<b>52</b>
Comercio e hostalería	66	99	62	49	30	19	5
Transporte e comunicacións	99	55	8	45	44	45	12
Outros servizos	538	884	100	704	393	190	35
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.127</b>	<b>1.088</b>	<b>305</b>	<b>945</b>	<b>573</b>	<b>324</b>	<b>X</b>



Nos servizos concéntrase a maior proporción de contratos asinados polo colectivo masculino, o 31,74% do volume total de contratación, e, despois, no sector primario, o 9,93%. No caso das mulleres os contratos nos servizos supoñen o 46,86% da contratación total, mentres que no resto de sectores é practicamente marxinal.

Por sectores e grupos de idade, o maior número de contratos realizáronse nos servizos ás persoas de entre 26 e 35 anos, o 36,03% do total da contratación, e, despois, no mesmo sector, aos de entre 36 e 45 anos, o 21,08%. En suma, case seis de cada dez contratos asinados na comarca, o 57,11%, aparecen no grupo de persoas de entre 26 e 45 anos que desenvolven o seu traballo nos servizos.

A contratación nos servizos, e máis concretamente no subsector de outros servizos, prevalece en todos os segmentos de idade. O segundo sector en importancia nos diversos grupos de idade é o primario.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>387</b>	<b>275</b>	<b>199</b>	<b>201</b>	<b>245</b>
Agricultura e pesca	387	275	199	201	245
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>83</b>	<b>71</b>	<b>41</b>	<b>37</b>	<b>47</b>
Industria e electricidade	83	71	41	37	47
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>458</b>	<b>227</b>	<b>215</b>	<b>233</b>	<b>182</b>
Construcción	458	227	215	233	182
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>1.743</b>	<b>2.163</b>	<b>1.956</b>	<b>2.544</b>	<b>1.741</b>
Comercio e hostalería	186	144	155	161	165
Transporte e comunicacións	64	86	145	146	154
Outros servizos	1.493	1.933	1.656	2.237	1.422
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.671</b>	<b>2.736</b>	<b>2.411</b>	<b>3.015</b>	<b>2.215</b>

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


No quinquenio 2000-2004 os contratos decreceron en gran medida en todos os sectores, con variacións medias comprendidas entre o -10% e o -20%, agás nos servizos, onde permaneceron practicamente estancados.

A evolución do sector terciario, moi condicionada polo elevado peso relativo do subsector dos outros servizos, caracterizouse por incrementos de alta intensidade en 2001 e en 2003, o 24,10% e o 30,06%, e polo decrecemento nos outros anos, en 2002 e en 2004, un -9,57% e un -31,56% respectivamente.

Nos outros sectores destacan as fortes regresións do volume contractual na construción en 2001, ano no que os contratos se reduciron á metade; no secundario en 2002, ano no que diminuíron nun 42,25%, e no primario en 2001 e 2002.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Na comarca dos Ancares a metade dos contratos non responde ás modalidades máis frecuentes e clasifícanse na categoría de outros, o 51%. O segundo tipo de contrato máis común é o temporal a tempo completo, o 37%. Pola súa parte, os temporais a tempo parcial supoñen o 7%, mentres que o resto representan en conxunto tan só o 5% do volume contractual.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	29	19	15	10	10	9	4
Indefinido tempo parcial	9	10	4	4	7	X	X
Temporal	629	199	189	274	189	133	43
Temporal tempo parcial	43	109	25	35	40	39	13
Prácticas/Formación	26	9	32	X	X	X	0
Outros	391	742	40	621	326	139	7
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.127</b>	<b>1.088</b>	<b>305</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>324</b>	<b>X</b>

A modalidade máis importante no colectivo feminino é a dos outros contratos, o 33,50% do total da contratación comarcal, seguida a unha distancia notable dos temporais a tempo completo, o 8,98%. No colectivo masculino acontece o contrario, o tipo de contrato máis relevante é o temporal a tempo completo, o 28,40%, e, despois, o dos outros contratos, o 17,65%. Pola súa parte, os indefinidos, en prácticas/formación e temporais a tempo parcial representan unha proporción moi baixa do volume total de contratación.

Por tipo de contrato e grupos de idade, o colectivo máis representativo é o dos outros contratos asinados por xente de entre 26 e 35 anos, o 28,04% da contratación total da comarca, e, a continuación, os desta mesma modalidade realizados a persoas de entre 36 e 45 anos, o 14,72%. Nestas idades, xunto co intervalo de 46 a 55 anos, predomina a modalidade de outros, mentres que entre os menores de 26 anos e os maiores de 55 prevalecen os contratos temporais a tempo completo.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS			Total
	Agr., Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	12	3	6	23	4	0	27
Indefinido tempo parcial	0	X	X	11	6	0	17
Temporal	231	35	159	83	107	213	403
Temporal tempo parcial	X	5	5	29	37	74	140
Prácticas/Formación	0	X	11	19	0	X	21
Outros	0	0	0	0	0	1.133	1.133
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>47</b>	<b>X</b>	<b>165</b>	<b>154</b>	<b>X</b>	<b>1.741</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

A contratación de maior peso relativo da comarca, a do tipo outros contratos, tivo lugar na súa totalidade no subsector dos outros servizos e supón por si mesma algo máis da metade do volume contractual da comarca, o 51,15%.

Os contratos temporais a tempo completo son maioritarios nos sectores primario, secundario, construción e nos subsectores do comercio e hostalería e o do transporte e comunicacións. En números absolutos o maior número de contratos temporais a tempo completo rexístrase nos servizos e despois no sector primario, onde representan respectivamente o 18,19% e o 10,43% do volume total de contratación.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	70	56	45	45	48
Indefinido tempo parcial	10	4	12	6	19
Temporal	1.328	954	809	837	828
Temporal tempo parcial	191	153	127	125	152
Prácticas/Formación	21	56	44	55	35
Outros	1.051	1.513	1.374	1.947	1.133
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.671</b>	<b>2.736</b>	<b>2.411</b>	<b>3.015</b>	<b>2.215</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

Os contratos indefinidos, os temporais a tempo parcial e os temporais a tempo completo diminuíron no transcurso do quinquenio 2000-2004; estes últimos, moito máis numerosos en termos absolutos, decreceron cunha taxa de variación media negativa de -11,14%. En sentido contrario, os contratos realizados en prácticas/formación, moi escasos, e os da categoría outros, os de maior peso relativo en case todo o período, medraron en número, neste segundo caso cunha taxa de variación media do 1,9%.

Os contratos do tipo outros evolucionaron conforme a traxectoria descrita anteriormente para o sector servizos, é dicir, con incrementos de alta intensidade en 2001 e en 2003, por riba do 40%, e diminución dunha magnitude similar á destes incrementos en 2004 e, en menor medida en 2002, próxima ao 10%. Os contratos temporais a tempo completo, os de maior relevancia ao comezo do período, decreceron ao longo de todo o quinquenio, especialmente na primeira metade, agás en 2003, no que medraron levemente.

Por último, hai que sinalar que os contratos da tipoloxía outros está vinculada basicamente ás actividades de sanidade e servizos sociais. Este tipo de contrato caracterízase por un alto nivel de eventualidade, de aí o elevado do seu volume.

### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>0,00</b>
HOMES	X	-0,78
MULLERES	X	8,41
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>976</b>	<b>-4,78</b>
HOMES	366	-9,80
MULLERES	610	-17,49
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>47</b>	<b>-1,71</b>
HOMES	19	14,94
MULLERES	28	0,00
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>267</b>	<b>23,49</b>
HOMES	67	4,15
MULLERES	200	11,60
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>333</b>	<b>-1,30</b>
HOMES	166	-1,79
MULLERES	167	-1,84
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>X</b>	<b>0,00</b>
HOMES	39	-19,27
MULLERES	X	-20,13
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>124</b>	<b>31,61</b>
HOMES	118	-7,28
MULLERES	6	-5,78
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>153</b>	<b>-23,20</b>
HOMES	145	-18,51
MULLERES	8	-22,05
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>269</b>	<b>1,55</b>
HOMES	202	-4,57
MULLERES	67	-7,61
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.215</b>	<b>-0,81</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>1.127</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>1.088</b>	<b>-0,78</b>

O 83,3% da contratación tivo lugar nos seguintes catro grandes grupos de ocupacións:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 44,06%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 15,03%.
- Traballadores non cualificados: 12,14%.
- Empregados de tipo administrativo: 12,05%.

Os principais grupos de ocupación por sexo son os que seguen:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 16,52%.</li> <li>• Traballadores non cualificados: 9,12%.</li> <li>• Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 7,49%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 27,54%.</li> <li>• Empregadas de tipo administrativo: 9,03%.</li> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 7,54%.</li> </ul>

A contratación feminina supera á masculina nos seguintes grupos de ocupación:

- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: o 27,54% da contratación total fronte ao 16,52%.
- Empregadas de tipo administrativo: o 9,03% fronte ao 3,02%.
- Técnicas e profesionais de apoio: o 1,26% fronte ao 0,86%.

No caso dos de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, a contratación feminina e masculina está case equilibrada.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
27200025	Enfermeiro de atención primaria	546	190	356	34,80
21210011	Médico, medicina xeral	360	140	220	38,89
42100010	Empregado administrativo, en xeral	169	25	144	14,79
52300046	Traballador retén incendios forestais	X	X	X	98,84
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	81	36	45	44,44
94400012	Peón forestal	X	X	X	97,44
86300016	Conductor de camiión, en xeral	X	X	X	97,01
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	62	53	9	85,48
71100016	Albanel	X	X	X	98,25
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	52	0	52	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>1.558</b>	<b>726</b>	<b>832</b>	<b>46,60</b>

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

As dez ocupacións máis contratadas en 2004 representan o 70,34% do volume contractual da comarca dos Ancares. A ocupación máis contratada foi a de enfermeiro de atención primaria, o 35,05% do total da contratación comarcal, e, a continuación, a de médico, medicina en xeral, o 16,25%.

Nas dúas ocupacións anteriores as contratacións a mulleres son máis numerosas que os homes, os ratios de masculinidade son do 34,8% e do 38,89% respectivamente. Así e todo, a máis feminizada é a de empregado administrativo, o 14,79%.

En sentido contrario, destacan como ocupacións con contratacións fortemente masculinizadas, con ratios superiores ao 97%, as de traballador retén incendios forestais; peón forestal; conductor de camiión, en xeral; e albanel. Tamén está moi masculinizada, aínda que en menor medida, a de peón da industria manufactureira, en xeral, con ratio de masculinidade do 85,48%.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
27200025	Enfermeiro de atención primaria	556	348	287	379	546
21210011	Médico, medicina xeral	334	586	509	626	360
42100010	Empregado administrativo, en xeral	56	45	102	168	169
52300046	Traballador retén incendios forestais	48	54	49	53	86
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	88	60	71	86	81
94400012	Peón forestal	289	215	121	94	78
86300016	Conductor de camión, en xeral	77	66	81	55	67
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	25	16	19	31	62
71100016	Albanel	68	64	58	85	57
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	47	34	40	33	52
51290012	Celador de centro sanitario	41	61	50	42	47
96020014	Peón da construción de edificios	100	57	46	32	33
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	72	26	13	18	18
27200089	Enfermeiro obstétrico-xinecolóxico	0	70	163	599	0
27200016	Enfermeiro, en xeral	31	380	107	102	0
27200061	Enfermeiro de saúde pública	0	0	64	0	0
71200017	Encofrador	71	34	7	X	0
31290023	Técnico en enfermería	0	0	76	0	0

No quinquenio 2000-2004 as dez ocupacións máis contratadas seguiron traectorias evolutivas distintas. As ocupacións máis importantes, a de enfermeiro de atención primaria e a de médico, medicina xeral, mantivéronse ao final do período en niveis próximos ao comezo, con variacións medias de -0,45% e do 1,89% respectivamente. A terceira de maior peso relativo, a de empregado administrativo, en xeral, foi a que máis medrou ao longo destes anos, cunha variación media do 31,8%. En sentido contrario, a que máis decreceu foi a de peón de obras públicas, en xeral, cunha variación media negativa de -29,29%.

Na análise das variacións interanuais destacan as fortes oscilacións nas contratacións das ocupacións de enfermeiro obstétrico-xinecolóxico e a de enfermeiro, en xeral. Trátase de ocupacións que nalgún momento do período estiveron nos primeiros postos rexistrando centos de contratos nun único ano e que noutros momentos tiveron niveis de contratación moi baixos ou nulos, como, por exemplo, no último ano de referencia.

En 2004 desapareceron da lista das dez ocupacións máis contratadas a de celador de centro sanitario; peón da construción de edificios; peón de obras públicas, en xeral; enfermeiro obstétrico-xinecolóxico; enfermeiro, en xeral; enfermeiro de saúde pública, encofrador e técnico en enfermería.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	20	10,58	1	8,33
Turismo e hostalería	18	9,84	1	9,09
<b>TOTAL</b>	<b>38</b>	<b>0,59</b>	<b>2</b>	<b>0,51</b>

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.


Na comarca dos Ancares celebráronse en 2004 dous cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación relacionados coas familias profesionais agraria e turismo e hostalería, que contaron cun total de trinta e oito alumnos. Estas cifras supoñen pouco máis de medio punto porcentual dos cursos e alumnos da provincia de Lugo.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas e autónomos da comarca dos Ancares desenvolven a súa actividade nos servizos e, dentro deste sector, dedícanse principalmente ao comercio e hostalería. Os traballadores por conta allea, a diferenza de empresas e autónomos, concéntranse en gran medida no sector primario.
- No quinquenio 2000-2004, o número de empresas e asalariados decreceu de xeito moderado, en tanto que os autónomos medraron a un ritmo considerable. Nos servizos expandíronse tanto os autónomos como as empresas e os traballadores por conta allea; na construción e o secundario mantense o número de empresas, redúcense os traballadores e aumentan os autónomos. No primario só descende o número de empresas, aumentando en traballadores e autónomos.
- As demandas de emprego concentráronse nos concellos de Becerreá e Baralla. A maioría dos demandantes son parados e a situación laboral máis común é a de parado con emprego anterior. No conxunto de demandantes predominan os homes e o grupo de idade de maior peso relativo é o das persoas de entre 26 e 35 anos.
- O nivel de estudos dos demandantes é baixo, case as tres cuartas partes teñen como máximo ata o ensino obrigatorio e a maioría destes non teñen máis que o certificado de escolaridade. Por tempo de busca de emprego, o colectivo máis numeroso é o dos parados de menos de seis meses, aproximadamente a metade do total. Os demandantes proveñen principalmente do sector servizos.
- As ofertas laborais en 2004 chegaron a duascenas trinta e catro, a gran maioría tiveron lugar no concello de Becerreá e procederon dos servizos. Ao longo do quinquenio 2000-2004 medraron nun 15%, mentres que na provincia este crecemento foi moito máis moderado.
- Só seis ofertas da comarca especificaron un determinado sexo para poder acceder a un posto de traballo e setenta e sete de cada cen un determinado nivel de estudos; case sempre o único que se solicitou foi o certificado de escolaridade. A ocupación máis ofertada en 2004 nos centros colaboradores foi a de empregado/a do fogar e nas oficinas de emprego a de traballador retén incendios forestais.
- Durante 2004 asináronse na comarca 2.215 contratos que representan o tres por cento do volume de contratación provincial. A maior parte realizáronse no concello de Becerreá. No transcurso do período 2000-2004, os contratos comarcais diminuíron notablemente, especialmente no último ano, mentres que na provincia, en sentido contrario, tiveron unha dinámica positiva.
- Os contratos realizados en 2004 na comarca repartíronse de xeito equilibrado por sexos, cincuenta e un homes por cada corenta e nove mulleres. Na provincia estas proporcións tamén estiveron moi próximas ao equilibrio de xénero. Por idades, a maior parte dos contratos agrupouse arredor das persoas de entre 26 e 35 anos, corenta e tres por cada cen.
- Un pouco máis das tres cuartas partes da contratación situouse nos servizos. Dentro deste sector, a gran maioría dos contratos asináronse nos outros servizos, en concreto na actividade de sanidade e servizos sociais.
- A metade dos contratos non se poden clasificar nalgunha das modalidades máis frecuentes e aparecen baixo a categoría de outros. Este tipo de contratación realizouse na súa totalidade no marco do subsector outros servizos. A vinculación desta modalidade de contratación coa sanidade e servizos sociais explica a alta volatilidade da contratación, dado que é unha nota característica destas actividades na comarca, de aí os altos volumes de contratación acadados. A segunda modalidade de contrato máis común é a temporal a tempo completo, case catro de cada dez. Por sexos, no colectivo feminino predominan os outros contratos e no masculino os temporais a tempo completo.



- Os contratos concentráronse en gran medida, oitenta e tres de cada cen, en catro grandes grupos de ocupación: técnicos profesionais, científicos e intelectuais, traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, traballadores non cualificados e empregados de tipo administrativo. A ocupación máis contratada foi a de enfermeiro de atención primaria e médico de medicina xeral.
- Durante 2004 celebráronse dous cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación, relacionados coas familias profesionais agraria e turismo e hostalería, que contaron cun total de trinta e oito alumnos.



# Comarca de Quiroga



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>4</b>	<b>2,37</b>	<b>236</b>	<b>17,14</b>	<b>4</b>	<b>1,50</b>
Agricultura e pesca	4	2,37	236	17,14	4	1,50
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>29</b>	<b>17,16</b>	<b>604</b>	<b>43,86</b>	<b>20</b>	<b>7,49</b>
Industria e electricidade	29	17,16	604	43,86	20	7,49
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>40</b>	<b>23,67</b>	<b>175</b>	<b>12,71</b>	<b>57</b>	<b>21,35</b>
Construcción	40	23,67	175	12,71	57	21,35
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>96</b>	<b>56,80</b>	<b>362</b>	<b>26,29</b>	<b>186</b>	<b>69,66</b>
Comercio e hostalería	53	31,36	102	7,41	132	49,44
Transporte e comunicacións	7	4,14	11	0,80	29	10,86
Outros servizos	36	21,30	249	18,08	25	9,36
<b>TOTAL</b>	<b>169</b>	<b>100,00</b>	<b>1.377</b>	<b>100,00</b>	<b>267</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

O sector dos servizos agrupa a parte máis numerosa das empresas da comarca de Quiroga, o 56,80%. A construción concentra o 23,67% e o secundario, o 17,16%. O comercio e a hostalería, subsector empresarial de maior relevancia, sitúanse por riba destas últimas porcentaxes, o 31,36%

Os traballadores por conta allea, a diferenza das empresas, reúnense principalmente no sector secundario, o 43,86%. Neste caso, os servizos agrupan o 26,29%, o sector primario o 17,14% e a construción o 12,71%. O subsector terciario de maior peso relativo é o dos outros servizos, o 18,08%.

Os autónomos, como as empresas, concéntranse en gran proporción nos servizos, o 69,66%, e, dentro deste sector, no comercio e a hostalería, o 49,44%. Outra parte, moito menor pero importante, dos autónomos desenvolve o seu traballo na construción, o 21,35%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>20</b>	<b>22</b>	<b>17</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
Agricultura e pesca	20	22	17	3	4
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>24</b>	<b>27</b>	<b>28</b>	<b>32</b>	<b>29</b>
Industria e electricidade	24	27	28	32	29
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>38</b>	<b>38</b>	<b>35</b>	<b>33</b>	<b>40</b>
Construcción	38	38	35	33	40
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>81</b>	<b>89</b>	<b>91</b>	<b>94</b>	<b>96</b>
Comercio e hostalería	45	53	50	52	53
Transporte e comunicacións	11	10	8	7	7
Outros servizos	25	26	33	35	36
<b>TOTAL</b>	<b>163</b>	<b>176</b>	<b>171</b>	<b>162</b>	<b>169</b>

No período 2000-2004, o número de empresas medrou moi levemente, cunha variación media do 0,91%. Con todo, no transcurso do quinquenio este número medrou en 2001 e 2004, con variacións interanuais do 7,98% e do 4,32 respectivamente, e decreceu nos anos intermedios, con variacións en 2002 de -2,84% e en 2003 de -5,26%.

As empresas do sector servizos, o mesmo que as do secundario, incrementáronse, cunhas taxas de variación media algo inferiores ao 5%; as da construción permaneceron practicamente no mesmo nivel que ao comezo do período, e as do primario descendieron ata cifras mínimas. En canto aos subsectores terciarios, o dos outros servizos medrou por riba do ritmo medio marcado no sector.

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>258</b>	<b>247</b>	<b>255</b>	<b>248</b>	<b>236</b>
Agricultura e pesca	258	247	255	248	236
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>706</b>	<b>661</b>	<b>645</b>	<b>604</b>	<b>604</b>
Industria e electricidade	706	661	645	604	604
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>121</b>	<b>121</b>	<b>105</b>	<b>101</b>	<b>175</b>
Construcción	121	121	105	101	175
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>285</b>	<b>246</b>	<b>329</b>	<b>278</b>	<b>362</b>
Comercio e hostalería	80	84	84	85	102
Transporte e comunicacións	26	22	15	11	11
Outros servizos	179	140	230	182	249
<b>TOTAL</b>	<b>1.370</b>	<b>1.275</b>	<b>1.334</b>	<b>1.231</b>	<b>1.377</b>

Os traballadores por conta allea apenas variaron en número ao longo do intervalo 2000-2004, cunha variación media do 0,13%. Así e todo, a súa evolución foi descontinua, decrecendo en 2001 e 2003 e, en sentido oposto, aumentando en 2002 e, sobre todo, en 2004, cunha variación interanual do 11,86%.

No detalle por sectores económicos, destacan os incrementos de traballadores na construción e nos servizos, con variacións medias do 9,66% e do

6,16% respectivamente. Pola contra, nos outros sectores a tendencia foi regresiva. Así, no secundario a variación media foi de -3,83% e no primario de -2,2%.

A evolución no secundario, o máis importante en termos absolutos, foi de decrecemento continuo ata 2004, ano no que o número de asalariados permaneceu estancado. No primario diminuíron levemente no transcurso de todo o período, agás en 2002, no que medraron nun 3,24%. No sector servizos alternáronse fases expansivas e regresivas durante o período, sendo destacable o incremento do último ano. Na construción permaneceron estables ao principio, despois en 2002 e 2003 diminuíron, e no último ano de referencia, en 2004, aumentaron de forma notable, cunha variación interanual do 73,27%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>X</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>X</b>	<b>4</b>
Agricultura e pesca	X	0	0	X	4
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>19</b>	<b>19</b>	<b>22</b>	<b>21</b>	<b>20</b>
Industria e electricidade	19	19	22	21	20
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>44</b>	<b>46</b>	<b>49</b>	<b>52</b>	<b>57</b>
Construción	44	46	49	52	57
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>157</b>	<b>169</b>	<b>175</b>	<b>178</b>	<b>186</b>
Comercio e hostalería	111	117	122	127	132
Transporte e comunicacións	31	34	34	29	29
Outros servizos	15	18	19	22	25
<b>TOTAL</b>	<b>X</b>	<b>234</b>	<b>246</b>	<b>X</b>	<b>267</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Entre 2000 e 2004 os autónomos da comarca aumentaron o seu número, obtendo unha taxa de variación media do 4,84%. A expansión deste tipo de traballadores aconteceu en todos os sectores económicos agás no secundario, no que permaneceron case ao mesmo nivel que ao comezo do período. Na construción a variación media foi do 6,69% e nos servizos do 4,33%. Nestes dous sectores, ademais, as variacións interanuais sempre foron positivas, oscilando no caso da construción entre o 4,55% e o 9,62% e no dos servizos entre o 1,71% e o 7,64%.

No comercio e a hostalería, subsector de maior peso relativo, os autónomos medraron cunha taxa de variación media do 4,43%. A tendencia dos autónomos no subsector do transporte e comunicacións foi cara á estabilidade, en tanto que no dos outros servizos foi cara á expansión; en ambos os casos as variacións en termos absolutos supoñen unha cantidade pequena.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Folgo do Courel	67	22	89
Quiroga	214	79	293
Ribas de Sil	57	15	72
<b>TOTAL</b>	<b>338</b>	<b>116</b>	<b>454</b>

<b>% comarca/provincia - PARADOS</b>	<b>2,11</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>1,39</b>

A maioría das demandas de emprego da comarca concentráronse no concello de Quiroga, o 64,54%. As tres cuartas partes dos demandantes son parados, o 74,45%, os cales predominan en todos os concellos da comarca.

En relación cos datos provinciais, os demandantes parados da comarca supoñen o 2,11% e os non parados o 1,39%.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	271	322	312	385	338
Variación interanual %	-	18,82	-3,11	23,40	-12,21
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>1,82</b>	<b>2,24</b>	<b>2,00</b>	<b>2,33</b>	<b>2,11</b>

Os demandantes parados da comarca medraron ao longo do quinquenio 2000-2004. A evolución foi descontinua, en 2001 e 2003 creceron notablemente e en 2002 e 2004 diminuíron en menor medida.

En comparación cos datos provinciais, o peso relativo dos demandantes parados da comarca aumentou, pasando de representar o 1,82% en 2000 ao 2,11% en 2004.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	66	14,54	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	272	59,91	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	9	1,98	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	55	12,11	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	18	3,96	4,66
	En expediente de regulación de emprego	X	0,44	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	30	6,61	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	0	0,00	2,99
	Resto de demandantes	X	0,44	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>454</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

A situación laboral máis frecuente entre os demandantes da comarca, aproximadamente seis de cada dez, é a de parado con emprego anterior, o 59,91%. O segundo grupo máis importante ten un peso relativo moi inferior e correspóndese co outro colectivo de parados, os que non tiveron un emprego anterior, o 14,54%.

As porcentaxes dos diferentes grupos de demandantes na comarca difíren das que se dan na provincia. A diferenza máis elevada, 5,15 puntos a favor da comarca, está nos demandantes parados sen emprego anterior.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	24	29	15,68	16,41
26 a 35 anos	26	57	24,56	29,04
36 a 45 anos	28	42	20,71	22,46
46 a 55 anos	34	36	20,71	17,95
56 e máis anos	40	22	18,34	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>152</b>	<b>186</b>	<b>100,00</b>	<b>2,11</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>2,11</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Entre os demandantes parados da comarca predominan as mulleres sobre os homes, o 55,03% fronte ao 44,97%. Este desequilibrio por xénero é similar ao da provincia, na que o colectivo feminino representa o 56,51% e o masculino o 43,49%.

A distribución por idades amósanos que o grupo de demandantes parados máis importante da comarca é o de entre 26 e 35 anos, o 24,56%. Despois, na mesma proporción, están os dous tramos de idade seguintes, de entre 36 e 45 anos e de entre 46 e 55 anos, co 20,71% cada un.

En perspectiva comparada, obsérvase que o colectivo máis numeroso da comarca, o das persoas de entre 26 e 35 anos, coincide co da provincia, aínda que neste último ámbito o seu peso relativo elévase ata o 29,04%. Por outro lado, o grao de avellentamento da comarca é superior ao da provincia: os demandantes parados maiores de 45 anos supoñen no primeiro caso o 39,05% e no segundo o 32,10%.

Por sexo e idades simultaneamente, predominan as mulleres de entre 26 e 35 anos, 16,86% do total de demandantes parados da comarca. En segundo lugar, aparece o colectivo feminino de entre 36 e 45 anos, o 12,43%.

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	7	7	12,07	20,01
26 a 35 anos	12	12	20,69	27,35
36 a 45 anos	11	8	16,38	20,67
46 a 55 anos	12	13	21,55	16,10
56 e máis anos	26	8	29,31	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>68</b>	<b>48</b>	<b>100,00</b>	<b>1,39</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>1,39</b>	<b>100,00</b>

A diferenza do que ocorre cos parados, os demandantes non parados do sexo masculino son máis numerosos que os do feminino, o 58,62% fronte ao 41,38%. Este desequilibrio nas proporcións de demandantes a favor dos homes é moi pouco común. Na provincia de Lugo, reflexo dunha situación máis frecuente, acontece o contrario, os homes son menos numerosos que as mulleres: o 38,7% fronte ao 61,3%.

Por idades, o grupo predominante na comarca é o de maiores de 55 anos, o 29,31%. Na provincia, porén, é o de entre 26 e 35 anos, o 27,35%. O maior grao de avellentamento dos demandantes non parados da comarca respecto aos da provincia queda patente atendendo á proporción de maiores de 45 anos, que representan no primeiro caso o 50,86% e no segundo o 31,97%.

Por sexo e idades á vez, o grupo máis numeroso da comarca é o de homes maiores de 55 anos, o 22,41% do total de demandantes non parados. E, despois, a unha distancia moi notable, o de mulleres de entre 46 e 55 anos, o 11,21%.

**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.





Na representación gráfica do total de demandantes da comarca por sexo e idades, sen distinguir parados de non parados, advírtese o predominio do colectivo feminino en todos os grupos de idades agás no de maiores de 55 anos, no que os homes son moito máis numerosos que as mulleres. Por outra parte, obsérvase claramente a maior concentración dos demandantes no grupo de entre 26 e 35 anos. Poren, o máis destacable, a diferenza doutros lugares e do que ocorre no total da provincia, é a moi elevada porcentaxe de maiores de 45 anos.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	141	57	198
Titulación de ensinanza obrigatoria	115	34	149
Formación profesional	22	5	27
BUP/Bacharelato superior/COU	22	5	27
Titulados universitarios	27	9	36
Outras titulacións	11	6	17
<b>TOTAL</b>	<b>338</b>	<b>116</b>	<b>454</b>

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

O nivel académico dos demandantes da comarca é baixo; a maior parte teñen ata o certificado de escolaridade, o 43,61%, e outra porción importante non pasou do ensino obrigatorio, o 32,82%. En suma, os que teñen como máximo esta segunda titulación supoñen o 76,43% do total. No caso dos parados esta porcentaxe é do 75,74% e no dos non parados do 78,45%.

Os demandantes con estudos superiores aos obrigatorios representan o 23,57%. Entre estes predominan os titulados universitarios, o 7,93%, seguidos dos que teñen o bacharelato ou formación profesional, ambos co 5,95%.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	16	5	X	X
	Mulleres	18	7	4	29
26 a 35 anos	Homes	20	6	0	26
	Mulleres	21	13	23	57
36 a 45 anos	Homes	16	6	6	28
	Mulleres	20	7	15	42
46 a 55 anos	Homes	18	X	14	X
	Mulleres	11	5	20	36
Máis de 55 anos	Homes	17	6	17	40
	Mulleres	X	20	0	X
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>338</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

A maior parte dos demandantes parados da comarca de Quiroga leva buscando traballo menos de 6 meses, o 47,04%. A unha distancia notable sitúanse os que levan máis 1 ano, o 30,18%, e despois os que levan entre 6 meses e 1 ano, o 22,78%. Na provincia de Lugo a proporción de parados de menos de seis meses é moi próxima á da comarca, o 48,47%, mentres que a de parados de longa duración é algo superior, o 35,96%, en detrimento dos que levan entre 6 meses e 1 ano buscando traballo, o 15,57%.

Por sexo, idades e tempo de busca de emprego, o grupo de demandantes máis numeroso da comarca é o de mulleres de entre 26 e 35 anos que levan máis dun ano na procura dun traballo, o 6,8%; seguido moi de preto polo de mulleres da mesma idade que levan menos de 6 meses, o 6,21%.

Os demandantes parados de longa duración só predominan entre as mulleres de entre 26 e 35 anos e entre as que contan entre 46 e 55 anos.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	20	11	31
Sector secundario	49	11	60
Construción	57	14	71
Sector servizos	146	70	216
Sen actividade previa	66	10	76
<b>TOTAL</b>	<b>338</b>	<b>116</b>	<b>454</b>

Aproximadamente a metade dos demandantes procede dos servizos, o 47,58%. Nos parados esta porcentaxe baixa ao 43,20% e nos non parados elévase ata o 60,34%.

A construción é o segundo sector de procedencia máis importante, tanto no caso dos parados como no dos non parados. A súa representatividade é moi baixa en relación cos servizos, 15,64% dos demandantes totais.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



A gran maioría dos demandantes parados na industria proceden das outras industrias, 68%. A segunda actividade máis representativa é a da alimentación, 14%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

A maior parte dos demandantes parados nos servizos proceden das administracións públicas, o 32%. A continuación, derivan da hostalería, o 17%, das actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, o 16%, e do comercio, o 12%. As outras actividades terciarias supoñen por separado unha proporción inferior ao 10%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	33	7,27	7,40
Peón da construción de edificios	31	6,83	3,09
Peón da ind. manufacturera, en xeral	31	6,83	3,77
Empregado administrativo, en xeral	23	5,07	8,75
Albanel	20	4,41	2,90
Dependente de comercio, en xeral	19	4,19	8,39
Camareiro, en xeral	18	3,96	2,07
Conductor de camiión, en xeral	16	3,52	1,89
Traballador forestal, en xeral	14	3,08	0,38
Traballador retén incendios forestais	12	2,64	0,00

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Muller/mozo limpeza, limpador en xeral</b>	Empregado administrativo, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Folgo do Courel	5
Quiroga	14
Ribas de Sil	2
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>21</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	0,23

En 2004 tan so houbo 21 ofertas de traballo en toda a comarca, das que a gran maioría, 14 en números absolutos, tiveron lugar no concello de Quiroga.


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Folgo do Courel	0	0	2	14	5
Quiroga	15	4	48	69	14
Ribas de Sil	7	0	2	5	2
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>22</b>	<b>4</b>	<b>52</b>	<b>88</b>	<b>21</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

No quinquenio 2000-2004 as ofertas comarcais permaneceron estancadas (unha menos ao final do período). A tendencia na provincia foi dun crecemento moderado, cunha variación media do 0,64%.

A evolución da comarca, malia o saldo final de estancamento, foi moi irregular. O máis destacable son as grandes oscilacións interanuais en signo e intensidade. En 2001 e 2004 as ofertas redúcense considerablemente e nos anos intermedios aumentan de xeito notable. Estes trazos caracterizan tamén a evolución das ofertas no concello de Quiroga, debido ao seu elevado peso específico. No resto de concellos, é destacable a redución de ofertas en 2004 con respecto a 2003 producido no concello de Folgo do Courel.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



No gráfico pódese ver a evolución das ofertas no municipio de Quiroga e comparala coa dos outros dous concellos agrupados. Ademais do xa comentado arriba, pódese apreciar que ambas as traxectorias evolutivas varían no mesmo sentido; isto é, se as ofertas aumentaron en Quiroga, tamén o fixeron no resto de concellos e viceversa.

### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Folgo do Courel	0	0	0	5
Quiroga	0	0	0	14
Ribas de Sil	0	0	0	2
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>21</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

En 2004 as ofertas laborais da comarca procederon única e exclusivamente dos servizos, en cambio no ámbito provincial este sector representa o 71,34%.

Con respecto aos servizos, hai que sinalar que dun total de 21 ofertas, 17 proceden das actividades vinculadas ás administracións públicas.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	0	1	6	6	0
Secundario	7	0	1	3	0
Construcción	5	0	10	15	0
Servizos	10	3	35	64	21
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>22</b>	<b>4</b>	<b>52</b>	<b>88</b>	<b>21</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

A evolución por sectores económicos no período 2000-2004 caracterízase pola desaparición das ofertas en todos eles menos nos servizos. O curso evolutivo deste sector foi moi irregular: no primeiro ano de referencia houbo dez ofertas e no último vinte e unha (cunha variación media do 20,38%); no medio diminuíron ata niveis mínimos, tres ofertas en 2001, ou aumentaron de xeito notable, sesenta e catro ofertas en 2003.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Algunhas ofertas da comarca, 3 das 21 que houbo en 2004, especificaron un determinado sexo para poder ocupar un posto de traballo. Nos tres casos solicitáronse mulleres e as ofertas procederon da actividade de outros servizos.

Respecto ao nivel académico, en doce das vinte e unha ofertas esixiuse un mínimo de estudos. En cinco casos pediuse estar en posesión da FP e no resto solicitáronse estudos de diversa natureza. Todas estas ofertas nas que se requiriu certo nivel de estudos procederon das administracións públicas.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

**TÁBOA 18:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Mozo-Muller de limpeza	0	0	0	0	5
Empregado/a do fogar	0	0	0	0	4
Auxiliar administrativo	0	0	0	0	2
Operador informática	0	0	0	0	2
Peón de albanel/Peón de obras públicas	7	0	6	10	2

As ofertas dos centros colaboradores en 2004 foron algo superiores ás dos anos precedentes, pero, aínda así, moi escasas (quinze en total). O aspecto máis destacable foi a súa diversidade. A diferenza de anos anteriores, nos que só tiña presenza as ofertas de peón de albanel/peón de obras públicas, en 2004 destacan cinco tipos de ocupacións. A máis ofertada foi a de mozo-muller de limpeza, con cinco ofertas, e, en segundo lugar, a de empregado/a do fogar, con catro ofertas.

Por outra parte, non se rexistraron ocupacións ofertadas polas oficinas de emprego dada a inexistencia destas últimas na comarca.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
Folgoso do Courel	309
Quiroga	1.108
Ribas de Sil	116
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1.533</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca de Quiroga asináronse en 2004 un total de 1.533 contratos, que representan o 2,09% da provincia. A contratación comarcal tivo lugar principalmente no concello de Quiroga, o 72,28% e, en moita menor medida, no de Folgoso do Courel, o 20,16%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Folgoso do Courel	215	186	362	417	309
Quiroga	1.216	1.166	1.346	1.694	1.108
Ribas de Sil	130	115	100	168	116
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>1.561</b>	<b>1.467</b>	<b>1.808</b>	<b>2.279</b>	<b>1.533</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

O volume de contratación da comarca de Quiroga e da provincia de Lugo non mudou substancialmente no transcurso do período 2000-2004. Na comarca diminuíu en pequena medida, cunha variación media de -0,45%, e na provincia aumentou moderadamente, cunha variación media do 0,54%.

A evolución do número de contratos na comarca foi descontinua, experimentando diferentes fases expansivas e regresivas. Así, decreceu en 2001 nun 6,02% e, de forma moito máis acusada, en 2004 nun 32,73%. En sentido oposto, nos anos intermedios medrou notablemente: en 2002 nun 23,24% e en 2003 nun 26,05%.

O volume de contratación provincial tamén tivo unha evolución irregular, porén, as fases de expansión producíronse en 2003 e 2004 e as de regresión en 2001 e 2002.

Os contratos decreceron entre 2000 e 2004 nos concellos de Quiroga e Ribas de Sil, cunhas variacións medias negativas de -2,30 e de -2,81% e, pola contra, tiveron un balance positivo no de Folgoso do Courel, cunha variación media do 9,49.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	142	79	221
De 26 a 35 anos	230	268	498
De 36 a 45 anos	291	281	572
De 46 a 55 anos	94	119	213
De 56 e máis anos	25	4	29
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>782</b>	<b>751</b>	<b>1.533</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

A contratación na comarca de Quiroga está moi próxima ao equilibrio por sexos: o 51,01% dos contratos realizáronse a homes e o 48,99% a mulleres. Na provincia de Lugo as porcentaxes tamén están moi preto do equilibrio de xénero: o 48,55% dos contratos foron asinados por homes e o 51,45% por mulleres.


O grupo de idades no que se reúne a maior parte dos contratos é o de entre 36 e 45 anos, o 37,31% e, a continuación, o de 26 a 35 anos, o 32,49%. Ademais, estes dous intervalos de idade e nesta orde son os máis importantes tanto no caso do colectivo masculino como no feminino.

**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	846	759	816	1.085	782
Mulleres	715	708	992	1.194	751
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.561</b>	<b>1.467</b>	<b>1.808</b>	<b>2.279</b>	<b>1.533</b>

Entre 2000 e 2004 a contratación masculina decreceu cunha taxa de variación media de -1,95%, en tanto que a feminina medrou, tamén levemente, cunha taxa de variación media do 1,24%. Un último trazo común é que as variacións en ambos os sexos se produciron no mesmo sentido; así, nos anos en que medra a contratación masculina, tamén aumenta a feminina e vice-versa, aínda que en medidas diferentes.

**GRÁFICO 5:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Valores proporcionais.





O desequilibrio por sexos reduciuse levemente ao longo do período 2000-2004. A diferenza porcentual entre homes e mulleres en 2000 é do 8,4% e en 2004, do 2,02%. Nos anos intermedios esta distancia na contratación por xéneros variou moito.

Destaca 2002 por ser cando varían as posicións por sexo, pasando os contratos realizados ás mulleres a superar en número aos asinados polos homes, de tal xeito que nese ano a contratación masculina representou unicamente o 45,13% e a feminina o 54,87% do total. Ao ano seguinte o colectivo feminino seguiu superando ao masculino en volume de contratación, ata que en 2004, tal como indicamos, a distancia entre ambos os sexos situouse en dous puntos porcentuais favorable aos homes.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	411	224	398	226	221
De 26 a 35 anos	446	504	499	691	498
De 36 a 45 anos	490	587	754	1.074	572
De 46 a 55 anos	161	124	129	237	213
De 56 e máis anos	53	28	28	51	29
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.561</b>	<b>1.467</b>	<b>1.808</b>	<b>2.279</b>	<b>1.533</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

A evolución contractual no período 2000-2004 en función da idade foi positiva nos tres grupos centrais, de 26 a 55 anos, e negativa nos dous intervalos extremos, menores de 26 e maiores de 55 anos. O maior incremento deuse no tramo de entre 46 e 55 anos, cunha variación media de 7,25%, aínda que en termos absolutos os contratos medraron máis no grupo de entre 36 e 45 anos. En sentido contrario, os contratos decreceron en gran medida nos menores de 26 anos, cunha variación media negativa de -14,37%.

Todos os grupos de idades experimentaron fases de expansión e regresión contractual ao longo do período. Destaca o ano 2004 por ser o único no que os contratos decreceron con carácter xeral. Neste ano, ademais de variar en sentido negativo en todos os tramos de idade, cómpre subliñar que a intensidade desta diminución foi moi elevada, agás nos grupos de entre 46 e 55 anos e nos menores de 26 anos, nos que o decrecemento foi de moita menor magnitude.

O curso evolutivo máis salientable, polo seu peso en termos absolutos, é o dos contratos entre as persoas de entre 36 e 45 anos. Neste intervalo os contratos medraron a gran ritmo, con variacións interanuais comprendidas entre o 20% e pouco máis do 40%, dende o comezo do período ata 2003 e posteriormente, no último ano de referencia, seguindo a pauta descrita anteriormente, diminuíron de xeito moi acusado, en concreto nun -46,74%.


### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>30</b>
Agricultura e pesca	30
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>221</b>
Industria e electricidade	221
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>89</b>
Construcción	89
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.193</b>
Comercio e hostalería	77
Transporte e comunicacións	47
Outros servizos	1.069
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.533</b>


A distribución por sectores económicos en 2004 amósanos que máis das tres cuartas partes dos contratos aparecen nos servizos, o 77,82%, e dentro deste sector case todos estiveron vinculados aos outros servizos, representando o comercio e a hostalería e o transporte e comunicacións porcentaxes moi baixas. No secundario, o segundo sector máis importante, só se asinaron o 14,42% do total. E, por último, na construción e no primario as cifras absolutas nin sequera chegaron a un cento.

**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual da contratación na industria.



Na industria, relacionáronse case todos os contratos coas actividades encadradas na categoría das outras industrias, o 94%. A contratación na metalurxia e fabricación de produtos metálicos, a madeira e a alimentación foi marxinal.

**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



A sanidade e servizos sociais reúne a gran maioría da contratación no sector terciario, o 66%. En segundo lugar, a maior parte dos contratos tiveron que ver coa actividade das administracións públicas, o 15%. A contratación nos outros tipos de actividades foi mínima, en calquera caso igual ou inferior ao 4%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>21</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>6</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>X</b>
Agricultura e pesca	21	9	7	6	9	7	X
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>177</b>	<b>44</b>	<b>62</b>	<b>61</b>	<b>61</b>	<b>30</b>	<b>7</b>
Industria e electricidade	177	44	62	61	61	30	7
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>86</b>	<b>X</b>	<b>34</b>	<b>27</b>	<b>18</b>	<b>9</b>	<b>X</b>
Construcción	86	X	34	27	18	9	X
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>498</b>	<b>695</b>	<b>118</b>	<b>404</b>	<b>484</b>	<b>167</b>	<b>20</b>
Comercio e hostalería	30	47	25	22	20	8	X
Transporte e comunicacións	11	36	4	5	20	18	0
Outros servizos	457	612	89	377	444	141	X
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>782</b>	<b>X</b>	<b>221</b>	<b>498</b>	<b>572</b>	<b>213</b>	<b>X</b>

**TÁBOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

A maior parte dos contratos asinados polos homes tiveron lugar no sector servizos, o 32,49% do volume total de contratación, e, en segundo lugar, no secundario, o 11,55%. No caso do colectivo feminino os contratos realizados nos servizos aínda representan unha porcentaxe maior, o 45,34% do total de contratos da comarca. A contratación realizada ás mulleres no resto de sectores sitúase en proporcións case marxinais, moi inferiores ao 1%, agás no sector secundario, 2,87%.

Por sectores e idades, o grupo que reúne a maior parte dos contratos é o de entre 36 e 45 anos nos servizos, co 31,57% do total da contratación. A continuación atopámonos co de entre 26 e 35 anos, tamén no sector servizos, co 26,35%. En suma, máis da metade dos contratos comarcais, o 57,93%, aparecen vinculados a persoas de entre 26 e 45 anos que traballan nos servizos.

O segundo sector máis importante en todas as idades é o secundario, mentres que a nivel subsectorial predomina o de outros servizos, agás no intervalo de maiores de 55 anos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>85</b>	<b>71</b>	<b>89</b>	<b>230</b>	<b>30</b>
Agricultura e pesca	85	71	89	230	30
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>289</b>	<b>202</b>	<b>188</b>	<b>246</b>	<b>221</b>
Industria e electricidade	289	202	188	246	221
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>96</b>	<b>106</b>	<b>74</b>	<b>63</b>	<b>89</b>
Construcción	96	106	74	63	89
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>1.091</b>	<b>1.088</b>	<b>1.457</b>	<b>1.740</b>	<b>1.193</b>
Comercio e hostalería	70	64	77	70	77
Transporte e comunicacións	21	20	34	39	47
Outros servizos	1.000	1.004	1.346	1.631	1.069
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.561</b>	<b>1.467</b>	<b>1.808</b>	<b>2.279</b>	<b>1.533</b>

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


Entre 2000 e 2004 os contratos incrementáronse no sector dos servizos, cunha variación media do 2,26%, e decreceron nos demais sectores. No secun-

dario, o segundo máis importante en termos absolutos, a variación media foi de -6,49%, na construción de -1,87% e no primario de -22,92%.

A evolución dos servizos, fortemente condicionada polo subsector dos outros servizos, caracterizouse polo estancamento en 2001, o crecemento de forte intensidade nos anos 2002 e 2003, con variacións interanuais do 33,92% e do 19,42% respectivamente e, por último, a decrecemento en gran proporción no ano 2004, en concreto nun 31,44%.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 8:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



A metade dos contratos da comarca de Quiroga non responden aos tipos máis comúns e aparecen clasificados na categoría de outros, o 49%. En segundo lugar, o tipo de contrato máis frecuente é o temporal a tempo completo, o 41%. Os indefinidos, os temporais a tempo parcial e os realizados en prácticas/formación son moi escasos e supoñen no seu conxunto o 10% do volume contractual da comarca.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	10	5	X	X	X	10	0
Indefinido tempo parcial	X	X	X	X	0	0	0
Temporal	397	232	160	191	165	93	20
Temporal tempo parcial	24	65	28	20	29	12	0
Prácticas/Formación	32	21	13	10	19	8	X
Outros	318	425	17	273	357	90	6
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>221</b>	<b>498</b>	<b>X</b>	<b>213</b>	<b>X</b>

Os contratos da tipoloxía outros predominan nas mulleres, o 27,72% do volume de contratación total, en tanto que nos homes os de maior peso relativo son os temporais a tempo completo, o 25,90%. En segundo lugar, cambian as categorías e, no caso do colectivo feminino, aparecen os temporais a tempo completo, o 15,13%, e no do masculino a modalidade de outros, o 20,74%.

Os indefinidos, en prácticas/formación e temporais a tempo parcial supoñen unha porcentaxe moi baixa, igual ou inferior ao 2,09%, agás estes últi-

mos no caso das mulleres, que representan o 4,24% do volume total de contratación.

Por idades e modalidade de contrato, o grupo onde se concentra a maior proporción é o de outros contratos realizados a persoas de entre 36 e 45 anos, o 23,29% da contratación total, seguido polos outros contratos asinados por xente de entre 26 e 35 anos, o 17,81%, e os temporais a tempo completo asinados tamén por este último grupo de idades, de entre 26 e 35 anos, o 12,46%.

Os contratos da tipoloxía outros predominan entre os menores de 46 anos, mentres que por riba desta idade prevalecen os temporais a tempo completo.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	X	9	X	X	0	0	X
Indefinido tempo parcial	0	0	0	X	0	X	4
Temporal	28	201	78	46	37	239	322
Temporal tempo parcial	0	9	X	22	10	45	77
Prácticas/Formación	0	X	7	X	0	41	44
Outros	0	0	0	0	0	743	743
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>89</b>	<b>77</b>	<b>47</b>	<b>X</b>	<b>X</b>

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

A contratación vinculada á modalidade de outros contratos, a máis importante da comarca, tivo lugar única e exclusivamente no subsector dos outros servizos e representan case a metade do total, o 48,47%. Hai que sinalar que este tipo de contratos veñen basicamente das actividades de sanidade e servizos sociais e o seu volume de contratación non deriva da súa forte significación económica, senón da forte eventualidade na contratación.

Os contratos temporais a tempo completo son maioritarios nos sectores primario, secundario, construción e nos subsectores terciarios distintos ao mencionado dos outros servizos. Así e todo, onde son máis numerosos en números absolutos é neste último subsector, o dos outros servizos, no que supoñen o 15,59% do contratación total. Tamén adquiren especial relevancia numérica no sector secundario, no que representan o 13,11% do volume contractual da comarca.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	38	22	22	37	15
Indefinido tempo parcial	4	5	5	X	4
Temporal	697	564	564	751	629
Temporal tempo parcial	77	70	60	71	89
Prácticas/Formación	17	16	78	9	53
Outros	728	790	1.079	1.408	743
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>1.561</b>	<b>1.467</b>	<b>1.808</b>	<b>X</b>	<b>1.533</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

Os contratos indefinidos, moi escasos, e os temporais a tempo completo decreceron ao longo do período 2000-2004; os últimos, moito máis relevantes, fixérono cunha taxa de variación media negativa de -2,53%. Pola contra, os temporais a tempo parcial e, sobre todo, os realizados en prácticas/formación medraron, aínda que en termos absolutos este crecemento se traduciu nun número reducido de contratos. E, por último, os clasificados baixo a categoría de outros, os de maior peso relativo con diferenza, creceron a un ritmo moi baixo, cunha variación media do 0,51%.

A evolución dos contratos da modalidade outros é a mesma que a descrita con anterioridade para o sector servizos; isto é, estancamento en 2001, incrementos de forte intensidade en 2002 e 2003 e, decrecemento, tamén de alta magnitude, no 2004. Os temporais a tempo completo, pola súa parte, medraron unicamente en 2003, en algo máis dun 30%, permaneceron estables en 2002, e decreceron en 2001 e 2004 entre un 15% e un 20%.

#### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>-36,11</b>
HOMES	X	-100,00
MULLERES	X	-15,91
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>672</b>	<b>0,60</b>
HOMES	288	6,25
MULLERES	384	-2,79
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>23</b>	<b>-3,93</b>
HOMES	15	-6,94
MULLERES	8	3,39
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>98</b>	<b>13,05</b>
HOMES	19	0,00
MULLERES	79	17,82
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>217</b>	<b>6,14</b>
HOMES	83	6,30
MULLERES	134	6,04
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>27</b>	<b>-2,60</b>
HOMES	18	-5,94
MULLERES	9	6,48
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>161</b>	<b>-10,06</b>
HOMES	133	-11,00
MULLERES	28	-4,74
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>132</b>	<b>1,17</b>
HOMES	116	-0,43
MULLERES	16	18,92
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>202</b>	<b>-4,12</b>
HOMES	110	-8,80
MULLERES	92	3,56
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>-0,45</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>X</b>	<b>-1,95</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>X</b>	<b>1,24</b>

A distribución por grandes grupos de ocupación amósanos que o 81,67% da contratación aparece concentrada nos seguintes catro grupos:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 43,84%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 14,16%.
- Traballadores non cualificados: 13,18%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 10,50%.

Os principais grupos de ocupacións segundo o sexo son:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 18,79%.</li> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 8,68%.</li> <li>• Traballadores non cualificados: 7,18%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 25,05%.</li> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 8,74%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 6%.</li> </ul>

A contratación feminina supera á masculina nos seguintes tres grupos:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: a contratación feminina supón o 25,05% da contratación total fronte ao 18,79% da masculina.
- Empregados de tipo administrativo: o 5,15% fronte ao 1,24%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: o 8,74% fronte ao 5,41%.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
21210011	Médico, medicina xeral	279	133	146	47,67
27200098	Enfermeiro equipo diagnóstico e tratamento médico	204	61	143	29,90
27200016	Enfermeiro, en xeral	96	43	53	44,79
74230039	Trazador en pedra, mármore ou lousa	50	37	13	74,00
93200013	Ordenanza	49	27	22	55,10
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	48	6	42	12,50
71100016	Albanel	X	41	X	95,35
27200025	Enfermeiro de atención primaria	40	16	24	40,00
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	39	5	34	12,82
51110066	Auxiliar de clínica	38	0	38	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>X</b>	<b>369</b>	<b>X</b>	<b>41,65</b>

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

As dez ocupacións máis contratadas supoñen o 57,8% da contratación total da comarca de Quiroga. A ocupación máis contratada foi a de médico, medicina xeral, co 18,2% do total da contratación da comarca e, despois, a de enfermeiro equipo diagnóstico e tratamento médico, co 13,31%. Estas dúas ocupacións destacan, ademais, pola maior presenza de mulleres que de homes; os ratios de masculinidade foron respectivamente do 47,67% e do 29,9%.

As ocupacións máis feminizadas foron a de auxiliar de clínica, copada totalmente polo colectivo feminino, a de muller/mozo de limpeza, limpador en



xeral e a de clasificador-repartidor de correspondencia, cuns ratios de masculinidade respectivos do 12,50% e do 12,82%. Pola banda contraria, debemos subliñar polo seu elevado grao de masculinización a ocupación de albanel, cunha ratio do 95,35%.

Nesta comarca tamén chama a atención o feito de que soamente en tres das ocupacións máis contratadas o colectivo masculino supera ao feminino; noutras palabras, dáse unha alta proporción de mulleres na maioría das ocupacións. Esta situación vese reflectida no ratio de masculinidade, o 41,65%, e deriva da forte presenza de contratos vinculados a ocupacións das actividades de sanidade e servizos sociais, que, como se comentaba anteriormente, teñen un alto nivel de eventualidade.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
21210011	Médico, medicina xeral	270	311	498	626	279
27200098	Enfermeiro equipo diagnóstico e tratamento médico	355	145	X	140	204
27200016	Enfermeiro, en xeral	0	179	287	410	96
74230039	Trazador en pedra, mármore ou lousa	104	66	42	62	50
93200013	Ordenanza	8	12	17	40	49
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	36	37	32	29	48
71100016	Albanel	47	34	48	25	43
27200025	Enfermeiro de atención primaria	X	62	176	102	40
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	21	17	27	33	39
51110066	Auxiliar de clínica	28	29	23	29	38
42100010	Empregado administrativo, en xeral	33	21	29	30	38
51290012	Celador de centro sanitario	47	46	59	38	37
52300046	Traballador retén incendios forestais	14	30	40	5	36
86300016	Conductor de camión, en xeral	36	34	19	33	31
74230048	Labrante á man de pedras e/ou mármore	29	29	38	27	27
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	37	32	31	75	26
81120130	Operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa	38	16	25	43	25
62410023	Traballador forestal, en xeral	20	10	20	96	18
94400012	Peón forestal	61	58	77	99	10

A evolución entre 2000 e 2004 das dez ocupacións máis contratadas móstranos tendencias dispares. A de médico, medicina xeral -a máis importante ao longo de todo o quinquenio agás no primeiro ano de referencia- creceu levemente, cunha variación media do 0,82%. A de enfermeiro equipo diagnóstico e tratamento médico experimentou oscilacións de grande magnitude. Era a de maior peso relativo ao comezo do período, despois en 2002 case desaparece e volve recuperarse nos anos seguintes. Como resultado desta evolución, a súa taxa de variación media foi de -12,93%. A de enfermeiro, en xeral, era inexistente en 2000; despois adquire uns valores moi elevados ata 2003 e cae en gran medida en 2004, pese a ser a terceira ocupación máis contratada.

Ademais da que acabamos de citar de enfermeiro, en xeral, nestes anos emerxeu con forza outra ocupación sanitaria, a de enfermeiro de atención primaria. Esta, igual que a anterior, tamén decreceu notablemente no último ano. Por outra parte, no transcurso do período consolidouse, tras unha tendencia sostida de expansión, a ocupación de ordenanza.

En 2004 desapareceron da lista das dez ocupacións máis contratadas as oito seguintes: celador de centro sanitario; traballador retén de incendios forestais; conductor de camión, en xeral; labrante á man de pedras e/ou mármore; peón da industria manufactureira, en xeral; operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa; traballador forestal, en xeral; e peón forestal.



## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	15	7,94	1	8,33
Edificación e obras públicas	16	2,88	1	3,03
<b>TOTAL</b>	<b>31</b>	<b>0,48</b>	<b>2</b>	<b>0,51</b>

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.


Na comarca de Quiroga celebráronse durante o ano 2004 dous cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cunha asistencia total de trinta e un alumnos. En comparación coa provincia de Lugo estas cifras non supoñen máis que medio punto porcentual dos cursos e dos alumnos. As familias profesionais con presenza na comarca foron a agraria e a de edificación e obras públicas.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- Algo máis da metade das empresas da comarca de Quiroga agrúpanse nos servizos, principalmente no comercio e hostalería, e catro de cada dez nos sectores secundario e da construción, en maior medida neste último. Os autónomos, como as empresas, tamén se concentran en gran proporción nos servizos, en concreto sete de cada dez, e dentro deste sector no comercio e hostalería. Porén, os traballadores por conta allea, a diferenza das empresas e dos traballadores por conta propia, reúnen fundamentalmente arredor do sector secundario, aproximadamente corenta e tres de cada cen.
- No período 2000-2004 o número de empresas da comarca e de traballadores por conta allea apenas variou, en tanto que o de autónomos aumentou considerablemente. Así e todo, as empresas e os asalariados expandíronse nalgúns sectores, especialmente, en termos absolutos, nos servizos. Este sector tamén foi onde máis medraron os autónomos en números absolutos.
- As demandas de emprego da comarca concentráronse no concello de Quiroga. A maioría dos demandantes son parados, e dentro destes destaca claramente o grupo dos que tiñan un emprego anterior. Entre os demandantes predominan as mulleres e o grupo de idade máis importante é o de 26 a 35 anos.
- O nivel académico dos demandantes da comarca é baixo: as tres cuartas partes teñen como máximo ata o ensino obrigatorio e entre estes predominan os que non teñen máis que o certificado de escolaridade. A maior parte dos demandantes parados, case a metade, levan buscando emprego menos de seis meses, e os que levan máis dun ano son tres de cada dez. Por último, preto da metade dos demandantes proveñen do sector servizos.
- En 2004 soamente houbo vinte e unha ofertas de traballo en toda a comarca. A maioría tiveron lugar no concello de Quiroga e todas elas procederon dos servizos. Na provincia, as ofertas provenientes dos servizos situáronse en setenta e unha de cada cen. No quinquenio 2000-2004 as ofertas comarcais permaneceron estancadas.
- O sexo constituíu un requisito para acceder a un posto de traballo na comarca nun número moi reducido de casos e en todos eles solicitaban mulleres para o subsector dos outros servizos. En máis da metade das ofertas comarcais esixiuse un mínimo de estudos e na maior parte das ocasións pediuse ter formación profesional. Por último, a ocupación máis ofertada en 2004 nos centros colaboradores foi a de mozo-muller de limpeza.
- Na comarca realizáronse 1.533 contratos ao longo de 2004, que representan pouco máis do dous por cento dos asinados na provincia. A contratación tivo lugar principalmente no concello de Quiroga. O volume contractual da comarca e da provincia non variou substancialmente no transcurso do período 2000-2004.
- A contratación comarcal está moi próxima ao equilibrio por sexos, da cada cen cincuenta e un foron asinados por homes e corenta e nove por mulleres, no total da provincia ocorre un tanto do mesmo. A contratación masculina e feminina na comarca tiveron evolucións desiguais, dándose nalgúns anos do período 2000-2004 o predominio da feminina. O grupo de idades no que se reúne a maior parte dos contratos é o de entre 36 e 45 anos.
- A distribución dos contratos por sectores económicos en 2004 mostra que máis das tres cuartas partes estaban nos servizos e, dentro deste sector, case todos vinculados aos outros servizos, sendo destacable a súa presenza na actividade de sanidade e servizos sociais.
- Atendendo á tipoloxía contractual, obsérvase que a metade dos contratos da comarca non responden aos tipos máis comúns e aparecen clasificados na catego-

ría de outros. Este tipo de contratación, ademais, tivo lugar única e exclusivamente no subsector dos outros servizos. A segunda modalidade de contrato máis frecuente é o temporal a tempo completo, catro de cada dez. Por sexos, os primeiros, os outros contratos, predominan nas mulleres e os segundos, os temporais a tempo completo, nos homes.

- Por grandes grupos de ocupación, os contratos concentráronse en gran medida, en concreto oito de cada dez, nos seguintes catro grupos: técnicos profesionais, científicos e intelectuais, traballadores non cualificados, traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio e nos artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería. A ocupación máis contratada foi a de médico, medicina en xeral, e a de enfermeiro equipo diagnóstico e tratamento médico.
- Nos datos sobre contratación teñen unha forte influencia os contratos realizados nas actividades de sanidade e servizos sociais, que responden a modalidades de contratación non convencionais, englobadas dentro da categoría outros, e que se caracterizan pola súa alta eventualidade. Así, na avaliación dos datos comarcais a nivel de contratación debe de tomarse en consideración esta información.
- En 2004 celebráronse unicamente dous cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cunha asistencia total de trinta e un alumnos. As familias profesionais con presenza na comarca foron a agraria e a de edificación e obras públicas.



# Comarca de Sarria



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>53</b>	<b>5,26</b>	<b>2.521</b>	<b>40,41</b>	<b>81</b>	<b>5,42</b>
Agricultura e pesca	53	5,26	2.521	40,41	81	5,42
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>147</b>	<b>14,60</b>	<b>1.063</b>	<b>17,04</b>	<b>172</b>	<b>11,51</b>
Industria e electricidade	147	14,60	1.063	17,04	172	11,51
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>148</b>	<b>14,70</b>	<b>495</b>	<b>7,94</b>	<b>257</b>	<b>17,19</b>
Construcción	148	14,70	495	7,94	257	17,19
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>659</b>	<b>65,44</b>	<b>2.159</b>	<b>34,61</b>	<b>985</b>	<b>65,89</b>
Comercio e hostalería	344	34,16	817	13,10	620	41,47
Transporte e comunicacións	102	10,13	331	5,31	185	12,37
Outros servizos	213	21,15	1.011	16,21	180	12,04
<b>TOTAL</b>	<b>1.007</b>	<b>100,00</b>	<b>6.238</b>	<b>100,00</b>	<b>1.495</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca de Sarria ten maior importancia o sector servizos en canto ao número de empresas e de traballadores autónomos, cobrando maior relevancia o sector primario no volume de traballadores por conta allea.

No ano 2004 concéntranse nos servizos o 65,44% das empresas, seguíndolle, a distancia considerable, a construción (14,70%) e o sector secundario (14,60%). En referencia aos subsectores, a maior parte das empresas están no comercio e hostalería (34,16%) e nos outros servizos (21,15%).

No que respecta aos traballadores por conta allea, concéntranse maioritariamente no sector primario (40,41%), seguido dos servizos (34,61%). En canto aos subsectores dos servizos, o maior número de traballadores encádrase nos outros servizos (16,21%) e no comercio e hostalería (13,10%).

Os traballadores autónomos predominan nos servizos (65,89%). A unha distancia importante atópase a construción (17,19%). No ámbito subsectorial, cómpre sinalar a forte presenza de autónomos no comercio e hostalería (41,47%).

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>163</b>	<b>175</b>	<b>159</b>	<b>16</b>	<b>53</b>
Agricultura e pesca	163	175	159	16	53
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>149</b>	<b>159</b>	<b>144</b>	<b>144</b>	<b>147</b>
Industria e electricidade	149	159	144	144	147
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>142</b>	<b>149</b>	<b>138</b>	<b>148</b>	<b>148</b>
Construcción	142	149	138	148	148
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>550</b>	<b>584</b>	<b>600</b>	<b>636</b>	<b>659</b>
Comercio e hostalería	310	316	317	329	344
Transporte e comunicacións	68	87	91	98	102
Outros servizos	172	181	192	209	213
<b>TOTAL</b>	<b>1.004</b>	<b>1.067</b>	<b>1.041</b>	<b>944</b>	<b>1.007</b>

As empresas da comarca de Sarria amosan unha tendencia á estabilidade no período 2000-2004 –variación media do 0,07%–. A evolución caracterízase por experimentar dous intervalos de crecemento ao inicio e ao final do período, así como por minguar nos intervalos centrais, especialmente en 2003.

O sector que experimenta o maior descenso é o primario, que obtén unha variación media negativa de -24,49%, diminuindo notablemente nos anos centrais do período. No sector secundario a tendencia é de leve retroceso, podéndose observar que o número de empresas non mudou significativamente (variación media de -0,34%).

Na construción prodúcese un incremento moderado, cunha variación media do 1,04%, acadada tras unha evolución positiva ao longo do período, aínda que cunha flutuación negativa entre 2001 e 2002 (variación interanual de -7,38%). Por último, os servizos experimentan o maior incremento do conxunto, cunha variación media do 4,62%, e un crecemento estable entre os anos 2000 e 2004, sendo máis intenso no tramo 2000-2001, no que a variación interanual é do 6,18%.

Tendo en conta os subsectores dos servizos, cabe salientar que no de transporte e comunicacións é onde as empresas obtiveron un maior crecemento en números relativos, cunha variación media do 10,67%, seguido polo dos outros servizos (variación media de 5,49%). Con todo, o incremento en números absolutos foi algo maior no segundo que no do transporte e comunicacións.

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>2.421</b>	<b>2.571</b>	<b>2.579</b>	<b>2.585</b>	<b>2.521</b>
Agricultura e pesca	2.421	2.571	2.579	2.585	2.521
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.049</b>	<b>1.090</b>	<b>1.064</b>	<b>1.046</b>	<b>1.063</b>
Industria e electricidade	1.049	1.090	1.064	1.046	1.063
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>577</b>	<b>522</b>	<b>530</b>	<b>597</b>	<b>495</b>
Construcción	577	522	530	597	495
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>1.500</b>	<b>1.731</b>	<b>1.994</b>	<b>2.133</b>	<b>2.159</b>
Comercio e hostalería	702	748	746	822	817
Transporte e comunicacións	224	304	329	358	331
Outros servizos	574	679	919	953	1.011
<b>TOTAL</b>	<b>5.547</b>	<b>5.914</b>	<b>6.167</b>	<b>6.361</b>	<b>6.238</b>

A evolución dos traballadores por conta allea no período 2000-2004 foi positiva, experimentando un crecemento ano tras ano, a excepción do último intervalo no que se reduce levemente (variación interanual de -1,93%). A variación media final para o conxunto dos sectores é do 2,98%.

Esta tendencia de crecemento é común para todos os sectores agás a construción, que perde traballadores (variación media de -3,76%), con retrocesos entre 2000 e 2001 (variación interanual de -9,53%) e entre 2003 e 2004 (variación interanual de -17,09%).

O sector primario mantén unha tendencia cara ao crecemento moderado, cunha variación media do 1,02%, reducíndose o número de traballadores entre 2003 e 2004 (variación interanual de -2,48%). Pola súa parte, o secundario tende á estabilidade (variación media de 0,33%). Neste caso as reducións prodúcense entre 2001 e 2002 e entre 2002 e 2003, aumentando nos demais intervalos.

Nos servizos prodúcese a maior subida, cunha variación media do 9,53%, sendo o crecemento constante, aínda que con maior intensidade nos primeiros intervalos do período. Dentro deste sector, o subsector dos outros servizos é o que rexistra un maior crecemento en números absolutos, cunha variación media do 15,20%, destacando a variación interanual do intervalo 2001-2002, que é do 35,35%. O transporte e comunicacións e o comercio e hostalería crecen con variacións medias do 10,25% e 3,87% respectivamente.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>38</b>	<b>43</b>	<b>44</b>	<b>61</b>	<b>81</b>
Agricultura e pesca	38	43	44	61	81
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>137</b>	<b>144</b>	<b>147</b>	<b>164</b>	<b>172</b>
Industria e electricidade	137	144	147	164	172
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>186</b>	<b>209</b>	<b>210</b>	<b>229</b>	<b>257</b>
Construción	186	209	210	229	257
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>794</b>	<b>844</b>	<b>857</b>	<b>913</b>	<b>985</b>
Comercio e hostalería	509	547	550	579	620
Transporte e comunicacións	137	142	153	170	185
Outros servizos	148	155	154	164	180
<b>TOTAL</b>	<b>1.155</b>	<b>1.240</b>	<b>1.258</b>	<b>1.367</b>	<b>1.495</b>

**TABOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os traballadores autónomos presentan unha evolución caracterizada polo crecemento continuo no conxunto dos sectores produtivos, obtendo unha variación media final do 6,66%. Hai que salientar o incremento entre 2003 e 2004 (variación interanual 9,36%).

Todos os sectores de actividade económica incrementan o seu número de autónomos no transcurso do quinquenio de xeito constante. No sector primario a variación media é do 20,83%, o que supón o maior incremento relativo. O sector servizos, o que máis medra en números absolutos, acada unha variación media do 5,54%. A construción obtén unha variación media do 8,42% e para o sector secundario é do 5,85%.

No referente aos subsectores, o que experimenta un maior crecemento en termos absolutos é o de comercio e hostalería, cunha variación media do 5,06%. A continuación sitúase o transporte e comunicacións, cunha variación media final do 7,80%. Os outros servizos experimentan unha variación media do 5,02%.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Láncara	144	61	205
O Incio	86	50	136
O Páramo	67	26	93
Paradela	74	26	100
Samos	51	31	82
Sarria	698	334	1.032
Triacastela	37	17	54
<b>TOTAL</b>	<b>1.157</b>	<b>545</b>	<b>1.702</b>

**% comarca/provincia - PARADOS 7,21**

**% comarca/provincia - NON PARADOS 6,51**

Na comarca de Sarria recolléronse 1.702 demandas de emprego durante o ano 2004, o 67,98% correspondeuse con demandantes parados e o 32,02% restante con demandantes non parados. O concello de Sarria é o que agrupa a maior parte do total de demandantes da comarca, en concreto ao 60,63%, seguido do de Láncara co 12,04%.

En relación coa provincia de Lugo, os demandantes parados supoñen o 7,21% dos da provincia e os non parados o 6,51%.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	989	939	1.066	1.094	1.157
Variación interanual %	-	-5,06	13,53	2,63	5,76
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6,65</b>	<b>6,55</b>	<b>6,85</b>	<b>6,63</b>	<b>7,21</b>

No período 2000-2004 incrementáronse os demandantes parados da comarca. O único retroceso rexistrouse entre 2000 e 2001 (variación interanual de -5,06%). O maior crecemento dáse entre 2001 e 2002 (variación interanual do 13,53%).

O peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia aumentou 0,56 puntos porcentuais ao longo do quinquenio.



### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	194	11,40	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	963	56,58	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	72	4,23	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	221	12,98	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	74	4,35	4,66
	En expediente de regulación de emprego	X	0,06	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	168	9,87	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	9	0,53	2,99
	Resto de demandantes	0	0,00	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>X</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

A maioría dos demandantes de emprego da comarca de Sarria son parados con emprego anterior (56,58%). Sitúanse a continuación, pero a moita distancia, os non parados con emprego anterior (12,98%) e os parados sen emprego anterior (11,40%).

Comparando estes datos cos da provincia de Lugo, vese que na provincia os colectivos máis significativos son os mesmos que na comarca.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	76	66	12,27	16,41
26 a 35 anos	125	210	28,95	29,04
36 a 45 anos	115	159	23,68	22,46
46 a 55 anos	102	121	19,27	17,95
56 e máis anos	121	62	15,82	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>539</b>	<b>618</b>	<b>100,00</b>	<b>7,21</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>7,21</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

O 53,41% dos demandantes parados da comarca son mulleres, fronte ao 46,59% dos homes. Na provincia, a porcentaxe de demandantes paradas femininas é máis alto: 56,51% fronte ao 43,49% do colectivo masculino.

A maior parte dos demandantes parados son mulleres de 26 a 35 anos, seguidas das mulleres de 36 a 45 anos e dos homes de 26 a 35 anos.

En canto á idade, sen distinción de xénero, máis da metade dos demandantes parados sitúanse por riba dos 35 anos (58,77%). O grupo de idade máis numeroso é o de 26 a 35 anos (28,95%), seguido do de 36 a 45 nos (23,68%). Esta distribución de demandantes non difire grandemente da provincial.

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	33	61	17,25	20,01
26 a 35 anos	48	113	29,54	27,35
36 a 45 anos	44	70	20,92	20,67
46 a 55 anos	38	51	16,33	16,10
56 e máis anos	53	34	15,96	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>216</b>	<b>329</b>	<b>100,00</b>	<b>6,51</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>6,51</b>	<b>100,00</b>

Entre os demandantes non parados tamén predomina o colectivo feminino aínda que en maior medida que no caso anterior: o 60,37% son mulleres e o 39,63% homes. Na provincia as porcentaxes son moi próximas: o 61,30% son mulleres e o 38,70% homes.

En relación cos grupos de idade e o xénero, a maior parte dos demandantes non parados correspóndense con mulleres de 26 a 35 anos, seguidas das mulleres de 36 a 45 anos e das menores de 26 anos.

En relación á provincia, non se observan diferenzas destacables nas distribucións por idades.

**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



No gráfico anterior represéntase a distribución de demandantes, sen distinguir entre parados e non parados, por sexo e grupos de idade. Advírtese que o maior peso porcentual o obtén o grupo de 26 a 35 anos (29,14% do total de demandantes). Ademais, en todos os intervalos de idade a porcentaxe de demandantes femininas é máis alta cá de homes, agás nos maiores de 55 anos, nos que acontece o contrario.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	482	200	682
Titulación de ensinanza obrigatoria	340	142	482
Formación profesional	117	60	177
BUP/Bacharelato superior/COU	108	60	168
Titulados universitarios	75	66	141
Outras titulacións	35	17	52
<b>TOTAL</b>	<b>1.157</b>	<b>545</b>	<b>1.702</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A distribución dos demandantes por nivel académico amosa que o 40,07% teñen ata certificado de escolaridade e o 28,32% a titulación de ensinanza obrigatoria. En suma, os demandantes que teñen como máximo o ensino obrigatorio representan o 68,39% do total. Os que teñen un nivel de estudos superior repártense do seguinte xeito: un 10,40% teñen formación profesional, un 9,87% posúen BUP/bacharelato superior/COU, e os titulados universitarios representan o 8,28%.

Analizando por separado os demandantes parados e non parados, vese que no caso dos parados os que teñen certificado de escolaridade e o ensino obrigatorio suman o 71,05%, mentres que no caso dos non parados esta porcentaxe é do 62,76%. En canto ás demais titulacións, a maior diferenza prodúcese nos titulados universitarios, que representan o 6,48% dos demandantes parados e o 12,11% dos non parados.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	67	5	4	76
	Mulleres	41	16	9	66
26 a 35 anos	Homes	82	27	16	125
	Mulleres	104	37	69	210
36 a 45 anos	Homes	56	25	34	115
	Mulleres	59	26	74	159
46 a 55 anos	Homes	53	16	33	102
	Mulleres	42	19	60	121
Máis de 55 anos	Homes	30	19	72	121
	Mulleres	11	7	44	62
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>545</b>	<b>197</b>	<b>415</b>	<b>1.157</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

Na comarca de Sarria a maioría dos demandantes parados levan menos de 6 meses procurando emprego; trátase do 47,10%. Séguenlle os que levan máis dun ano (35,87%); por último, sitúanse os de 6 meses a 1 ano (17,03%).

Na provincia tamén predominan os que levan menos de 6 meses buscando emprego, con 1,37 puntos porcentuais por riba da comarca. A porcentaxe de parados de longa duración é practicamente a mesma.

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Ademais, atendendo ás idades, o paro de menos de 6 meses é a situación máis frecuente entre as mulleres menores de 36 anos e os homes menores de 55 anos; por riba destas idades predomina o de longa duración.


### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

**TABOA 11:** Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	20	28	48
Sector secundario	132	75	207
Construción	161	58	219
Sector servizos	649	304	953
Sen actividade previa	195	80	275
<b>TOTAL</b>	<b>1.157</b>	<b>545</b>	<b>1.702</b>


A maioría dos demandantes de emprego proceden do sector servizos; en concreto o 55,99%. Entre os demandantes parados os que proveñen deste sector representan o 56,09% e entre os non parados o 55,78%. En segundo lugar, tanto nos parados como nos non parados, destaca o grupo dos que non tiñan actividade previa.

**GRÁFICO 2:** Demandantes parados na industria.



Na industria, a maior parte de demandantes parados derivan da alimentación (32%) e, despois, das outras industrias (23%) e da madeira (18%).

**GRÁFICO 3:** Demandantes parados nos servizos.



A actividade dos servizos que agrupa a maior parte de demandantes parados é a de administracións públicas (26%), seguida da hostalería (20%) e do comercio (16%).

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	164	9,64	8,75
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	130	7,64	7,40
Peón da ind. manufactureira, en xeral	118	6,93	3,77
Dependente de comercio, en xeral	118	6,93	8,39
Auxiliar de clínica	63	3,70	1,67
Cociñeiro, en xeral	55	3,23	1,65
Peón da construción de edificios	49	2,88	3,09
Camareiro, en xeral	46	2,70	2,07
Conductor de camión, en xeral	46	2,70	1,89
Albanel	45	2,64	2,90

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Empregado administrativo, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Láncara	20
O Incio	4
O Páramo	7
Paradela	1
Samos	4
Sarria	441
Triacastela	19
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>496</b>

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	5,51


En 2004 recolléronse na comarca de Sarria 496 ofertas de emprego que representan o 5,51% das producidas na provincia de Lugo. A gran maioría destas ofertas concentráronse no concello de Sarria, en concreto o 88,91%.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Láncara	10	5	28	35	20
O Incio	13	1	2	5	4
O Páramo	6	1	11	15	7
Paradela	1	1	3	8	1
Samos	32	11	19	1	4
Sarria	339	543	436	437	441
Triacastela	1	2	3	6	19
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>402</b>	<b>564</b>	<b>502</b>	<b>507</b>	<b>496</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

A comarca de Sarria evoluciona positivamente en canto ao número de ofertas no período 2000-2004 (variación media do 5,39%). Esta tendencia é maior que a producida no conxunto da provincia (variación media do 0,64%). A evolución da comarca caracterízase pola descontinuidade, acontecendo o maior crecemento entre 2000 e 2001 (variación interanual do 40,30%) e o maior descenso entre 2001 e 2002 (variación interanual de -10,99%). Nos demais anos os valores son moito máis moderados. Na provincia, as ofertas incrementáronse ao longo de todo o período agás en 2004, no que se reduciron.

Considerando os concellos individualmente, Sarria, que amosa máis ofertas en termos absolutos, experimenta un crecemento que se reflicte nunha variación media do 6,80%. As ofertas neste concello soamente decrecen no intervalo 2001-2002 (variación interanual negativa de -19,71%) e acadan o maior crecemento entre 2000 e 2001 (variación interanual do 60,18%). En canto ao resto de municipios, no que o número de ofertas foi en xeral moi escaso, seguiron unha dinámica positiva o de Triacastela, Láncara e o Páramo, mentres que o do Incio e, sobre todo, o de Samos tiveron un balance negativo.



**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.


O gráfico anterior permite comparar a evolución das ofertas no concello de Sarria coas do resto de municipios da comarca como conxunto. Ata mediados do quinquenio as ofertas en ambos os dous ámbitos territoriais seguiron tendencias opostas; en 2001 medraron en Sarria e decreceron no resto e ao ano seguinte aconteceu o contrario. Na segunda metade do período as oscilacións, tanto en Sarria como no resto, foron de moita menor magnitude, tendendo cara á estabilidade.

**5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica**

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Láncara	2	0	6	12
O Incio	0	0	0	4
O Páramo	2	0	0	5
Paradela	1	0	0	0
Samos	0	0	0	4
Sarria	29	45	30	337
Triacastela	0	1	0	18
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>34</b>	<b>46</b>	<b>36</b>	<b>380</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


No municipio de Sarria tiveron lugar o 85,29% das ofertas do sector primario, o 97,83% das do secundario, o 83,33% das da construción e o 88,68% das producidas nos servizos. En canto aos outros concellos, unicamente cabería destacar unha vez máis a escaseza de ofertas.



**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


A gran maioría das ofertas laborais da comarca tiveron lugar nos servizos (77%). O segundo sector máis importante, o secundario, tan só representa o 9%.

**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas na industria.



Na industria, o 78% das ofertas producíronse nas outras industrias. As restantes, moi escasas, relacionáronse principalmente coa actividade da alimentación.

**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 63% das ofertas dos servizos derivan das administracións públicas e o 10% da hostalería. As demais actividades terciarias representan unha porcentaxe igual ou inferior ao 7%.

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	8	8	5	13	34
Secundario	25	35	34	13	46
Construción	55	71	51	60	36
Servizos	314	450	412	420	380
Sen actividade	0	0	0	1	0
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>402</b>	<b>564</b>	<b>502</b>	<b>507</b>	<b>496</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>



No quinquenio 2000-2004 o volume de ofertas no sector servizos, o máis importante de todos con gran diferenza, medrou cunha taxa de variación media do 4,89%. A traxectoria evolutiva deste sector foi irregular. Destaca o forte incremento das ofertas en 2001, ano no que medraron nun 43,31%. No resto do período diminuíron en menor medida.

Os outros sectores, cun volume de ofertas moi reducido, seguiron tamén unha dinámica expansiva, agás o da construción, no que a variación media foi do -10.05% (19 ofertas menos en números absolutos).

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego, só o 8,06% establecen o sexo como requirimento para ocupar un determinado posto de traballo. Estas ofertas repártense por igual entre ambos os sexos. Dentro do sector servizos, as mulleres demándanse en maior medida para a hostalería e os homes para os servizos de automoción e mais para transportes e comunicacións. Unha parte importante das ofertas destiñadas a homes derivan da construción.

Por outra parte, máis da metade das ofertas exixiron ter certo nivel de estudos para poder acceder a un traballo, en concreto o 58,06%. Así e todo, o nivel requirido foi moi baixo; en nove de cada dez casos o único que se solicitou foi o certificado de escolaridade. A gran maioría destas ofertas procederon das administracións públicas.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	3	8	1	6	28
Camareiro - Barman	11	6	19	24	16
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral	3	5	5	11	15
Gandeiro de vacún	1	3	4	10	8
Peón de albanel/Peón de obras públicas	20	10	9	14	6
Operario de formigoneira	0	0	0	0	6
Traballador espazos naturais	0	0	0	0	6
Empregado/a do fogar	1	3	9	14	5
Auxiliar de clínica / enfermería	0	0	0	0	4
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	5	4	4	10	4

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

As ofertas xestionadas polos centros colaboradores en 2004, pese a seren máis elevadas que en anos anteriores, destacan polo seu escaso volume. A ocupación máis ofertada foi a de axente comercial/vendedor, cun total de 28 ofertas. A continuación situáronse a de camareiro-barman e a de conductor de mercadorías/conductor de camión.

O volume de ofertas acadado en 2004 polas ocupacións de axente comercial/vendedor e de conductor de mercadorías/conductor de camión é o máximo acadado ao longo do quinquenio 2000-2004. No caso da de camareiro-barman, este máximo acadouse en 2003.

Ademais, no período 2000-2004 xurdiron tres novas ocupacións: a de operario de formigoneira, a de traballador de espazos naturais e a de auxiliar de clínica/enfermería. Por último, cómpre subliñar o decrecemento da ocupación de peón de albanel/peón de obras públicas ao longo destes anos.

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón forestal	28	38	32	45	63
Albanel	11	82	68	58	39
Peón de obras públicas, en xeral	42	29	15	21	25
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	9	9	15	19	20
Técnico de protección civil	13	12	18	17	16
Empregado administrativo, en xeral	6	8	16	13	13
Carpinteiro, en xeral	0	0	0	0	12
Encargado ou capataz forestal	5	7	3	5	9
Conductor-operación de maquinaria forestal con motor, en xeral	0	0	0	1	8
Camareiro, en xeral	12	16	22	5	7

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas en 2004 foron as de peón forestal e albanel. Trátase ademais de dúas ocupacións que medraron notablemente no transcurso do quinquenio 2000-2004. No caso dos peóns forestais destaca o aumento producido nos dous últimos anos, mentres que na ocupación de albanel prodúcese un grande incremento en 2001 para ir reducíndose continuamente no resto do período.

Pola banda contraria destaca a regresión das ofertas nas ocupacións de peón de obras públicas, en xeral, e na de camareiro, en xeral. Por último, hai que sinalar que ao final do período emerxeron as ofertas de carpinteiro, en xeral, e a de conductor-operación de maquinaria forestal con motor, en xeral.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
Láncara	279
O Incio	161
O Páramo	113
Paradela	165
Samos	156
Sarria	4.207
Triacastela	136
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>5.217</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca de Sarria asináronse 5.217 contratos durante o ano 2004, o 7,12% do volume de contratación da provincia. A grande maioría tiveron lugar no municipio de Sarria (80,64%), quedando os demais concellos con porcentaxes inferiores ao 6%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Láncara	249	256	345	386	279
O Incio	169	209	152	188	161
O Páramo	92	111	109	139	113
Paradela	150	173	177	152	165
Samos	164	149	182	111	156
Sarria	2.866	3.718	3.663	3.893	4.207
Triacastela	93	84	82	111	136
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>3.783</b>	<b>4.700</b>	<b>4.710</b>	<b>4.980</b>	<b>5.217</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 o volume contractual da comarca medrou notablemente (variación media do 8,37%). Ademais, esta expansión caracterizouse pola súa continuidade, ano tras ano. O crecemento de maior intensidade produciuse en 2001, ano no que se incrementaron nun 24,24%. Na provincia tamén se expandiu a contratación, pero fíxoo en moi escasa medida (variación media do 0,54%). A evolución provincial caracterizouse pola tendencia regresiva nos primeiros anos do período e o posterior cambio cara ao crecemento.

O concello de Sarria, o que presenta un maior número de contratos, acada unha variación media do 10,07%. Os contratos só se reducen entre 2001 e 2002 (variación interanual de -1,48%), medran nos demais anos e acadan, entre 2000 e 2001 unha variación interanual do 29,73%.

En canto aos concellos nos que medra a contratación, en Láncara prodúcese crecemento en todos os intervalos do período excepto no último, obtendo unha variación media final do 2,88%. Paradela tamén ten só un intervalo de retroceso e aumenta nos demais, cunha variación media do 2,41%. Triacastela experimenta un forte crecemento dende 2003, obtendo unha variación media do 9,97%. O Páramo amosa un crecemento descontínuo (variación media do 5,27%).

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

Nos demais concellos prodúcense retrocesos na contratación: Samos presenta unha variación media de -1,24% e no Incio a variación media é de -1,21%.

#### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	880	552	1.432
De 26 a 35 anos	958	832	1.790
De 36 a 45 anos	668	446	1.114
De 46 a 55 anos	410	220	630
De 56 e máis anos	190	61	251
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>3.106</b>	<b>2.111</b>	<b>5.217</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>880</b>	<b>552</b>	<b>1.432</b>

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa un repartimento desigual entre o colectivo feminino e o masculino; deste xeito, os homes concentran o 59,54% da contratación e as mulleres o 40,46%. No ámbito provincial a desigualdade entre os xéneros segue acontecendo pero é de natureza oposta, xa que os homes representan o 48,55% da contratación e as mulleres o 51,45%.


Tanto a contratación masculina como a feminina agrúpanse nos intervalos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, onde se concentra o 61,76%. A presenza masculina é superior á feminina en todos os intervalos de idades.

**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	2.381	2.857	2.843	2.910	3.106
Mulleres	1.402	1.843	1.867	2.070	2.111
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.783</b>	<b>4.700</b>	<b>4.710</b>	<b>4.980</b>	<b>5.217</b>

En canto á evolución da contratación segundo sexo, obsérvase que tanto homes como mulleres seguen tendencias positivas durante o período 2000-2004. O maior crecemento relativo na contratación experimentano as mulleres (variación media do 10,77%), cunha evolución de crecemento continuado na que destaca o incremento dun 31,46% acontecido en 2001.

O crecemento do colectivo masculino é máis moderado (variación media do 6,87%), experimentando un leve retroceso entre 2001 e 2002 (variación interanual de -0,49%). O maior crecemento prodúcese tamén, como sucede coas mulleres, entre 2000 e 2001 (variación interanual do 19,99%).



**GRÁFICO 8:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

No gráfico anterior reflíctense as diferenzas entre os sexos na evolución da contratación, observándose que a distancia entre ambos os colectivos se reduciu, sendo de 25,88 puntos porcentuais no ano 2000 e de 19,09 puntos no ano 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.101	1.430	1.355	1.389	1.432
De 26 a 35 anos	1.089	1.470	1.430	1.553	1.790
De 36 a 45 anos	921	865	962	1.126	1.114
De 46 a 55 anos	387	585	549	679	630
De 56 e máis anos	285	350	414	233	251
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.783</b>	<b>4.700</b>	<b>4.710</b>	<b>4.980</b>	<b>5.217</b>

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

A evolución dos contratos entre 2000 e 2004 amosa un comportamento negativo para os maiores de 55 anos, variación media -3,13%. Neste grupo a contratación redúcese entre os anos 2002 e 2003, variación interanual -43,72%.

Os demais grupos de idade ven aumentado o número de contratos durante o quinquenio. O grupo de 26 a 35 anos experimenta o maior crecemento (variación media do 13,23%), obtendo só un suave descenso entre 2001 e 2002 (variación interanual de -2,72%) e crecendo con distintas intensidades nos demais intervalos. Unha evolución semellante experimentana os menores de 26 anos, cunha variación media de 6,79% e un único descenso entre 2001 e 2002 (variación interanual de -5,24%).

A evolución do grupo de 46 a 55 anos caracterízase pola discontinuidade no crecemento, producíndose a alternancia de períodos de aumento con períodos de retroceso; neste sentido cabe sinalar o retroceso producido entre 2003 e 2004 (variación interanual de -7,22%) e o aumento entre 2000 e 2001 (variación interanual de 51,16%). A variación media para o período é do 12,96%.

Os contratos do grupo de idade de 36 a 45 anos crecen cunha variación media do 4,87%; prodúcense retrocesos nas fases inicial e final do período, recuperándose notablemente nos intermedios con variacións interanuais do 11,21% e 17,05%.

### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>55</b>
Agricultura e pesca	55
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>357</b>
Industria e electricidade	357
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>512</b>
Construción	512
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>4.293</b>
Comercio e hostalería	1.185
Transporte e comunicacións	343
Outros servizos	2.765
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.217</b>

No ano 2004 na comarca de Sarria o sector servizos concentra a maioría dos contratos, o 82,29%. Dentro deste sector, o subsector con maior volume é os outros servizos (53%), seguido do comercio e hostalería (22,71%) e transporte e comunicacións (6,57%).


O seguinte sector en importancia é a construción, co 9,81% dos contratos. O sector secundario e o primario concentran o 6,84% e o 1,05% dos contratos respectivamente.

**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación na industria.



O 33% da contratación da industria sitúase na actividade de alimentación. A madeira representa o 25% e as outras industrias o 20%.

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Os contratos asinados dentro do sector servizos concéntranse nos servizos a comunidade (25%), a sanidade (19%), a hostalería (19%) e as administracións públicas (12%).

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>47</b>	<b>8</b>	<b>16</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>0</b>
Agricultura e pesca	47	8	16	13	12	14	0
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>255</b>	<b>102</b>	<b>156</b>	<b>119</b>	<b>59</b>	<b>16</b>	<b>7</b>
Industria e electricidade	255	102	156	119	59	16	7
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>492</b>	<b>20</b>	<b>160</b>	<b>157</b>	<b>117</b>	<b>58</b>	<b>20</b>
Construción	492	20	160	157	117	58	20
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>2.312</b>	<b>1.981</b>	<b>1.100</b>	<b>1.501</b>	<b>926</b>	<b>542</b>	<b>224</b>
Comercio e hostalería	526	659	584	368	113	109	11
Transporte e comunicacións	255	88	42	95	127	66	13
Outros servizos	1.531	1.234	474	1.038	686	367	200
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.106</b>	<b>2.111</b>	<b>1.432</b>	<b>1.790</b>	<b>1.114</b>	<b>630</b>	<b>251</b>

**TÁBOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

A maior parte dos contratos, tanto para o colectivo masculino como para o colectivo feminino, aínda que especialmente para este último, agrúpanse no sector servizos. Deste xeito, o 44,32% do total de contratos realizados na comarca son asinados por homes no sector servizos, destacando pola súa maior presenza nos outros servizos. O segundo sector en importancia é a construción, co 9,43% do total da contratación.

No relativo ás mulleres, o 37,97% do total dos contratos comarcais son asinados por estas no sector servizos, especialmente nos outros servizos (23,65%). Nos demais sectores á súa presenza é marxinal, destacando tan só o 1,96% dos contratos no sector secundario.

Analizando a distribución por idade, o sector servizos é predominante en todos os grupos de idade, seguido, tamén en todas as idades, pola construción. No que atinxe aos subsectores, os outros servizos son os máis representados en todos os grupos, agás nos menores de 26 anos, onde cobra maior importancia o comercio e hostalería.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>78</b>	<b>82</b>	<b>58</b>	<b>36</b>	<b>55</b>
Agricultura e pesca	78	82	58	36	55
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>419</b>	<b>421</b>	<b>420</b>	<b>346</b>	<b>357</b>
Industria e electricidade	419	421	420	346	357
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>415</b>	<b>486</b>	<b>443</b>	<b>496</b>	<b>512</b>
Construción	415	486	443	496	512
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>2.871</b>	<b>3.711</b>	<b>3.789</b>	<b>4.102</b>	<b>4.293</b>
Comercio e hostalería	657	1.001	1.070	1.148	1.185
Transporte e comunicacións	133	219	246	275	343
Outros servizos	2.081	2.491	2.473	2.679	2.765
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.783</b>	<b>4.700</b>	<b>4.710</b>	<b>4.980</b>	<b>5.217</b>

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 amósase unha evolución desigual para a contratación nos diferentes sectores. Os sectores primario e secundario experimentan retrocesos, con variacións medias respectivas de -8,36% e -3,92%. Ambos descenden entre 2001 e 2002 e entre 2002 e 2003.


A construción evoluciona de xeito positivo (variación media do 5,39%), cun único retroceso na contratación entre 2001 e 2002 (variación interanual de -8,85%) e co maior crecemento entre 2000 e 2001 (variación interanual do 17,11%).

En canto ao sector servizos, a tendencia da contratación é positiva, cunha variación media do 10,58%, acadada tras un crecemento continuo ao longo do quinquenio.

Tendo en conta os subsectores, o comercio e hostalería obtén unha variación media do 15,89%, coa maior intensidade de crecemento entre 2000 e 2001 (variación interanual do 52,36%). O transporte e comunicacións, con crecementos intensos como o producido entre 2000 e 2001 (variación interanual do 64,66%), obtén unha variación media do 26,72%. Os outros servizos tamén crecen (variación media do 7,36%), cun pequeno retroceso entre 2001 e 2002.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

**GRÁFICO 11:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Na comarca de Sarria a metade dos contratos son temporais a tempo completo. A categoría outros representa o 34% e os temporais a tempo parcial o 7%, mentres que o resto de modalidades sitúanse en porcentaxes iguais ou inferiores ao 4%.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	112	76	49	55	45	31	8
Indefinido tempo parcial	9	29	14	8	10	6	0
Temporal	1.635	1.008	882	893	510	298	60
Temporal tempo parcial	128	254	123	137	77	32	13
Prácticas/Formación	123	92	180	22	5	4	4
Outros	1.099	652	184	675	467	259	166
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.106</b>	<b>2.111</b>	<b>1.432</b>	<b>1.790</b>	<b>1.114</b>	<b>630</b>	<b>251</b>

Tanto para os homes como para as mulleres, a modalidade de contratación predominante é a temporal a tempo completo. O mesmo acontece para todos



os grupos de idade. Todas as formas de contratación son maioritarias entre o colectivo masculino, agás as que implican tempo parcial, nas que as mulleres se sitúan por riba.

No relativo á distribución por idades, a contratación temporal a tempo completo acada o volume máis alto nos menores de 36 anos, cunha porcentaxe do 34,03% do total da contratación. O mesmo acontece cos contratos temporais a tempo parcial.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	8	53	19	55	38	15	108
Indefinido tempo parcial	0	X	X	16	5	14	35
Temporal	45	236	432	893	277	760	1.930
Temporal tempo parcial	X	30	32	152	21	146	319
Prácticas/Formación	X	36	28	69	X	79	150
Outros	0	0	0	0	0	1.751	1.751
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>55</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>1.185</b>	<b>X</b>	<b>2.765</b>	<b>4.293</b>

**TABOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as modalidades de contratación se agrupan, maioritariamente, no sector servizos. En canto aos subsectores, o comercio concentra a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, en concreto o 17,12%, seguido polos outros servizos, co 14,57%. En canto aos contratos da categoría "outros", a totalidade sitúase nos outros servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	269	206	165	221	188
Indefinido tempo parcial	51	50	42	43	38
Temporal	1.776	2.407	2.483	2.447	2.643
Temporal tempo parcial	392	372	357	354	382
Prácticas/Formación	140	187	171	194	215
Outros	1.155	1.478	1.492	1.721	1.751
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.783</b>	<b>4.700</b>	<b>4.710</b>	<b>4.980</b>	<b>5.217</b>

**TABOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

As distintas modalidades de contratación evolucionan de xeito diferenciado entre 2000 e 2004. Entre as que crecen, a única modalidade que o fai continuamente é a categoría "outros", cunha variación media do 10,96% e obtendo o máximo crecemento entre 2000 e 2001 (variación interanual do 27,97%). Os contratos temporais a tempo completo reflicten o seu aumento no quinquenio mediante a variación media do 10,45%, cun intervalo de descenso entre 2002 e 2003. Por último, os contratos en prácticas/formación obtéñen unha variación media do 11,32%.

En canto ás modalidades que decrecen no volume de contratación, o maior descenso experimentano os contratos indefinidos a tempo completo (variación media de -8,57%), con caídas producidas en todos os intervalos excepto entre 2002 e 2003. Os indefinidos a tempo parcial, moi escasos, tamén decreceron, e os temporais a tempo parcial reducíronse levemente (variación media de -0,64%).

### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>X</b>	<b>-4,09</b>
HOMES	8	-5,43
MULLERES	X	0,00
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>1.673</b>	<b>10,85</b>
HOMES	1.085	11,38
MULLERES	588	9,91
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>141</b>	<b>5,23</b>
HOMES	76	6,99
MULLERES	65	3,34
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>383</b>	<b>6,12</b>
HOMES	71	-0,69
MULLERES	312	8,04
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>1.251</b>	<b>17,29</b>
HOMES	438	28,03
MULLERES	813	13,04
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>X</b>	<b>-13,78</b>
HOMES	20	-14,83
MULLERES	X	
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>561</b>	<b>2,31</b>
HOMES	489	1,21
MULLERES	72	11,85
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>353</b>	<b>8,58</b>
HOMES	349	8,70
MULLERES	4	0,00
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>823</b>	<b>1,35</b>
HOMES	570	-2,00
MULLERES	253	11,79
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.217</b>	<b>8,37</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>3.106</b>	<b>6,87</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>2.111</b>	<b>10,77</b>

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca de Sarria son os seguintes:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 32,07%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 23,98%.
- Traballadores non cualificados: 15,78%

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

#### Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 20,80%.
- Traballadores non cualificados: 10,93%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 9,37%.

#### Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio: 15,58%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 11,27%.
- Empregadas de tipo administrativo: 5,98%.

Só en dous grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, que son os seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supón un 15,58% do total da contratación, fronte ao 8,40% da masculina.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos representan un 5,98% do total de contratos, fronte ao 1,36% dos masculinos.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
25130104	Músico instrumentista, en xeral	943	862	81	91,41
50200018	Camareiro, en xeral	610	328	282	53,77
21210011	Médico, medicina xeral	300	95	205	31,67
27200016	Enfermeiro, en xeral	290	81	209	27,93
86300016	Conductor de camiión, en xeral	260	260	0	100,00
42100010	Empregado administrativo, en xeral	226	37	189	16,37
71100016	Albanel	200	177	23	88,50
96020014	Peón da construción de edificios	184	177	7	96,20
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	160	142	18	88,75
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	142	36	106	25,35
	<b>TOTAL</b>	<b>3.315</b>	<b>2.195</b>	<b>1.120</b>	<b>66,21</b>

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Da totalidade dos contratos realizados na comarca de Sarria en 2004, o 63,54% foron asinados dentro das ocupacións máis contratadas.

A ocupación máis contratada en 2004 foi a de músico instrumentista, seguida da de camareiro e médico. Neste sentido, prodúcense diferenzas entre homes e mulleres, xa que para os primeiros a ocupación cun maior volume de contratación é a de músico instrumentista, seguida da de camareiro e condutor de camiión. Para as mulleres, camareira, enfermeira e médica.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, como indica o ratio de masculinidade do 66,21%. Destacan polo alto nivel de contratación masculina as ocupacións de condutor de camiión, peón da construción de edificios e músico instrumentista. Pola contra, as ocupacións cunha contratación máis feminizada son empregada administrativa, muller/mozo de limpeza e enfermeira.

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
25130104	Músico instrumentista, en xeral	584	659	766	953	943
50200018	Camareiro, en xeral	183	546	651	587	610
21210011	Médico, medicina xeral	239	324	226	261	300
27200016	Enfermeiro, en xeral	176	337	348	394	290
86300016	Condutor de camión, en xeral	173	215	160	203	260
42100010	Empregado administrativo, en xeral	158	190	210	231	226
71100016	Albanel	153	204	193	161	200
96020014	Peón da construción de edificios	180	176	149	163	184
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	231	180	168	217	160
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	87	100	116	90	142
50100017	Cociñeiro, en xeral	78	75	87	150	128
51110077	Coidador minusv. físic. / psíqu. / sens. en hosp.	84	127	109	123	113
53300010	Dependente de comercio, en xeral	106	100	93	122	111

No que atinxe á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004, obsérvase que tres non figuran na lista en 2004, a pesar de aumentar a contratación durante o quinquenio; trátase de cociñeiro, coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais en hospitais e dependente de comercio.

Dentro das ocupacións máis contratadas no ano 2004, o maior incremento prodúcese na de camareiro, que acada unha variación media do 35,12%, consecuencia do forte incremento producido entre 2000 e 2001. Pola contra, a única ocupación que retrocede na contratación é a de peón da industria manufactureira, que presenta unha variación media de -8,77%.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Administración e oficinas	36	6,25	2	5,88
Artesanía	31	31,63	2	33,33
Servizos ás empresas	46	2,04	3	2,11
Industrias alimentarias	17	12,32	1	12,50
Industrias da madeira e a cortiza	70	48,61	4	44,44
Montaxe e instalación	18	13,53	1	12,50
Sanidade	38	7,47	2	6,90
Seguros e finanzas	19	14,18	1	12,50
Transportes e comunicacións	16	8,08	1	8,33
<b>TOTAL</b>	<b>291</b>	<b>4,52</b>	<b>17</b>	<b>4,29</b>

**TABOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

Na comarca de Sarria participan, en 2004, 291 persoas en formación profesional ocupacional, o que significa o 4,52% dos participantes na provincia de Lugo. Os cursos impartidos ascenden a 17, o 4,29% dos cursos provinciais.

A maior parte desta formación agrúpase na familia das industrias da madeira e a cortiza, co 24,05% do alumnado e o 23,53% dos cursos. O segundo lugar sitúase a familia de servizos ás empresas, co 15,81% dos alumnos e o 17,65% dos cursos.

Os alumnos da familia de industrias da madeira e a cortiza na comarca suman o 48,61% do total do alumnado provincial correspondente á citada familia.


Na comarca de Sarria impártense tres cursos con compromiso de contratación situados dentro da familia de industrias da madeira e da cortiza, agrupando 53 alumnos.

## 5.6.- CONCLUSIÓNS

- Na comarca de Sarria o sector servizos concentra a maioría das empresas e dos traballadores autónomos. Ambos os grupos experimentan crecemento no seu volume durante o período 2000-2004. Os traballadores por conta allea concéntranse no sector primario, sendo a súa evolución para o mesmo período tamén positiva.
- A comarca aglutina o 7,21% dos demandantes parados e o 6,51% dos demandantes non parados, procedendo 6 de cada dez do concello de Sarria.
- Algo máis da metade dos demandantes comarcais son parados con emprego anterior. O colectivo feminino, igual que no conxunto da provincia, predomina entre o conxunto de demandantes. A maior incidencia de demandantes parados prodúcese entre as mulleres de 26 a 35 anos. O certificado de escolaridade é a titulación máis común entre os demandantes.
- En canto ao tempo de busca de emprego, o máis frecuente é que os demandantes leven menos de seis meses inmersos no proceso. A partir dos 55 anos para os homes e dos 35 anos para as mulleres, predominan os demandantes parados de longa duración.
- Algo máis da metade dos demandantes de emprego proceden do sector servizos, principalmente das actividades derivadas das administracións públicas. O segundo sector en importancia é a construción. A ocupación máis demandada na comarca é a de empregado administrativo.
- A comarca de Sarria agrupa o 5,51% das ofertas de emprego producidas na provincia de Lugo; case nove de cada dez destas ofertas danse no concello de Sarria. Estas ofertas experimentan unha tendencia crecente no período 2000-2004, de maior intensidade que o crecemento provincial.
- Case oito de cada dez ofertas que se producen na comarca correspóndense cos servizos, especialmente cos derivados das administracións públicas. Este sector experimentou un crecemento no volume de ofertas durante o período 2000-2004.
- As ocupacións máis ofertadas polos centros colaboradores do Servizo Público de Emprego en 2004 son axente comercial/vendedor e camareiro-barman. Nas oficinas de emprego son peón forestal e albanel.
- Os contratos asinados na comarca de Sarria en 2004 supoñen o 7,12% da contratación provincial. Oito de cada dez contratos realízanse no concello de Sarria. A contratación comarcal durante o período 2000-2004 crece con maior intensidade que no conxunto da provincia de Lugo.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina, xa que seis de cada dez contratos son asinados por homes. A contratación provincial no seu conxunto atópase máis feminizada. Tanto a contratación masculina como a feminina evolucionan positivamente no quinquenio.
- Segundo a idade, a contratación comarcal concéntrase nos menores de 36 anos. O único grupo no que se reduce o volume de contratación é o dos maiores de 55 anos.
- Máis de oito de cada dez contratos realízanse no sector servizos, destacando os asinados nos servizos á comunidade e na sanidade. O seguinte sector en importancia na comarca é a construción, sendo estes dous sectores nos únicos nos que medra a contratación durante o período 2000-2004.
- A metade dos contratos realizados na comarca de Sarria son temporais a tempo completo. Esta é a modalidade de contratación máis frecuente para todos os grupos de idade así como para ambos os sexos. As modalidades de contratos que evo-

lucionan positivamente entre 2000 e 2004 son os temporais a tempo completo, en prácticas/formación e os da modalidade "outros".

- Para o colectivo masculino o grupo de ocupación con maior contratación é o dos técnicos profesionais, científicos e intelectuais; para o colectivo feminino, traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio.
- Na comarca de Sarria participaron, en 2004, 291 persoas en formación profesional ocupacional, predominando os cursos da familia de industrias da madeira e da cortiza, impartíndose os únicos tres cursos desta familia na provincia con compromiso de contratación.





# Comarca da Terra Chá



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>114</b>	<b>7,29</b>	<b>4.600</b>	<b>44,91</b>	<b>112</b>	<b>5,15</b>
Agricultura e pesca	114	7,29	4.600	44,91	112	5,15
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>202</b>	<b>12,92</b>	<b>1.575</b>	<b>15,38</b>	<b>236</b>	<b>10,85</b>
Industria e electricidade	202	12,92	1.575	15,38	236	10,85
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>241</b>	<b>15,42</b>	<b>889</b>	<b>8,68</b>	<b>383</b>	<b>17,61</b>
Construcción	241	15,42	889	8,68	383	17,61
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.006</b>	<b>64,36</b>	<b>3.179</b>	<b>31,04</b>	<b>1.444</b>	<b>66,39</b>
Comercio e hostalería	575	36,79	1.509	14,73	919	42,25
Transporte e comunicacións	163	10,43	499	4,87	267	12,28
Outros servizos	268	17,15	1.171	11,43	258	11,86
<b>TOTAL</b>	<b>1.563</b>	<b>100,00</b>	<b>10.243</b>	<b>100,00</b>	<b>2.175</b>	<b>100,00</b>

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da Terra Chá obsérvase un claro predominio do sector servizos no referido ás empresas e aos traballadores autónomos, así como unha maior significatividade do sector primario nos traballadores por conta allea.

No ano 2004, no sector servizos concéntranse o 64,36% das empresas, seguido a considerable distancia polo da construción, o 15,42%, e polo secundario, o 12,92%. Atendendo aos subsectores, a maior parte das empresas da comarca reúnense no de comercio e hostalería, o 36,79%, seguido do de outros servizos, o 17,15%.

Ao contrario do que sucede coas empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse na súa maior parte no sector primario, que representa o 44,91% do total. A curta distancia sitúase o sector servizos, co 31,04% dos traballadores, seguido do secundario, co 15,38%. Sen ter en consideración o subsector de agricultura e pesca, o máis importante, os subsectores que achegan un maior volume ao conxunto a continuación son os de industria e electricidade, co 15,38%, e comercio e hostalería, co 14,73%.

Os traballadores autónomos englobáanse de novo na súa maioría nos servizos, onde se rexistran o 66,39% do total. O segundo sector en orde de

importancia é o da construción, co 17,61% dos autónomos, seguido do secundario, co 10,85%. No ámbito subsectorial cabe sinalar o peso do subsector de comercio e hostalería, que agrupa máis de catro de cada dez autónomos, o 42,25%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>335</b>	<b>355</b>	<b>294</b>	<b>21</b>	<b>114</b>
Agricultura e pesca	335	355	294	21	114
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>185</b>	<b>189</b>	<b>194</b>	<b>198</b>	<b>202</b>
Industria e electricidade	185	189	194	198	202
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>198</b>	<b>209</b>	<b>227</b>	<b>224</b>	<b>241</b>
Construción	198	209	227	224	241
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>912</b>	<b>934</b>	<b>951</b>	<b>991</b>	<b>1.006</b>
Comercio e hostalería	538	544	549	575	575
Transporte e comunicacións	132	142	159	158	163
Outros servizos	242	248	243	258	268
<b>TOTAL</b>	<b>1.630</b>	<b>1.687</b>	<b>1.666</b>	<b>1.434</b>	<b>1.563</b>

Observando a evolución do número de empresas da Terra Chá entre os anos 2000 e 2004, denótase unha leve tendencia ao decrecemento, cunha variación media negativa de -1,04%. No período analizado, no conxunto de sectores, as empresas increméntanse nos intervalos inicial e final do quinquenio, reducíndose nos intermedios, sobre todo entre os anos 2002 e 2003, onde a variación interanual é de -13,93%.

O único sector onde as empresas se reducen é no primario, que presenta unha variación media negativa de -23,62%. Neste sector, a pauta evolutiva é semellante á do conxunto anteriormente descrita, dado que as empresas diminúen nos intervalos intermedios do período, destacando a variación interanual do tramo 2002-2003, de -92,86%.

O sector servizos é o que máis se incrementa en termos absolutos, cunha variación media do 2,48%, mantendo un crecemento constante ao longo destes cinco anos sen rexistrar ningún descenso das empresas. No referente aos subsectores, o de comercio e hostalería aumenta a un ritmo lixeiramente menor que o do sector, cunha variación media anual do 1,68%, mentres que o de outros servizos rexistra unha variación media do 2,58%.

Nos sectores secundario e da construción, as empresas tamén experimentan unha expansión, obtendo variacións medias do 2,22% e do 5,04% respectivamente.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>4.490</b>	<b>4.695</b>	<b>4.696</b>	<b>4.684</b>	<b>4.600</b>
Agricultura e pesca	4.490	4.695	4.696	4.684	4.600
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>1.424</b>	<b>1.510</b>	<b>1.602</b>	<b>1.559</b>	<b>1.575</b>
Industria e electricidade	1.424	1.510	1.602	1.559	1.575
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>675</b>	<b>761</b>	<b>759</b>	<b>845</b>	<b>889</b>
Construcción	675	761	759	845	889
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>2.572</b>	<b>2.816</b>	<b>2.901</b>	<b>3.057</b>	<b>3.179</b>
Comercio e hostalería	1.334	1.347	1.420	1.447	1.509
Transporte e comunicacións	383	426	489	493	499
Outros servizos	855	1.043	992	1.117	1.171
<b>TOTAL</b>	<b>9.161</b>	<b>9.782</b>	<b>9.958</b>	<b>10.145</b>	<b>10.243</b>

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

A evolución dos traballadores por conta allea no período 2000-2004 foi positiva, medrando o seu número ano tras ano de forma ininterrompida e acadando unha variación media final do 2,83%.

Esta tendencia expansiva é común a todos os sectores, sendo o primario o que presenta un ritmo de crecemento menor, pois tende ao estancamento, cunha variación media anual do 0,61%. A evolución deste sector é positiva nos dous primeiros intervalos do período, pasando a invertirse nos dous últimos.

Do mesmo xeito que sucedía coas empresas, o sector que rexistra unha maior subida en termos absolutos é o dos servizos, que medra de forma constante nestes cinco anos, e obtén unha variación media do 5,44%. O aumento máis forte neste sector dáse entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 9,49%. O subsector de comercio e hostalería experimenta neste intervalo un crecemento máis moderado que o do conxunto do sector, cunha variación media do 3,13%.

O sector que máis aumenta a continuación dos servizos é o da construción, cunha variación media do 7,13%; as maiores subidas están nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, con variacións interanuais do 12,74% e do 11,33% respectivamente.

Finalmente, o sector secundario acada unha variación media do 2,55%, sufrindo tan só un descenso dos traballadores en todo o período, entre os anos 2002 e 2003.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>55</b>	<b>65</b>	<b>78</b>	<b>107</b>	<b>112</b>
Agricultura e pesca	55	65	78	107	112
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>166</b>	<b>206</b>	<b>207</b>	<b>233</b>	<b>236</b>
Industria e electricidade	166	206	207	233	236
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>283</b>	<b>311</b>	<b>324</b>	<b>358</b>	<b>383</b>
Construcción	283	311	324	358	383
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>1.228</b>	<b>1.306</b>	<b>1.329</b>	<b>1.379</b>	<b>1.444</b>
Comercio e hostalería	798	844	849	882	919
Transporte e comunicacións	221	234	247	252	267
Outros servizos	209	228	233	245	258
<b>TOTAL</b>	<b>1.732</b>	<b>1.888</b>	<b>1.938</b>	<b>2.077</b>	<b>2.175</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Na evolución dos traballadores autónomos da comarca da Terra Chá, obsérvase unha clara tendencia ao incremento no período analizado. Deste xeito, os autónomos medran de forma continua en todo o quinquenio, obtendo finalmente unha variación media do 5,86%.

Neste caso, as cifras evolutivas son positivas para todos os sectores da actividade económica; de novo experimenta a maior subida en termos absolutos o dos servizos, cunha variación media do 4,13%. O ritmo de crecemento deste sector, como o dos outros tres, non se ve roto en ningún momento por algunha redución, dándose a mesma circunstancia nos subsectores. Así, o de comercio e hostalería presenta unha variación media do 3,59%, e o de outros servizos do 5,41%.

O sector que máis crece en números absolutos despois dos servizos é o da construción, cunha variación media do 7,86%. Os sectores primario e secundario obteñen variacións medias anuais do 19,46% e do 9,19% respectivamente.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Pastoriza	88	45	133
Abadín	96	37	133
Begonte	131	57	188
Castro de Rei	213	98	311
Cospeito	158	66	224
Guitiriz	224	86	310
Muras	22	12	34
Vilalba	774	314	1.088
Xermade	75	44	119
<b>TOTAL</b>	<b>1.781</b>	<b>759</b>	<b>2.540</b>

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia – PARADOS</b>	<b>11,10</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>9,06</b>

No ano 2004, na comarca da Terra Chá recibíronse un total de 2.540 demandas de emprego. A maior parte agrúpanse no concello de Vilalba, o 42,83%. No de Castro de Rei sitúanse o 12,24%, e no de Guitiriz o 12,2%. O grupo de concellos restante está encabezado polo de Cospeito, co 8,82% das demandas.

A maioría dos demandantes da comarca son parados, en particular o 70,12%. Este colectivo, ademais, predomina claramente en todos os concellos.

En relación coa provincia de Lugo, o peso relativo dos demandantes parados da comarca é lixeiramente superior ao dos non parados, respectivamente o 11,1% e o 9,06% das demandas provinciais.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.866	1.613	1.706	1.802	1.781
Variación interanual %	-	-13,56	5,77	5,63	-1,17
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>12,54</b>	<b>11,25</b>	<b>10,96</b>	<b>10,92</b>	<b>11,10</b>

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A evolución dos demandantes parados denota unha tendencia ao decrecemento moderado no transcurso do quinquenio 2000-2004. Tal e como se pon de manifesto na táboa anterior, as demandas de emprego diminúen nos anos 2001 e 2004, sobre todo no primeiro destes, onde a variación interanual é de -13,56%.

En canto ao peso dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, redúcese de forma leve pero continua ata o ano 2003, recuperándose lixeiramente no 2004 sen chegar ao nivel de comezo do período.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	216	8,50	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.565	61,61	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	64	2,52	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	366	14,41	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	109	4,29	4,66
	En expediente de regulación de emprego	27	1,06	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	134	5,28	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	55	2,17	2,99
	Resto de demandantes	4	0,16	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>2.540</b>	<b>100,00</b>

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que algo máis de seis de cada dez son parados con emprego anterior, o 61,61%. O segundo colectivo en orde de importancia é o dos non parados con emprego anterior, o 14,41%, seguido polos parados sen emprego anterior, o 8,5%.

Na comparación da comarca coa provincia de Lugo, o máis salientable é a similitude das cifras; destaca unicamente a diferenza de 5,29 puntos a prol da comarca nos demandantes parados con emprego anterior.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	101	162	14,77	16,41
26 a 35 anos	193	298	27,57	29,04
36 a 45 anos	194	205	22,40	22,46
46 a 55 anos	207	121	18,42	17,95
56 e máis anos	228	72	16,84	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>923</b>	<b>858</b>	<b>100,00</b>	<b>11,10</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>11,10</b>	<b>100,00</b>

Algo máis da metade dos demandantes parados da comarca da Terra Chá pertencen ao colectivo masculino, que representa o 51,82% do total. Esta situación é contraria á que se dá no conxunto da provincia, onde as demandantes femininas achegan o maior volume ao total, supoñendo o 56,5%.

No referido á idade, cabe resaltar que o 57,66% dos demandantes están por encima dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, obsérvase que o máis numeroso é o dos que teñen entre 26 e 35 anos, o 27,57%, seguido polo de entre 36 e 45 anos, o 22,4%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de parados nos homes concéntrase no grupo de 56 e máis anos, o 12,8% do total de demandantes parados, situándose a continuación o de 46 a 55 anos, o 11,62%. Nas mulleres, o tramo de idade máis representativo é o de entre 26 e 35 anos, o 16,73%, seguido polo de entre 36 e 45 anos, o 11,51%.

Con respecto á provincia de Lugo, os datos comarcais presentan unha gran similitude, non se rexistran ningún elemento diferenciador salientable.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	35	75	14,49	20,01
26 a 35 anos	43	148	25,16	27,35
36 a 45 anos	58	114	22,66	20,67
46 a 55 anos	84	43	16,73	16,10
56 e máis anos	119	40	20,95	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>339</b>	<b>420</b>	<b>100,00</b>	<b>9,06</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>9,06</b>	<b>100,00</b>


**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes non parados, predomina o colectivo feminino sobre o masculino, englobando o 55,34% das demandantes. Na provincia de Lugo tamén se dá esta situación, supoñendo as mulleres o 61,3% da demanda.

No que atinxe á idade, obsérvase que o 60,34% dos demandantes non parados concéntranse nos intervalos de máis de 35 anos. Así e todo, o grupo cun maior peso relativo é o de entre 26 e 35 anos, o 25,16%, seguido polo de entre 36 e 45 anos, o 22,66%.

No cruzamento da idade segundo o xénero, os dous tramos máis significativos nos homes son o dos maiores de 55 anos, co 15,68% do total de demandantes non parados, e o de entre 46 e 55 anos, co 11,07%. As mulleres, en cambio, agrúpanse en idades máis novas, posto que o tramo máis importante é o de entre 26 e 35 anos, o 19,5%, seguido do de entre 36 e 45 anos, o 15,02%.

A análise comparativa da distribución de demandantes parados da comarca coa da provincia mostra certas similitudes; en canto ás diferenzas cabe resaltar o incremento en 5,52 puntos a escala provincial dos demandantes menores de 26 anos, así como o decrecemento en 5,08 puntos dos maiores de 55 anos. Dito doutro modo, o grao de avellentamento deste tipo de demandantes na comarca é maior que na provincia.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Tras analizar por separado os colectivos de parados e non parados da Terra Chá, representábase no gráfico anterior a distribución total de demandantes comarcais segundo o sexo e a idade. Cabe sinalar, en primeiro lugar, que o grupo que achega un maior peso ao conxunto é o de entre 26 e 35 anos, que supón máis da cuarta parte do total de demandantes, o 26,85%. O segundo grupo en orde de importancia é o de entre 36 e 45 anos, que representa o 22,48% das demandas.

Na banda oposta, nesta comarca o tramo de idade menos significativo é o que engloba os demandantes de menor idade, os menores de 26 anos, que supoñen o 14,69% do total.

As demandas femininas superan porcentualmente ás masculinas entre os menores de 46 anos, mentres que nos maiores de 45 anos, a presenza relativa dos homes é superior á das mulleres.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	799	344	1.143
Titulación de ensinanza obrigatoria	568	207	775
Formación profesional	97	43	140
BUP/Bacharelato superior/COU	119	57	176
Titulados universitarios	147	85	232
Outras titulacións	51	23	74
<b>TOTAL</b>	<b>1.781</b>	<b>759</b>	<b>2.540</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución de demandantes por nivel académico, pódese observar que as tres cuartas partes dos demandantes, o 75,51%, teñen como máximo estudos obrigatorios e que entre estes predominan aqueles que posúen ata o certificado de escolaridade. A continuación sitúanse os que titulados universitarios, o 9,13%, e os que teñen estudos de formación profesional, o 6,93%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, apréciase unha forte semellanza nos dous colectivos. Así, o grupo predominante en ambos é o dos que teñen ata o certificado de escolaridade, que representa máis do 44% en calquera dos casos. En segundo lugar, sitúanse tamén os titulados en ensino obrigatorio, que son o 31,89% entre os parados e o 22,27% entre os non parados.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	81	13	7	101
	Mulleres	107	33	22	162
26 a 35 anos	Homes	134	24	35	193
	Mulleres	133	56	109	298
36 a 45 anos	Homes	101	27	66	194
	Mulleres	82	35	88	205
46 a 55 anos	Homes	88	27	92	207
	Mulleres	23	30	68	121
Máis de 55 anos	Homes	33	22	173	228
	Mulleres	9	7	56	72
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>791</b>	<b>274</b>	<b>716</b>	<b>1.781</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>



Na comarca da Terra Chá, a maior parte dos demandantes parados levan na procura dun emprego menos de seis meses, o 44,41% do total. A curta distancia sitúanse os que levan buscando máis dun ano, que supoñen o 40,2%. Esta situación é semellante á que se dá na provincia de Lugo, dado que neste territorio o 48,47% dos demandantes parados levan en busca dun emprego menos de seis meses, seguidos polos que levan máis dun ano, o 35,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as demandantes mulleres tenden ao paro de longa duración a partir dos 36 anos, circunstancia que nos homes se produce ao cumprir os 46 anos.

Entre os demandantes parados de menos de 6 meses, a presenza porcentual dos homes é superior á das mulleres, superándoas en 4,65 puntos. Esta mesma situación dáse entre os de longa duración, aínda que neste caso a diferenza é case inapreciable.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	33	44	77
Sector secundario	266	131	397
Construción	377	113	490
Sector servizos	889	393	1.282
Sen actividade previa	216	78	294
<b>TOTAL</b>	<b>1.781</b>	<b>759</b>	<b>2.540</b>

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, cabe destacar que máis da metade dos demandantes proveñen dos servizos, en concreto o 50,47%. A considerable distancia sitúase o sector da construción, o 19,29%, seguido do secundario, o 15,63%.

Tendo en conta os colectivos de parados e non parados de forma individual, o sector servizos continúa sendo o máis representativo en ambos, cunha lixeira maior presenza entre os non parados, o 51,78% do total de demandantes deste tipo, mentres que entre os parados esta porcentaxe supón o 49,92%. O segundo sector en orde de importancia é o da construción no caso dos parados, o 21,17%, e o secundario no caso dos non parados, o 17,26%.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Dentro da industria, o 35% dos demandantes parados proceden da actividade da alimentación. Nun segundo plano sitúanse as outras industrias, o 24%, e o téxtil e confección, o 16%.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



No marco dos servizos, o 23% das demandas rexístranse dentro da actividade do comercio excepto automoción. En segundo lugar, a hostalería concentra o 17%, seguida moi de cerca polas administracións públicas, o 16%, e as actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, 15%. O resto de actividades teñen un nivel de representatividade igual ou inferior ao 8%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	198	7,80	7,40
Dependente de comercio, en xeral	181	7,13	8,39
Empregado administrativo, en xeral	178	7,01	8,75
Albanel	132	5,20	2,90
Peón da construción de edificios	124	4,88	3,09
Conductor de camión, en xeral	103	4,06	1,89
Peón da ind. manufactureira, en xeral	80	3,15	3,77
Camareiro, en xeral	72	2,83	2,07
Cociñeiro, en xeral	59	2,32	1,65
Conductor de furgoneta de ata 3, 5 t	43	1,69	1,15

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	<b>Muller/mozo limpeza, limpador en xeral</b>	Empregado administrativo, en xeral

## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Pastoriza	7
Abadín	10
Begonte	21
Castro de Rei	64
Cospeito	60
Guitiriz	16
Muras	1
Vilalba	371
Xermade	15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>565</b>

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	6,27

Na comarca da Terra Chá xestionáronse no ano 2004 un total de 565 ofertas de emprego, que representan o 6,27% das realizadas no conxunto da provincia de Lugo.

En Vilalba agrúpanse máis de seis de cada dez destas ofertas, en concreto o 65,66%. A continuación sitúanse os concellos de Castro de Rei, co 11,33%, e de Cospeito, co 10,62%. O 12,39% restante repártese entre os outros seis concellos, encabezados polo de Begonte, co 3,72% do total.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pastoriza	11	8	75	63	7
Abadín	2	7	13	7	10
Begonte	28	15	37	40	21
Castro de Rei	28	33	43	45	64
Cospeito	34	31	40	76	60
Guitiriz	61	52	64	55	16
Muras	12	10	6	15	1
Vilalba	426	405	324	413	371
Xermade	19	17	12	28	15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>621</b>	<b>578</b>	<b>614</b>	<b>742</b>	<b>565</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.


A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 caracterízase polo decrecemento, presentando unha variación media anual do -2,33%. No transcurso destes cinco anos, as ofertas redúcense nos intervalos inicial e final do período, sobre todo neste último, onde a variación interanual é de -23,85%. Nos intervalos intermedios, polo tanto, as ofertas incrementáronse, destacando o aumento do tramo 2002-2003, cunha variación interanual do 20,85%.

A escala provincial, a situación non se asemella á da comarca, posto que as ofertas de emprego aumentan levemente en termos absolutos, obtendo unha variación media anual do 0,64%.

O concello de Vilalba experimenta unha diminución ao longo destes cinco anos, cunha variación media negativa de -3,4%. Neste concello, as ofertas redúcense en todos os anos do quinquenio agás en 2003, cando aumentan. O decrecemento de maior intensidade aconteceu en 2002 e foi dun 20% respecto ao ano anterior.

No resto de concellos as ofertas son demasiado escasas en termos absolutos. Así e todo, pódese subliñar a expansión considerable destas nos municipios de Castro de Rei e Cospeito; a forte caída das ofertas no último ano en Guitiriz, pasando de cincuenta e cinco a dezaseis: e, por último, as oscilacións da alta intensidade no concello da Pastoriza, no que as ofertas acadaron niveles relativamente elevados en 2002 e 2003 e moi baixos no resto do período.

**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Debido ao peso que representa o concello de Vilalba a escala comarcal, agrúpanse os demais para comparar a súa evolución coa deste. Así, pódese observar como as traxectorias evolutivas transcorren parellas en todos os anos agás en 2002, no que as ofertas diminúen considerablemente en Vilalba e experimentan o proceso contrario no resto de concellos da comarca como conxunto. A diferenza máis notable, ademais da sinalada, dáse na intensidade do decrecemento no último ano, moito máis acusado no caso do resto de concellos que en Vilalba.


### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Pastoriza	0	0	2	5
Abadín	0	2	0	8
Begonte	1	1	1	18
Castro de Rei	2	1	7	54
Cospeito	0	0	26	34
Guitiriz	1	1	7	7
Muras	0	0	0	1
Vilalba	28	31	49	263
Xermade	5	0	0	10
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>37</b>	<b>36</b>	<b>92</b>	<b>400</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>


Segundo a distribución de concellos e sectores económicos, é salientable que no concello de Vilalba se producen a maioría das ofertas de todos os sectores da actividade produtiva. Destaca neste sentido a posición de segundo lugar de Cospeito no da construción e do de Castro de Rei no dos servizos.

Cabe do mesmo xeito sinalar que na Pastoriza e en Cospeito non se rexistra ningunha oferta nos sectores primario e secundario, en Abadín no primario e da construción, en Xermade no secundario e da construción, e en Muras tan só se reciben ofertas procedentes dos servizos.



**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


Algo máis de sete de cada dez ofertas de emprego da comarca da Terra Chá concéntranse dentro dos servizos, en concreto o 71%. O sector da construción, o segundo máis importante, engloba o 16%.



**GRÁFICO 6:** Distribución porcentual das ofertas na industria.

Máis da metade das ofertas de emprego rexistradas na industria, o 55%, proveñen da actividade de alimentación. A continuación, a unha distancia notable, destacan aquelas que proveñen das outras industrias, 22%.

**GRÁFICO 7:** Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



No marco dos servizos, o maior número de ofertas derívanse das administracións públicas, en concreto o 36%. Do comercio proceden o 20% e da hostalería o 19%.

**TÁBOA 17:** Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	33	71	34	35	37
Secundario	59	61	68	71	36
Construción	98	98	110	160	92
Servizos	431	348	401	476	400
Sen actividade	0	0	1	0	0
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>621</b>	<b>578</b>	<b>614</b>	<b>742</b>	<b>565</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

O único sector no que ascende o número de ofertas é o primario, variación media de 2,90%. Nos sectores restantes descendeu as ofertas, de maneira leve na construción e secundario, variacións medias de -1,57% e -11,62%, e de forma máis notoria nos servizos, variación media de -1,85%.

Neste último sector prodúcese retrocesos nos anos 2001 e 2004, aumentando o seu volume de ofertas nos anos intermedios.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Na comarca da Terra Chá, o 30,79% das ofertas de emprego recollen o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo, solicitando en maior medida a homes. Analizando estas ofertas segundo os sectores produtivos, a maior parte delas aparecen nos servizos, onde o 35,96% demandan unha muller dentro da hostalería, e o 21,05% un home no comercio.

No que respecta ao nivel de estudos, o 35,58% das ofertas requiren traballadores cunha determinada titulación, se ben a maioría delas unicamente reclaman traballadores con certificado de escolaridade. As máis importantes das ofertas que requiren certo nivel de estudos son as procedentes das administracións públicas, pedindo principalmente traballadores con certificado de escolaridade.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	45	37	57	47	40
Albanel	38	39	40	60	33
Dependente en xeral	8	16	25	27	25
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	12	9	39	25	24
Axente comercial / Vendedor	14	14	26	27	14
Almacenista / Mozo de almacén	10	3	8	4	13
Axudante de bar - cafetería	0	4	4	8	12
Encofrador	17	22	14	33	11
Repartidor	20	11	13	9	11
Axudante de cociña	6	3	15	12	11

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores da comarca é a de camareiro-barman, seguida polas de albanel e dependente. As dúas primeiras destas ocupacións teñen unha evolución negativa entre os anos 2000 e 2004, mentres que a de dependente manifesta unha expansión considerable, cunha variación media do 32,96%. Por outro lado, ao longo do período emerxeu a oferta da ocupación de axudante de bar-cafetería.

	2000	2001	2002	2003	2004
Traballador retén incendios forestais	52	48	34	38	46
Albanel	4	23	11	16	17
Panadeiro	10	6	6	12	12
Carpinteiro metálico	0	0	0	0	9
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	0	0	0	4	7
Técnico de protección civil	8	6	13	11	7
Empregado administrativo, en xeral	1	1	2	5	6
Conductor de camión, en xeral	3	3	3	6	6
Vixilante, en xeral	3	10	4	5	5
Peón agrícola, en xeral	3	9	3	5	5

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego da Terra Chá, a ocupación de traballador retén incendios forestais foi a que recibiu un maior número de ofertas de emprego no ano 2004. A continuación sitúanse as de albanel e panadeiro. Destas tres ofertas, a primeira delas experimenta un retroceso nestes cinco anos. As outras dúas presentan unha tendencia positiva, resaltando a variación media obtida pola de albanel, do 43,58%. No período 2000-2004, ademais, emerxeron as ofertas de carpinteiro metálico e de asistente domiciliario.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
A Pastoriza	312
Abadín	285
Begonte	273
Castro de Rei	597
Cospeito	393
Guitiriz	1.051
Muras	213
Vilalba	2.208
Xermade	139
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>5.471</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

Na comarca da Terra Chá asináronse no ano 2004 un total de 5.471 contratos laborais, que representan o 7,47% dos realizados na provincia de Lugo.

No concello de Vilalba xestionouse a maior parte da contratación comarcal, o 40,36% do total. O concello de Guitiriz sitúase a continuación, co 19,21%, seguido do de Castro de Rei, co 10,91%. O 29,52% restante do volume contractual da comarca repártese entre os outros seis concellos, encabezados polo de Cospeito, co 7,18%.

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pastoriza	331	337	277	320	312
Abadín	257	305	289	267	285
Begonte	208	282	279	263	273
Castro de Rei	616	712	677	641	597
Cospeito	422	374	390	362	393
Guitiriz	713	706	675	863	1.051
Muras	197	200	162	168	213
Vilalba	2.192	2.548	2.343	2.102	2.208
Xermade	181	167	145	148	139
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>5.117</b>	<b>5.631</b>	<b>5.237</b>	<b>5.134</b>	<b>5.471</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

A contratación da comarca presenta unha tendencia positiva no período comprendido entre os anos 2000 e 2004, rexistrando unha variación media do 1,69%. Na provincia, en cambio, a pauta é cara a un leve crecemento, cunha variación media do 0,54%. A escala provincial, os contratos redúcense nos dous intervalos iniciais do período, mentres que na comarca diminúen nos dous intermedios.

Tendo en conta os tres concellos cunha maior representatividade, Vilalba, Guitiriz e Castro de Rei, tan só neste último se dá unha redución das ofertas de emprego, cunha variación media de -0,78%. Non entanto, dase un crecemento no concello de Vilalba, cunha variación media do 0,18%, acadada tras

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.



senllos descenso, do mesmo xeito que no conxunto da comarca, nos intervalos intermedios do quinquenio.

Finalmente, o concello de Guitiriz experimenta un incremento considerable nas contratacións, a pesar de que se reducen nos dous primeiros intervalos do período, aumentando fortemente nos dous últimos, con variacións interanuais do 27,85% e do 21,78%. A variación media anual acadada por este concello é do 10,19%.

#### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	945	716	1.661
De 26 a 35 anos	831	967	1.798
De 36 a 45 anos	645	498	1.143
De 46 a 55 anos	417	246	663
De 56 e máis anos	163	43	206
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>3.001</b>	<b>2.470</b>	<b>5.471</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

**TABOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución dos contratos na comarca segundo o sexo amosa unha maior tendencia á contratación masculina, posto que entre os homes se rexistran o 54,85% dos contratos. A escala provincial dáse a situación contraria, sendo as mulleres as que asinan a maioría dos contratos, o 51,45%.

O 63,22% dos contratos asínanse nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, que son os tramos máis numerosos, co 30,36% e o 32,86% das contratacións.

Tendo en conta o sexo, o intervalo de idade máis significativo entre os homes é o de menos de 26 anos, o 17,27% da contratación total da comarca, seguido do de entre 26 e 35 anos, o 15,19%. Nas mulleres, o grupo máis numeroso é este último, co 17,68% dos contratos, situándose a continuación o dos menores de 26 anos, co 13,09%.


	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	3.235	3.516	2.965	2.877	3.001
Mulleres	1.882	2.115	2.272	2.257	2.470
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.117</b>	<b>5.631</b>	<b>5.237</b>	<b>5.134</b>	<b>5.471</b>

**TABOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución dos contratos segundo o sexo amosa unha tendencia ao decrecemento no caso dos homes e un considerable incremento no das mulleres. Deste xeito, no colectivo masculino a variación media anual acadada é de -1,86%, obtida tras aumentos nas contratacións nos intervalos inicial e final do período, así como diminucións nos intermedios, sobre todo no tramo 2001-2002, onde a variación interanual é de -15,67%.

Entre as mulleres, en cambio, tan só se reducen os contratos en termos absolutos moi levemente entre os anos 2002 e 2003, aumentando nos tramos restantes. A maior subida obtívose no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 12,38%. A variación media final rexistrada por este colectivo é do 7,03%.

**GRÁFICO 8:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas existentes na contratación masculina e feminina na comarca da Terra Chá reflíctense na distribución relativa dos contratos no transcurso do quinquenio 2000-2004. Pódese observar graficamente como durante todo o período baixan os contratos masculinos, ao mesmo tempo que aumentan os femininos. Deste xeito, denótase como nestes cinco anos a diferenza porcentual entre a contratación masculina e feminina diminúe en 16,74 puntos.

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.675	1.825	1.576	1.612	1.661
De 26 a 35 anos	1.637	1.725	1.657	1.592	1.798
De 36 a 45 anos	1.145	1.265	1.243	1.128	1.143
De 46 a 55 anos	439	573	546	628	663
De 56 e máis anos	221	243	215	174	206
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.117</b>	<b>5.631</b>	<b>5.237</b>	<b>5.134</b>	<b>5.471</b>

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación entre os anos 2000 e 2004, amosa un comportamento dispar para os diferentes tramos. Deste xeito, nos menores de 26 anos e nos de entre 36 e 45, hai leves retrocesos. A variación media para o primeiro destes tramos é de -0,21% e de -0,04% para o segundo. Entre os menores de 26 anos, os contratos aumentan en todos os anos agás en 2002, no que diminúen nun -13,64%.

Nos maiores de 55 anos, grupo de menor peso, é nos que se aprecia unha maior redución relativa dos contratos, cunha variación media negativa de -1,74%. Pola contra, nos outros dous tramos restantes, a tendencia é positiva, sobre todo no de entre 46 e 55 anos, que obtén o maior crecemento, cunha variación media do 10,86%.

Por último, o tramo de idade cun maior volume contractual, o de 26 a 35 anos, obtén unha variación media do 2,37%. Neste caso, os contratos, do mesmo xeito que a escala comarcal, diminúen nos dous intervalos intermedios do quinquenio, incrementándose nos dous restantes, sobre todo no último, cunha variación interanual do 12,94%.


### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>205</b>
Agricultura e pesca	205
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>667</b>
Industria e electricidade	667
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>713</b>
Construcción	713
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>3.886</b>
Comercio e hostalería	1.286
Transporte e comunicacións	559
Outros servizos	2.041
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.471</b>

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos engloba no ano 2004 algo máis de sete de cada dez contratos realizados na comarca, en concreto o 71,03%. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos rexistra o 37,31% do total, e o de comercio e hostalería o 23,51%.


O segundo sector en orde de importancia é o da construción, co 13,03%, seguido moi de cerca polo secundario, que concentra o 12,19% das contratacións da Terra Chá.



**GRÁFICO 9:** Distribución porcentual da contratación na industria.

No ámbito da industria, o 30% dos contratos laborais proceden da actividade de alimentación. A cuarta parte rexístranse dentro da de outras industrias, e o 19% na de têxtil e confección.

**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Os contratos realizados nos servizos están distribuídos dunha forma máis equitativa entre as diferentes actividades. Así, o 18% concéntranse na de servizos á comunidade, o 16% na de hostalería, e o 15% na de comercio. Nas de transporte e comunicacións e actividades inmobiliarias e servizos a empresas agrúpanse respectivamente o 14% e o 12% das contratacións.

**TÁBOA 25:** Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>168</b>	<b>37</b>	<b>55</b>	<b>49</b>	<b>63</b>	<b>18</b>	<b>20</b>
Agricultura e pesca	168	37	55	49	63	18	20
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>373</b>	<b>294</b>	<b>217</b>	<b>211</b>	<b>137</b>	<b>85</b>	<b>17</b>
Industria e electricidade	373	294	217	211	137	85	17
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>681</b>	<b>32</b>	<b>237</b>	<b>178</b>	<b>142</b>	<b>99</b>	<b>57</b>
Construción	681	32	237	178	142	99	57
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.779</b>	<b>2.107</b>	<b>1.152</b>	<b>1.360</b>	<b>801</b>	<b>461</b>	<b>112</b>
Comercio e hostalería	456	830	505	421	205	131	24
Transporte e comunicacións	377	182	66	211	192	72	18
Outros servizos	946	1.095	581	728	404	258	70
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.001</b>	<b>2.470</b>	<b>1.661</b>	<b>1.798</b>	<b>1.143</b>	<b>663</b>	<b>206</b>

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos. Os contratos realizados aos homes neste sector representan o 35,52% do volume contractual da comarca e os asinados por mulleres o 38,51%. A maior parte desta contratación tivo lugar no subsector dos outros servizos.

O segundo sector en orde de importancia nos homes é o da construción, o 12,45% da contratación comarcal, mentres que nas mulleres é o secundario, o 5,37%.

Observando a distribución segundo os tramos de idade, ponse de manifesto novamente que o sector servizos é predominante en todos eles, acadando a porcentaxe máis elevada no de entre 26 e 35 anos, o 24,86% do total de contratos realizados na comarca, seguido polo dos menores de 26 anos, o 21,06%. O sector da construción sitúase en segundo lugar tamén en todos os grupos de idade, menos no de 26 a 35 anos onde esta posición é ocupada polo secundario. No referente aos subsectores, o de outros servizos é novamente o que maior peso achega ao conxunto en todos os intervalos de idade.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>196</b>	<b>248</b>	<b>247</b>	<b>166</b>	<b>205</b>
Agricultura e pesca	196	248	247	166	205
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>680</b>	<b>794</b>	<b>743</b>	<b>589</b>	<b>667</b>
Industria e electricidade	680	794	743	589	667
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>684</b>	<b>847</b>	<b>647</b>	<b>718</b>	<b>713</b>
Construcción	684	847	647	718	713
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>3.557</b>	<b>3.742</b>	<b>3.600</b>	<b>3.661</b>	<b>3.886</b>
Comercio e hostalería	1.193	1.262	1.218	1.228	1.286
Transporte e comunicacións	319	374	469	476	559
Outros servizos	2.045	2.106	1.913	1.957	2.041
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.117</b>	<b>5.631</b>	<b>5.237</b>	<b>5.134</b>	<b>5.471</b>


**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No conxunto do período, o único sector produtivo onde as contratacións experimentan un pequeno descenso en termos absolutos é o secundario, cunha variación media negativa de -0,48%.

Nos sectores restantes, polo tanto, as contratacións tenden a incrementarse, encabezados polo dos servizos, onde se produce o maior aumento, cunha variación media do 2,24%. Neste sector, os contratos redúcense tan só entre os anos 2001 e 2002, aumentando nos intervalos restantes. A escala subsectorial, o subsector de outros servizos manifesta unha tendencia á estabilidade, cunha moi leve diminución en termos absolutos, mentres que o de comercio e hostalería presenta unha variación media do 1,89%.

Os sectores primario e da construción ascenden a un ritmo lixeiramente menor que o anterior, con variacións medias do 1,13% e do 1,04% respectivamente.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral



**GRÁFICO 11:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Case oito de cada dez contratos laborais da comarca da Terra Chá son temporais. Entre estes os temporais a tempo completo representan o 68% do total e os temporais a tempo parcial o 11%. A continuación sitúanse os da categoría outros, cunha porcentaxe do 10%.

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	167	117	52	94	65	56	17
Indefinido tempo parcial	10	31	9	17	7	6	X
Temporal	2.161	1.557	1.138	1.246	765	439	130
Temporal tempo parcial	157	470	184	212	154	54	23
Prácticas/Formación	171	89	218	27	8	4	X
Outros	335	206	60	202	144	104	31
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>3.001</b>	<b>2.470</b>	<b>1.661</b>	<b>1.798</b>	<b>1.143</b>	<b>663</b>	<b>206</b>

Tanto no colectivo masculino como no feminino, o tipo de contrato predominante é o temporal a tempo completo. O colectivo masculino nesta modalidade reúne o 39,5% da contratación total e o feminino o 28,46%. A segunda fórmula de contratación máis importante entre os homes é a de outros, o 6,12% do volume de contratación total, e entre as mulleres é a temporal a tempo parcial, o 8,59%.

En todas as categorías de contratación o volume contractual masculino supera ao feminino, agás nas que son a tempo parcial, ben sexa indefinido ou temporal.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o maior volume no grupo de entre 26 e 35 anos, co 22,77% das contratacións. O segundo tipo en orde de importancia nos menores de 26 anos é o de prácticas/formación, mentres que entre os 26 e os 45 anos é o temporal a tempo parcial, e nos maiores de 45 anos o da tipoloxía de outros.

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr., Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	11	32	28	111	54	48	213
Indefinido tempo parcial	X	X	X	11	15	11	37
Temporal	190	526	595	854	427	1.126	2.407
Temporal tempo parcial	X	58	17	219	58	274	551
Prácticas/Formación	X	50	71	91	5	41	137
Outros	0	0	0	0	0	541	541
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>205</b>	<b>667</b>	<b>X</b>	<b>1.286</b>	<b>559</b>	<b>2.041</b>	<b>3.886</b>

Todas as fórmulas de contratación aparecen na súa maioría no sector servizos, onde os contratos temporais a tempo completo representan o 44% da contratación comarcal, case todos os temporais a tempo parcial e a totalidade dos da categoría outros.

En todos os sectores produtivos, a modalidade que achega un maior peso ao conxunto é a temporal a tempo completo, seguida de forma residual no primario polos contratos indefinidos a tempo completo, no secundario e da construción polos de prácticas formación, e no dos servizos polos indefinidos a tempo parcial.

No que respecta aos subsectores, o de outros servizos aglutina a totalidade dos contratos da categoría outros, así como a maior parte dos temporais, tanto a tempo completo como parcial.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	375	346	314	308	284
Indefinido tempo parcial	53	57	49	49	41
Temporal	3.005	3.473	3.271	3.277	3.718
Temporal tempo parcial	640	601	611	641	627
Prácticas/Formación	191	265	235	295	260
Outros	853	889	757	564	541
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.117</b>	<b>5.631</b>	<b>5.237</b>	<b>5.134</b>	<b>5.471</b>

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

Os contratos temporais a tempo completo, xunto cos de prácticas/formación, son as únicas modalidades que experimentan unha tendencia expansiva na contratación no período 2000-2004. Deste xeito, nos contratos temporais a tempo completo, a variación media rexistrada é do 5,47%, manifestando un crecemento en todos os intervalos temporais, agás no 2001-2002, no que sofren un retroceso.

Os contratos temporais a tempo parcial presentan unha leve redución, cunha variación media do -0,51%. Neste caso, os contratos diminúen nos intervalos inicial e final do período, aumentando nos intermedios.

Finalmente, os contratos do tipo outros descenden considerablemente, circunstancia constatada pola variación media negativa de -10,76%. Este descenso nesta modalidade de contratación é continuo a partir do ano 2001.

#### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>18</b>	<b>1,44</b>
HOMES	7	-10,68
MULLERES	11	16,36
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>667</b>	<b>-5,74</b>
HOMES	392	-5,38
MULLERES	275	-6,25
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>153</b>	<b>-1,87</b>
HOMES	81	-7,15
MULLERES	72	6,48
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>483</b>	<b>3,19</b>
HOMES	98	0,78
MULLERES	385	3,85
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>1.336</b>	<b>6,88</b>
HOMES	370	1,11
MULLERES	966	9,58
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>67</b>	<b>-7,37</b>
HOMES	47	-12,99
MULLERES	20	22,09
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>725</b>	<b>-1,01</b>
HOMES	616	-1,49
MULLERES	109	1,92
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>730</b>	<b>3,55</b>
HOMES	617	1,91
MULLERES	113	15,73
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>1.292</b>	<b>2,75</b>
HOMES	773	-2,88
MULLERES	519	15,66
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.471</b>	<b>1,69</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>3.001</b>	<b>-1,86</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>2.470</b>	<b>7,03</b>

**TÁBOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

No ano 2004, na comarca da Terra Chá, os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 24,42%.
- Traballadores non cualificados: 23,62%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 13,34%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 13,25%.

Atendendo á distribución dos contratos segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nas contratacións en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores non cualificados: 14,13%.</li> <li>• Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 11,28%.</li> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 11,26%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 17,66%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 9,49%.</li> <li>• Empregadas de tipo administrativo: 7,04%.</li> </ul>

Existen tres grandes grupos de ocupación onde a contratación feminina é superior á masculina, a saber:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: a contratación feminina supón o 17,66% da contratación comarcal fronte ao 6,76% que representan os homes.
- Empregadas de tipo administrativo: o 7,04% fronte ao 1,79%.
- Dirección de empresas e administracións públicas: o 0,25 fronte ao 0,13%.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
86300016	Conductor de camión, en xeral	375	366	9	97,60
25130104	Músico instrumentista, en xeral	339	290	49	85,55
50200018	Camareiro, en xeral	304	93	211	30,59
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	291	268	23	92,10
71100016	Albanel	281	276	5	98,22
42100010	Empregado administrativo, en xeral	217	55	162	25,35
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	201	0,99
96020014	Peón da construción de edificios	X	148	X	98,67
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	140	12	128	8,57
50200041	Camareiro de barra	139	40	99	28,78
	<b>TOTAL</b>	<b>2.439</b>	<b>1.550</b>	<b>889</b>	<b>63,55</b>

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes / N.º total de contratos) x 100



Do total dos contratos realizados na comarca da Terra Chá no ano 2004, o 44,58% asináronse dentro das ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior.

As ocupacións máis contratadas foron a de condutor de camión e a de músico instrumentista. Ambas as dúas destacan ademais pola forte presenza de homes: o ratio de masculinidade na de condutor de camión é do 97,6% e na de músico instrumentista do 85,55%. A esta lista de ocupacións fortemente masculinizadas debemos engadirille as de peón da industria manufactureira, albanel e peón da construción de edificios, todas elas cun ratio de masculinidade superior ao 92%.

En sentido contrario, teñen un perfil marcadamente feminino as contratacións de muller/mozo de limpeza, limpadora, na que se contratou a un só home por cada noventa e nove mulleres, e a de clasificadora-repartidora correspondencia, na que o ratio de masculinidade é do 8,57%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
86300016	Condutor de camión, en xeral	312	382	396	355	375
25130104	Músico instrumentista, en xeral	318	361	335	356	339
50200018	Camareiro, en xeral	283	287	240	280	304
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	219	192	223	234	291
71100016	Albanel	286	387	275	258	281
42100010	Empregado administrativo, en xeral	230	247	256	194	217
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	188	185	203	233	203
96020014	Peón da construción de edificios	217	259	201	187	150
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	154	145	152	124	140
50200041	Camareiro de barra	89	97	71	90	139
50100017	Cociñeiro, en xeral	94	119	108	117	131
21210011	Médico, medicina xeral	250	202	153	92	92
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	26	48	93	117	86
83630013	Operador de máquina ind. de coser e bordar, en xeral	22	82	152	70	71

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca da Terra Chá entre os anos 2000 e 2004 presenta unha leve oscilación na súa composición, dado que cinco delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Entre as nove ocupacións que se manteñen entre as máis contratadas en todo o período destacan pola súa evolución negativa as de peón da construción de edificios e clasificador-repartidor de correspondencia, que presentan variacións medias negativas de -8,82% e de -2,35%.

Na banda oposta, as de peón da industria manufactureira e condutor de camión son as que máis se incrementan neste quinquenio, con variacións medias anuais do 7,36% e do 4,71% respectivamente.

En 2004 desapareceu da lista das máis contratadas as ocupacións de cociñeiro, médico de medicina xeral, asistente domiciliario e operador de máquina industrial de coser e bordar.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	17	8,99	1	8,33
Administración e oficinas	18	3,13	1	2,94
Comercio	16	11,76	1	11,11
Servizos ás empresas	65	2,88	4	2,82
Industrias alimentarias	15	10,87	1	12,50
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	18	33,96	1	25,00
Sanidade	60	11,79	3	10,34
Servizos á comunidade e persoais	16	4,94	1	5,00
Transportes e comunicacións	16	8,08	1	8,33
<b>TOTAL</b>	<b>241</b>	<b>3,74</b>	<b>14</b>	<b>3,54</b>

Na comarca da Terra Chá celebráronse catorce cursos de formación ocupacional que contaron cunha asistencia global de douscentos corenta e un alumnos. Estas cifras representan o 3,54% dos cursos impartidos na provincia de Lugo e o 3,74% dos alumnos.

A maior parte da formación agrúpase na familia de servizos ás empresas, co 26,97% dos alumnos e o 28,57% dos cursos celebrados na comarca. A familia de sanidade supón o 24,9% dos alumnos e o 21,43% dos cursos levados a cabo.

En relación novamente coa provincia, o máis destacable é que nesta comarca rexístranse o 33,96% dos alumnos e o 25% dos cursos da familia de produción, transformación e distribución de enerxía e auga.


Cabe resaltar, por último, que na Terra Chá se realizan dous cursos con compromiso de contratación, ambos da familia de sanidade, que son os únicos deste tipo que se imparten na provincia dentro do ámbito da saúde.

## 5.6.- CONCLUSIONES

- No sector servizos agrúpanse a maioría das empresas e autónomos, mentres que a maior parte dos traballadores por conta allea reúnen no sector primario. Entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un incremento no número de traballadores, tanto autónomos como por conta allea, así como un descenso das empresas. A expansión dos traballadores, tanto autónomos como por conta allea, aconteceu en todos os sectores económicos. O mesmo sucedeu coas empresas, excepto no sector primario, onde se reduciron en gran medida.
- A comarca da Terra Chá agrupa o 10,4% das demandas provinciais. Dentro da comarca, o concello de Vilalba engloba máis de catro de cada dez destas demandas. Entre os demandantes parados predomina o colectivo masculino, situación inversa á que se dá entre os non parados. En canto ao perfil de idade, o grupo de demandantes máis significativo é o de entre 26 e 35 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis numerosos, seguidos a considerable distancia polos non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, o conxunto máis importante é o dos demandantes con certificado de escolaridade, situándose a continuación os que teñen o ensino obrigatorio.
- Os demandantes parados da comarca levan buscando emprego na súa maior parte menos de seis meses. Segundo aumenta a idade dos demandantes, teñen maior presenza os parados de longa duración, tendencia máis perceptible no colectivo feminino. Por outra parte, algo máis da metade dos demandantes comarcais proceden do sector servizos, onde destaca a actividade de hostalería. No tocante á industria, a actividade máis importante é a de alimentación. Por último, a ocupación máis demandada na comarca é a de muller/mozo limpeza, limpador, mentres que a escala provincial a máis solicitada é a de empregado administrativo.
- A Terra Chá rexistra no ano 2004 o 6,27% das ofertas da provincia de Lugo. Entre os concellos da comarca, destaca notablemente o de Vilalba, con máis de seis de cada dez ofertas de emprego. No período 2000-2004 prodúcese un descenso das ofertas, tendencia marcada sobre todo polo concello de Vilalba.
- Máis de sete de cada dez ofertas derívanse do sector servizos, concentrándose no concello de Vilalba a maioría das ofertas de todos os sectores produtivos. Entre os anos 2000 e 2004, tan só se incrementa as ofertas no sector primario, reducíndose nos restantes. Dentro dos servizos, destacan as ofertas procedentes das administracións públicas, mentres que na industria sobresaen as da alimentación.
- Algo máis de tres de cada dez ofertas rexistradas en 2004 solicitaban traballadores dun sexo concreto, requirindo na súa maioría un home. No tocante ao nivel de estudos, máis de tres de cada dez ofertas demandan unha determinada titulación, que na maioría dos casos é o certificado de escolaridade.
- A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores do Servizo Público de Emprego Galego é a de camareiro-barman, e nas oficinas de emprego, a de traballador retén incendios forestais. Estas dúas ocupacións experimentan unha evolución negativa no quinquenio 2000-2004.
- Na comarca da Terra Chá asináronse en 2004 o 7,47% dos contratos da provincia de Lugo. En relación cos concellos, algo máis de catro de cada dez xestionáronse no de Vilalba. A tendencia da contratación comarcal no transcurso do período 2000-2004 foi positiva.
- Ao contrario que na provincia, a contratación masculina predomina sobre a feminina. A evolución da contratación segundo o sexo reflicte unha evolución negativa para os homes nestes cinco anos, mentres que nas mulleres se rexistra un crecemento.

- Algo máis de seis de cada dez contratos agrúpanse nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, tendendo a descender conforme aumenta a idade. Observando a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004, denótase un aumento nos grupos de entre 26 e 35 anos e de entre 46 e 55 anos, así como un descenso nos tramos de idade restantes.
- No sector servizos rexístranse algo máis de sete de cada dez contratos da Terra Chá, destacando os procedentes da actividade de servizos á comunidade. Dentro da industria, a actividade máis representativa é a de alimentación.
- Tanto nos homes como nas mulleres, o maior volume de contratación prodúcese no sector servizos. En todos os intervalos de idade a tónica xeral é tamén a forte concentración dos contratos neste sector. No período analizado, o volume de contratación increméntase en todos os sectores menos no secundario.
- Case sete de cada dez contratos da comarca son temporais a tempo completo, e algo máis dun de cada dez temporais a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina claramente en todos os sectores produtivos, así como en todas as idades e en ambos os sexos. Durante o período 2000-2004, a contratación temporal a tempo completo, xunto coa de prácticas/formación, é a única que rexistra un incremento.
- O grande grupo de ocupación cun maior número de contratos é o de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Este grupo é tamén o máis contratado entre as mulleres, mentres que entre os homes se sitúa neste lugar o dos traballadores non cualificados.
- As ocupacións con máis contratos na comarca son as de condutor de camiión e músico instrumentista. Estas dúas coinciden con ser as máis contratadas entre os homes, predominando entre as mulleres as de camareira e muller/mozo de limpeza, limpadora. En todas estas ocupacións, a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004 é positiva.
- Na comarca da Terra Chá celebráronse catorce cursos de formación ocupacional que contaron cunha asistencia global de douscentos corenta e un alumnos. Estas cifras representan o 3,54% dos cursos impartidos na provincia de Lugo e o 3,74% dos alumnos. A maior parte da formación relacionouse coa familia de servizos ás empresas.





# Comarca de Terra de Lemos



## 5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

### 5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>46</b>	<b>4,38</b>	<b>1.400</b>	<b>25,90</b>	<b>66</b>	<b>3,48</b>
Agricultura e pesca	46	4,38	1.400	25,90	66	3,48
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>112</b>	<b>10,67</b>	<b>567</b>	<b>10,49</b>	<b>188</b>	<b>9,91</b>
Industria e electricidade	112	10,67	567	10,49	188	9,91
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>178</b>	<b>16,95</b>	<b>512</b>	<b>9,47</b>	<b>356</b>	<b>18,76</b>
Construcción	178	16,95	512	9,47	356	18,76
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>714</b>	<b>68,00</b>	<b>2.927</b>	<b>54,14</b>	<b>1.288</b>	<b>67,86</b>
Comercio e hostalería	392	37,33	947	17,52	878	46,26
Transporte e comunicacións	38	3,62	320	5,92	103	5,43
Outros servizos	284	27,05	1.660	30,71	307	16,17
<b>TOTAL</b>	<b>1.050</b>	<b>100,00</b>	<b>5.406</b>	<b>100,00</b>	<b>1.898</b>	<b>100,00</b>

**TÁBOA 1:** Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca da Terra de Lemos predomina o sector servizos no que se refire ao número de empresas, de traballadores por conta allea e de traballadores autónomos.

No ano 2004, o 68% das empresas concéntranse no sector servizos; séguelle, a unha distancia importante, a construción, o 16,95%, o sector secundario, o 10,67%, e o sector primario, o 4,38%. Por subsectores, no que se concentran máis empresas é no comercio e hostalería, o 37,33%, seguido dos outros servizos, o 27,05%.

No que respecta aos traballadores por conta allea, os servizos agrupan o 54,14%. O segundo sector máis importante é o primario, co 25,90%. No ámbito subsectorial, o maior número de traballadores englobábase no subsector outros servizos, co 30,71%.

Por último, os traballadores autónomos concéntranse de novo nos servizos, supoñendo o 67,86%. A considerable distancia atópase o sector da construción, co 18,76%, e o secundario, co 9,91%. Cómpre subliñar a forte presenza de autónomos no subsector do comercio e hostalería, co 46,26%, seguido polo de outros servizos, co 16,17%.

### 5.1.2.- Evolución anual

**TÁBOA 2:** Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>115</b>	<b>118</b>	<b>95</b>	<b>23</b>	<b>46</b>
Agricultura e pesca	115	118	95	23	46
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>134</b>	<b>130</b>	<b>123</b>	<b>114</b>	<b>112</b>
Industria e electricidade	134	130	123	114	112
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>171</b>	<b>161</b>	<b>157</b>	<b>170</b>	<b>178</b>
Construción	171	161	157	170	178
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>671</b>	<b>685</b>	<b>707</b>	<b>714</b>	<b>714</b>
Comercio e hostalería	383	400	405	401	392
Transporte e comunicacións	26	28	31	33	38
Outros servizos	262	257	271	280	284
<b>TOTAL</b>	<b>1.091</b>	<b>1.094</b>	<b>1.082</b>	<b>1.021</b>	<b>1.050</b>

No quinquenio 2000-2004, a dinámica das empresas da comarca da Terra de Lemos mostra unha tendencia cara ao retroceso, cunha variación media negativa de -0,95%. As variacións interanuais foron de escasa magnitude agás a de 2002-2003, que acada un valor negativo de -5,64%.

O número de empresas decreceu nos sectores primario e no secundario, cunhas variacións medias de -20,47% e de -4,38% respectivamente. A evolución do primario vén marcada polo forte descenso rexistrado en 2003, mentres que no sector secundario o decrecemento foi continuo.

En sentido contrario, o incremento máis importante é o experimentado polo sector servizos, aínda que hai que cualificalo como moderado, cunha variación media de 1,56%. Durante o quinquenio non se produce ningunha diminución do número de empresas, quedando estancado entre 2003 e 2004. Na construción decreceron levemente nos anos iniciais e medraron cara ao final, cunha variación media do 1,01%.

Os tres subsectores dos servizos crecen con distinta intensidade. O maior crecemento relativo dáse no transporte e comunicacións, variación media do 9,95%; porén, en números absolutos non supón máis dunha ducia de empresas. No comercio e hostalería, o de maior volume, o número de empresa crece moderadamente, cunha variación media do 0,58%. Nos outros servizos medran cunha variación media do 2,04%.

**TÁBOA 3:** Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>1.431</b>	<b>1.445</b>	<b>1.415</b>	<b>1.455</b>	<b>1.400</b>
Agricultura e pesca	1.431	1.445	1.415	1.455	1.400
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>639</b>	<b>665</b>	<b>615</b>	<b>587</b>	<b>567</b>
Industria e electricidade	639	665	615	587	567
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>619</b>	<b>507</b>	<b>468</b>	<b>507</b>	<b>512</b>
Construción	619	507	468	507	512
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>2.753</b>	<b>2.790</b>	<b>2.989</b>	<b>2.937</b>	<b>2.927</b>
Comercio e hostalería	866	913	931	951	947
Transporte e comunicacións	378	366	378	348	320
Outros servizos	1.509	1.511	1.680	1.638	1.660
<b>TOTAL</b>	<b>5.442</b>	<b>5.407</b>	<b>5.487</b>	<b>5.486</b>	<b>5.406</b>



A evolución dos traballadores por conta allea no período 2000-2004 é levemente descendente, cunha variación media de -0,17%.

A tendencia regresiva caracteriza todos os sectores, agás o dos servizos, no que se dá un crecemento leve, cunha variación media do 1,54%, con ascensos producidos só nos dous primeiros intervalos do período. O descenso máis significativo obsérvase no sector da construción, cunha variación media negativa de -4,63%. O número de traballadores redúcese nun 18,09% en 2001 e nun 7,69% en 2002, aumentando nos seguintes anos.

O sector secundario tamén segue unha tendencia á baixa, determinada polos retrocesos no número de traballadores que se producen en todos os intervalos agás no primeiro, o que se constata na variación media para o período de -2,94%. No sector primario a tendencia é de leve retroceso, cunha variación media de -0,55%, amosando, durante o período, oscilacións moderadas que alternan subidas con retrocesos.

Analizando os subsectores, nos outros servizos é onde máis aumenta o número de traballadores, cunha variación media do 2,41%: destaca a variación interanual do intervalo 2001-2002, do 11,38%. O comercio e hostalería crece, cunha variación media do 2,26%. Pola contra, diminúen os traballadores no transporte e comunicacións.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>40</b>	<b>48</b>	<b>50</b>	<b>63</b>	<b>66</b>
Agricultura e pesca	40	48	50	63	66
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>172</b>	<b>178</b>	<b>179</b>	<b>176</b>	<b>188</b>
Industria e electricidade	172	178	179	176	188
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>281</b>	<b>315</b>	<b>306</b>	<b>324</b>	<b>356</b>
Construción	281	315	306	324	356
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.099</b>	<b>1.137</b>	<b>1.158</b>	<b>1.219</b>	<b>1.288</b>
Comercio e hostalería	754	777	793	835	878
Transporte e comunicacións	92	91	91	94	103
Outros servizos	253	269	274	290	307
<b>TOTAL</b>	<b>1.592</b>	<b>1.678</b>	<b>1.693</b>	<b>1.782</b>	<b>1.898</b>

**TÁBOA 4:** Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os traballadores autónomos da comarca da Terra de Lemos amosan unha evolución caracterizada polo crecemento continuo, e cunha variación media para o período 2000-2004 de 4,49%. A maior variación interanual acádase entre 2003 e 2004, do 6,51%.

Todos os sectores económicos incrementan o seu número de autónomos durante o quinquenio. No sector primario a variación media é moi elevada, en concreto do 13,34%; porén, en termos absolutos este incremento supón pouco máis de vinte autónomos.

O sector secundario é o que creceu menos, cunha variación media do 2,25%. A súa evolución transcorre con variacións moderadas. A construción expándese cunha taxa de variación media do 6,09%, aumentando ao longo de todo o período agás en 2002. O crecemento de maior intensidade rexistrouse en 2001 e foi do 12,10%.

O maior incremento absoluto ten lugar nos servizos, cunha variación media do 4,05%. A expansión dos autónomos neste sector foi continua e adquiriu

maior intensidade ao final do período. No referente aos subsectores terciarios, o que experimenta un maior crecemento en termos absolutos é o de comercio e hostalería, cunha variación media do 3,88%. Nos outros servizos a variación media foi do 4,96%.

## 5.2.- DEMANDAS

### 5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Pobra de Brollón	94	53	147
Bóveda	80	41	121
Monforte de Lemos	1.130	581	1.711
O Saviñao	168	95	263
Pantón	160	65	225
Sober	104	48	152
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>1.736</b>	<b>883</b>	<b>2.619</b>

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

<b>% comarca/provincia – PARADOS</b>	<b>10,82</b>
<b>% comarca/provincia - NON PARADOS</b>	<b>10,54</b>

Na comarca da Terra de Lemos producíronse, no ano 2004, 2.619 demandas de emprego. O 66,28% destas foron realizadas por demandantes parados e o 33,72% por demandantes non parados. En todos os concellos os demandantes parados superan aos non parados.

Monforte de Lemos é o concello que concentra a maioría dos demandantes, o 65,33%. O seguinte concello en importancia atópase a bastante distancia, trátase do Saviñao, co 10,04%, séguelle Pantón, co 8,59%, Sober, co 5,80%, A Pobra de Brollón, co 5,61%, e Bóveda, co 4,62%.

O peso dos demandantes parados comarcais en relación á provincia de Lugo é do 10,82% e o dos non parados é do 10,54%.

### 5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.382	1.352	1.501	1.725	1.736
Variación interanual %	-	-2,17	11,02	14,92	0,64
<b>COMARCA/TOTAL PROVINCIA</b>	<b>9,29</b>	<b>9,43</b>	<b>9,64</b>	<b>10,46</b>	<b>10,82</b>

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A evolución dos demandantes parados da comarca caracterízase polo crecemento do seu volume durante o período 2000-2004. Só se produce un descenso entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -2,17%, crecendo posteriormente.

O peso relativo da comarca con respecto á provincia segue unha tendencia crecente ao longo do quinquenio, aumentando 1,53 puntos porcentuais.

### 5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
<b>PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	328	12,52	9,39
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.408	53,76	56,32
<b>NON PARADOS</b>	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	128	4,89	4,33
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	353	13,48	14,70
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	125	4,77	4,66
	En expediente de regulación de emprego	20	0,76	0,76
	Demandantes de mellora de emprego	250	9,55	6,67
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	7	0,27	2,99
	Resto de demandantes	0	0,00	0,17
	<b>TOTAL</b>		<b>2.619</b>	<b>100,00</b>

A maioría dos demandantes de emprego da comarca da Terra de Lemos son parados con emprego anterior, concretamente o 53,76%. O segundo grupo en importancia compóñeno os non parados con emprego anterior (13,48%), seguidos dos parados sen emprego anterior (12,52%).

Comparando estes datos cos da provincia de Lugo, é de salientar a similitude das distribucións, o que fai que os grupos máis significativos sexan os mesmos que os comentados con anterioridade.

### 5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	132	147	16,07	16,41
26 a 35 anos	167	270	25,17	29,04
36 a 45 anos	143	257	23,04	22,46
46 a 55 anos	170	162	19,12	17,95
56 e máis anos	170	118	16,59	14,15
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>782</b>	<b>954</b>	<b>100,00</b>	<b>10,82</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>6.980</b>	<b>9.068</b>	<b>10,82</b>	<b>100,00</b>

A maioría dos demandantes parados da comarca son mulleres: o 54,95% fronte ao 45,05% dos homes. No conxunto da provincia a feminización é lixeiramente máis alta, xa que as mulleres representan o 56,51% e os homes o 43,49%.

Por idades, o grupo máis numeroso de demandantes parados é o de 26 a 35 anos (25,17% do total da comarca), seguido do de 36 a 45 anos, co 23,04%. A distribución comarcial dos demandantes parados por grupos de idade é semellante á provincial, aínda que con algunhas diferenzas nos valores. A

maior destas diferenzas dáse nos demandantes de 26 a 35 anos, onde no ámbito provincial superan o comarcal en 3,87 puntos porcentuais.

En canto ao cruzamento de sexo e idade, a maior porcentaxe de demandantes parados correspóndese coas mulleres de 26 a 35 anos (15,55% do total de demandantes parados da comarca), seguidas polas mulleres de 36 a 45 anos (14,80%) e polos homes de 46 a 55 anos e maiores de 55, cada un co 9,79%.


	HOMES	MULLERES	COMARCAL	PROVINCIAL
	N.º	N.º	%	%
Menos de 26 anos	46	57	11,66	20,01
26 a 35 anos	55	144	22,54	27,35
36 a 45 anos	56	135	21,63	20,67
46 a 55 anos	73	101	19,71	16,10
56 e máis anos	124	92	24,46	15,87
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>354</b>	<b>529</b>	<b>100,00</b>	<b>10,54</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>3.241</b>	<b>5.133</b>	<b>10,54</b>	<b>100,00</b>

**TÁBOA 8.2:** Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Tal como acontece cos demandantes parados, as mulleres seguen predominando entre os demandantes non parados; 59,91% fronte ao 40,09% correspondente aos homes. Este perfil feminizado é lixeiramente inferior ao provincial, onde o colectivo feminino supón o 61,30% dos demandantes non parados e o masculino o 38,70%.

Cruzando idade e xénero, o maior número de demandantes non parados correspóndese con mulleres de 26 a 35 anos (16,31% do total de demandantes deste tipo), seguidas das mulleres de 36 a 45 anos (15,29%) e dos homes maiores de 55 anos (14,04%).

Prodúcese diferenzas na distribución dos demandantes non parados na comarca e na provincia, especialmente nos menores de 26 anos, con 8,35 puntos porcentuais en favor da provincia, e nos maiores de 55 anos, onde existen 8,59 puntos porcentuais a favor da comarca. Dito doutro modo, a comarca presenta unha estrutura de idades máis avellentada que a da provincia.



**GRÁFICO 1:** Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior pódese apreciar claramente que entre os demandantes o grupo de idade con maior peso é o de 26 a 35 anos (24,28% do total de

demandas comarcais). As demandantes mulleres predominan en todos os intervalos de idade, agás no de maiores de 55 anos.

### 5.2.5.- Demandantes por nivel académico

**TÁBOA 9:** Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	628	344	972
Titulación de ensinanza obrigatoria	531	256	787
Formación profesional	173	91	264
BUP/Bacharelato superior/COU	191	85	276
Titulados universitarios	158	85	243
Outras titulacións	55	22	77
<b>TOTAL</b>	<b>1.736</b>	<b>883</b>	<b>2.619</b>

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A maioría dos demandantes, concretamente o 67,16%, posúen como máximo estudos obrigatorios (ata certificado de escolaridade o 37,11% e titulación de ensinanza obrigatoria o 30,05%). A continuación sitúanse os que teñen estudos de bacharelato (10,54%), formación profesional (10,08%) e os titulados universitarios (9,28%).

En canto ás diferenzas entre parados e non parados, obsérvase o predominiño, no caso destes últimos, das persoas con formación profesional sobre as de bacharelato, fronte á situación oposta que se dá no caso dos parados. Ademais, nos non parados, os que posúen bacharelato igualan aos titulados universitarios, mentres que nos parados os de bacharelato superan aos titulados universitarios.

### 5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

**TÁBOA 10:** Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	109	14	9	132
	Mulleres	94	31	22	147
26 a 35 anos	Homes	114	20	33	167
	Mulleres	121	58	91	270
36 a 45 anos	Homes	84	26	33	143
	Mulleres	100	50	107	257
46 a 55 anos	Homes	63	30	77	170
	Mulleres	34	32	96	162
Máis de 55 anos	Homes	40	29	101	170
	Mulleres	17	14	87	118
<b>TOTAL COMARCA</b>		<b>776</b>	<b>304</b>	<b>656</b>	<b>1.736</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>		<b>7.779</b>	<b>2.498</b>	<b>5.771</b>	<b>16.048</b>

Na comarca de Terra de Lemos a maioría dos demandantes parados levan menos de 6 meses procurando emprego, trátase dun 44,70%, séguenlle, en

volume, os que levan máis de 1 ano (37,79%) e, por último, os de 6 meses a 1 ano (17,51%).

Os homes ata os 45 anos e as mulleres ata os 35 tenden a levar menos de 6 meses buscando emprego; a partir destas idades convértense en demandantes parados de longa duración.

Prodúcese certa similitude coa distribución dos demandantes parados da provincia segundo tempo de busca de emprego, xa que no ámbito provincial tamén predominan os que levan menos de 6 meses buscando emprego.

### 5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	38	31	69
Sector secundario	201	104	305
Construción	269	104	373
Sector servizos	903	506	1.409
Sen actividade previa	325	138	463
<b>TOTAL</b>	<b>1.736</b>	<b>883</b>	<b>2.619</b>

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

A maioría dos demandantes, tanto parados como non parados, proceden do sector servizos (53,80%), sendo a porcentaxe de parados neste sector do 52,02% e a de non parados do 57,30%. O seguinte sector en importancia é a construción, que representa un 14,24%, tendo un 15,50% de demandantes parados e un 11,78% de demandantes non parados. O sector secundario representa un 11,65%.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Na industria, o maior número de demandantes parados procede das outras industrias e alimentación, que, agregadamente, representan o 58% do total.

A unha distancia importante atópase a metalurxia e fabricación de produtos metálicos e fabricación de material de transporte, co 27%.

**GRÁFICO 3:** Demandantes parados nos servizos.



No sector servizos, a actividade que agrupa a maior porcentaxe de demandantes parados é a de administracións públicas (20%), seguida das actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas e comercio, ambas co 17%.

### 5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

**TÁBOA 12:** Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	252	9,62	8,75
Dependente de comercio, en xeral	198	7,56	8,39
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	176	6,72	7,40
Peón da ind. manufactureira, en xeral	137	5,23	3,77
Peón da construción de edificios	127	4,85	3,09
Albanel	83	3,17	2,90
Camareiro, en xeral	74	2,83	2,07
Auxiliar de clínica	65	2,48	1,67
Pinche de cociña	59	2,25	0,86
Conductor de camión, en xeral	39	1,49	1,89

### 5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

**TÁBOA 13:** Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Empregado administrativo, en xeral



## 5.3.- OFERTAS

### 5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Pobra de Brollón	7
Bóveda	9
Monforte de Lemos	653
O Saviñao	22
Pantón	9
Sober	7
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>707</b>

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

<b>TOTAL OFERTAS PROVINCIA:</b>	<b>9.009</b>
COMARCA/PROVINCIA:	7,85

Na Terra de Lemos producíronse no ano 2004 un total de 707 ofertas de emprego, o que representa o 7,85% do total da provincia de Lugo. Case todas as ofertas comarcais se recolleron no concello de Monforte de Lemos, en concreto o 92,36%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pobra de Brollón	4	2	14	11	7
Bóveda	1	4	5	14	9
Monforte de Lemos	661	559	723	647	653
O Saviñao	9	8	36	33	22
Pantón	1	2	10	8	9
Sober	1	0	4	11	7
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>677</b>	<b>575</b>	<b>792</b>	<b>724</b>	<b>707</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

A evolución das ofertas comarcais no período 2000-2004, igual que as da provincia, medraron moderadamente; no primeiro ámbito territorial cunha taxa de variación media do 1,09% e no segundo do 0,64%.

A comarca só amosa unha variación interanual positiva no intervalo 2001-2002 (37,74%), producíndose nos demais anos descenso menos importantes, como o acontecido entre 2000 e 2001 (variación interanual de -15,07%). Na provincia, o incremento das ofertas é continuado, ata que entre 2003 e 2004 se produce un retroceso importante (variación interanual de -11,81%).

No que atinxe aos diferentes concellos, o máis importante polo volume de ofertas é Monforte de Lemos, así como o único que experimenta un descenso (variación media de -0,30%). A evolución das ofertas neste concello caracterízase pola discontinuidade, alternando intervalos de minguas con intervalos de crecemento; destaca a variación interanual producida entre 2000 e 2001, que é de -15,43%. Os demais concellos presentan porcentaxes moi pequenas das ofertas comarcais, sendo o máis destacable que en todos eles se produce crecemento no período 2000-2004.

**GRÁFICO 4:** Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



O gráfico anterior permite comparar a evolución das ofertas no municipio de Monforte de Lemos co resto de concellos da comarca agrupados nun único conxunto. A evolución de Monforte caracterízase, como dixemos anteriormente, pola alternancia de fases expansivas e regresivas mentres que nos concellos do resto da comarca, cun volume de ofertas moi reducido, o trazo máis salientable é a expansión notable do nivel inicial a partir do ano 2002. Este ano é ademais o único no que ambos os dous conxuntos territoriais, o concello de Monforte e o resto de municipios agrupados, evolucionan no mesmo sentido.


### 5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

**TÁBOA 16:** Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Pobra de Brollón	0	0	0	7
Bóveda	0	0	0	9
Monforte de Lemos	44	16	85	508
O Saviñao	2	1	3	16
Pantón	2	0	0	7
Sober	2	0	0	5
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>50</b>	<b>17</b>	<b>88</b>	<b>552</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>391</b>	<b>466</b>	<b>1.267</b>	<b>6.880</b>

O concello de Monforte de Lemos presenta o 92,03% das ofertas dos servizos, o 96,59% das ofertas da construción, o 94,12% das ofertas do sector secundario e o 88% das ofertas do sector primario.

**GRÁFICO 5:** Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



A maioría das ofertas de emprego da comarca concéntranse nos servizos (79%). A unha distancia considerable sitúanse as procedentes da construción (12%), do sector primario (7%) e do sector secundario (2%).




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

O 54% das ofertas dos servizos derivan das administracións públicas. A sanidade e os servizos sociais e as actividades inmobiliarias supoñen cada unha delas o 11%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	32	65	53	57	50
Secundario	47	29	38	37	17
Construción	102	54	67	161	88
Servizos	496	426	632	469	552
Sen actividade	0	1	2	0	0
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>677</b>	<b>575</b>	<b>792</b>	<b>724</b>	<b>707</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>8.781</b>	<b>8.983</b>	<b>9.739</b>	<b>10.216</b>	<b>9.009</b>

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

O sector máis importante, o dos servizos, incrementou o seu volume de ofertas durante o quinquenio 2000-2004 (variación media do 2,71%). A súa evolución caracterízase por intervalos alternos de crecemento e descenso, sendo o máis destacable o ascenso producido entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 48,36%.

En canto aos outros sectores, as ofertas no primario tenderon a expandirse, mentres que na construción e, sobre todo, no secundario diminuíron ao longo do período.

### 5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Só o 6,51% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego teñen como requirimento o sexo á hora de acceder a un posto de traballo. Dentro destas ofertas, no 73,91% dos casos solicitáronse homes e no 26,09% mulleres. No marco do sector servizos, os homes son máis solicitados no comercio, servizos á comunidade e transportes, e as mulleres na hostalería. Na construción solicitáronse case en exclusiva a homes.

Por outra parte, o 64,64% das ofertas exigen un determinado nivel académico para poder acceder a un posto de traballo, se ben en oito de cada dez casos unicamente se pediu o certificado de escolaridade. As ofertas nas que se solicitou un nivel de estudos concreto procederon principalmente das administracións públicas.

### 5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

**TÁBOA 18.1:** Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	42	18	19	16	41
Auxiliar administrativo	3	1	4	10	18
Albanel	19	3	6	34	11
Peón de albanel/Peón de obras públicas	10	12	21	27	10
Inst.montador instalacións eléct/ Electricista/Aux. electric.	28	5	9	4	7
Camareiro - Barman	4	3	7	14	7
Vixiante de seguridade	0	0	0	0	6
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral	6	4	1	4	6
Axente de seguros	1	0	5	6	4
Dpdo. en relacións laborais / Graduado social	0	0	0	0	4
Perruqueiro/a	4	2	4	2	4
Empregado/a do fogar	1	1	1	4	4
Mozo-Muller de limpeza	2	2	2	13	4
Axudante de cocíña	4	3	2	8	4

As ocupacións máis ofertadas no ano 2004 son a de axente comercial/vendedor e auxiliar administrativo. No que respecta á evolución da primeira, destaca o seu mantemento ao longo do quinquenio, tras recuperar o seu nivel inicial no último ano de referencia. A de auxiliar administrativo unicamente acadou un volume de ofertas por riba da decena en 2004.

No resto de ocupacións da lista, destaca o retroceso dos albaneis e, sobre todo, dos instaladores, montador de instalacións eléctricas/electricista/auxiliar electricista. No último ano, ademais, xurdiron as ofertas de vixiante de seguridade e de diplomado en relacións laborais/graduado social.

**TÁBOA 18.2:** Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	21	9	72	51	87
Traballador retén incendios forestais	10	36	40	1	47
Técnico de protección civil	26	32	29	29	25
Canteiro de construción	0	0	19	13	25
Peón da ind. manufactureira, en xeral	7	12	7	3	23
Xardineiro, en xeral	0	11	21	15	17
Auxiliar enfermería hosp., en xeral	0	0	7	8	15
Auxiliar de clínica	9	13	2	2	15
Celador de centro sanitario	0	0	0	0	12
Vixiante de seguridade	9	9	11	17	12
Carpinteiro, en xeral	0	0	23	5	12

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas son a de albanel e traballador retén de incendios forestais. Ambas experimentan crecementos significativos durante o período 2000-2004, con variacións medias respectivas do 42,67% e do 47,24%. A ocupación de técnico de protección civil, terceira en importancia, mantívose estable no transcurso destes anos. Por último, no quinquenio emerxeron cinco novas ocupacións, a de canteiro de construción, xardineiro en xeral, auxiliar de enfermería hospitalaria en xeral, celador de centro sanitario e carpinteiro en xeral.

## 5.4.- CONTRATOS

### 5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

**TÁBOA 19:** Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
A Pobra de Brollón	159
Bóveda	187
Monforte de Lemos	6.071
O Saviñao	300
Pantón	220
Sober	200
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>7.137</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>73.284</b>

Na comarca da Terra de Lemos realizáronse en 2004 un total de 7.137 contratos, o que representa o 9,74% do total da provincia de Lugo. A gran maioría destes contratos foron asinados no concello de Monforte de Lemos, en concreto o 85,06%.

**TÁBOA 20:** Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pobra de Brollón	216	200	283	236	159
Bóveda	193	155	182	127	187
Monforte de Lemos	4.313	4.322	5.061	5.620	6.071
O Saviñao	306	271	359	252	300
Pantón	159	198	200	211	220
Sober	157	153	207	153	200
<b>TOTAL COMARCA*</b>	<b>5.344</b>	<b>5.299</b>	<b>6.292</b>	<b>6.599</b>	<b>7.137</b>
<b>TOTAL PROVINCIA</b>	<b>71.713</b>	<b>69.754</b>	<b>69.656</b>	<b>71.452</b>	<b>73.284</b>

A contratación comarcal medrou notablemente durante o período 2000-2004, cunha variación media do 7,50%, mentres que na provincia de Lugo creceu de xeito máis moderado, cunha variación media do 0,54%. A expansión comarcal prodúcese a partir de 2002 e a provincial a partir de 2003.

O concello de Monforte de Lemos, o que agrupa un maior número de contratos, obtén o maior crecemento no período de referencia, acadando unha variación media do 8,92%. Os contratos aumentan todos os anos, aínda que con distinta intensidade; cómpre destacar o máximo crecemento producido entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 17,10%.

Pantón e Sober, cun volume de contratos moi reducido, tamén tenderon cara ao crecemento. Os concellos restantes, en sentido contrario, perden contratos durante o quinquenio.

\* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

### 5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	625	1.264	1.889
De 26 a 35 anos	690	1.997	2.687
De 36 a 45 anos	443	1.186	1.629
De 46 a 55 anos	372	377	749
De 56 e máis anos	140	43	183
<b>TOTAL COMARCA</b>	<b>2.270</b>	<b>4.867</b>	<b>7.137</b>
<b>TOTAL PROVINCIAL</b>	<b>35.580</b>	<b>37.704</b>	<b>73.284</b>

**TÁBOA 21:** Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.


En canto á distribución dos contratos segundo o sexo, as mulleres agrupan o 68,19% da contratación e os homes o 31,81%. Esta desigualdade é menos acusada no ámbito provincial, no que as mulleres representan o 51,45% e os homes o 48,55%.

O 64,12% dos contratos son asinados por menores de 36 anos. A descomposición desta porcentaxe sinala que o 45,69% corresponden a mulleres e o 18,43% a homes. O intervalo de idade no que se produce máis contratación é o de entre 26 e 35 anos, co 37,64% do volume total da comarca.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	2.416	2.130	2.144	2.083	2.270
Mulleres	2.928	3.169	4.148	4.516	4.867
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.344</b>	<b>5.299</b>	<b>6.292</b>	<b>6.599</b>	<b>7.137</b>

**TÁBOA 22:** Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución da contratación segundo o sexo amosa unha tendencia negativa no caso dos homes, cunha variación media de -1,55%: redúcese notablemente a contratación no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual de -11,84%, e hai unha recuperación ao final do período, cunha variación interanual do 8,98%. Pola contra, a contratación feminina segue unha tendencia positiva, cunha variación media do 13,55%; rexístrase un crecemento continuo que acada a máxima intensidade entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 30,89%.



**GRÁFICO 7:** Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

No gráfico anterior reflíctense as diferenzas entre os sexos na evolución da contratación: a distancia entre ambos os colectivos aumentou, sendo de 9,58 puntos porcentuais no ano 2000 e de 36,38 puntos no ano 2004.

**TÁBOA 23:** Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.438	1.182	1.206	2.035	1.889
De 26 a 35 anos	1.827	2.116	2.713	2.402	2.687
De 36 a 45 anos	1.378	1.385	1.631	1.504	1.629
De 46 a 55 anos	498	473	581	528	749
De 56 e máis anos	203	143	161	130	183
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.344</b>	<b>5.299</b>	<b>6.292</b>	<b>6.599</b>	<b>7.137</b>

O único grupo de idade que experimenta un retroceso na contratación é o dos maiores de 55 anos, que amosa unha evolución descontínua caracterizada por fortes oscilacións. O maior crecemento absoluto prodúcese no grupo de idade de entre 26 e 35 anos, cunha evolución caracterizada polo crecemento en todos os intervalos, excepto entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -11,36%, resultando unha variación media para o quinquenio do 10,12%.

No grupo de idade de entre 46 e 55 anos é no que se dá o maior crecemento relativo, cunha variación media do 10,74%; destaca a variación interanual producida entre 2003 e 2004, do 41,86%. Nos menores de 26 anos e nos de entre 36 e 45 anos, as contratacións experimentan crecementos con variacións medias do 7,06% e do 4,27% respectivamente.

### 5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

**TÁBOA 24:** Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>172</b>
Agricultura e pesca	172
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>237</b>
Industria e electricidade	237
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>522</b>
Construción	522
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>6.206</b>
Comercio e hostalería	769
Transporte e comunicacións	252
Outros servizos	5.185
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>7.137</b>

O sector servizos concentra, no ano 2004, a maioría da contratación comarcal, o 86,96% do total. O subsector co maior volume de contratación son os outros servizos, o 72,65%. O seguinte sector en importancia, a construción, unicamente representa o 7,31%. Os demais sectores obteñen porcentaxes marxinais.






GRÁFICO 8: Distribución porcentual da contratación na industria.

Algo máis da metade da contratación da industria aparece na actividade de alimentación, o 54%. A considerable distancia atópanse as outras industrias, co 18%, e a fabricación de produtos minerais non metálicos, co 12%.




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 64% dos contratos nos servizos realízanse no marco da sanidade e servizos sociais. O resto de actividades terciarias supoñen unha proporción igual ou inferior ao 7%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>144</b>	<b>28</b>	<b>46</b>	<b>51</b>	<b>41</b>	<b>26</b>	<b>8</b>
Agricultura e pesca	144	28	46	51	41	26	8
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>155</b>	<b>82</b>	<b>55</b>	<b>90</b>	<b>48</b>	<b>36</b>	<b>8</b>
Industria e electricidade	155	82	55	90	48	36	8
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>491</b>	<b>31</b>	<b>151</b>	<b>127</b>	<b>120</b>	<b>98</b>	<b>26</b>
Construción	491	31	151	127	120	98	26
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>1.480</b>	<b>4.726</b>	<b>1.637</b>	<b>2.419</b>	<b>1.420</b>	<b>589</b>	<b>141</b>
Comercio e hostalería	270	499	328	229	131	65	16
Transporte e comunicacións	102	150	21	65	123	32	11
Outros servizos	1.108	4.077	1.288	2.125	1.166	492	114
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.270</b>	<b>4.867</b>	<b>1.889</b>	<b>2.687</b>	<b>1.629</b>	<b>749</b>	<b>183</b>

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, a maioría dos contratos sitúanse no sector servizos. O 66,22% dos contratos realízanse a mulleres nos servizos, destacando a presenza no subsector outros servizos, o 57,12%. Os demais sectores, para este colectivo, obteñen porcentaxes marxinais.

En canto ao colectivo masculino, os contratos realizados no sector servizos representan o 20,74% do volume contractual da comarca, destacando, como no caso das mulleres, o subsector outros servizos, co 15,52%. O seguinte sector en importancia é a construción, co 6,88%.

O sector servizos predomina, ademais, en todos os grupos de idade. Dentro do sector terciario, o subsector dos outros servizos é o máis representativo tamén en todos os tramos de idade.

**TÁBOA 26:** Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>153</b>	<b>125</b>	<b>150</b>	<b>168</b>	<b>172</b>
Agricultura e pesca	153	125	150	168	172
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>418</b>	<b>282</b>	<b>260</b>	<b>237</b>	<b>237</b>
Industria e electricidade	418	282	260	237	237
<b>S. CONSTRUCCIÓN</b>	<b>623</b>	<b>490</b>	<b>357</b>	<b>505</b>	<b>522</b>
Construción	623	490	357	505	522
<b>SECTOR SERVIZOS</b>	<b>4.150</b>	<b>4.402</b>	<b>5.525</b>	<b>5.689</b>	<b>6.206</b>
Comercio e hostalería	661	586	606	714	769
Transporte e comunicacións	65	89	217	229	252
Outros servizos	3.424	3.727	4.702	4.746	5.185
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.344</b>	<b>5.299</b>	<b>6.292</b>	<b>6.599</b>	<b>7.137</b>

A contratación caracterízase pola evolución diferenciada dos distintos sectores. O sector no que máis medraron os contratos é o dos servizos, cunha variación media do 10,58%. A súa evolución está determinada polo crecemento continuado, acadando a maior intensidade entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 25,51%. En canto aos seus subsectores, o comercio e hostalería é o que experimenta o crecemento máis moderado, cunha variación media do 3,86%; obtén un descenso no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual de -11,35%. Os dous restantes, outros servizos e transporte e comunicacións, presentan unha tendencia evolutiva crecente, con variacións medias do 10,93% e do 40,32% respectivamente; así e todo, en termos absolutos o incremento da contratación nos outros servizos foi moito máis relevante que o rexistrado no subsector do transporte e comunicacións.

No sector primario, cun volume contractual moi escaso, a tendencia é positiva, cunha variación media do 2,97%; tras un descenso en 2001, a contratación recupera o ritmo de crecemento nos demais anos do período.

En canto aos sectores que ven reducida a contratación, o sector secundario obtén unha variación media do -13,23%. Na construción a variación media foi de -4,33%. Os contratos neste sector reducíronse notablemente ao comezo do período, en 2001 nun 21,35% e en 2002 nun 27,14%; posteriormente recupéranse pero nunha magnitude insuficiente para compensar estas perdas.

#### 5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral



**GRÁFICO 10:** Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

En canto á tipoloxía de contratación, na comarca da Terra de Lemos predomina a categoría outros, co 57% do total dos contratos comarcais. O segundo grupo en importancia compóñeno os contratos temporais a tempo completo, co 29%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	83	49	22	30	21	43	16
Indefinido tempo parcial	13	35	17	14	9	7	X
Temporal	1.225	820	514	657	529	265	80
Temporal tempo parcial	147	454	172	211	137	66	15
Prácticas/Formación	154	80	152	29	29	16	8
Outros	648	3.429	1.012	1.746	904	352	63
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>2.270</b>	<b>4.867</b>	<b>1.889</b>	<b>2.687</b>	<b>1.629</b>	<b>749</b>	<b>X</b>

**TÁBOA 27:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

O tipo de contrato predominante no colectivo feminino é o de outros, que concentra o 48,05% do total da contratación da comarca. A segunda modalidade máis frecuente é a temporal a tempo completo, o 11,49%. Pola contra, para o colectivo masculino, o tipo máis frecuente é o temporal a tempo completo, o 17,16%, seguido do de outros, o 9,08%.

No relativo á distribución por idade, a categoría outros é de novo a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos de idade, excepto nos maiores de 55 anos, nos que predomina a contratación temporal a tempo completo, acadando o volume máis elevado nos de entre 26 e 35 anos, o 24,46%. A contratación temporal a tempo completo, a segunda modalidade máis frecuente, tamén amosa a súa porcentaxe máis alta no intervalo de entre 26 e 35 anos.

**TÁBOA 28:** Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr., Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	9	18	25	53	5	22	80
Indefinido tempo parcial	0	5	X	22	X	15	40
Temporal	156	176	407	385	213	708	1.306
Temporal tempo parcial	5	22	33	238	31	272	541
Prácticas/Formación	X	16	54	68	0	94	162
Outros	0	0	0	X	0	4.074	4.077
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>X</b>	<b>237</b>	<b>X</b>	<b>769</b>	<b>X</b>	<b>5.185</b>	<b>6.206</b>

Todas as modalidades de contratación agrúpanse maioritariamente no sector servizos. En canto aos subsectores, os outros servizos concentran case a totalidade dos contratos da categoría outros, en concreto o 57,08% do volume contractual da comarca. Os contratos temporais a tempo completo sitúanse, maioritariamente, nos outros servizos, co 9,92% do total, seguidos do comercio e hostalería, co 5,39%. Esta modalidade é a máis frecuente nos restantes sectores.

Hai que sinalar que a gran maioría dos contratos da modalidade outros sitúanse nas actividades de sanidade e servizos sociais. Esta ubicación denota unha alta volatilidade da contratación o que explica o alto volume acadado.

**TÁBOA 29:** Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	269	148	168	180	132
Indefinido tempo parcial	68	62	45	46	48
Temporal	1.916	1.639	1.618	1.784	2.045
Temporal tempo parcial	607	541	516	575	601
Prácticas/Formación	150	129	303	208	234
Outros	2.334	2.780	3.642	3.806	4.077
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>5.344</b>	<b>5.299</b>	<b>6.292</b>	<b>6.599</b>	<b>7.137</b>

Os outros contratos, os temporais a tempo completo e os realizados en prácticas/formación creceron no transcurso do quinquenio 2000-2004. O maior aumento dáse na modalidade outros, cunha variación media do 14,96%. A súa evolución está caracterizada polo crecemento constante e con maior intensidade ao comezo do período, especialmente en 2002, ano no que medraron nun 31,01%.

Os contratos en prácticas/formación obteñen unha variación media do 11,76%; neste caso a evolución caracterízase pola alternancia de fases de expansión e de retroceso, co maior crecemento entre 2001 e 2002, cunha variación interanual 134,88%.

Por último, os contratos temporais a tempo completo incrementan o seu número cunha variación media do 1,64%, crecemento determinado polos dous últimos intervalos: entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do 10,26%, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 14,63%.

En canto ás modalidades que descenden, a maior caída aparece nos contratos indefinidos a tempo completo, cunha variación media de -16,30%, con baixadas significativas ao inicio e ao final do período. Os indefinidos a tempo parcial, moi escasos, e os temporais a tempo parcial tamén retroceden no seu volume.

### 5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
<b>1. Dirección de empresas e administracións públicas</b>	<b>20</b>	<b>2,67</b>
HOMES	15	10,67
MULLERES	5	-11,09
<b>2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais</b>	<b>1.796</b>	<b>7,32</b>
HOMES	380	-2,12
MULLERES	1.416	10,79
<b>3. Técnicos e profesionais de apoio</b>	<b>447</b>	<b>8,13</b>
HOMES	154	-0,48
MULLERES	293	14,58
<b>4. Empregados de tipo administrativo</b>	<b>482</b>	<b>6,91</b>
HOMES	84	5,82
MULLERES	398	7,14
<b>5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio</b>	<b>2.284</b>	<b>19,50</b>
HOMES	346	6,40
MULLERES	1.938	22,88
<b>6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca</b>	<b>81</b>	<b>14,58</b>
HOMES	66	11,31
MULLERES	15	39,16
<b>7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería</b>	<b>609</b>	<b>0,84</b>
HOMES	544	0,32
MULLERES	65	5,74
<b>8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	<b>192</b>	<b>-3,24</b>
HOMES	172	-0,71
MULLERES	20	-16,93
<b>9. Traballadores non cualificados</b>	<b>1.226</b>	<b>-1,47</b>
HOMES	509	-8,96
MULLERES	717	6,37
<b>TOTAL CONTRATOS</b>	<b>7.137</b>	<b>7,50</b>
<b>TOTAL HOMES</b>	<b>2.270</b>	<b>-1,55</b>
<b>TOTAL MULLERES</b>	<b>4.867</b>	<b>13,55</b>

**TABOA 30:** Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca da Terra de Lemos son os seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 32%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 25,16%.
- Traballadores non cualificados: 17,18%.

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 7,62.</li> <li>• Traballadores non cualificados: 7,13%.</li> <li>• Técnicos, profesionais, científicos e intelectuais: 5,32%.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio: 27,15%.</li> <li>• Técnicas, profesionais, científicas e intelectuais: 19,84%.</li> <li>• Traballadoras non cualificadas: 10,05%.</li> </ul>

En cinco grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, que son os seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supón o 27,15% do total da contratación fronte ao 4,85% da masculina.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais. A contratación feminina supón o 19,84% fronte ao 5,32% da masculina.
- Traballadoras non cualificadas. A contratación feminina supón o 10,05% fronte ao 7,13% da masculina.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos representan o 5,58% do total de contratos fronte ao 1,18% dos masculinos.
- Técnicos e profesionais de apoio. A contratación feminina supón o 4,11%, fronte ao 2,26% da masculina.

#### 5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

**TÁBOA 31:** As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. <sup>1</sup>
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	X	X	930	0,21
27200016	Enfermeiro, en xeral	812	45	767	5,54
51290012	Celador de centro sanitario	435	85	350	19,54
27200098	Enfermeiro equipo diagnóstico e tratamento médico	379	30	349	7,92
21210011	Médico, medicina xeral	289	172	117	59,52
42100010	Empregado administrativo, en xeral	251	50	201	19,92
50200018	Camareiro, en xeral	244	107	137	43,85
71100016	Albanel	218	212	6	97,25
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	185	12	173	6,49
91210050	Pinche de cociña	157	5	152	3,18
	<b>TOTAL</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>3.182</b>	<b>18,45</b>

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

As dez ocupacións da táboa 31 reúnen o 54,67% dos total de contratos realizados na Terra de Lemos. As ocupacións máis contratadas foron a de auxiliar de enfermería en hospitais, enfermeiro e celador de centro sanitario, producíndose diferenzas segundo o sexo, xa que para as mulleres as máis contratadas son as tres sinaladas pero para os homes son a de albanel, médico e camareiro.

A contratación feminina é superior á masculina no conxunto das dez ocupacións máis contratadas, tal como indica o ratio de masculinidade do 18,45%. Destacan polo alto nivel de contratación masculina a ocupación de albanel, mentres que pola feminina, auxiliar de enfermería, pinche de cociña, e enfermeira.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	7	89	415	726	932
27200016	Enfermeiro, en xeral	X	617	854	869	812
51290012	Celador de centro sanitario	173	204	429	361	435
27200098	Enfermeiro equipo diagnóstico e tratamento médico	705	275	122	454	379
21210011	Médico, medicina xeral	383	436	352	318	289
42100010	Empregado administrativo, en xeral	199	253	270	243	251
50200018	Camareiro, en xeral	172	131	158	218	244
71100016	Albanel	205	152	154	153	218
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	104	98	105	138	185
91210050	Pinche de cociña	55	76	111	136	157
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	121	128	107	125	145
91220024	Pasador de ferro de roupa de vestir á man	155	94	110	100	138
53300010	Dependente de comercio, en xeral	138	120	126	147	132
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	239	95	127	210	130
51110066	Auxiliar de clínica	334	314	247	99	121
96020014	Peón da construción de edificios	135	139	76	77	108
35430025	Músico de sala de festas ou similares	100	98	142	50	75
27200025	Enfermeiro de atención primaria	0	78	277	103	22

**TÁBOA 32:** Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

En canto á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004, obsérvase que oito delas non figuran en 2004; estas son as de clasificador-repartidor de correspondencia, pasador de ferro de roupa de vestir á man, dependente de comercio, peón da industria manufactureira, auxiliar de clínica, peón da construción de edificios, músico de sala de festas e enfermeiro de atención primaria. En todas elas diminúen os contratos, a excepción da ocupación de clasificador-repartidor de correspondencia que, a pesar de incrementarse con respecto ao ano 2000, é superada por outras ocupacións.

As ocupacións máis contratadas en 2004, a de enfermeiro, en xeral, e a de auxiliar de enfermería, foron ademais as que contaron cun maior crecemento ao longo do período, pasando de ser case inexistentes no primeiro ano de referencia a situarse en cantidades próximas ao millar cara ao final do período. Pola contra, a ocupación que experimenta un maior decrecemento nestes anos é a de enfermeiro de equipo diagnóstico e tratamento médico, cunha variación media de -14,37%.

## 5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

**TÁBOA 33:** Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	58	30,69	4	33,33
Administración e oficinas	54	9,38	3	8,82
Servizos ás empresas	81	3,59	5	3,52
Edificación e obras públicas	55	9,91	3	9,09
Industrias da madeira e a cortiza	15	10,42	1	11,11
Sanidade	99	19,45	6	20,69
Seguros e finanzas	18	13,43	1	12,50
Servizos á comunidade e persoais	16	4,94	1	5,00
Turismo e hostalería	16	8,74	1	9,09
<b>TOTAL</b>	<b>412</b>	<b>6,40</b>	<b>25</b>	<b>6,31</b>

Na comarca da Terra de Lemos participan 412 alumnos en formación profesional ocupacional, o que significa o 6,40% do total provincial. En canto aos cursos impartidos, estes ascenden a 25, o 6,31% dos cursos impartidos na provincia.

O maior número de cursos concéntrase na familia de sanidade, co 24,03% dos alumnos comarcais e o 24% dos cursos. En segundo lugar, atópase a familia de servizos ás empresas, co 19,66% dos alumnos e o 20% dos cursos.



## 5.6.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas, dos traballadores por conta allea e dos autónomos da comarca da Terra de Lemos concéntranse no sector servizos. Tanto empresas como traballadores por conta allea experimentan retrocesos no seu número durante o período 2000-2004. Non acontece o mesmo cos traballadores autónomos, xa que incrementan o volume neste mesmo período.
- Respecto da provincia de Lugo, a comarca da Terra de Lemos representa o 10,82% dos demandantes parados e o 10,54% dos demandantes non parados, procedendo, máis de seis de cada dez demandantes, do concello de Monforte de Lemos.
- A metade dos demandantes totais son parados con emprego anterior e o segundo grupo en importancia, aínda que a moita distancia, está formado por non parados con emprego anterior. Algo máis da metade dos demandantes, igual que na provincia, son mulleres. A maior incidencia de demandantes prodúcese entre os 26 e 35 anos. En canto ao nivel académico, o máis común é ter certificado de escolaridade ou titulación de ensinanza obrigatoria.
- Por tempo de busca de emprego, o máis frecuente para os demandantes parados é levar menos de seis meses no proceso. A partir dos 45 anos para os homes e de 35 anos para as mulleres, predominan os parados de longa duración.
- Cinco de cada dez demandantes de emprego proceden do sector servizos; destacan as actividades derivadas das administracións públicas. O segundo sector en importancia polo número de demandantes é o da construción. A ocupación máis demandada na comarca é a de empregado administrativo en xeral.
- A comarca da Terra de Lemos agrupa o 7,85% das ofertas da provincia de Lugo, producíndose nove de cada dez ofertas no concello de Monforte de Lemos. A evolución destas ofertas durante o período 2000-2004 caracterízase polo crecemento, máis alto que o experimentado na provincia de Lugo.
- Case oito de cada dez ofertas que se producen na comarca correspóndense cos servizos, especialmente cos derivados das administracións públicas. Ese sector experimentou crecemento nas ofertas durante o quinquenio.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego en 2004 son axente comercial/vendedor e auxiliar administrativo. Nas oficinas de emprego as máis ofertadas son albanel e traballador retén incendios forestais.
- A contratación comarcal en 2004 representa o 9,74% da contratación provincial. Oito de cada dez contratos asínanse no concello de Monforte de Lemos. A contratación comarcal durante o período 2000-2004 crece con maior intensidade que no total da provincia de Lugo.
- A contratación feminina predomina sobre a masculina, xa que case sete de cada dez contratos son asinados por mulleres, o que significa unha feminización máis forte que a provincial. A contratación masculina evoluciona negativamente, pola contra, a feminina crece de xeito continuado.
- Segundo a idade, a contratación comarcal concéntrase principalmente nos menores de 36 anos. O único grupo de idade que reduce a súa contratación é o dos maiores de 55 anos.
- Máis de oito de cada dez contratos realízanse no sector servizos, destacando os asinados na sanidade. O seguinte sector en volume de contratación é a construción. Os únicos sectores nos que medra a contratación durante o período son o primario e os servizos, descendendo, polo tanto, no sector secundario e na construción.

- Máis da metade dos contratos realizados na comarca correspóndense coa categoría outros; o segundo grupo en importancia é o dos temporais a tempo completo. En todos os intervalos de idade, excepto nos maiores de 55 anos e no colectivo masculino, a tipoloxía de contratación máis frecuente é outros. Esta modalidade ten unha alta volatilidade na contatación dada a súa adscrición na actividade de sanidade. Para os maiores de 55 anos e para os homes a modalidade máis frecuente é temporal a tempo completo. As modalidades contractuais que evolucionan positivamente entre 2000 e 2004 son os da categoría outros, os temporais a tempo completo e os contratos en prácticas.
- Para o colectivo masculino o grupo de ocupación con maior contratación é o dos artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería; para o colectivo feminino, traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio.
- Na Terra de Lemos participan 412 persoas en formación profesional ocupacional, predominando os cursos da familia profesional da sanidade.

